GRIAL

143

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXVII / 1999

O PROXECTO XENOMA HUMANO

JAMES D. WATSON
Unha visión persoal do Proxecto Xenoma Humano

EVELYN FOX KELLER
Natureza, crianza e o Proxecto do Xenoma Humano

GUSTAVO A. GARRIDO / DANIEL SOUTULLO
Proxecto Xenoma Humano: ¿Xenética recreativa?
Entrevista co profesor Santiago Grisolía

JOSÉ F. COLMEIRO
Camiños de Santiago: identidade cultural, modernidade
e reinvención da tradición na fin do milenio

MARÍA BELÉN BERMEJO LÓPEZ
A protección xurídica do Camiño de Santiago no ámbito internacional

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA
A primeira carta en prosa en galego moderno: Camilo Álvarez de Castro
escribe a Rosalía sobre *Cantares gallegos* (1863)

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
Vintecinco anos dunha demanda histórica: cine galego, 1974-1999

X. AMANCIO LIÑARES GIRAUT
Achega bibliográfica a Roberto Blanco Torres

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

143

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXVII / 1999

Director:
CARLOS CASARES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño:
M. JANEIRO
Ilustracións:
Tampas de cregos da *Etnografía* de Vicente Risco
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina web: http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

O PROXECTO XENOMA HUMANO

377 GUSTAVO A. GARRIDO / DANIEL SOUTULLO: Presentación

379 JAMES D. WATSON: Unha visión persoal do Proxecto Xenoma Humano

389 EVELYN FOX KELLER: Natureza, crianza e o Proxecto do Xenoma Humano

ENTREVISTA

409 GUSTAVO A. GARRIDO / DANIEL SOUTULLO: Proxecto Xenoma Humano: ¿Xenética re-creativa? Entrevista co profesor Santiago Grisolía

419 JOSÉ F. COLMEIRO: Camiños de Santiago: identidade cultural, modernidade e reinvención da tradición na fin do milenio

429 MARÍA BELÉN BERMEJO LÓPEZ: A protección xurídica do Camiño de Santigo no ámbito internacional

455 VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA: A primeira carta en prosa en galego moderno: Camilo Álvarez de Castro escribe a Rosalía sobre *Cantares gallegos* (1863)

475 MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ: Vintecinco anos dunha demanda histórica: cine galego, 1974-1999

499 X. AMANCIO LIÑARES GIRAUT: Achega bibliográfica a Roberto Blanco Torres

507 LIBROS

VICENTE ARAGUAS: "Olladas no silencio"

FRANCK MEYER: "Doctor Deus"

MIRO VILLAR: "A poesía galega de Lence-Santar"

SILVIA GASPAR: "Fadamorgana"

SARA MARÍA TORRES OUTÓN: "O desenvolvemento comunitario local"

OLGA FERNÁNDEZ NOGUEIRA: "Escarnécenos, Reixa, escarnece. Traba no país con fereza"

X. G. G.: "O descrédito da literatura"

XOSÉ LÓPEZ GARCÍA: "Propostas para un xornalismo de caliade"

AMADA TRABA DÍAZ: "A muller en Castela-A Mancha"

533 DOCUMENTOS

XAVIER CASTRO: "O problema das traduccións: contra a 'albanelería basta'"

539 ÍNDICE DE COLABORADORES

Presentación

Gustavo A. Garrido
Daniel Soutullo

Poucas cousas no campo da ciencia resultan tan sorprendentes e espectaculares como o desenvolvemento sen precedentes que está a experimentar a bioloxía molecular e celular nestes tempos. Os medios de comunicación recollen case a diario noticias de novos descubrimentos que desafían as fronteiras entre a ciencia e a ficción literaria. A chamada, xenericamente, enxeñería xenética abrangue un conxunto moi grande de técnicas con potenciais aplicacións nun abano moi amplo de campos que van desde a producción de proteínas humanas (como a insulina) por bacterias ou por femias de mamíferos —no leite de ovellas ou porcas ás que se lles inseriron os respectivos xenes humanos— ata o diagnóstico molecular de enfermidades hereditarias, ou os primeiros ensaios de terapia xénica para a curación de enfermidades xenéticas. Sen embargo, a gran potencialidade destas técnicas é tamén motivo de desacougo pola explotación económica á que poden dar lugar (derivada das eventuais patentes de xenes humanos) ou polos usos perversos ou discriminatorios que delas se poidan derivar. Así, nalgúns países xa se teñen dado casos de discriminacións xenéticas nos lugares de traballo, ou no acceso ós mesmos, ou na contratación de seguros sanitarios ou de vida. A propia historia da xenética humana e as experiencias de prácticas euxenésicas ó longo deste século en varios países, incluíndo algúns de longa tradición democrática, fan que as inquietudes espertadas por estas investigacións sexan grandes.

Neste número de Grial *abordamos un dos desenvolvementos máis polémicos da investigación en bioloxía molecular humana, o chamado Proxecto Xenoma Humano. A finalidade deste proxecto é o desciframento completo do material hereditario contido nas células humanas, é dicir, do xenoma humano.*

O xenoma humano está almacenado nos corenta e seis cromosomas contidos no núcleo das nosas células. Está composto por ácido desoxirribonuleico (ADN) e nel están almacenadas as instrucción dos caracteres hereditarios (os xenes). Os xenes (arredor de cen mil na especie humana) forman soamente unha pequena fracción de todo o xenoma, sendo descoñecida a función, se é que ten algunha, do resto do material hereditario. O Proxecto Xenoma Humano persegue o coñecemento total da información hereditaria, non soamente da que compón os xenes, senón do conxunto do xenoma, unha información que, traducida a letras, sería o equivalente a catro mil millóns de letras (o que supón unha inxente cantidade de información).

Dado que os xenes son responsables de moitas características humanas, ou cando menos inflúen, xunto con factores ambientais, no desenvolvemento das mesmas, así como da aparición e transmisión de máis de tres mil enfermidades hereditarias, as esperanzas que abre o proxecto son inmensas, non soamente no campo da medicina, senón tamén no coñecemento do funcionamento do noso organismo, naquelas cuestións que directa ou indirectamente están influenciadas polas instrucciónns xenéticas.

O proxecto ten ademais unhas moi importantes facetas económica, científica, sociolóxica e ética. Son, precisamente, as implicacións en todos estes campos os que motivaron que o proxecto resultase moi polémico —dentro e fóra da comunidade científica— desde antes mesmo da súa posta en funcionamento.

As críticas que se fixeron á súa posta en marcha abranguían cuestións científicas e económicas tales como que se necesitarían grandes sumas de diñeiro, grandes instalacións e unha organización moi complexa que non se xustificaban polos logros que del podían derivarse e que podían limitar a autonomía dos investigadores, así como retraer fondos doutras investigacións de maior interese social. Tamén se fixeron obxeccións á propia orientación da investigación como, por exemplo, que estea encamiñada á secuenciación do xenoma completo, cando podería resultar máis útil centrarse directamente nos xenes, que son os que presentan un maior interese desde o punto de vista sanitario. Así mesmo, púxose en dúbida a capacidade de podermos asimilar e interpretar tal cantidade de datos dun xeito operativo. Noutra orde de cousas, tamén se escoitaron críticas ás posibles derivacións euxenésicas e discriminatorias derivadas do mal uso da información aportada polo proxecto e ó determinismo biolóxico implícito no mesmo, como puxo de manifesto, entre outros, a propia Evelyn Fox Keller, autora dun dos ensaios recollidos neste número de Grial *que se completa coa colaboración de James Watson e cunha entrevista con Santiago Grisolía.*

G. A. G.
D. S.

Unha visión persoal do Proxecto Xenoma Humano

James D. Watson

Cando me iniciaba no mundo da ciencia, a xente preocupábase por cuestións relativas á nosa orixe. Algúns aportaban respostas místicas, como por exemplo que a verdade vén da revelación. Pero eu, como estudiante, estaba influenciado por Linus Pauling, quen dicía que a nosa orixe estaba na química. Pasei a miña carreira tentando obter unha explicación química para a vida, a explicación de por qué somos seres humanos e non monos. A razón, por suposto, é o noso ADN. Se podemos explicar a vida desde o nivel do ADN, temos unha explicación real dos seus procesos. Por iso penso que o Proxecto Xenoma Humano é un admirable obxectivo.

Algúns pregúntanse por qué *eu* quero conseguir o xenoma humano. Outros suxiren que a razón é que sería un marabilloso final para a miña carreira —comezar coa dobre hélice e rematar co xenoma humano—. Sería unha bonita historia. Case me parece un milagre que hai cincuenta anos fosemos tan ignorantes acerca da natureza do material xenético e que agora poidamos imaxinar que lograremos a pegada xenética do home. Obter simplemente a descrición completa dunha bacteria —os cinco millóns de bases de *E. Coli*— será un momento extraordinario na Historia[1]. Os científicos máis vellos amosan maior urxencia que os novos para lograr o xenoma humano. Estes últimos poden traballar coas axudas económicas concedidas ata aburrirse e aínda así obter o xenoma antes de morrer. Pero para min é crucial que logremos o xenoma humano ago-

* Publicado con autorización do editor de *The Code of Codes,* edición de Daniel J. Kevles e Leroy Hood. Harvard University Press, Cambridge, Mass.

© 1992 by Daniel J. Kevles and Leroy Hood by the President and Fellows of Harvard College.

1. Na actualidade, o xenoma de *E. Coli* xa foi completamente sentenciado (nota dos editores).

ra e non dentro de vinte anos, porque podería estar morto para aquela e non quero perder esta oportunidade de saber cómo funciona a vida.

Sen embargo, ás veces asáltame a pregunta: ¿é ético realizar o meu traballo? Algúns científicos —uns moi competentes, outros non tanto— amosaron unha certa reacción en contra do Proxecto Xenoma Humano. O que semella ter ofendido a moita xente foi que en 1990, contra o aumento proposto do 3,6 por cento no presuposto presidencial para todos os fondos dos National Institutes of Health (NIH), o Proxecto Xenoma Humano foi proposto para un aumento do 86 por cento —desde aproximadamente sesenta millóns de dólares ata cento oito millóns—. Algúns grupos de científicos sentíronse agraviados e comezaron a comportarse como sindicalistas. Os bioquímicos, os biólogos moleculares e os citólogos contrataron a un antigo congresista de Maine para lograr un aumento da asignación dos NIH. Se estas mobilizacións teñen éxito, esta tremenda situación, na que científicos competentes se queixan de non contar con suficientes fondos por mor de que todo o diñeiro para a investigación se desvía cara ó Proxecto Xenoma Humano, quizais remate.

Mentres, circularon cartas alporizadas, mesmo entre xentes do Congreso, que afirmaban que o Proxecto era "mala ciencia" —non só mala, senón malvada—. Estas cartas afirmaban tamén que no proxecto se investía moito diñeiro nun momento no que os recursos para investigación están gravemente ameazados. Se as persoas capaces non están conseguindo axudas económicas, ¿por que seguir adiante cun programa que vai gastar miles de millóns de dólares secuenciando lixo? En 1990 alguén do meu gabinete tentou contratar a un destacado biólogo para que axudase a revisar minuciosamente unha solicitude para unha axuda económica. O biólogo dixo: "¡Non, non para o Proxecto Xenoma Humano!", como se estivese a falar da sífile.

O biólogo envioume un fax pedindo que lle explicase por qué non debería oporse ó Proxecto Xenoma Humano. Chameino e díxenlle que, aínda que non podía probalo, ó Congreso parecía *gustarlle* este proxecto porque prometía fornecer información sobre as enfermidades. O Congreso estaba emocionado coa posibilidade de que nós, os científicos, estivesemos preocupados polas enfermidades en lugar de preocuparnos só por conseguir axudas económicas. A misión primordial dos NIH é mellorar a saúde dos americanos, darnos vidas máis saudables e non a de proporcionar traballo ós científicos. Creo que a comunidade científica, se quere ser eticamente responsable ante a sociedade, ten que preguntarse se estamos gastando o diñeiro da investigación das enfermidades do xeito máis apropiado.

O feito é que entender como funciona o ADN supón unha enorme vantaxe sobre traballar só con proteínas, graxas ou hidratos de carbono. A mellor proba desta vantaxe son os virus dos tumores. Se non ti-

vesemos sido quen de estudiar o cancro no nivel do cambio no ADN que o causa, a enfermidade aínda sería un enigma. Cada vez que se descubría un enzima aumentaba a esperanza de que se puidese tratar do causante do cancro. O cancro foi considerado unha tumba para os bioquímicos, incluso para os mellores, moitos dos cales quixeron coroar a súa carreira atopando as súas causas pero fracasaron. Ata que non se identificou a base xenética do cancro non se puido dicir qué era o que realmente fallaba para que se producise esta aflicción humana.

O Alzheimer é un exemplo similar. ¿Imos averiguar qué é o Alzheimer e por qué causa o fallo do cerebro sen coñecer cáles son os xenes que sabemos que predispoñen a moita xente á enfermidade? Poida que si, pero eu non apostaría por iso. Sen embargo, se logramos o xene ou xenes implicados na enfermidade, estou seguro de que aforraremos centos de millóns de dólares, ou miles de millóns, que doutro xeito terían sido gastados en investigacións inútiles.

O Congreso fai cada ano unha proposición de lei para dedicar aínda máis diñeiro ó Alzheimer. O Congreso ten boas intencións, pero realmente non sabemos cómo usar o diñeiro. Non se trata de que todo o presuposto federal para a sanidade e todas as axudas a investigacións básicas se sumen á boa investigación. Non todos os departamentos de estudio dos National Institutes of Health reciben solicitudes de igual contía; a miúdo se aproban proxectos ou programas de investigación porque se aplican a problemas importantes. Os programas en si mesmos non son malos, pero adoito teñen pouca probabilidade de resultar rendibles. Estou convencido de que a metade do orzamento dos NIH se inviste máis en boas intencións que en programas realistas de investigación que teñan un impacto directo sobre algunha das enfermidades humanas máis importantes.

A presión para que se investigue sobre as enfermidades mentais é enorme, xa que estas poden ter consecuencias desastrosas; todo o mundo sabe de alguén que ten un amigo ou un familiar que padece algunha delas. Invístese gran cantidade de diñeiro no estudio das enfermidades mentais, sen embargo este esforzo é moi pouco rendible. A síndrome maníaco-depresiva leva a momentos de euforia —quizais as exitosas carreiras dun bo número de científicos poidan ser atribuídas a isto—, pero tamén leva á depresión, á traxedia e ó suicidio. O litio alivia algúns dos síntomas, pero unha droga non é a resposta completa, como calquera psiquiatra sabe. Está bastante claro que a síndrome maníaco-depresiva ten unha causa xenética. Varios científicos creron ter localizado o xene nun cromosoma. Pero posteriormente perdeuse e mentres estea perdido, nós estaremos perdidos.

Está bastante claro tamén que o alcoholismo ten algunha relación cos xenes. Este punto de vista procede de estudios feitos con xemelgos

idénticos adoptados e educados por diferentes familias. Hai familias alcohólicas. Non é probable que os seus membros sexan moralmente débiles; simplemente non poden tolerar quimicamente o alcohol. Pero ninguén atopou o xene ou xenes da susceptibilidade ó alcoholismo e a posibilidade de atopar as fontes xenéticas son probablemente baixas ata que exista unha comunidade xenética humana moito máis sofisticada —ademais do diñeiro para conseguir as xenealoxías e todos os marcadores xenéticos.

Algunhas enfermidades non van ser doadas de combater. Durante moito tempo tentouse descubrir a causa da esquizofrenia buscando as diferencias químicas na urina e no sangue; unha estratexia sen éxito. Tampouco vai ser doado atopar os xenes que se agochan tras da esquizofrenia, debido a que os datos fiables sobre xenealoxía son difíciles de recompilar e a condición é difícil de diagnosticar. De aí que ambas direcciónes ofrezan poucas posibilidades, pero aínda así é mellor investir o diñeiro na xenética, porque a xenética está na base de moitas cousas. Por suposto, os científicos deberían investigar sobre o cerebro. Creo na neurobioloxía e tratei de axudar a recadar diñeiro para apoiar esta disciplina. Pero non creo que os seus enfoques actuais conduzan necesariamente á causa profunda e real da síndrome maníaco-depresiva.

No ano 1989, o congresista Joe Early díxome: "Estou farto de loitar contra o imposible". A xenética axuda moito a combater a enfermidade se un xene é quen contribúe a causala. Ignorar os xenes é como intentar resolver un asasinato sen atopar o asasino. Todo o que temos son víctimas. Co tempo, se atopamos os xenes responsables do Alzheimer e da síndrome maníaco-depresiva, gastarase menos diñeiro en investigacións que levan a ningures. Os congresistas só se senten ben se gastan o diñeiro en bos proxectos, así que temos que convencelos de que o mellor uso que se lle pode dar a eses presupostos é a investigación sobre ADN.

O Proxecto Xenoma Humano está intentando lograr maior presuposto para a investigación sobre o ADN. Dado que agora podemos producir bos mapas xenéticos que nos permiten localizar cromosomas culpables e así atopar os xenes responsables das enfermidades (Francis Collins atopou o xene responsable da fibrose quística), a xenética debería ser unha prioridade na axenda de investigación dos NIH. Tivemos moita sorte de que cando James Wyngaarden dirixiu estes programas de investigación, procurase o establecemento do que hoxe é unha división permanente dentro deles chamada Centro para a Investigación do Xenoma Humano. Dubido que tivese convencido ó biólogo que me enviou o fax, pero pode que co tempo o consiga, xa que el é moi brillante. Quero convencer a tanta xente como sexa posible das vantaxes que reporta o Proxecto Xenoma Humano, pero non o pretendo para culmi-

nar a miña carreira e ter algo que soe ben na miña necrolóxica. Podo aproveitar mellor o meu tempo intentando mobilizar o país para que faga algo sobre as enfermidades que golpean á miña familia e a moitas outras. Son unha especie de pai concienciado para o que as cousas non foron ben de todo. Así que estou intentando recrutar un grupo de xente que nos axude a conseguir estes xenes e a facer o que penso que o Congreso quere que fagamos.

O obxectivo final do Proxecto Xenoma Humano é obter a secuencia de nucleótidos do ADN humano. Queremos completar o programa aproximadamente en quince anos. Cando falamos de completar non queremos dicir que academos todas e cada unha das secuencias de nucleótidos. Se conseguimos o noventa e oito por cento das rexións funcionais, posiblemente será suficiente.

Non investiremos infindas cantidades de diñeiro intentando secuenciar cousas que sabemos que posiblemente conteñen pouca información. Daremos por rematado o programa cando academos a identificación de todos os xenes humanos —é dicir, remataremos cando teñamos localizadas as secuencias codificadoras e poidamos declarar que os seres humanos como término medio conteñen, digamos, 248.000 xenes, con variacións tales como que algúns individuos, por exemplo, teñan un xene presente en catro copias e outros en tres, e para outros o xene non será esencial—. Sóubose recentemente que só un tercio dos xenes da levadura son esenciais. Se se eliminan dous tercios, a levadura aínda se multiplicará. Estudiar cousas que non son esenciais manterá a xente ocupada no ámbito da levadura durante moito tempo. Penso que podemos dicir con seguridade que o proxecto terá finalizado cando poidamos identificar os xenes.

Posiblemente non poderemos identificar os xenes ata que consigamos secuenciar a maior parte do ADN, porque non saberemos onde están. Ogallá puidesemos finalizar o programa mediante o método de copiar ADN (ADN complementario) —é dicir, mediante o ADN puramente funcional— para non ter que secuenciar todo o lixo, pero nunca saberemos se temos todos os ADN complementarios. Isto non quere dicir que non deberiamos aplicar o método de ADN complementario; de feito facilitaremos axudas económicas a aquelas persoas que intenten atopar mellores técnicas para conseguir ADN complentario raro en lugares específicos de tecidos. Pero penso que temos que secuencialo todo.

Nos cinco primeiros anos, traballaremos para acadar tres obxectivos. Primeiro, intentaremos conseguir bos mapas xenéticos, de xeito que cada cromosoma teña marcadores suficientes para que se poida localizar un xene se unha xenealoxía está dispoñible. Actualmente, só temos uns cento cincuenta marcadores que son o suficientemente informati-

vos como para sinalar a localización dos xenes[2]. Comezamos un programa intensivo para persuadir á xente de que faga moitos marcadores e os deixe nun depósito público dispoñible para todo o mundo. Queremos mudar a práctica actual entre os investigadores de non compartir os seus marcadores porque queren ser os primeiros en atopar un xene, por contra queremos potenciar que todo o mundo faga marcadores dipoñibles para todo o mundo.

O segundo obxectivo é dispoñer de fragmentos superpostos de ADN, de forma que todo aquel que busque un xene nun fragmento particular de certo cromosoma poida conseguilo mediante un aporte simbólico. O fragmento non será totalmente gratuíto, pero de certo estará alí para calquera que o queira. As técnicas para facer isto parecen estar dispoñibles agora; non se necesitan máis de dez millóns de dólares para almacenar fragmentos superpostos dun cromosoma dado. Para poñer esta cifra en perspectiva, Francis Collins dixo que atopar o xene da fibrose quística resultara custoso —entre dez e cincuenta millóns de dólares—. Se todos os marcadores estivesen dispoñibles só tería custado cinco millóns de dólares. Penso que podemos establecer unha biblioteca de fragmentos superpostos para todo o xenoma humano investindo arredor de douscentos millóns de dólares. Esta biblioteca reduciría os custos de investigacións posteriores. Finalizaremos cun mapa de fragmentos superpostos, identificados cada un deles por tres ou catro secuencias de ADN ó longo do mesmo, chamadas STS (secuencias de referencia). Co método PCR (reacción en cadea da polimerasa), os investigadores poderán conseguir todo o ADN humano que se precise.

O terceiro gran obxectivo é apoiar os científicos que intentan facer secuenciación megabase nun lugar nun período razoable de tempo. Un exemplo deste tipo de proxecto é unha proposta de Walter Gilbert para secuenciar un micoplasma, que é unha bacteria realmente pequena (800 quilobases). A proposta de Gilbert, consígaa ou non, é facer un millón de bases ó ano nun período de dous anos. Queremos animar ós científicos a faceren secuencias de megabases co propósito de reducir custos —de xeito que nun par de anos se reduza a un dólar o par de bases, e logo quizais a cincuenta céntimos—. Non aceptaremos unha solicitude de axuda económica de alguén que propoña secuenciar o ADN á maneira antiga, con licenciados e doutores, ó custo actual de dez a quince dólares a parella base só por curiosidade.

Séguese traballando á maneira antigua, pero teño as miñas dúbidas respecto a que iso supoña unha vantaxe profesional. Antes adoitábase conseguir un traballo se se podía secuenciar ADN. Agora, se secuencias dema-

2. Na actualidade existe un mapa xenético moi detallado, con marcadores cada setecentos mil nucleótidos, elaborado polo Généthon francés (nota dos editores).

siado posiblemente non conseguirás traballo ningún porque non fixeches nada interesante. Os científicos que traballamos no Proxecto Xenoma Humano actuamos coa mellor das nosas intencións, pretendemos fornecer as ferramentas precisas a licenciados e doutores para que aforren ter que secuenciar. Queremos que se fagan as secuencias con métodos máis intelixentes —con máquinas ou transmisión simultánea e con lectores de xel automáticos—, de forma que os investigadores non se volvan tolos realizando unha e outra vez os mesmos procedementos de secuenciación.

Un científico xaponés contoume unha historia moi improbable —tan improbable que debe de ser certa—. Estaba describindo o esforzo xaponés para secuenciar o ADN dun cloroplasto, que tiña aproximadamente 120.000 pares de bases. Dous grupos estaban inmersos nunha carreira en Xapón para conseguir as secuencias duns poucos cloroplastos diferentes. Os dous tiveron éxito, pero xurdiu un motín nun dos equipos. É imaxinable que un investigador americano mande ó seu supervisor ó inferno, pero é inimaxinable que un xaponés faga o mesmo. En vista daquel extraordinario motín, os supervisores xaponeses decidiron que o traballo forzoso de secuenciar era demasiado inhumano e resolveron cambiar o sistema.

Esperamos gastar o dez ou o vinte por cento de todo o noso diñeiro intentando desenvolver métodos de secuenciación que poidan facer a vida dos futuros estudiantes máis humana. Enfrontámonos ó problema de convencer ós departamentos de estudio dos NIH —esas entidades revisoras que asesoran e aproban as propostas de investigación— para que tomen unha actitude o suficientemente atrevida cara ó desenvolvemento de tecnoloxías de secuenciación rápidas. Son propensos a financiar algo só se saben que se pode facer. Temos que financiar proxectos cun resultado incerto e non coñecemos outro modo de proceder que non sexa confiar no investigador que ten unha boa idea e fornecerlle o diñeiro. Como aínda non temos feita unha megabase nun só proxecto, iso é un problema á hora de obter a aprobación do departamento de estudio. Pola contra, a elaboración dun mapa pasará facilmente a proba porque moitos científicos mostraron que se pode facer.

Estou seguro de que con todos os cerebros no noso campo, podemos reducir dez veces o custo de secuenciación

O Proxecto Xenoma dos NIH tamén intentará conseguir algúns datos reais sobre organismos patrón. Estaría satisfeito se lograsemos secuenciar dez bacterias diferentes a través da levadura. Agora estamos financiando un programa conxunto entre o Medical Research Council, en Inglaterra, o Laboratory of Molecular Biology en Cambridge e o grupo de Saint Louis que desenvolveu cromosomas artificiais de levadura para secuenciar o xenoma dunha lombriga intestinal. O ámbito da lombriga está desexando facelo posto que xa teñen os fragmentos superpostos

de ADN. Esperamos obter a secuencia en dez anos. É aproximadamente o equivalente a un cromosoma humano medio —unhas cen megabases—, pero con menos ADN repetitivo, así que posiblemente con menos problemas. Tamén se fan esforzos para secuenciar o xenoma dunha planta, *Arabidopsis*, que esperamos sexa conducido pola National Science Foundation coa axuda doutras axencias, incluídos nós mesmos. Isto son máis ou menos setenta megabases e o proxecto significará un auténtico adianto para a botánica. Coa salvidade quizais dunha bacteria, nada disto tería sido financiado na ausencia do Proxecto Xenoma Humano.

Entre as razóns para querer atopar os xenes das bacterias está a de axudar a atopar os xenes humanos. A xente pregunta, ¿como ides atopar un xene se está entremesturado con tanto lixo e carecedes dun ADN complementario?, ¿como ides saber que o tedes? Obviamente vai ser difícil nalgúns casos, pero se obtés o xene bacteriano correspondente sen moitas secuencias repetitivas, e se es intelixente, deberías poder atopar as diferencias. Podo imaxinar que o típico traballo para estudiantes universitarios será atopar o xene unha vez obtida toda a secuencia. Os profesores dirán ós seus alumnos: se podedes identificar un xene, poderedes licenciarvos e estudiar verdadeira ciencia.

O Proxecto Xenoma Humano é o suficientemente xustificable como para que os Estados Unidos asuman todo o proxecto se ningún outro país quere financialo. Somos ricos dabondo para facelo. Pero dubido que se nos permita facelo sós xa que outros se preocuparán de que poida ser comercialmente interesante e de que nos neguemos a distribuír os datos rapidamente se somos nós os que pagamos. Teño a esperanza de que poidamos repartir o custo de secuenciación e a distribución de datos por moitos países. Tan pronto como un xene é identificado, debería ser lanzado a unha base de datos internacional.

Pero hai problemas que non sei cómo abordar. Se un fragmento de ADN é secuenciado nun laboratorio académico, un avogado universitario dirá: "Parece un receptor de serotonina. Paténtao". Formas mutantes do xene da fibrose quística foron patentadas polas universidades de Toronto e Michigan. Conseguirán algúns dereitos e poida que constrúan mellores sindicatos estudiantís cos ingresos. Non sei cómo poñer as secuencias de ADN valiosas ó servicio público rapidamente cando moita xente quere mantelos privados. Só espero que outras grandes nacións se unan ó proxecto. Os xaponeses non deixarán que ninguén vexa o seu traballo se non paga por facelo. Supoño que esa estratexia funcionará. As xentes poderán pagar por información sobre secuencias se ese é o único xeito de conseguir velas. Así que terei que parecer un mal tipo e dicir: non revelarei a información que xeremos se outros países se negan a colaborar nun acordo para compartir a información. Pero

sería de verdade desagradable para min chegar á situación de reter os datos por razóns de vantaxe nacional.

A adquisición de información sobre o ADN humano xa comezou a presentar serios problemas éticos. Penso que dalgún modo teremos que lexislar para que o ADN de calquera persoa sexa confidencial e para que esa persoa sexa a única con dereito a velo. E aínda así a ética complícase se detectamos un xene nun recén nacido que produce unha enfermidade para a que non existe un tratamento. Algunhas veces estes defectos serán difíciles de detectar, pero outras veces, como no caso da distrofia muscular, poden ser moi fáciles. A medida que comecemos a obter datos deste tipo, algunha xente empezará a poñerse nerviosa e algúns van ser serios opoñentes ó proxecto a non ser que poidan sentir que eles ou os seus amigos non van ser discriminados por razóns do seu ADN. Se alguén ten acceso ó teu ADN e pode ver que tes un fallo nun dos teus anti-oncoxenes e que polo tanto es máis propenso a morrer de cancro sendo aínda novo, poderías ser discriminado digamos en cuestións de traballo ou de cobertura por parte dun seguro. Necesitamos leis para evitar a discriminación xenética e para protexer dereitos que poidan ser facilmente derogados. Se es pobre, será tentador dicir: "Si, mira o meu ADN porque quero o traballo na fábrica de amianto". Se non tes traballo, un traballo na fábrica de amianto é mellor que non ter traballo. Cuestións deste tipo requiren moita discusión, polo menos para que as leis relacionadas co ADN non sexan promulgadas prematuramente. Por esa razón, estamos investindo máis dun tres por cento do presupuesto do Proxecto Xenoma Humano nun programa de ética[3]; e poñeremos máis diñeiro se vemos que fai falta máis.

Xa nos temos enfrontado con este reto no tocante ás pegadas dactilares do ADN. O National Center for Genome Research financiou con cincuenta mil dólares o estudio sobre pegadas dactilares do ADN do National Research Council-National Academy of Sciences, que ten avogados e xuíces como asesores. A policía quere un rexistro de ADN dos delincuentes sexuais; outra xente quererá outro de contables deshonestos. A xente quererá pegadas de ADN para probar que os fillos dun político son realmente seus. Nunha reunión en Leicester, Inglaterra, Alec Jeffries amosou nunha diapositiva a carta dunha muller que rexenta un pequeno hotel en Gales e que dicía que sería unha boa idea ter un rexistro do ADN daqueles que ouriñan na cama. Diferente xente quererá diferente información —as posibilidades son ilimitadas—. Eu penso que ninguén debería ter acceso ás pegadas do ADN de ninguén.

Necesitamos explorar as implicacións sociais da investigación do xenoma humano e elaborar algún tipo de protección para a privacidade

3. Chamado programa ELSI (Ethical, Legal and Social Issues) (nota dos editores).

das xentes e así evitar que estes temores saboteen todo o proxecto. Penso firmemente que o único que pode parar o noso proxecto é o medo; se a xente ten medo da información que atopemos, evitarán que a atopemos. Dalgún xeito temos que convencer ós nosos concidadáns de que teremos máis vantaxes se coñecemos o xenoma humano que se non o coñecemos.

J. D. W.



Natureza, crianza e o Proxecto do Xenoma Humano

Evelyn Fox Keller

Os xenes convertéronse nos anos 80 nun gran negocio e é probable que se convertan nun negocio aínda maior nas décadas vindeiras. Xenes vexetais, xenes de rato, xenes bacterianos e xenes humanos, todos eles son tema frecuente das noticias; sen embargo, durante os últimos anos foron sobre todo os xenes *humanos* os que acadaron un protagonismo particular. A diario dinnos —Barbara Walters, xornalistas da prensa escrita e, máis ca ninguén, os que propoñen o Proxecto do Xenoma Humano— que son os nosos xenes os que nos fan "o que somos", o que nos fai a algúns de nós xenios musicais, atletas olímpicos ou físicos teóricos e a outros alcohólicos, maníaco-depresivos, esquizofrénicos —incluso indixentes—. A *Office of Technology Assessment* conclúe que "un dos argumentos máis fortes para apoiar proxectos do xenoma humano é que eles aportarán coñecemento sobre os determinantes da condición humana"; e di ademais que o Proxecto do Xenoma Humano promete botar luz, especialmente, sobre os determinantes da doenza humana, incluso desas doenzas "que están na raíz de moitos problemas sociais actuais"[1].

Algúns pódense preocupar pola "desexabilidade de usar información xenética para controlar e conformar o futuro da sociedade humana", pero outros preocúpanse, ó mellor en igual medida, por unha po-

* Publicado con autorización do editor de *The Code of Codes*, edición de Daniel J. Keves e Leroy Hood. Harvard University Press, Cambridge, Mass.

© 1992 by Daniel J. Kevles and Leroy Hood by the President and Fellows of Harvard College.

1. U.S. Congress, Office of Technology Assessment. *Mapping Our Genes*. Government Printing Office, Washington, D.C., 1988, p. 85; Koshland, Daniel. "Sequences and Consequences of the Human Genome", *Science* 146, 1989, p. 189.

sible falta de coraxe[2]. Negar apoio a esta ambiciosa e cara tarefa, escribe Daniel Koshland, o editor da revista *Science*, é incorrer na "inmoralidade da omisión —o fracaso na aplicación dunha gran tecnoloxía nova para axudar ós pobres, ós débiles e ós menos privilexiados"[3].

Gracias, en gran medida, ó notable progreso da bioloxía molecular, afírmase que a controversia entre natureza e crianza ["nurture"], que nos atormentou durante tanto tempo, finalmente se solventou. Citando outra vez a Koshland, agora sabemos o que "pode parecer obvio para un científico, pero que os nosos xuíces, xornalistas, lexisladores e filósofos tardaron en aprender" —e é que, se queremos inducir os rapaces a comportarse, rehabilitar prisioneiros e impedir suicidios, temos que recoñecer que

> Estamos tratando cun problema moi complexo no que tanto a estructura da sociedade como a terapia química xogarán un papel. Mellores colexios, mellor ambiente, mellor asesoramento e mellor rehabilitación axudarán a algúns individuos, pero non a todos. Mellores drogas e a enxeñería xenética axudarán a outros, pero non a todos. Non vai ser doado para aqueles sen adestramento científico facerse con estas complicadas relacións, incluso cando todos os factores se entenden ben[4].

No mesmo sentido, Robert Weinberg, un prominente biólogo molecular do *MIT*, di:

> Durante a próxima década un pode empezar a dar con xenes que son determinantes, sorprendentemente fortes, do coñecemento, das emocións e doutros aspectos da función e aparencia humana. Negar isto sería agachar a cabeza debaixo da area[5].

A maioría dos defensores destas ideas de máis responsabilidade poñen, por suposto, coidado en recoñeceren o papel de *ambas* —natureza e crianza—, pero retoricamente, así como na práctica científica, é a "natureza" a que emerxe como vencedora decisiva. Como outros, Koshland considera o seu obxecto de defensa non a investigación de influencias ambientais, senón a de determinantes xenéticos; do mesmo xeito non cita a importancia do adestramento social, psicolóxico ou político senón só a do adestramento científico. Como outros comentaristas da controversia natureza/crianza, Koshland non se está referindo ó noso desenvolvemento físico, senón ó noso desenvolvemento emocio-

2. Office of Technology Assessment. *Mapping of our Genes.* Op. cit., p. 79.

3. Koshland, Daniel. "Sequences and Consequences", *Op. cit.*, p. 189. No discurso no que este editorial se baseou, pronunciado na *First Human Genome Conference* en outubro de 1989, Koshland foi incluso máis explícito. En resposta á pregunta con frecuencia formulada, ¿por que non darlles estes cartos ós sen teito?, dixo: "Do que non se dá conta esta xente é de que se prexudica ós sen teito... De feito, ningún grupo se beneficiaría máis da aplicación da xenética humana". Sen embargo, Koshland non di cómo exactamente axudará o Proxecto do Xenoma Humano "ós pobres, ós débiles e ós menos privilexiados".

4. Koshland, Daniel. "Nature, Nurture, and Behavior", *Science* 235, 1987, p. 1445.

5. Citado en Wright, Robert. "Achilles' Helix", *New Republic*, xullo, 9&16, 1990, pp. 21-31.

nal, intelectual e naquel tocante ó noso comportamento. A confianza na base xenética da nosa fisioloxía está establecida desde hai tempo; o que parece ser novo aquí é a nosa confianza na base xenética do comportamento. Como Robert Plomin escribe, "Hai só quince anos, a idea da influencia xenética no complexo comportamento humano era un anatema para moitos científicos do comportamento. Agora, sen embargo, o papel da herdanza no comportamento aceptouse amplamente, incluso para ámbitos delicados como o coeficiente intelectual[6].

Os cambios que Plomin, Koshland e outros observan son reais e a asunción normal é que son unha consecuencia directa de desenvolvementos no noso entendemento científico da xenética. É importante apuntar, sen embargo, que as nosas opinións sobre a natureza e a crianza teñen unha historia tanto cultural como científica. Hai, en efecto, algo novo na configuración actual das nosas opinións e se imos entender esa novidade de forma adecuada, debemos examinar ambas historias, o seu mutuo entramado e a súa interdependencia. Nun intento de dispoñer todo para preguntarse qué exactamente é novo no rexurdimento actual do determinismo xenético, empezarei cun breve repaso ó debate natureza/crianza desde principios deste século ata o período posterior á II Guerra Mundial. Logo concentrareime nun exame dos termos deste debate que cambian no contexto do auxe da bioloxía molecular.

Aínda que en xeral se recoñece que as ideas do determinismo xenético estaban moi estendidas entre os primeiros euxenistas, quizais é menos sabido qué prevalentes foron tales ideas entre os xenetistas na primeira parte deste século. Por exemplo, a historiadora Diane Paul escribe que un consenso "entre xenetistas en canto ó papel da herdanza na determinación dos trazos intelectuais, psicolóxicos e morais" —un consenso que ía durar ata mediados dos anos 40— era, polos anos 20, xa "tan pleno que practicamente ninguén... se ía atopar fóra del". A moitos xenetistas daqueles anos parecíalles obvia a desexabilidade de polo menos algunhas das posibilidades euxenésicas que o determinismo xenético implicaba. En 1939, por exemplo, un "Geneticists' Manifesto" (Manifesto de Xenetistas), escrito por H. J. Muller e co-asinado por 22 xenetistas distinguidos, foi promulgado no *Seventh International Congress of Genetics*. Dicía así:

> Os obxectivos xenéticos máis importantes desde un punto de vista social son a mellora desas características xenéticas que contribúen a) á saúde, b) ó complexo chamado intelixencia e c) a esas cualidades temperamentais que favorecen o compañeirismo e o comportamento social... Unha visión máis xeral dos principios biolóxicos traerá consigo o decatarse de que se debe buscar moito máis que a prevención do de-

6. Plomin, Robert. "The Role of Inheritance in Behavior", *Science* 248, abril, 13, 1990, p. 187.

> terioro xenético e o decatarse de que o ascenso do nivel da media da poboación case ata o nivel máis alto existente agora en individuos illados, en canto a benestar físico, intelixencia e cualidades temperamentais, é un logro que podería —na medida en que se fai referencia a consideracións puramente xenéticas— ser fisicamente posible dentro dun número relativamente pequeno de xeracións. Así todo o mundo podería considerar "o ser xenio" —combinado, desde logo, con estabilidade— como algo ó que ten dereito por nacemento[7].

O que é importante engadir ó argumento de Paul é que a fe no poder dos xenes para moldear o carácter dos seres humanos —xunto coa confianza, xerada por esa crenza, nas aplicacións que un entendemento da xenética podería ter na conformación do curso futuro da Evolución— proporciona un impulso importante para o desenvolvemento tanto da xenética clásica como da molecular. Por exemplo, Warren Weaver, o xefe da *Natural Science Division* da Fundación Rockefeller durante os anos 30, foi explícito sobre a súa motivación para desviar os recursos baixo o seu mando cara ó estudio de problemas biolóxicos:

> Estaba perfectamente claro que o home non ía sufrir pola falta de poder para controlar o universo físico... O que realmente necesitaba saber era máis sobre si mesmo... Un incrementado coñecemento do home é o obxectivo último das ciencias biolóxicas[8].

No seu informe sobre o progreso de 1934, escribiu:

> O reto... é obvio. ¿Pode acadar o home un control intelixente sobre o seu propio poder? ¿Podemos desenvolver unha xenética tan minuciosa e amplamente como para podermos esperar crear no futuro homes superiores?... ¿Pode o home adquirir coñecemento suficiente dos seus propios procesos vitais para que poidamos esperar racionalizar o comportamento humano? ¿Podemos, en resumidas contas, crear unha nova ciencia do Home? [9]

Despois da II Guerra Mundial, sen embargo, como Paul (e outros) continúan apuntando, a confianza no poder dos xenes sobre o comportamento humano e o concomitante potencial euxenésico da xenética sufriron un rápido declive. En gran parte, Paul atribúe este declive ás

7. Paul, Diane. "Eugenics and the Left", *Journal of the History of Ideas* 45, 1984, p. 574; Muller, H. J. "Social Biology and Population Improvement", *Nature* 144, 1939, pp. 521-22.

8. Weaver, Warren. *Transcript of Oral History Memoir. Oral History Office.* Butler Library, Columbia University Press, gravación nº 343, 1962, pp. 282-83.

9. Weaver, Warren. *Progress Report. The Natural Sciences.* Rockefeller Foundation, 915.1.7, 14 de febreiro de 1934; atópase máis sobre o tema en, por exemplo, Fox Keller, Evelyn. "Physics and the Emergence of Molecular Biology", *Journal of the History of Biology* 23, outono, 1990, pp. 389-409.

"importantes forzas sociais" desatadas pola subida de Hitler ó poder en Alemaña. En concreto, ela observa que "as explicacións biolóxicas de diferencias humanas non físicas de seguida perderon aceptación dentro da reacción xeral ó uso que lles foi dada polos nazis"[10].

Eu indicaría que unha consideración máis matizada deste declive non estaría de máis. En particular, sinalo que na reacción contra a euxenesia nazi en Alemaña (así como —cumpriría engadir— a reacción contra a euxenesia racista nos Estados Unidos e a euxenesia "clasista" en Inglaterra) a conexión directa entre a xenética e as súas implicacións euxenésicas, que antes fora tan visible e tan poderosamente motivadora, xa non era politicamente tolerable. Para os xenetistas, esta conexión cortouse separando o coñecemento da xenética das súas aplicacións ou, cando iso fallaba, distinguindo a xenética humana da non humana. En ambos os dous casos abandonouse toda referencia a posibles aplicacións humanas dun coñecemento da xenética. Para outros, a conexión entre xenética e euxenesia evitouse a través dunha separación máis xeral entre bioloxía e cultura; a forza da xenética foi limitada a atributos puramente fisiolóxicos, mentres que o comportamento veu ser considerado, de forma crecente, como algo pertencente ó ámbito da cultura. En calquera caso, os intentos de euxenistas anteriores de basear un programa social en principios xenéticos —en Alemaña, Inglaterra ou nos Estados Unidos— puideron ser desacreditados en base a que estaban fundamentados nun mal uso da xenética, en presupostos insostibles (ou como mínimo, excesivamente simplistas) verbo do fundamento xenético do comportamento, sen desacreditar simultaneamente a ciencia da xenética *per se*[11].

Con estas delimitacións á man, o comportamento humano podería ser considerado como zona libre, mentres que, ó mesmo tempo, podería prosperar a ciencia da xenética —e con ela, a confianza na determinación xenética de todo agás o comportamento humano—. Xa que a crianza (ou a cultura) sempre foi vista como unha forza máis ampla que a natureza, foi quizais inevitable que, como consecuencia da guerra, fose á crianza á que se lle atribuíra o desenvolvemento do comportamento humano. Dito de maneira máis simple, foi a crianza, non a natureza, a que foi considerada como conductora ó tipo de desenvolvemento sen cadeas que unha república victoriosa e "libre" cría posible. E en ausencia dunha actitude pública forte e contraria do lado dos xenetistas, o optimismo xeral do momento fixo que as asuncións tanto populares como académicas sobre a relativa importancia da natureza e da

10. Paul, Diane. "Eugenics and the Left". *Op. cit.*, p. 589.

11. Kevles, Daniel, J. *In the Name of Eugenics: Genetics and the Uses of Human Heredity.* Alfred A. Knopf, Inc., Nova York, 1985, para unha extensa análise da historia da euxenesia.

crianza (polo menos no eido do comportamento humano) experimentase un cambio decisivo. Conforme o espírito que chegou a prevalecer, todo parecía posible, dado o contorno axeitado e o adecuado tipo de crianza[12]. O período dos anos 50 e dos 60, en retrospectiva, pode ser descrito de boa gana como a idade da psicoloxía. Para xente inclinada á psicanálise, o comportamento humano aceptable era atribuído a un "coidado materno suficientemente bo"; para os behavioristas, a un reforzo e acondicionamento adecuados. Coa posible excepción dun pequeno grupo de xenetistas, case ninguén, nin na cultura popular nin na científica, se fixaba daquela na xenética.

Ó mesmo tempo, non obstante, precisamente durante o período en que o comportamento parecía estar, con tanta seguridade, localizado no dominio da crianza, a ciencia da xenética comezou a facer progresos sen precedente. Con estes progresos operouse un cambio dramático en canto ó lugar da xenética dentro da bioloxía e, en último termo, no noso máis amplo mapa cultural. Na primeira parte do século, a xenética fora un terreo pequeno, relativamente recóndito da bioloxía (para moitos, de dubidosa importancia para un entendemento da fisioloxía e do desenvolvemento), pero a finais dos anos 60 a xenética trasladárase a un lugar central nas ciencias da vida. Ademais, o período de posguerra fora testemuña dunha enorme expansión das ciencias como un todo, tanto na influencia cultural como no seu tamaño real, e dentro desta expansión xeral as ciencias da vida medraron axiña. Polos anos 60, os xenetistas constituían así un grupo moito maior (medido en números absolutos) do que constituíran no período anterior á II Guerra Mundial, cunha influencia inmensamente maior tanto na cultura científica como na popular. Entre 1950 e 1970 o número de socios só da *Genetics Society of America* ascendeu de 882 a 3.043, segundo a *Federation of American Societies Directory*. Tamén se atoparían recrutas adicionais para a xenética entre os biólogos moleculares.

A causa máis simple do medre, tanto no número como na influencia dos xenetistas, seguramente se atopa nos extraordinarios éxitos da bioloxía molecular. Antes de 1953 os xenes eran unidades hipotéticas abstractas, mentres que nese ano se converteron en entidades concretas e recoñecibles. O logro de James D. Watson e Francis Crick permitiu a identificación dos xenes como secuencias de ADN e ofreceu unha solución para o misterio da replicación xenética. Nos anos seguintes os biólogos moleculares indagaron moito sobre os mecanismos polos que se di que os xenes —ou, agora, secuencias de ADN— regulan e controlan

12. En 1969, Arthur Jensen provocou un escándalo xeneralizado coa súa diatriba contra "o espírito da época do igualitarismo ambiental" e o seu intento de resucitar un vencello entre raza e coeficiente intelectual. *Vid.* Kevles, Daniel. *In the Name of Eugenics.* Op. cit., 1985.

os procesos esenciais de organismos vivos. O ADN converteuse na "Molécula mestra" da vida.

Salientando o seu carácter de logro, a *National Academy of Sciences* dirixiu un estudio global sobre as ciencias da vida en 1968, titulándoo *Biology and the Future of Man.* A maior parte deste informe, eminentemente sobrio e coidadosamente editado, sobre o "estado da cuestión" e as expectativas futuras das disciplínas biolóxicas, facía escasa referencia directa ó "home"; e esas partes que a facían centrábanse, case por completo, en cuestións de fisioloxía. Das primeiras novecentas páxinas deste informe a cuestión da xenética do comportamento ocupa só cinco, facendo referencia a maioría delas ó comportamento non humano. Así e todo, no último capítulo (que dá título ó libro), a cuestión do "home" emerxe con forza e con ela quedaba disolta a exención do comportamento humano, ata ese momento tan coidadosamente mantida. Neste último capítulo reencontramos todos os temas que nos son familiares desde a primeira metade do século, dun xeito só vagamente marcado polas pegadas do seu recente carácter polémico. Os autores escriben:

> Poderiamos enxendrar co obxectivo de acadar obesidade, delgadeza, ollos azuis ou negros, pelo rizado ou liso e calquera dos atributos físicos obvios onde os seres humanos varían. Presumiblemente, poderiamos enxendrar tamén para acadar rendemento mental, propiedades especiais como percepción espacial ou capacidade verbal, quizais incluso para acadar cooperación ou un comportamento trastornado, incluso posiblemente para obter puntuacións altas nos tests de intelixencia...
>
> O home, aínda que potencialmente capaz de seleccionar a súa propia constitución xenética, aínda non fixo uso deste poder. A selección é un proceso duro. Para progresar rapidamente, a reprodución debería limitarse basicamente a aqueles que posuísen xenotipos para os trazos desexados. Pero, ¿quen decidirá qué é desexable...? ¿Quen se atrevería a prohibir a procreación a unha maioría de homes e de mulleres? E, ¿a quen lle confiaría a sociedade tales decisións? ¿Podemos esperar cambios na actitude de sociedades enteiras para que acepten o autocontrol da evolución humana a custa de renunciar á decisión privada da maioría da xente de propagarse nos seus propios fillos? É en extremo improbable que tales cambios na actitude se produzan axiña. O futuro do home, non obstante, ben pode ir... suficientemente lonxe, non só para considerar estas posibilidades senón tamén para exploralas na realidade[13].

O concluínte e último parágrafo do traballo di así:

13. Handler, Philip (ed.). *Biology and the Future of Man.* Oxford University Press, Oxford, 1970, p. 926.

> A visión do home de si mesmo experimentou moitos cambios. Dunha posición única no universo, a revolución copernicana reduciuno a habitante dun planeta de entre moitos. Dunha posición única entre os organismos, a revolución darwiniana asignoulle un lugar entre os millóns doutras especies que evolucionaron unhas doutras. Pero ó mesmo tempo, o *Homo sapiens* superou as limitacións da súa orixe. Controla as enormes enerxías do núcleo atómico, móvese a través do planeta a velocidades a penas por debaixo da necesaria para superar a gravitación e pode saír ó espacio cando el así o queira. Comunícase cos seus conxéneres á velocidade da luz, amplía os poderes do seu cerebro cos do ordenador dixital e inflúe no número e na constitución xenética de, practicamente, todas as demais especies viventes. Agora pode dirixir a súa propia evolución. Nel a natureza foi máis alá das duras regularidades dos fenómenos físicos. O *Homo sapiens*, a criatura da natureza, transcendeuna. De ser un producto das circunstancias, ascendeu á responsabilidade. Por fin é Home. ¡Oxalá se comporte como tal![14]

Sería tentador sacar destas consideracións finais do informe da *NAS*, escrito en 1968, a conclusión de que entre os xenetistas non cambiou moito desde os anos 20 e que, calquera que fosen os cambios que se operaron no sentimento popular durante os anos intermedios, a confianza dos (ou ó menos dalgúns) xenetistas no determinismo xenético (e o seu concomitante interese en conformar o curso futuro da evolución) era tan forte como sempre. A pesar dalgúns signos visibles de continuidade a través das décadas, sen embargo, estas consideracións non representan simplemente un rexurdimento do determinismo xenético, senón os comezos da súa transfiguración. Poden ser entendidas como un anticipo dunha nova era na nosa concepción da natureza e da crianza, unha era na que as forzas da natureza e da crianza se reconciban radicalmente. Este proceso está, de feito, intimamente ligado ós desenvolvementos na bioloxía molecular, pero de xeito dabondo máis complexo do que se adoita imaxinar.

Na transfiguración do determinismo xenético é de grande importancia o feito de que, nos últimos anos dos 60, os biólogos moleculares comezaron a desenvolver técnicas mediante as cales eles mesmos puideron manipular a "Molécula mestra". Aprenderon cómo secuenciala, cómo sintetizala e cómo modificala. Da bioloxía molecular emerxeron uns coñecementos tecnolóxicos que alteraron decisivamente o noso sentido histórico da inmutabilidade da "natureza". Onde a visión tradicional fora que a "natureza" representaba o destino e a "crianza" a liberdade, agora os papeis parecían estar cambiados. As innovacións tecnolóxicas da bioloxía molecular invitaron a unha moi estendida ousadía vaga,

14. *Ibidem*, p. 928.

animando a idea de que poderiamos máis axiña controlar a primeira que a segunda, non só como un obxectivo a longo prazo senón como unha posibilidade inmediata. Esta idea, aínda que lonxe en exceso das capacidades reais da bioloxía molecular dese momento, transformou os propios termos do debate natureza/crianza; finalmente transformaría tamén os termos da bioloxía molecular.

Durante os primeiros vinte anos da bioloxía molecular, a investigación centrouse en organismos no extremo contrario da escala filoxenética ós humanos e para a maioría da xente as implicacións para os seres humanos parecían remotas. Para algúns, sen embargo, a distancia entre a *Escherichia coli* e o *Homo sapiens* nunca parecera moi longa e, certamente a finais dos 60, co desenvolvemento de novas técnicas para traballar con xenes eucarióticos e virus de mamíferos, o oco empezou a pecharse. Foi quizais inevitable que as posibilidades de control brindadas pola nova investigación pronto se estendesen ós ámbitos da natureza humana. As primeiras formulacións explícitas de tales ambicións dadas por biólogos moleculares empezaron a aparecer ó redor de 1969. Incluso daquela, sen embargo, cando a bioloxía molecular acababa de empezar a moverse no dominio dos organismos superiores, os tipos de control que se fixeron visibles foron xa presentados como tipos crucialmente distintos daqueles da vella euxenesia. Mentres que os programas da euxenesia da primeira parte do século tiveran que depender de programas sociais sólidos e polo tanto foran obxecto de control social, a xenética molecular parecía posibilitar o que Robert Sinsheimer chamou "unha nova euxenesia": unha euxenesia que "podería, polo menos en principio, ser aplicada sobre unha base bastante individual[15]. Sinsheimer engadiu:

> A vella euxenesia limitouse a un aumento numérico do mellor do noso fondo xenético existente. A nova euxenesia permitiría, en principio, a transformación de todo o non apto no de maior nivel xenético[16].

En resumidas contas, na visión inspirada polos éxitos da bioloxía molecular, a "natureza" fíxose novamente maleable, quizais infinitamente; de feito, era moito máis maleable do que ninguén nunca imaxinara que o fose a "crianza". Sinsheimer continuou:

> É un novo horizonte na historia do home. Algúns poden sorrir e poden pensar que isto non é senón unha nova versión do vello soño, o da perfección do home. É iso, pero é algo máis. Os vellos

15. Sinsheimer, Robert. "The Prospect of Designed Genetic Change", *Engineering and Science* 32, 1969, pp. 8-13; reeditado en Chadwick, Ruth (ed.). *Ethics, Reproduction, and Genetic Control.* Croom Helm, Londres, 1987, p. 145.

16. *Ibidem.*

> soños da perfección cultural do home estiveron sempre restrinxidos polas súas imperfeccións e limitacións inherentes e herdadas... Fomentar os seus mellores trazos e dominar os seus peores exclusivamente mediante medios culturais sempre foi, aínda que claramente non imposible, moi difícil en moitos casos... Agora albiscamos outro camiño: a oportunidade de afrouxar as tensións internas e amañar as imperfeccións internas directamente, para manter e perfeccionar conscientemente, máis alá da nosa visión actual, este extraordinario producto de dous mil millóns de anos de evolución[17].

En 1969 a bioloxía molecular da xenética humana aínda se atopaba nos seus comezos. Só un ano antes fora adscrito o primeiro xene non marcado sexualmente a un cromosoma particular e ningún xene humano de ningún tipo fora aínda localizado con precisión. E entre eses xenes humanos dos que os biólogos moleculares podían dicir que tiñan algún coñecemento, ningún tiña a máis remota relación co comportamento humano. Sen embargo, xa Sinsheimer puido anticipar un camiño xenético cara á "perfección cultural do home". ¿De que podería ter derivado esa extraordinaria confianza?

É certo: chegamos a esperar —quizais incluso demandar— sinais de prognosticación clarividente da comunidade científica, especialmente daquelas persoas que poderían falar desde a vangarda da investigación científica. Pero sería un erro grave considerarmos as afirmacións que se fixeron como conclusións tiradas da experiencia científica ou como mera especulación ou fantasía. As esperanzas e anticipacións que Sinsheimer expresou en 1969 (como nas consideracións finais do informe da *NAS*) deben ser entendidas como feitas desde unha visión cunha inspiración polo menos tan cultural como científica. Asemade, debemos entender o poder especial que anticipacións deste tipo, presentadas en forma de predicción científicas, teñen para influír (directa ou indirectamente) no curso futuro do progreso científico. Dados o status e a autoridade que a bioloxía molecular adquiriu desde 1953, as predicción do mundo da ciencia influirían inevitablemente en opinións, actitudes e expectativas populares de maneira considerable. Así mesmo, malia que arredadas da realidade científica actual, ata o punto de reflectiren as esperanzas e ambicións de científicos en activo (e desas axencias que os patrocinan), terían tamén o poder de influír na dirección que a investigación científica tomaría no futuro. Así, as afirmacións esperanzadoras que citei poden ser vistas como expresións dun tipo de intencionalidade; como tales contribuíron activamente á construcción da futura realidade científica.

Os asuntos nestes escenarios científicos/utópicos que tiveron unha influencia importante na opinión xeral son: 1) a novamente aclamada

17. *Ibidem.*

maleabilidade da "natureza"; 2) a superación da liña divisoria entre bioloxía e cultura, que polo menos tacitamente existía desde a II Guerra Mundial; e 3) a énfase no papel da elección individual nos tipos de intervencións que a nova xenética faría posible. Pero a influencia de tales argumentos na opinión da xente resultaría, desde logo, crítica, por fornecer os recursos e o apoio necesarios para estas aspiracións co exercicio dunha influencia práctica sobre o curso futuro da investigación na bioloxía molecular.

Os últimos vinte anos amosaron xustamente esta converxencia entre actitudes culturais e foco técnico. Despois de 1970 tanto o desenvolvemento de técnicas permitindo a intervención directa na estructura das secuencias de ADN como o uso desas técnicas para o estudio da xenética humana despegou expoñencialmente. En 1970 tivo lugar a primeira síntese dun xene, realizada por H. Gobind Khorana; en 1973, a primeira modificación xenética con éxito efectuada xuntando un fragmento ben definido de ADN dun organismo co xenoma doutro (ADN recombinante). Ó final da década, en gran parte polo uso de técnicas recombinantes, o número de xenes humanos identificados e adscritos a cromosomas específicos multiplicárase por máis de seis ou, se un conta só os xenes atopados en cromosomas autosómicos, aproximadamente por trescentos[18].

Sen dúbida os anos 70 foron unha década de extraordinaria expansión para a bioloxía molecular: técnica, institucional, cultural e economicamente. O meu obxectivo non é cuestionar esa expansión *per se*, senón máis ben cuestionar o acordo convencional de que a expansión institucional, cultural e económica da bioloxía molecular proviña directa e automaticamente dos seus éxitos técnicos. En particular, quero centrarme na expansión ideolóxica da bioloxía molecular tanto na cultura popular como na medicina e polo menos cuestionar o efecto desta expansión ideolóxica nas evolucións técnicas posteriores. Con este fin, a investigación do historiador Edward Yoxen sobre a construcción da idea de "doenza xenética" aporta un punto de partida absolutamente esencial, porque é este concepto o que proporcionou a base para a expansión cultural e médica da xenética molecular como, ó mesmo tempo, o que distingue as formulacións actuais do determinismo xenético daquelas da primeira parte do século[19].

Como Yoxen sinala, non se necesita discutir o feito de que "moitos dos fenómenos de doenza xenética están baseados na realidade mate-

18. Arredor de 1989, o número de xenes humanos representados elevárase en máis de 1.450 do número total de xenes humanos estimado entre 50.000 e 100.000. Mackusick, Victor. "Mapping and Sequencing the Human Genome", *New England Journal of Medicine* 320, 1989, pp. 910-15.

19. Yoxen, Edward J. "Constructing Genetic Diseases", en Duster, Troy e Garett, Karen (eds.). *Cultural Perspectives on Biological Knowledge*. Ablex, Norwood, N. J., 1984.

rial" para preguntar "¿por que illamos ou describimos certos fenómenos para a análise, por que dicimos que constitúen doenzas e por que buscamos explicar a súa natureza e causa en termos xenéticos?[20]. Se ben unha xeración anterior de xenéticos pode non ter dubidado do poder dos xenes para determinar (e así, en último termo, transformar) o benestar humano, eles (excepto en casos illados) non relacionaron as súas reivindicacións cun concepto de doenza xenética e os seus colegas médicos, deixando de ver calquera relación directa entre xenes e tratamento, incluso para aquelas doenzas que se daba por sentado que eran xenéticas, referíanse á xenética como algo de pouca relevancia para a práctica médica. Hoxe, sen embargo, a relación entre a xenética e a investigación médica cambiou dramaticamente. Aínda que, en realidade, a xenética segue sendo dunha relevancia práctica bastante limitada para as artes curativas, o concepto de doenza —agora estendido por todo o ámbito do comportamento humano— chegou a ser entendido, de xeito crecente, polos científicos da saúde en termos da xenética. De feito, a cantidade de literatura médica sobre doenza xenética aumentou de forma expoñencial durante a década pasada[21] e moita desta literatura suxire un cambio conceptual que un comentarista describe así:

> No pasado, a maioría dos médicos e investigadores percibiron que as influencias daniñas na saúde humana son de dous tipos: ou ben unha deficiencia dun recurso básico como comida ou vitaminas, ou a exposición a perigos que poden ser, ou ben naturais... ou creados polo home... A xenética está agora mostrando que esta visión dos determinantes da saúde como algo externo é demasiado simplista. Descoida un determinante importante da doenza, que é interno. Lonxe de ser unha causa estraña de doenza, os factores xenéticos son un determinante moi importante de saúde ou enfermidade nos países desenvolvidos[22].

Pero como Yoxen sinala, no curso deste cambio conceptual a "doenza xenética" converteuse nunha categoría extremadamente grande, abranguendo non só trastornos xenéticos que se consideran como doenzas, senón tamén anormalidades xenéticas asociadas a ningún trastorno coñecido, así como trastornos que pode que non sexan nin xenéticos nin doenzas[23].

Moitos factores (tanto técnicos como culturais) contribuíron á expansión do concepto da doenza xenética e, con el, á do ámbito da xe-

20. Yoxen, Edward, J. "Constructing Genetic Diseases". *Op. cit.*, p. 41.

21. Un reconto de artigos considerando a doenza xenética, recollido en Medline, revela un incremento séxtuplo só durante os anos que van de 1986 ata 1989. Cincuenta e un artigos están recollidos durante 1986, 152 durante 1987, 288 durante o 1988 e 366 no 1989.

22. Baird, P. A. "Genetics and Health Care", *Perspectives in Biology and Medicine* 33, 1990, pp. 203-13.

23. Yoxen, Edward J. "Constructing Genetic Disease". *Op. cit.*, p. 49.

nética clínica. Entre eles poderíase sinalar: unha cada vez maior aceptación xeral do marco explicativo da bioloxía molecular; a diminución, despois da guerra, do peso das doenzas agudas; a intensificación do adestramento científico para a práctica médica; expectativas cambiantes en canto á saúde no público xeral; e modelos de distribución de recursos para a investigación científica. Por exemplo, Yoxen apunta que, a principios dos anos 70 o *National Institute of General Medical Sciences* (un departamento do *NIH*) buscaba:

> ... mobilizar apoio para os seus programas presentando os trastornos xenéticos como causa significativa de mala saúde. Aquí a xenética ofrece unha estratexia de expansión territorial mediante a readscrición das causas da doenza a unha institución de rango relativamente baixo[24].

O obxectivo principal de Yoxen, sen embargo, é indicar as moitas cuestións sociais, económicas, políticas e técnicas que deben ser tomadas en conta se queremos entender cómo "se construíu a fórmula explicativa básica dunha "doenza xenética" para encaixar no contexto contemporáneo"[25].

O meu obxectivo é incluso máis xeral. Trátase de apuntar que o concepto da doenza xenética, do que se apropiou con entusiasmo a medicina por complexas razóns institucionais e económicas, representa unha expansión ideolóxica da bioloxía molecular máis alá dos seus éxitos técnicos. Tamén quero argüír que ó final a aceptación xeral deste concepto resultou crítica para a orientación que empezaron a tomar as evolucións técnicas posteriores na bioloxía molecular. Sen dúbida, foi a capacidade técnica que alcanzou a bioloxía molecular a principios dos anos 80 a que fixo posible imaxinar incluso unha tarefa tan formidable como a de secuenciar o que chegou a ser chamado "o xenoma humano". Pero foi o concepto da doenza xenética o que creou o clima no que un proxecto tal se podería considerar tanto razoable como desexable.

Quero centrarme en dous aspectos que asomaron antes na defensa do Proxecto do Xenoma Humano. Primeiro está a sorprendente promesa de que a secuencia completa do xenoma humano nos ensinara, por fin, "qué significa ser humano"; permitiranos "descifrar os misterios" da nosa propia existencia. A pesar do feito de que concretamente os xenomas de dous individuos calquera se distinguen en tanto como tres millóns de bases, desde un punto de vista biolóxico molecular, a "definición esencial subxa-

24. *Ibidem*, p. 50.
25. *Ibidem*, p. 48.
26. *Vid.* o capítulo de Walter Gilbert nesta publicación.
27. National Research Council. *Mapping and Sequencing the Human Genome.* National Academy Press, Washington D. C., 1988, pp. 1, 12-13, 45.
28. *Ibidem*, p. 11.

cente" do ser humano é unha entidade simple[26]. A defensa do Proxecto do Xenoma Humano continúa aducindo que a caracterización desta entidade (é dicir, a súa secuencia xenética) constitúe, polo tanto, unha cuestión crítica para a medicina. Pero o que ás veces aparece como unha consecuencia é máis comunmente presentado como un chamamento independente ó "gran (ou "revolucionario") impacto" que semellante base de datos terá "no coidado sanitario e na prevención de doenzas". No informe oficial emitido en 1988 polo *National Research Council Committee on Mapping and Sequencing the Human Genome*, o valor desta información para a "diagnose, tratamento e prevención" das doenzas humanas é repetidamente enfatizado. Sostense que:

> Os determinantes fundamentais desas capacidades mentais —aprendizaxe, linguaxe, memoria— esenciais para a cultura humana están codificados na secuencia de ADN. Codificadas aí tamén están as mutacións e variacións que causan ou incrementan a susceptibilidade a moitas doenzas responsables de moito sufrimento humano[27].

O comité conclúe dicindo: "que un proxecto para cartografar e secuenciar o xenoma humano debería ser levado a cabo" para "permitir que houbese un rápido progreso na diagnose e no control último de moitas doenzas humanas"[28]. James Watson é incluso máis explícito. Para el, o Proxecto do Xenoma Humano é "a nosa mellor pòsibilidade contra as doenzas". De feito vai máis alá. Referíndose á depresión maníaca como un exemplo do tipo de doenza que queremos controlar, aduce que debemos encontrar o xene porque sen el "estamos perdidos"[29].

As dúas imaxes principais da retórica utilizada aquí —por unha banda, a idea dunha norma básica, indicada polo "xenoma humano" e, por outra, o espectro dunha panoplia de doenzas xenéticas (actualmente estimadas en ben por riba das 3.000)— distinguen definitivamente este discurso dos anteriores. A énfase agora non está tanto na "perfección cultural do home" ou no emprego "consciente" e "directo" da tecnoloxía xenética para maquinar a nosa "transición a un terreo completamente novo da evolución"[30], ou nin sequera en mellorar a calidade do noso fondo xenético, senón máis ben na utilización da xenética —mediante diagnose, tratamento e prevención— para garantir a todos os seres humanos un dereito individual e natural: o dereito á saúde[31]. No seu informe de 1988 sobre

29. As citas están sacadas dunha conferencia que Watson deu no *California Institute of Technology*, o 9 de maio de 1990. *Vid.* o seu capítulo nesta publicación.

30. Sinsheimer, Robert. "Prospect of Designed Genetic Change". *Op. cit.*, 1987, p. 146.

31. Este aspecto fíxose evidente, con particular claridade, nun especial de Barbara Walters (emitido o 18 de xullo de 1990). Aínda que se titulaba *The Perfect Baby*, o tema real do programa era que a "perfección" *non* era de feito o obxectivo da nova xenética humana. Joan Marks, directora de xenética humana no *Sarah Lawrence College*, insistiu

o Proxecto do Xenoma Humano, a *Office of Technology Assessment* concluía que: "as novas tecnoloxías para identificar trazos e alterar xenes fan posible alcanzar os obxectivos euxenésicos mediante control tecnolóxico en oposición ó social"[32]. Pero o que é máis importante aínda, o informe sitúa as implicacións euxenésicas do proxecto á parte de precedentes anteriores distinguindo unha "euxenesia da normalidade", é dicir, "o uso da información xenética... para asegurar que... cada individuo teña polo menos unha pequena cantidade de xenes normais". O informe sinala o argumento de que "os individuos teñen o dereito supremo de nacer cunha dotación hereditaria adecuada e normal"[33].

Xusto como predicira Sinsheimer hai vinte anos, a versión dos noventa da "nova euxenesia" (a pesar de que a palabra *euxenesia* non se usa agora) xa non se interpreta como un asunto de política social, de bondade das especies ou de calidade do noso fondo colectivo de xenes; o interese actual é o problema (como Watson o expón) dos "xenes causantes de doenzas" que "algúns de nós *como individuos* herdamos [cursiva miña]". Así pois, preséntase en termos das eleccións que "eles como individuos" terán que facer[34]. A xenética unicamente aporta a información permitíndolle ó individuo converter nun feito un dereito inalienable á saúde, onde "saúde" se define en referencia a unha norma tácita, indicada por "*o* xenoma humano", e en contraste a un estado de non-saúde (ou anormalidade) reflectido por unha sempre crecente lista de condicións caracterizadas como "doenzas xenéticas".

Neste momento veñen á mente varias preguntas bastante obvias sobre os conceptos "individual" e "elección" ós que se alude neste discurso, pero primeiro cómpre aclarar algúns puntos básicos. O primeiro é que, malia a repetida énfase no coidado sanitario, na diagnose, no tratamento e prevención das doenzas xenéticas, é, de feito, ante todo a posibilidade da diagnose a que incluso os máis entusiastas defensores do Proxecto do Xenoma Humano consideran de relevancia práctica para o futuro próximo; as estimacións do tempo de chegada dos beneficios terapéuticos van, sendo optimistas, de aquí a cincuenta anos.

Así, "tratamento" é, no mellor dos casos, un obxectivo a longo prazo e "prevención" significa impedir os nacementos de individuos diagnosticados como xeneticamente aberrantes; nunha palabra, significa aborto. As eleccións que se lles piden ós "individuos" que fagan, son

explicitamente ó final do programa: "Do que estamos a falar aquí non é de bebés perfectos ou de seres humanos perfectos. Estamos falando de persoas sas. E penso que é marabilloso imaxinar o día que poidamos facer moito máis do que podemos facer agora, para asegurar que os bebés que veñan a este mundo sexan sans".

32. Office of Technology Assessment. *Mapping Our Genes.* Op. cit., p. 84.

33. *Ibidem*, p. 86.

34. Watson, James D. "The Human Genome Project—Past, Present, and Future", *Science* 248, abril, 6, 1990, pp. 44-49.

polo tanto, eleccións non en nome da súa propia saúde senón en nome da saúde da súa descendencia e, de forma implícita, en nome dos gastos sanitarios do país. Facendo referencia á esquizofrenia, da que sostén que na actualidade é responsable da metade de todas as camas hospitalarias, Charles Cantor, o anterior xefe do Human Genome Center no Lawrence Berkeley Laboratory, afirmaba recentemente nunha conferencia que o proxecto se financiaría a si mesmo —e de sobra—, impedindo a aparición xusto desta mesma doenza. Cando se lle preguntou cómo semellante aforro podía ser efectuado, el só puido dicir: "impedindo o nacemento" de esquizofrénicos[35].

Isto tráenos ó segundo punto que require aclaración: e é que estas eleccións de disposición recente, aínda que ostensiblemente levadas a cabo por individuos, están preformuladas dun xeito bastante obvio, polas categorías de doenzas que xa se lle presentan a quen toma a decisión, con frecuencia en base a unha evidencia abondo dubidosa. As desordes psiquiátricas son un bo exemplo ilustrativo. En 1987, informes sobre unha localización xenética da depresión maníaca tiveron gran publicidade, como tivo outro similar con referencia á esquizofrenia, publicado en 1988. Menos divulgada foi a retracción de ambas reivindicacións en 1989. Tres meses antes da conferencia de Cantor, *Nature* informaba de que a retracción "nos deixa sen unha evidencia convincente que conecte calquera doenza psiquiátrica cunha localización única". Como David Baltimore, daquela director do Whitehead Institute no MIT, dixo: "Poñéndome no lugar dun lector medio de *Nature*, ¿que vou pensar?"[36]. Aínda máis urxente para a miña argumentación é a pregunta de qué vai pensar o lector medio do *Time* ou do *Newspaper*. Se a comunidade científica fose máis unánime nas definicións xenéticas de doenza, as eleccións dun individuo poderían estar máis claras pero xa non serían "autónomas".

A desorde actual que arrodea os intentos de definir "doenza xenética" ten en parte relación cun terceiro punto que indiquei brevemente antes: a dificultade de atopar unha norma en contraposición á cal o concepto de anormalidade se defina implicitamente. A análise molecular do ADN humano indica que os xenomas de dous individuos calquera se distinguirán, de media, en aproximadamente tres millóns de bases. Nun intento de evitar entrar na enorme diversidade entre seres humanos igualmente "normais", un xenoma composto, con diferentes cromosomas obtidos de individuos diferentes, foi adoptado como o estándar para a análise xenómica. Esta "solución" non aporta nada, sen

35. Cantor, Charles. Conferencia informal na universidade de California. Berkeley, 1990.
36. Robertson, Miranda. "False Start on Manic Depression", *Nature* 342, novembro, 18, 1989, p. 222.

embargo, en referencia nin á variabilidade de facto na secuencia nucleótídica dentro de cromosomas individuais, nin á consecuente dificultade de decidir qué sería unha secuencia "normal".

Un cuarto e último punto que necesita polo menos ser mencionado é que moitas das categorías de doenzas xenéticas —especialmente aquelas que se refiren á competencia mental— poñen en cuestión a propia capacidade deses individuos que portan os ditos "xenes causantes da doenza" para realizaren eleccións. Poderíase supoñer que tales individuos, nas propias palabras de Watson, son "xeneticamente incapaces de seren responsables[37].

Hai corenta anos, cando o espectro da euxenesia suscitou unha preocupación tan intensa, os obxectivos da xenética asegurároнse mediante unha clara delimitación entre bioloxía e cultura. O eido da xenética, en particular da xenética molecular, era a bioloxía, ante todo a bioloxía de organismos inferiores. Para a maioría da xente dentro e fóra da xenética, a bioloxía molecular parecía ter pouco que ver (se é que tiña algo) co comportamento humano. Nese momento, era a cultura non a bioloxía a que "nos facía humanos"; a cultura era, ó mesmo tempo, a fonte e o obxecto da nosa especial liberdade humana para facermos eleccións. Hoxe dísenos que —e, xulgando polos informes dos medios de comunicación, estamos aparentemente chegando a crelo— o que nos fai humanos son os nosos xenes. De feito, a propia idea de "cultura", a diferencia da de "bioloxía", parece ter desaparecido; nos termos que cada vez dominan máis o discurso contemporáneo, "cultura" inclúese dentro de bioloxía.

Pero se a cultura se vai incluír dentro da bioloxía e se é o noso futuro biolóxico e xenético o que agora procuramos determinar, ¿onde imos situar o dominio da liberdade mediante o cal este futuro pode ser trazado? O argumento que se presenta é que este dominio da liberdade se atopa no esquivo ámbito da "elección individual" —unha suxestión que reclama un ideal democrático e igualitario nalgún lugar máis alá da bioloxía—. Pero desde que neste discurso non hai un dominio "máis alá da bioloxía", desde que son os nosos xenes os que "nos fan o que somos" e desde que o fan cunha desigualdade definitiva que compromete mesmo esas eleccións que algúns de nós podemos facer, estamos obrigados a buscar noutro lado o indicado ámbito da liberdade. Propoño que o lugar da liberdade, do que este discurso depende tacitamente, se atope non no ámbito da "elección individual", consoladora como semellante idea podería ser, senón máis ben nun dominio protexido pola designación ambigua de "normalidade". De modo máis xeral, eu suxiro que a distinción que antes se fixera coa delimitación entre cultura e

37. Conferencia de Watson, o 9 de maio, 1990.

bioloxía (ou entre "nurture and nature" [crianza e natureza]) se faga agora mediante unha delimitación entre o normal e o anormal; a forza do destino xa non está ligada á cultura ou nin sequera á bioloxía en xeral, senón máis ben, máis especificamente, á bioloxía (ou xenética) da doenza. Lonxe de ensinarnos "qué significa ser humanos", na práctica real o peso na nova xenética humana teno a elucidación, non da orde humana senón da desorde humana. Os nosos xenes poden facernos "o que somos" pero parece que o fan de forma máis contundente nalgúns de nós que noutros. Por consenso xeral, os xenetistas moleculares non buscan unha localización xenética para trazos que eles —e nós— aceptamos como normais. De feito, eles, coma nós, nin sequera buscan definir o significado de "normal".

É quizais inevitable que a atracción do desexo de saúde se traduza nunha busca da base xenética da non-saúde, pero o efecto neto desta traducción é que á natureza da normalidade se lle permite caladamente eludir a mirada do escrutinio xenético —e así evadir tacitamente o seu agarre determinista—. A liberdade que a bioloxía molecular promete aportar é a liberdade que derrote o ámbito do destino, inherente ós "xenes causantes de doenza", no nome dun estándar de normalidade non especificado, un estándar que permanece inexplorado non simplemente por descoido, senón pola lóxica interna do intento. O estado "normal" só pode ser especificado neste intento mediante a negación, mediante a ausencia deses alelos que se di que causan doenza.

Máis problemática aínda é a ambigüidade insistente e inherente ó propio termo *normal*, unha ambigüidade que o filósofo e historiador científico Ian Hacking lle debuxa a Auguste Comte:

> Comte... sinalou e, ata certo punto, inventou unha tensión básica na idea do normal: o normal como media existente e o normal como figura de perfección á que podemos avanzar. Esta é unha fonte aínda máis rica de poder oculto que o feito/valor ambigüidade, que sempre estivo presente na idea do normal... Por unha banda está a idea de que o normal é o que é correcto, así que a conversa sobre o normal é unha forma espléndida de preservar ou de volver ó *status quo*... Pola outra está a idea de que o normal é só media e polo tanto é algo a ser mellorado[38].

Esta ambigüidade permítenos a todos unha certa liberdade nas nosas esperanzas e expectativas dunha "euxenesia da normalidade". Tamén libra un amplo campo para a operación de forzas ideolóxicas claramente non xenéticas.

38. Hacking, Ian. *The Taming of Chance*. Cambridge University Press, Cambridge, 1990, p. 168.

Tanto a definición como a derrota da doenza xenética expresan eleccións humanas e incluso se a "elección individual" é un modelo inadecuado para describir o proceso polo que as eleccións realmente se fan, a propia posibilidade de elección depende dun ámbito residual de acción que pode permanecer baleiro só na mèdida en que permanece inexplorado. A cuestión, xa que logo, é ónde e cómo este ámbito residual de acción se constrúe e articula, cómo se distribúe a autoridade para prescribir o significado de "normal". A noción de cultura (como a de crianza) poden ter desaparecido do discurso biolóxico contemporáneo, pero é aquí, agachados á vista, onde os feitos da cultura continúan a exercer a súa forza innegable.

É indubidable que a euxenesia se converteu nunha posibilidade moito máis realizable do que o fora na primeira parte do século e débese dar por suposto que, en moitos sentidos, a mesma noción é tan inquietante como o era en 1945. Como Watson escribiu:

> Só temos que mirar cómo os nazis utilizaron dirixentes da xenética humana e das comunidades psiquiátricas alemanas para xustificar os seus programas de xenocidio, primeiro contra os enfermos mentais e logo contra os xudeus e xitanos. Non necesitamos máis recordos viventes de que a ciencia nas mans equivocadas pode facer un dano incalculable[39].

Desde logo é certo que, en 1990, non temos que temer unha conspiración nazi. Todo o que temos que temer hoxe é a nosa propia autocompracencia pensando que hai algunhas "mans adecuadas" nas que depositarmos esta responsabilidade —sobre todo, a responsabilidade da normalidade arbitrante.

E. F. K.

39. Watson, James D. "The Human Genome Project". *Op. cit.*, 1990, p. 46.

ENTREVISTA

Proxecto Xenoma Humano: ¿Xenética re-creativa?

Entrevista co profesor Santiago Grisolía

Gustavo A. Garrido
Daniel Soutullo

Santiago Grisolía (Valencia, 1923) encabeza, con Joan Oró e Severo Ochoa, unha xeración de científicos españois que desenvolveron as súas carreiras nos Estados Unidos vivindo, desde a cerna mesma, a extraordinaria transformación que se deu nas ciencias a partir dos anos cincuenta. Para aquelas persoas que non estean especialmente próximas ó mundo da ciencia, en particular da Bioloxía molecular, serviralles como referencia para situar ó noso entrevistado o feito de que traballou a carón de Severo Ochoa, descubridor da enzima polinucleótido fosforilasa, que foi enpregada no descubrimento do código xenético, e Hans Krebs, descubridor do ciclo do ácido cítrico, o modelo de producción de enerxía no metabolismo celular.

Un ano despois de licenciarse en Medicina pola Universidade de Valencia (1944), Santiago Grisolía inicia o seu periplo americano como investigador asociado na Universidade de Nova York (1945-1946), pasando de seguido pola de Chicago, para asentarse, máis de vagar, na Universidade de Wisconsin (1947-1954). Nesta primeira etapa da súa estadía americana, o xove profesor Grisolía atopa tempo para presentar a súa tese de doutoramento na Facultade de Medicina da Universidade de Madrid, grao que obtén en 1949. De Wisconsin trasládase a Kansas, xa en 1954, onde desempeña o cargo de director dos Laboratorios

* Esta entrevista foi realizada a través dunha videoconferencia entre Vigo e Valencia gracias ó patrocinio de Telefónica.

McIlvain e exerce como profesor de Medicina e Bioquímica do Kansas Medical Center. É aquí, na Universidade de Kansas e neste hospital universitario, onde desenvolverá a maior parte da súa carreira científica en América. No ano 1962 pasa a dirixir o seu departamento de Bioquímica, chegando ó grao máximo de Profesor Distinguido en 1973, cargo que ostentará ata 1996. No entanto, entre 1976 e 1992, Santiago Grisolía vai ser recuperado para o sistema científico español como director do Instituto de Investigaciones Citológicas.

En toda esta longa vida científica, as súas investigacións centráronse no estudio do metabolismo (do nitroxenio, as pirimidinas e os fosfolípidos, maiormente) e da estructura das enzimas. Merecen subliñarse os seus traballos sobre a síntese da urea e os dedicados ó efecto do radical amonio no sistema nervioso central. Pero as inquedanzas do profesor Grisolía non se detiveron na faceta puramente técnica, investigadora, senón que abranguen tamén a faceta humanista do científico como persoa e como cidadán; de aí a súa preocupación polas implicacións sociais do traballo científico. Non resulta estraño, pois, que hoxe reparta o seu tempo en cargos tan dispares como o de presidente do Comité de Coordinación Científica da Unesco para o Proxecto Xenoma Humano e o de presidente do Consell Valencià de Cultura. Con el falamos, precisamente, para dexergar qué pode significar para a sociedade ese grandioso proxecto de secuenciación do xenoma humano, ónde estarán as súas luces e as súas sombras. Nós, desde Vigo, nunha mañá de nubes e vento, e o profesor Grisolía en Valencia, nunha luminosa mañá mediterránea.

—¿Cando e onde xurdiu a idea do Proxecto Xenoma Humano?

—O Proxecto Xenoma Humano iniciouse como consecuencia dun artigo que publicou Renato Dulbecco, hai aproximadamente catorce anos, no que suxería que a mellor forma de loitar contra o cancro era coñecer a totalidade do xenoma humano. Ó mesmo tempo, outro investigador, de California, recibiu unha importante herdanza para a Universidade e pensou que sería unha boa forma de empregar ese diñeiro o dedicalo á consecución dun coñecemento completo do xenoma humano. Ó principio manifestouse unha especie de sorpresa. Houbo, por suposto, quen defendía a idea, pero tamén quen pensaba que era un soño con poucas posibilidades de converterse en realidade, pois tratábase de coñecer a totalidade dunha secuencia de tres mil millóns de pares de nucleótidos. Como esta cantidade de información, que equivalería a mil libros de mil páxinas con mil palabras en cada páxina, semellaba imposible de lograr, moitos preguntáronse o porqué de dedicar ese diñeiro a semellante investigación. Despois dunha serie de discusións, o Departamento de Enerxía dos Estados Unidos, que tiña uns bos laboratorios e unha mala conciencia polo papel que desem-



SANTIAGO GRISOLÍA

peñou na obtención da bomba atómica, decidiu que era unha boa idea dar soporte á investigación. Un home fundamental neste proceso foi James Wyngaarden, daquela presidente dos Institutos Nacionais de Sanidade (NIH), que, por certo, estivo en Valencia na I Reunión del Comité de Coordinación Científica para el Genoma Humano. El apoiou a idea e conseguiu que James Watson, o descubridor xunto con Francis Crick da dobre hélice do ADN, asumise o posto de director asociado dos NIH para o Proxecto Xenoma Humano.

—Iso foi en 1988, xa pasaron ben anos desde aquela. ¿Avanzouse o suficiente como para cumprir o calendario previsto?

—James Watson calculou que para o ano 2005 se conseguiría acadar a totalidade dos datos buscados. O estado actual do proxecto está moi avanzado, máis do que se esperaba. Houbo desde o principio un enorme entusiasmo, pois a importancia en por si da idea serviu como acicate para a incorporación dunha gran cantidade de científicos en todo o mundo. Àctualmente existe un mapa con máis de trinta mil marcadores xenéticos que permite localizar bastante ben un xene. O que ocorreu foi que hai aproximadamente un ano, Craig Venter, investigador que tamén estivo entre nós o ano pasado, suxeriu a idea de que sería posible avanzar moito máis no coñecemento do xenoma humano mediante un sistema diferente ó que se estaba utilizando. Dado que o xenoma contén de oitenta mil a cen mil xenes e que só unha parte mínima deles, un tres por cento aproximadamente, son xenes de interese, por qué non dedicarse unicamente a este xenes e deixar o resto. A idea, a grandes trazos, consiste en trocear as cadeas de ADN de xeito que manteñamos ben identificadas as unións entre estes trozos. Isto está en marcha, pero é un proceso relativamente lento pois é como se tivesemos unha cantidade inxente de fichas de dominó e fosemos ver cómo relacionalas unhas coas outras. Pois ben, Craig Venter dixo que en vez de coller e ir pouco e pouco, debiamos coller grandes trozos e analizalos rapidamente para así acelerar a marcha do proxecto. Ante esta situación, o profesor Collins, que substituíu a James Watson hai ano e medio á fronte do proxecto, non tivo máis remedio que aceptar as ideas de Venter, de tal forma que se estima que o mapa estará rematado no ano 2001 ou 2002.

—Despois do establecemento definitivo do mapa xenético resta a súa interpretación, a súa lectura.

—Efectivamente. O proxecto non remata realmente co coñecemento da secuencia do xenoma. Iso significa coñecer só a estructura dunha casa, é dicir, a parte anatómica. ¿De que estamos falando cando dicimos "xenoma"? Estamos falando dunha mestura de xenoma estándar, sobre iso estamos falando. Posiblemente o Proxecto Xenoma

Humano non rematará nunca, porque aínda resta o estadío do xenoma individual, saber por qué nos comportamos como tales, cómo funciona o cerebro, etc. Estas son cuestións que se comezarán a responder no século que vén, que será sen dúbida o século da Bioloxía e o que eu lamento é non poder vivir o suficiente para ver eses progresos.

—Como apuntou, o Proxecto Xenoma Humano naceu marcado pola polémica dentro da propia comunidade científica. Robert Weinberg, Salvador Luria e David Baltimore, por citar algúns investigadores de prestixio, opuxéronse a el total ou parcialmente. Manifestáronse obxeccións moi duras, non só sobre aspectos de estratexias de investigación, senón tamén serias reservas sobre as consecuencias sociais do proxecto.

—Vou ser enteiramente franco e dicirlle a vostede que existiron diversas razóns mesturadas. Como sempre dixen ós meus estudiantes, detrás de todo conflicto hai sempre bases económicas e unha das razóns do rexeitamento hai que buscala en que o proxecto significaba un estudio moi extenso e moi longo e que iso ía detraer algunhas cantidades de soporte económico, de diñeiro, necesarias noutros proxectos de investigación. Naqueles momentos e polas razóns que fosen, moitos investigadores, entre eles algún premios Nobel, perderan a súas axudas de investigación e, aínda que nunca hai suficiente diñeiro para investigar, ese feito provocou o rexeitamento dalgúns deles ó Proxecto Xenoma Humano. A segunda hai que buscala en criterios meramente científicos e a terceira razón reside no feito de que algúns pensaban que o coñecemento do xenoma provocaría, como sucedeu en todos os avances científicos, novos dilemas éticos. Precisamente a segunda reunión que sobre o Xenoma Humano se realizou en Valencia, na que estivo presente o profesor Watson, versou sobre os aspectos éticos e tomouse a iniciativa de manter un diálogo aberto coa sociedade.

—¿A que cre vostede que se debeu o feito, por outra parte inusual nos proxectos científicos, de que desde o seu inicio xurdise unha preocupación ética polas consecuencias do Proxecto Xenoma Humano?

—A meirande parte dos científicos que traballaran no proxecto Manhattan, de desenvolvemento da bomba atómica, non tiñan daquela unha conciencia ética moi clara e iso conduciu posteriormente a algúns deles a sufrir serios remordementos. Afortunadamente, os biólogos tivérono moi claro desde o principio e xa hai uns vintecinco anos, cando se realizaron as primeiras experiencias que produciron o traspaso de información xenética dunha especia a outra, convocouse unha reunión en Asilomar, California, na que se pediu unha moratoria para este tipo de investigación, confinándoa, en todo caso, a laboratorios moi restrinxidos especialmente deseñados e con especiais medidas de seguridade que evitasen calquera posible contaminación da atmosfera.

Despois non sucedeu nada malo e viuse que non era necesario ter tantas precaucións. Non obstante, a preocupación existiu desde o inicio do proxecto. Por outra parte, lembremos que a principios deste século xa houbo problemas moi serios con aquela idea de que había persoas que non estaban ben dotadas xeneticamente e que provocou en Estados Unidos a promulgación de leis que permitiron a castración de varios miles de persoas nuns poucos anos, entre elas, prostitutas, deficientes e vagabundos. Mesmo desde o Tribunal Supremo un destacado xurista chegou a dicir: "Tres xeracións de imbéciles é suficiente". Asociacións mentais deste tipo desembocaron na barbaridade máxima que foi a época nazi en Alemaña e que se comezou a perpetrar anos antes do inicio da II Guerra Mundial. Por todo iso había unha gran precaución entre os científicos e un enorme interese en falar moi claramente destas cousas para evitar que puidesen repetirse no futuro como consecuencia dos avances da xenética.

—O resultado máis inmediato que se procura ó proxecto é a súa aplicación médica. Neste sentido xa deu os seus primeiros pasos, que non deixan de ser preocupantes. Segundo datos de 1997, o número de patentes concedidas sobre secuencias xenéticas é de 465, o 74 por cento delas pertencen a empresas privadas. Por outra parte, a Unesco aprobou unha declaración que establece que o xenoma humano, no seu estado natural, non ha servir para conseguir ganancias económicas. Semella que a introducción dese matiz de "estado natural" pode permitir patentar xenes humanos clonados no laboratorio, que non é o seu estado natural, salvando así a prohibición.

—A miña contestación non pode ser moi simple porque no tema do que estamos falando as cousas non son nin brancas nin negras. O problema das patentes foi iniciado, precisamente, por Craig Venter nos tempos nos que traballaba para os NIH. El o que veu dicir foi o seguinte: "Ben, se eu teño estes anacos de diversos colores que son partes de xenes [*o profesor Grisolía aliña uns caramelos que ten sobre a mesa e agrúpaos por colores*] e se collo estes que teñen color marrón ou os que a teñen laranxa, sempre que vexa un destes sei que pertence a un xene determinado; polo tanto, se eu patento este anaco teño dereito a todo o xene". Isto produciu, naturalmente, unha conmoción tremenda e provocou unha serie de discusións ó respecto. Tanto foi así que cando se creou o Comité de Coordinación Científica para o Proxecto Xenoma Humano da Unesco, nós comezamos a ter reunións Norte-Sur nas que se tratou directamente este problema. A primeira declaración sobre este asunto debateuse hai xa oito anos e a pesar dalgunha confusión inicial, permitiu que hoxe exista un compromiso sobre o tema. Trátase de que vostede podería posuír unha certa información, non da totalidade do xene, senón dunha parte que podería representar o xene.

É dicir, pretendeuse protexer o individuo por riba de todo, naturalmente, pero sen empecer por completo a obtención de patentes, sen as que a industria farmacéutica non podería chegar a investir máis diñeiro na procura de fármacos para o desenvolvemento dos medicamentos. Un exemplo positivo deste compromiso é o que está ocorrendo agora coa identificación de marcadores dun só nucleótido para todo o xenoma; unha investigación moi útil para que a industria farmacéutica poida individualizar entidades farmacolóxicas e cuns resultados que serán totalmente públicos para todo o mundo. Creo, efectivamente, que vai penetrando esta idea de protexer sobre todo ó individuo.

—É dicir, que se permiten e controlan as patentes a nivel molecular e se intentan restrinxir as patentes que impliquen a entidades vivas, que é o realmente preocupante.

—É unha bonita forma de expresalo, pero tamén hai que dicir que houbo casos extremos. Nunha reunión da Unesco que mantivemos en Nova Delhi cos meus colegas hindús, eles queixábanse de que persoas que supostamente viaxaban á India como turistas, o que facían era recoller mostras da biodiversidade que levaban para obter o seu xenoma e conseguir marcadores ou productos que comercializarían no futuro. Outro caso é o dunha pequena illa do sur do continente africano, cara a Sudamérica, na que o corenta por cento dos seus habitantes padece asma. Pois alí foron unhas persoas dunha compañía que, despois de iniciar amizade cos habitantes da illa, levaron mostras de sangue e tecidos. Sábese que en troco agasalláronlles unhas camisetas, como se facía antigamente cos indios. Estas cousas ocorreron e ocorrerán sempre, pero no posible hai que tentar evitalas.

—O programa ESLA (Ethical, Social and Legal Aspects), da Unión Europea, e o programa ELSI (Ethical, Legal and Social Issues), dos Estados Unidos, contemplan o estudio das implicacións legais e éticas do Proxecto Xenoma Humano. ¿Son realmente operativos ou simplemente conxunturais?

—En realidade hai máis entidades que se preocupan por estes asuntos. Inicialmente viñan de Alemaña, a título fundamentalmente individual, pero posteriormente os NIH dos Estados Unidos dedicaron entre o cinco e o sete por cento do orzamento do Proxecto Xenoma Humano; é o programa ELSI. Fíxérono desde o primeiro momento no que James Watson se fixo cargo da dirección do proxecto. Tamén a Unesco se preocupa disto e dedica diñeiro a través do Comité de Coordinación Científica que presido desde o seu inicio (que, por certo, xa vai sendo hora de deixalo) e no que existe unha sección de Bioética, creada por iniciativa do profesor Mayor Zaragoza, que fixo unha serie de pronunciamentos sobre este problema. O mesmo que fai

tamén a Unión Europea, que organizou a reunión de Oviedo para asinar un importante documento neste sentido. Hai multitude de entidades de bioética que se están ocupando destes problemas.

—¿Estas entidades teñen un poder real que poidan exercer para controlar calquera desviación eticamente cuestionable do Proxecto Xenoma Humano?

—Non, non, poder real non teñen, pero teñen un poder que eu creo que é máis importante, é dicir, teñen un poder moral. Non se pode evitar que en países nos que non haxa un desenvolvemento científico moi avanzado ou nos que se careza dalgunha forma de control, alguén poida tentar facer certas cousas. Ademais, sábese moi ben que en moitos tratados, no momento de asinar non todos o fan. Por exemplo, nos problemas da biodiversidade ou do quentamento global da Terra. Hai xente que fala moito pero despois non asina, incluíndo os Estados Unidos.

—Estes comportamentos pouco elegantes son os que provocan que aparezan voces de alarma desde a comunidade científica e que se transmita á sociedade unha imaxe de falla de sensibilidade das institucións no momento de resolver os problemas importantes.

—Non, eu creo que é bo que as xentes protesten de cando en vez; precisamente é unha das cousas que o Proxecto Xenoma Humano demostrou. Antes sospeitabamos que eramos todos distintos e agora sabemos que non hai ninguén igual neste mundo, e iso é algo importante.

—O Proxecto Xenoma Humano entra dentro do que se vén denominando "Gran Ciencia". Consome enormes cantidades de diñeiro, require grandes instalacións e o desenvolvemento de sofisticadas tecnoloxías ad hoc. *É a primeira vez que no ámbito das ciencias biomédicas se aborda un programa semellante, máis propio da Astronomía ou das ciencias "duras", como a Física.*

—Creo, sen dúbida ningunha, que a Física foi ata agora, en certa forma, a raíña da ciencia. Alguén dixo que a ciencia é Física ou coleccionar selos. Sen embargo é indubidable que a Bioloxía é, está sendo, moi excitante e vai requirir axudas económicas cada vez maiores, pero nada en comparación coa Física. Lembro unha anécdota do meu amigo o profesor Arthur Kornberg, que foi premio Nobel xunto con Severo Ochoa. Había un señor en San Luís, Missouri, que quería fundar unha gran compañía para a fabricación de productos bioquímicos e preguntou a Kornberg a súa opinión. Este contestou: "É a parvada máis grande que oín na miña vida, porque eu nun día ou dous podo producir abondo ATP —unha substancia que se utiliza moito en Bioquímica— coa que traballar durante todo o ano". Afortunadamente, aquel señor, que se chamaba Broyda, fundou a compañía. Porque se hoxe pechase Broyda, a meirande

parte dos laboratorios de Bioquímica e Bioloxía terían tamén que pechar, pois nela prodúcense moitas destas substancias. O incremento da magnitude destes proxectos fai que se poida avanzar máis ás présas, pero, evidentemente, os custos son maiores.

—*Coa perspectiva da súa dilatada experiencia profesional no mundo da investigación, ¿como ve o avance que experimentou a Bioloxía desde o inicio da súa carreira?*

—Creo que o avance foi fantástico. Cando eu comecei a investigar, e estamos falando de hai bastante máis de medio século, o número de científicos era moi reducido. Isto debíase a unha razón: había poucos medios, non soamente en España senón en todo o mundo. Os laboratorios podíanse contar cos dedos da man e quen se dedicase á investigación tiña que vivir coa súa familia nunhas condicións, digamos, modestas. Coa chegada dos grandes científicos exiliados, de Alemaña sobre todo, e inmediatamente despois de finalizada a II Guerra Mundial, é cando fragua unha idea máis clara e é cando verdadeiramente comeza o desenvolvemento dos Institutos Nacionais de Sanidade dos Estados Unidos, que en teoría están orientados cara a algunhas enfermidades, pero que provocaron o gran desenvolvemento da Bioloxía. Desde o ano 1945, que foi cando eu cheguei ós Estados Unidos, ata hoxe, o factor de crecemento foi da orde de cincuenta veces ou quizais máis.

—*¿E no caso concreto de España?*

—Hoxe en día tamén hai en España unha gran cantidade de científicos. Cando marchei de España habería dez universidades, é dicir, dez cátedras e dez axudantías. Eses eran os postos que se poderían lograr. Posteriormente creouse o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e dotáronse uns cantos postos máis, pero moi poucos. Actualmente necesitaríanse moitos máis postos porque hai un conxunto magnífico de xente nova moi imaxinativa e, ademais, agora sábese que os españois son capaces de crear ciencia e son realmente moi bos. Aínda que os avances foron moi sinalados, aínda estamos moi lonxe do que nos corresponde en relación co contexto europeo e cos Estados Unidos, que superan tres ou catro veces a nosa situación actual.

Creo que, nesta vida, en ciencia hai tres estadíos: o primeiro acontece cando se é moi novo, que é cando se é máis creativo. Todos sabemos que é moi raro ter ideas orixinais pasada determinada idade. A meirande parte dos descubrimentos débense a xente que non superou os corenta anos. O segundo estadío é aquel no que se debe tentar axudar ensinando e amplificando o que se foi coñecendo; este período remata entre os sesenta e cinco e os setenta anos. E no terceiro tense a obriga de facer o que estamos facendo: procurar axuda para que a ciencia se desenvolva.

—Unha das institucións nas que vostede participa é o Consell Valencià de Cultura, do que é presidente. Esta circunstancia permítelle ter outro punto de vista sobre as cousas diferente do científico. ¿Aplica agora á ciencia unha visión máis cultural ou observa a cultura cos lentes das ciencia?

—Creo que é tan importante coñecer a teoría da evolución como a *Divina comedia.* Xeralmente dise que a maioría dos científicos non son moi cultos e iso non é certo. Podo citar moitos dos meus amigos, algúns que teñen o premio Nobel, persoas que son magníficos investigadores e que ó mesmo tempo teñen unha gran cultura, ademais de algúns que son excelentes músicos. O que acontece é que, desgraciadamente, Snow lanzou esa idea das dúas culturas, que significou un verdadeiro problema porque a xente non o entendeu moi ben. Creo que a ciencia é tan cultura como o é a literatura e tamén que no Consell Valencià de Cultura os meus colegas, entre os que hai varios médicos e físicos, pensan da mesma forma. Isto que digo é importante por outra razón: porque agora se fala moito da teoría da evolución e hai poucos días, no estado de Kansas, onde vivín moitos anos, prohibiron ensinar a teoría da evolución. Ficas... Isto é realmente unha barbaridade.

G. A. G.
D. S.



Camiños de Santiago: identidade cultural, modernidade e reinvención da tradición na fin do milenio

José F. Colmeiro

Este traballo céntrase na análise de varias formas contemporáneas de resemantización e actualización do sentido do milenario Camiño de Santiago consonte unhas pautas de exploración desacralizada da identidade cultural de Galicia e a súa proxeccción internacional máis alá dos límites xeográficos do noroeste peninsular. Un simbólico camiño que vai da tradición á modernidade, representativo dunha apertura cara ó mundo, da reafirmación dun patrimonio común de universalidade, da posibilidade de rescribir a tradición en linguaxe contemporánea; en palabras de Eric Hobsbawn de "reinventar a tradición", de construír unha identidade cultural enraizada na memoria colectiva, pero ollando cara ó futuro deste novo milenio que está por comezar.

É algo axiomático que a memoria colectiva só pode explicar o pasado desde o presente, por canto nos ilumina o presente e orienta cara ó futuro. A súa función básica é a de crear vencellos de identidade do pasado co presente vivo. O seu significado constrúese e reconstrúese continuamente, segundo as diferentes necesidades dun presente en permanente evolución. O Camiño de Santiago, aínda que o seu significado mudase notablemente ó longo dos séculos, ten, sen embargo, un lugar importante na memoria colectiva contemporánea, xa que dá sentido histórico e identidade cultural a grupos e comunidades, especialmente nas vilas e cidades onde ocupa un lugar de memoria real: un rico patrimonio monumental de mosteiros, hospitais, igrexas, conventos, abadías, hospedaxes, catedrais, pontes e camiños, auténticos *lieux de mémoire*, segundo a formulación de Pierre Nora, espacios de memoria colectiva que sinalan a súa continuidade e permanencia no tempo[1].

1. Nora, Pierre. *La République*. Vol 1 de *Les lieux de mémoire*. 6 vols. Gallimard, París, 1984-1992.

As memorias colectivas, como é trazo característico de todas as memorias, constrúense sobre esteos que impoñen unha interpretación sobre o pasado e explican o seu vencello co presente. Estas memorias colectivas poden ter unha base real feble ou dubidosa, mesmo carecer dunha base real auténtica. A lenda de Santiago forma parte da borrosa historia de mitos fundacionais relixioso-nacionais que descansan na memoria colectiva. As súas orixes son remotas e irremediablemente inaccesibles. Hai quen sostén que o Camiño de Santiago medieval se superpón a outro camiño lendario anterior de orixe céltica pagá, a vía láctea ou o camiño das estrelas, do que non permaneceu máis que a lenda. Pero en realidade, non importa tanto se o corpo do apóstolo Santiago chegou ás costas galegas e se os seus restos mortais están ou non soterrados en Santiago de Compostela. O importante é que a memoria colectiva construíu esa crenza a través dos séculos. Non importa tanto a veracidade dos feitos como o peso que manteñen esas imaxes do pasado sobre o presente. A autenticidade, importante desde o punto de vista eclesiástico, resulta case irrelevante desde o punto de vista do seu peso simbólico, acumulado na memoria colectiva como "herdanza" cultural. Por iso dicía Américo Castro que "a autenticidade do sepulcro de Santiago non é maior nin menor que a da estatua da Liberdade no porto de Nova York"[2].

Para o historiador Claudio Sánchez Albornoz, católico profeso, o Camiño de Santiago, construído sobre a crenza no sepulcro do Apóstolo, deber ser entendido como unha "invención", no dobre sentido etimolóxico de descuberta e de construcción imaxinaria:

> ¿Invención=achado? O verbo latino *invenire* ten o dobre significado de achar, encontrar e de inventar, imaxinar. E o mesmo dobre significado podemos atribuír á descuberta do sepulcro de Santiago que ía revitalizar a resistencia da cristiandade occidental española[3].

O Camiño entendido, por tanto, como descubrimento e como construcción social imaxinaria, tradición inventada, continuamente renovada e continuamente resignificada.

Eric Hobsbawn estudiou o extendido fenómeno das "tradicións inventadas" na era moderna que procuran recuperar un vencello perdido co pasado, ocultando simultaneamente a ruptura con ese pasado.

> A tradición inventada significa un conxunto de prácticas, normalmente gobernadas por normas aceptadas aberta ou tacitamente e de natureza ritual ou simbólica, que procuran inculcar certos valores e

2. Citado por Claudio Sánchez Albornoz no seu *Santiago, hechura de España: estudios jacobeos*. Fundación Sánchez Albornoz, Ávila, 1993, p. 30.
3. *Ibidem*, p. 27.

> normas de conducta por repetición, o que automaticamente implica a continuidade co pasado[4].

A "tradición inventada" intenta reconstruír unha idea ficticia de continuidade histórica. Así, para Hobsbawn, o moderno concepto de nación, aínda que poida estar arraizado en continuidades históricas, sempre está fundamentado en certos compoñentes "inventados" ou construídos; "tradicións inventadas" como a bandeira, o himno ou a lingua nacional, percibidos aparentemente como naturais e existentes desde sempre por mor da súa repetición. A invención de tradicións é "esencialmente un proceso de formalización e ritualización caracterizado pola referencia ó pasado, aínda que só sexa impoñendo a repetición"[5].

As "tradicións inventadas" poden adscribirse a tres tipos xerais: 1) constitúen ou simbolizan a cohesión social, reforzan o sentido grupal e a identificación comunitaria; 2) lexitiman institucións ou relacións de poder; 3) promoven a socialización e a promulgación de valores, crenzas e convencións.

Os mitos fundacionais como o de Santiago son unha parte esencial dunha memoria compartida colectivamente e obedecen a unha necesidade de constitución, afirmación e identificación do grupo. A "tradición inventada" do Camiño de Santiago responde na súa orixe á creación dun vencello espiritual colectivo coa España cristiá imaxinada anterior á invasión musulmana e co resto da cristiandade europea. Simboliza esa unión comunitaria e serve de afirmación das crenzas e valores cristiáns que a sustentan e de oposición ás crenzas e valores musulmáns. O Camiño de Santiago, que atravesa lonxitudinalmente os territorios cristiáns peninsulares, forma unha columna vertebral que serve de apoio espiritual, de forza de resistencia fronte ó inimigo común. No momento de meirande febleza para a cristiandade en terras españolas na Baixa Idade Media, xorde o mito de Pelayo, pai da reconquista cristiá, en Covadonga, e o de Santiago, futuro patrón de España, creándose pouco a pouco o eixe unificador que constitúe o necesario vencello de cohesión entre os reinos cristiáns peninsulares, por riba das retesías particulares das loitas hexemónicas, e máis adiante a espiña dorsal da Europa cristiá, envolta en cruzadas contra o infiel. A lenda de Santiago foise reinventando progresivamente, invocándose o nome e a intercesión de Santiago matamouros ó berro de "Santiago y cierra España" na Reconquista cristiá ata acadar o seu apoxeo co arcebispo Xelmírez, que logra do papa Calixto II a bula de Santiago. Como é sabido, o Camiño sempre tivo un carácter polivalente, xa que a empresa de construcción na-

4. Hobsbawn, Eric. "Introduction: Inventing Tradition", en *The Invention of Tradition.* Hobsbawn, Eric e Terence Ranger eds. Cambridge University Press, Cambridge, 1984, p. 1.

5. *Ibidem*, p. 4.

cional relixioso-militar tiña lugar nun complexo armazón económico, legal e cultural que ía máis alá do puramente espiritual (como ruta de tráfico comercial, de cumprimento de condenas e promesas ou de intercambio cultural e artístico).

O período de auxe do Camiño de Santiago, desde o século X ó XIII, coincide coa época de fervor relixioso e da necesidade de defensa común dun imaxinario cristián fronte ó expansionismo do inimigo musulmán. Esta época de apoxeo dará paso a un lento esmorecemento a partir dos séculos XV e XVI. As epidemias de peste foron sen dúbida un factor determinante no proceso de decadencia da ruta xacobea. A progresiva fragmentación do universo unitario medieval debido ás novas ideas renacentistas, a fin da Reconquista, os descubrimentos científicos e a exploración e conquista de novas terras alén de Fisterra e, ó cabo, a reforma protestante e a separación definitiva de Roma, rematarían arrombando o Camiño de Santiago e facendo que perdese o seu papel protagonista de eixe principal europeo. As ideas ilustradas, a posterior invasión napoleónica, as guerras civís e o anticlericalismo non faría senón intensificar a súa progresiva decadencia ata o noso século.

E nesta fin de século na que se está negociando a unidade europea é conveniente lembrar que o Camiño de Santiago supuxo a primeira toma de conciencia dunha identidade europea, servindo durante séculos, como principal ruta relixiosa, cultural e comercial, de motor impulsor da cohesión europea. Dito en palabras de Goethe: "Europa fíxose peregrinando a Compostela". O Camiño foi declarado oficialmente pola Unesco "Patrimonio universal da humanidade" e o Consello de Europa denominouno "Primeiro itinerario cultural europeo". O códice coñecido como *Codex Calixtinus*, atribuído a Aymeric Picaud, no século XI, considérase na actualidade como a primeira guía turística coñecida.

Na nosa época contemporánea da fin do milenio, o Camiño de Santiago é unha tradición novamente reinventada e forzosamente resignificada polo paso do tempo. Xa para Walter Starkie, as peregrinacións modernas eran "peregrinacións sen bágoas"[6], ante a evidencia da imposibilidade de repetir as circunstancias adversas das arduas peregrinacións antiguas. A tradición xacobea segue viva, aínda que frecuentemente resemantizada como peregrinación cultural, turismo alternativo, desafío persoal ou viaxe de estudios.

Resulta evidente que o rexurdir do Camiño nas últimas décadas veu coincidir coa descentralización do estado das autonomías e a recuperación de órganos de poder autóctonos, resituados en Santiago de Compostela, nova capital de Galicia. No proceso de recuperación das súas

6. Starkie, Walter. *The Road to Santiago. Pilgrins of St. James.* University of California Press, Berkeley, 1965, p. 10.

tradicións propias, da súa historia singular, dos seus sinais de identidade e da súa memoria colectiva, a Xunta de Galicia soubo explotar con habilidade a gran carga simbólica do Camiño de Santiago e a súa centralidade na historia europea. Isto responde á necesidade de recorrer ós mitos fundacionais nun momento clave de reconstrucción simbólica da identidade nacional. Ó tempo, a través do Camiño de Santiago, Galicia é redescuberta para os ollos e os oídos do mundo, do mesmo xeito que o fora nos séculos pasados polos camiñantes provenientes de todos os recunchos da Europa cristiá.

Como mostra dese fenómeno de renovación, analizarei brevemente dous exemplos recentes do campo da producción cultural audiovisual con vocación universalista: por unha banda, o documental cinematográfico *O camiño das estrelas*, do director galego Chano Piñeiro, falecido en 1995 e, por outra, o disco *Santiago*, do grupo irlandés de música celta The Chieftains, de 1996. En ambas as dúas propostas artísticas, a viaxe-peregrinación é utilizada como metáfora central do proceso de descuberta das raíces culturais e da comunicación entre culturas solidamente asentado nun proxecto de modernidade orientado cara ó futuro.

O documental audiovisual de Chano Piñeiro foi realizado en 1992, baixo o patrocinio da Xunta de Galicia co gallo da celebración do Xacobeo 93, o ano santo compostelán programado oficialmente como a resposta galega ós varios eventos celebrados no territorio peninsular ó longo de 1992. O proxecto institucional responde á necesidade de afirmar un novo modelo de identidade cultural, solidamente enraizada na tradición popular, na memoria colectiva da comunidade galega e, ó mesmo tempo, un modelo claramente virado cara ó exterior e cara ó futuro. *O camiño das estrelas* procura ofrecer unha nova imaxe dinámica de Galicia, na que realidade e fantasía, tradición e modernidade, pasado, presente e futuro se mesturan e confunden, como os camiños de terra e mar das rías galegas, conformando un complexo e heteroxéneo mosaico cultural en permanente movemento. Deste xeito, os celebrados peixes e mariscos galegos —fonte de vida, cultura, comercio— van verse transformados literalmente ante os nosos ollos en metáfora visual do Camiño e duns sinais de identidade propios e abertos ó mundo. Esta metamorfose simbólica "inventa" o moderno logotipo do camiño compostelán, que representa un palimpsesto icónico no que se superpoñen a figura da cuncha mariña e a estrela celeste, a cuncha da vieira galega, signo emblemático inmemorial do peregrino xabobeo, e a figura universal da estrela formada polas diversas liñas converxentes dese "Camiño das estrelas" que leva á fisterra compostelá. A curtametraxe de Piñeiro utiliza a estratexia narrativa da mirada errante do peregrino compostelán que actúa como guía polos camiños da Galicia contemporánea, atravesando os vellos e novos camiños de terra, mar e aire que

unen como pontes milenarias as diversas Galicias do pasado e do presente, da costa, do interior e do exterior, da imaxinación e da renovación permanente.

Como espectadores desta viaxe audiovisual, a camára de Piñeiro tíranos a carapucha e permítenos, deste xeito, ver con ollos novos unha realidade oculta marabillosa e participar nesa viaxe de redescuberta de Galicia. A cámara itinerante de Piñeiro voa coa maxestosidade do falcón sobre a monumentalidade dos seus edificios de granito duro, construídos ó longo dos séculos, e que se manteñen en pé en aparente desafío ó paso do tempo. A súa cámara esvara igualmente sobre a impoñente monumentalidade natural da terra, cristiá e pagá á vez, omnipotente, milenaria. Na viaxe proposta polas imaxes de Piñeiro, imos achegándonos na procura dunha identidade cultural e asistimos como espectadores do proceso de reconversión da identidade cultural en espectáculo visual; aquí o espectáculo cinematográfico como instrumento de construcción dunha identidade colectiva, ese edificio social dunha comunidade imaxinada que continuamente con cada nova xeración recobra nova vida. Identidade e modernidade, natureza e cultura danse a man, como a mestura de Galicias das montañas e dos mares nesa Fisterra que é principio e fin. O espectáculo e a tecnoloxía superpóñense como as ancestrais plataformas criadoras de marisco baixo as pontes de sofisticada enxeñería mecánica. Trátase dunha Galicia aberta como as súas propias rías na procura dun novo horizonte sempre por redescubrir. Unha Galicia re-imaxinada, soñada colectivamente, re-construída con ollos novos; con portos e cidades en permanente estado de re-invención; de monumentos civís e relixiosos resignificados: pazos, igrexas, castelos medievais re-imaxinados e transformados en pousadas para o viaxeiro moderno; unha Galicia que camiña a un tempo por rutas antigas e modernas, con portos abertos de chegada e saída e con cidades abertas ó mundo; Santiago, cidade aberta, coa praza do Obradoiro, símbolo dunha Galicia asemade múltiple e reunida, antiga e moderna, ancestral e cosmopolita, aberta ó peregrino e ó futuro. Unha Galicia que re-imaxina e re-significa as súas tradicións re-inventadas, como o entroido medieval que transformou o seu significado orixinal de preparación festiva anterior ó período relixioso de Coresma e se ve convertido nos nosos días nun secularizado *performance* cultural que reinventa e celebra colectivamente os seus propios sinais de identidade adaptándose ó tempo presente (os "cigarróns" de Laza); de forma paralela, a tradicional danza da muiñeira galega —o baile popular galego por excelencia— vese agora traducida e re-imaxinada —mesturando séculos e espacios— no sofisticado ballet moderno de Rey de Viana. A cámara de Piñeiro acompaña harmoniosamente os saltos dos bailaríns ó mesmo tempo que sutura invisiblemente o gran salto espacio-temporal

da muiñeira ancestral e nos leva do estudio ó teatro, do ensaio ó concerto, da tradición popular ó espectáculo, como a música nos leva do piano de conservatorio á popular gaita galega e de aí á orquestra que suma todos os instrumentos en polifonía, harmonizando ritmo popular e sinfonismo e creando un espectáculo novo e antigo á vez, firmemente arraizado nunha tradición que reivindica o pasado mentres aposta polo futuro (e adiantándose así varias décadas ó *revival* céltico de Michael Flatley e o seu *Riverdance*).

A verdadeira forza da curtametraxe de Piñeiro radica no impacto visual do perpetuo baile de imaxes representadas —ateigadas de cor, luminosidade e contraste, ritmo contrapunto e harmonía—, realizadas coa tecnoloxía máis avanzada do vídeo de alta definición dos nosos días, e postas ó servicio da creación e celebración dun sentido de identidade colectiva.

As variadas imaxes do documental artéllanse arredor dunha lixeira liña argumental, unha historia intercalada fragmentariamente que serve de nexo entre os diversos *fabliaux* representados, de xeito de cadro medieval modernizado. O fío narrativo mestura as imaxes de tipo documental e de narrativa de viaxe (ou máis ben de invitación á viaxe), con escenas imaxinarias arraizadas na tradición popular galega do fantástico. Piñeiro recorre ás raíces dun realismo máxico galego, de romance con claros elementos simbólicos fundacionais, a través dunha fábula lendaria de amor entre unha sirena e un lobo, representativos dos dous esteos tradicionais da cultura galega: o campo e o mar e da procura dunha fusión creadora entre ambas culturas.

O camiño de busca e construcción da identidade é simbolizado por Piñeiro no proceso —enmarcado socialmente— de creación artística dunha imaxe construída a partir da materia natural: a pedra. A cámara de Piñeiro sutura novamente a dislocación espacio-temporal e desprázase desde os ciceis dos escultores que traballan a pedra no obradoiro de Belas Artes ata a colosal paisaxe cubista construída bloque a bloque nas xigantescas canteiras de granito das montañas do Porriño, extraído a forza de golpes de pico, barreno e dinamita; unhas canteiras que suxiren un desproporcionado e irreal teatro natural no que semella representarse un espectáculo vagamente surrealista que fala sen palabras do telúrico sentido de identidade e de pertenza. A ollada viaxeira de Piñeiro capta deste xeito a relación do home e a muller galegos co seu entorno, coa súa materia de traballo, elementos que conforman a súa historia e a súa cultura milenaria e que a un tempo eles dan forma. Nesta viaxe desde o obradoiro á canteira (e da canteira ó obradoiro) reprodúcese o sentido de continuidade, pedra a pedra e bloque a bloque, entre natureza e cultura, materia e expresión artística, de harmonía entre un primitivismo arcaico e unha modernidade creadora, tradición

popular e tecnoloxía, descuberta de raíces e apertura cosmopolita ó exterior (aludida no futuro camiño transatlántico do granito rosa do Porriño con destino a Nova York).

Únense así nunha fecundidade integradora a produción laboral e industrial (das canteiras de granito, os mariscadores ou os deseñadores) e a producción cultural dos nosos días cunha marcada énfase nas artes plásticas (escultura, arquitectura, música, baile) que mellor se prestan á súa proxección internacional. Tradicións milenarias antigas (as máscaras de entroido de Laza, o ritual de doma de cabalos salvaxes, "a rapa das bestas") e tradicións novas que reinventan a tradición e dan un novo sentido de identidade colectiva (o ballet Rey de Viana, A Xove Orquestra de Galicia). A curtametraxe non contén voces de diálogo nin voz narratorial, apoiándose unicamente na forza e beleza das imaxes e na banda sonora de acompañamento, precisamente para potenciar as posibilidades da transmisión da mensaxe, sen "ruído" que dificulte o seu paso a través das fronteiras lingüísticas.

A outra viaxe-peregrinación, en clave de música, é a proposta polo grupo irlandés The Chieftains co seu disco titulado sinxelamente *Santiago*, que pescuda as bases celtas da cultura musical galega. Esta viaxe metafórica comeza nos somontes pirenaicos seguindo a ruta peregrina do milenario Camiño de Santiago (o "camiño francés") ata chegar a Galicia, a Santiago de Compostela, e ó antigo punto final da viaxe, a Fisterra (*finis terrae*, vello confín do mundo coñecido), para cruzar a fronteira do río Miño, que uniu e arredou historicamente a Galicia e Portugal, para desde alí lanzarse nunha viaxe metafórica, esta vez transatlántica, ollándose no espello daqueloutros camiños de Santiago no alén mar, que remata precisamente en Santiago de Cuba. *Santiago* constitúe un traballo de exploración das raíces célticas compartidas da música galega (utilizando músicos, instrumentos, composicións e voces galegas), da incorporación de diferentes culturas veciñas postas en contacto en virtude do camiño, e da transculturización da súa música a través da emigración histórica ó novo continente. Esta proposta transcultural esconxura un imaxinario colectivo alternativo que vai alén dos límites espacio-temporais, atravesando mares, terras e fronteiras. Coa colaboración esencial do músico vigués Carlos Núñez, especie de guía musical nesta peregrinación cultural, e a participación de músicos procedentes de diversas terras polas que atravesa o Camiño, este disco ofrece un exemplo de música étnica e global, á vez de grande especificidade cultural e alcance universal (recibiu en 1997 o premio Grammy ó mellor disco de "world music"). Pero é tamén un exemplo de formulación moderna da problemática cultural non dominada por unha estreita concepción anacrónica da identidade nacional, senón desde unha perspectiva máis aberta á mestura, á transculturización, ó heteroxéneo e ó diverso.

En ambos os dous casos, a viaxe documental de Piñeiro e a viaxe musical de The Chieftains funcionan como tropo dunha procura espiritual, dunha procura de extensión sen límites, de toma de contacto con realidades culturais abertas e diferentes e de reafirmación de identidade. O camiño iniciático, camiño de perfección, viaxe de re-descuberta, non como realidade estática senón como experiencia vital, non inmutable senón como panorama sempre cambiante, sempre en movemento de renovación e modernización cara ó novo milenio.

J. F. C



A protección xurídica do Camiño de Santiago no ámbito internacional

María Belén Bermejo López

O CAMIÑO, O DEREITO E A HISTORIA

O papel que a Ruta Xacobea xoga no ámbito xurídico vén sendo reivindicado ó longo da historia por numerosas disposicións protectoras das peregrinacións e do peregrino, normas que foron dictadas, xa desde a súa orixe, cun espírito de fomento do feito xacobeo.

Non é o noso labor o de afondar nas raíces que deron lugar a tal actitude protectora dos monarcas e autoridades relixiosas. Sen embargo, este dato pode servir de argumento para xustificar a orixe da protección que actualmente se dispensa ó Camiño de Santiago, e que se vén dilatando no tempo (con maior ou menor intensidade) ó longo dos séculos desde as orixes mesmas da tradición xacobea.

Actualmente, unha tutela xurídica que teña por obxecto tan singular feito, debe sen dúbida partir dalgunhas premisas.

En primeiro lugar, o Camiño de Santiago é unha realidade pluridimensional, espiritual e cultural, na que conflúen unha multitude de intereses non só relixiosos, senón tamén culturais, naturais, económicos e turísticos.

En segundo termo, e independentemente dos factores antes citados, o Camiño de Santiago é un espacio físico que se prolonga a través dunha pluralidade de territorios estatais e, no interior destes, a través dos distintos entes territoriais que compoñen un estado de estructura complexa; tal é o caso do Estado español. De aí que os problemas de coordinación no desenvolvemento do Camiño se deriven, tanto no plano internacional coma no estatal, da existencia dunha pluralidade de suxeitos con competencias sobre o tramo localizado no seu territorio (estatal/autonómico).

En terceiro lugar, e coma consecuencia do anteriormente exposto, a protección que teña por obxecto o Camiño de Santiago, non pode ser allea ós múltiples aspectos que inciden no mesmo; por outra parte, dado que os centros de decisión competentes en relación á Ruta son, nun plano estatal e incluso supraestatal, múltiples, será preciso o establecemento de mecanismos de coordinación entre as distintas instancias de poder para levar a cabo unha acción integral e sen disfuncións no ámbito que nos ocupa.

A preocupación existente no plano internacional en relación ó Camiño de Santiago ponse de manifesto nos múltiples traballos e iniciativas que, tanto por parte dos distintos estados implicados como das organizacións internacionais, se están a levar a cabo. Tales iniciativas parten da consideración do mesmo coma un ben cultural, e mostra disto é que o Camiño de Santiago foi declarado polo Consello de Europa, en outubro de 1987, *Itinerario Cultural Europeo*, sendo en 1993, incluído na *Lista do Patrimonio Mundial Cultural e Natural* elaborada pola UNESCO[1]. A protección que neste ámbito ten por obxecto á Ruta Xacobea, céntrase na recuperación e fomento do patrimonio histórico-artísti-

1. A Organización da UNESCO é unha axencia especializada dentro da ONU, adicada ós asuntos relativos á cultura, ciencia e educación. A patir do *Convenio de 1972 para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural*, ó que máis adiante faremos referencia, este organismo é o encargado da iclusión na chamada *Lista do Patrimonio Mundial*, daqueles bens que posúan un valor universal excepcional. Neste momento existen 380 bens de interese cultural, 107 de interese natural e 19 mixtos, nun total de 107 países. En relación a España, ata o momento foron incluídos na devandita lista os seguintes bens:

1984 O Centro Histórico de Córdoba
1984 A Alhambra, o Generalife e o Albayzin de Granada
1984 A Catedral de Burgos
1984 O Mosteiro e Sitio do Escorial
1984 O Parque Güell, o Pazo Güell e a Casa Milá de Barcelona
1984 As Covas de Altamira
1985 A Cidade Histórica de Segovia incluído o seu Acueducto
1985 As Igrexas do Principado de Asturias
1985 A Cidade de Santiago
1985 A Cidade Histórica de Ávila, incluídas as igrexas de extramuros
1986 A arquitectura mudéxar de Teruel
1986 A Cidade Histórica de Toledo
1986 O Parque Nacional de Garajonay
1986 O Centro Histórico de Cáceres
1987 A Catedral, o Alcázar e o Arquivo de Indias de Sevilla
1988 O Centro Histórico de Salamanca
1991 O Mosteiro de Poblet
1993 O Xacemento Arqueolóxico de Mérida
1993 O Mosteiro Real de Santa María de Guadalupe
1993 A Ruta de Santiago de Compostela
1994 O Parque Nacional de Doñana
1996 O Recinto amurallado de Cuenca
1996 A "Lonxa da Seda" de Valencia

Para máis información sobre este organismo internacional e sobre a protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural, consultar o servidor da UNESCO adicado ó Patrimonio Mundial (World Heritage); http://www.unesco.org/whc/.

co localizado ó longo do Camiño, no fomento das actividades culturais con el relacionadas, así coma na recuperación do seu trazado orixinal e na elaboración de mapas cartográficos.

Neste senso é fundamental o esforzo coordinador que supoñen as actividades emprendidas polos distintos estados e organismos internacionais que, nos ámbitos rexional e universal, teñen encomendadas tarefas relacionadas coa cultura: o Consello de Europa e a UNESCO.

O establecemento de mecanismos de cooperación tales como o intercambio de información ou a harmonización das medidas adoptadas independentemente polos distintos estados dentro dun marco común, eliminaría esforzos inecesarios e, en gran medida, inútiles.

As solucións aportadas ata o momento distan de ser, sen embargo, satisfactorias, non tanto pola inexistencia de mecanismos de coordinación e cooperación senón pola falta de intención cooperadora dos propios suxeitos, e sobre todo, pola escaseza de medios de financiación destinados, por norma xeral, ás políticas culturais no ámbito estatal e internacional.

1. *O Camiño de Santiago como itinerario universal*

Como xa dixemos, desde os primeiros momentos da súa existencia, o Camiño de Santiago puido gozar dunha serie de normas destinadas a facer máis doada e libre de trabas a peregrinación a Compostela. Os peregrinos víanse protexidos polas ordenanzas dos núcleos urbanos establecidos ó longo do Camiño fronte ós abusos e enganos dos pousadeiros, mercaderes e ladróns, e estaban exentos do pago de determinados impostos, coma portádegos e pontádegos.

Como apunta E. Valiña[2], estas disposicións dictadas en favor do peregrino non atenden á súa nacionalidade senón que lle afectan na medida en que este permanece nese estado itinerante. Xa no *Códice Calixtino*, faise referencia "ó comportamento que se debe para cos peregrinos en todas partes, sen distinción"[3].

Por outra parte, o principio da protección ó peregrino está vixente en todas as disposicións lexislativas dos distintos territorios europeos. Certamente, ó longo do itinerario a Santiago, producíanse conflictos nos que os peregrinos aparecían como actores. A distinta nacionalidade dos mesmos, poñía en xogo a aplicación de normas procedentes de distintos ordenamentos, e supuña o contacto con distintas e descoñecidas institucións. Era preciso, por tanto, dar solución a estes litixios conforme a principios co-

2. Valiña Sampedro, E. *El Camino de Santiago. Estudio histórico jurídico*. C.S.I.C., Madrid, 1971, p. 23.
3. *Liber Sancti Iacobi*, V, XI.

múns a varias lexislacións. De aí, a gran contribución das peregrinacións ó desenvolvemento dunha sorte de "Dereito Internacional" protector do peregrino, feito que suporía ademais, o xerme dunha unión entre os países da Europa, ligados por unha ruta, a xacobea, e unha arte, a románica, que á súa beira deixou innumerables mostras de austeridade e recollemento.

Na mesma liña, reflexo da idea do Camiño de Santiago coma camiño que se estende máis alá das nosas fronterias, está o feito de que as disposicións dun monarca tiñan validez ante o monarca doutro país, dado que os salvoconductos, cartas de recomendación, e certificados de peregrinación expedidos polos mesmos, tiñan validez noutros reinos para que os seus súbditos viaxasen seguros baixo a súa protección. En palabras de E. Valiña, "el Camino de Santiago, con sus itinerarios secundarios forma, a través de Europa, una gigantesca columna vertebral que aunó y revitalizó toda Europa"[4].

En efecto, o Camiño de Santiago foi e segue a ser, unha arteria que comeza a organizarse como tal no centro e sur de Francia, área central da cristiandade latina, e que penetra na Península para alcanzar o extremo de Occidente. Trátase dunha ruta internacional que se opón como tal ós camiños locais e ós camiños do país, internacionalidade que fora xa alcanzada plenamente a finais do século XI cando Afonso VI suprimiu, ó pe do porto polo que se entra en Galicia, o portádego de Santa María de Auctares co desexo de favorecer non só ós pobos hispánicos, senón tamén ós de Italia, Francia e Alemaña[5]. Este proceso era xa visible desde os comezos do fenómeno, cando na primeira metade do século X, o franco Bretenaldo decidiu non regresar da súa viaxe e asentou definitivamente en Compostela[6].

A internacionalidade do Camiño e a noticia da frecuencia do seu uso, reflíctense así mesmo, nunha pasaxe da *Historia compostelana*, segundo a cal os enviados de Alí, rei dos sarracenos, se dirixen a Galicia en busca da raíña Urraca e do seu fillo, amosando no camiño a súa admiración pola cantidade de peregrinos con que se atopan, "...tanta es la muchedumbre de los que van y vienen, que apenas no dejan libre el paso para occidente"[7]. Deste fragmento se desprenden tamén outros datos, xa que os hispanomusulmáns que percorrían o camiño ata o final e permanecían algún tempo en Compostela, recoñecían a pesar da súa condición de in-

4. Valiña Sampedro, E. *Op. cit.*, p. 3.

5. Vázquez de Parga, L.; Lacarra, J. M. e Uría, J. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela.* T. II, Madrid, 1949, pp. 20 e 21.

6. Portela, E. e Pallarés, M. C. "Al final del camino, la acogida de peregrinos en Compostela", *Vida y peregrinación,* Madrid, 1993, pp. 169-70 (citado por Portela, E. "El Camino de Santiago y la articulación del espacio en Galicia", *El Camino de Santiago y la articulación del espacio hispánico,* XX Semana de Estudios Medievales. Estella 1993, p. 230.

7. H C, II, 50. *Vid.* ó respecto, Portela E. "*El Camino de Santiago...*" Op. cit., p. 320.

fieis, os beneficios do poder milagroso do Apóstolo e comprometíanse a divulgar a súa fama entre os musulmáns (H C, II, 50)[8].

Pois ben, en relación co mundo islámico apréciase por unha parte, que o Camiño de Santiago estaba apartado da fronteira cos mouros o cal aumentaba a seguridade; pero ó mesmo tempo, non estaba tan afastado da mesma que impedise unha certa comunicación co mundo musulmán e a oportunidade de levar a cabo intereses diversos, desde a simple curiosidade ata a obtención de beneficios da guerra e do comercio. Isto explicaría a grande afluencia de peregrinos e transeúntes.

Respecto do papel que xogaron as peregrinacións a Santiago na "construcción europea" e no desenvolvemento dun espírito europeísta, Xosé Luís Barreiro[9] ofrece unha vertente distinta, explicando a ansia de peregrinar pola necesidade de reordenar o mundo mediante a súa sacralización; "se ben as peregrinacións se veñen realizando na cristiandade desde os tempos das persecucións, constitúe un fenómeno novidoso na Idade Media a integración destes movementos peregrinatorios, en grandes rutas que representan as coordenadas do novo espacio occidental, convertendo estas accións de escaso alcance social e relixioso, nun fenómeno universal clave para a construcción da conciencia colectiva de Occidente".

Neste contexto, en opinión do mesmo autor, o Camiño de Santiago é un instrumento de universalización, reflexo da necesidade dos pobos de acadar metas comúns, constituíndo por tal motivo un obxectivo civil que aporta as bases dunha concepción vertebrada e centralizada do poder; "de ahí que, o actual rexurdir do Camiño, non chegue soamente da man dos valores relixiosos, senon incentivado pola necesidade que temos de sentirmo-los europeos de hoxe, de atopar símbolos e identidades situadas alén das nacións e que fundamentan o proceso de unificación económico-política"[10].

Tamén para os antigos reinos cristiáns da Península Ibérica, especialmente para os occidentais, tivo o Camiño un efecto unificador. Pénsese na relación de Diego Xelmírez, arcebispo de Santiago, co papado gregoriano, ou na instalación e logo instauración da casa de Borgoña en Galicia. Do mesmo xeito, o 14 de febreiro de 1142, firmábanse os documentos que darían lugar ó nacemento do primeiro mosteiro cisterciense en Galicia, Santa María de Sobrado[11], feito que ten que ver co Camiño como espacio de comunicación regular e consciente. O perco-

8. Segundo Portela, E. "*El Camino de Santiago...*", Op. cit., p. 231, Santiago era chamado o "apóstolo curamouros", o cal non deixa de ser contrapeso para outras figuracións literarias e artísticas.

9. Barreiro Rivas, X. L. "Galicia en Europa: o novo camiño", *Encrucillada* 80, 1992, pp. 471-2.

10. *Ibidem*, p. 480.

11. Portela, E. "*El Camino de Santiago...*" Op. cit., p. 232.

rrido entre o mosteiro de Sobrado e outras abadías cistercienses galegas, e o mosteiro de Claraval ou do Císter, seguirase a realizar no futuro como resultado da integración de Galicia no espacio da orde cisterciense. O Camiño de Santiago é o instrumento de manifestación da nova realidade europea, caracterizada pola capacidade de superación do illamento propio dos séculos centrais da Idade Media.

Nesta mesma liña, afirma o teólogo Andrés Torres Queiruga[12], que o Camiño foi "arteria de comunicación humana e idiomática, de intercambio artístico e técnico, río que uniu e fecundou Europa, e que aínda hoxe representa un monumento á cultura profana, se se pensa nas pontes e hospitais que o compoñen".

A explicación que Torres Queiruga dá respecto do fenómeno que está a acontecer en Europa céntrase en dous aspectos fundamentais: "en primeiro lugar, o aspecto apostólico, encarnado na nostalxia da cristiandade vella que empeza a sair da crise da fin da antigüedade, e que busca o contacto coas orixes do cristianismo. Nesta busca, os apóstolos representan o máis próximo a aquela cristiandade antiga".

O outro aspecto será o do símbolo do sepulcro de Santiago como realidade cargada de significación; "aínda que no sepulcro non estivese enterrado efectivamente o corpo do apóstolo Santiago, o importante era que aquel corpo, auténtico ou falso, representaba o contacto material coa remota cristiandade. Hai que lembrar que as cruzadas, aínda tendo un fondo motivo, atoparon cunha decepción a nivel guerreiro, que Hegel eleva ó rango de decepción trascendente, pois, tendo en conta a concepción cristiana segundo a cal a Xesús só se chega por medio da fe, a busca material do seu corpo estaba abocada ó fracaso: o sepulcro estaba vacío".

No corpo de Santiago o Maior, vese pois representada a busca de símbolos comúns no medio dun proceso de recomposición da cristiandade. Sen embargo, e desde unha perspectiva profana, para o autor non é, aínda que moitas veces se pretenda, o universalismo abstracto e desangrado o que mellor representa a fidelidade á tradición orixinal. Tampouco é ese afán de centralización do poder, e a homoxeneización de símbolos, culturas e costumes, o que mellor responde a esa perspectiva profana dos peregrinos, é dicir, ós motivos non puramente relixiosos que impulsaron as peregrinacións a Santiago. En opininón do autor, é algo máis o que explicaría a ansia de peregrinar xa que, a procura de símbolos comúns nunha Europa que se está a recompoñer coma único afán do camiñante, faría perder o máis característico atracti-

12. Torres Queiruga, A. "O ano Santo: chamada e desafío á Igresia galega" *Encrucillada,* 1992, 80, pp. 489-508.

vo das peregrinacións, "pois en realidade —engade o autor— para atopa-lo mesmo non precisaban saír da súa terra"[13].

O Camiño de Santiago fixo pois, en definitiva, xerminar a idea de Europa nun contexto no que a orde espiritual e relixiosa substituíu ó caos civil, dando lugar ó desenvolvemento de normas que tiñan carácter e validez máis alá dos nosos confíns. Este é un dos moitos froitos ós que deron lugar as peregrinacións a Santiago, o desenvolvemento dun incipiente "dereito internacional", ou cando menos o desenvolvemento dun conxunto de normas que teñen como destinatarios ó Camiño e ós camiñantes de calquera nacionalidade.

Pero antes de proceder ó estudio do significado que o Camiño de Santiago posúe dentro do ámbito internacional e da protección que os organismos internacionais ofrecen a este singular ben cultural, poderíase formular unha pregunta adicional chegados a este punto; isto é ¿procede a relación existente entre o Dereito e o Camiño de Santiago, fundamentalmente da preocuapción dos monarcas e autoridades relixiosas respecto do mantemento da seguridade e transitabilidade do propio Camiño?, é dicir, ¿existe unha preocupación pola salvagarda da seguridade do peregrino, así coma pola comodidade na súa peregrinación, incluso coma forma de fomento e fortalecemento da franxa cristiá fronte ó Islam?

A resposta, vista desde hoxe, parece afirmativa e, nesta liña, podemos dicir que ó tempo que se tratou de establecer un fluxo comercial ó longo da Ruta, procederíase á fundación de cidades en puntos estratéxicos do Camiño, propiciando nelas o asentamento de comerciantes e cambeadores. A vida e organización dos hospitais reais era obxecto de diversas disposicións xurídicas e procurouse, por parte das autoridades, o adecentamento do Camiño coa construcción de pontes, reparación das existentes e construcción de novos hospitais ós que eran concedidos determinados privilexios e doadas grandes extensións de terreos. Por outra parte, existía todo un sistema de protección penal contra salteadores de camiños e

13. A afirmación de Torres Queiruga ten que ser situada no contexto da Asemblea anual da revista *Encrucillada*, celebrada baixo o lema "1993. Galicia na procura do Camiño". No transcurso da mesma produciuse un encendido debate en torno ás teses mantidas por Xosé Luís Barreiro, as cales xa tivemos ocasión de expoñer. A réplica a tales teses chegaría da man de Andrés Torres Queiruga, para o cal a significación político-social do Camiño, dentro do proceso de recomposición da Europa medieval, non está na idea unificadora, nin na consecuente eliminación das diferencias culturais que consagraría un universalismo coma o defendido por Barreiro, universalismo favorecido polo fluxo xerado na Ruta a Santiago. Antes ben, trataríase dunha canle para o intercambio de culturas non uniformadora, senón pluralista e respectuosa para con todas elas. Ese espírito foi o que posibilitaría que as correntes culturais exportadas ó longo da Europa, fosen adaptadas ás peculiaridades autóctonas, sen impoñer un modelo cultural uniforme. Isto explica do mesmo xeito, a afirmación de Torres Queiruga, de que os peregrinos emprendían camiño, non para ver o mesmo que xa tiñan na súa terra, senón para atopar novas culturas e participar no vivo intercambio que o Camiño posibilitaba.

pousadeiros deshonestos que pretendían enganar ós peregrinos que se dirixían a Compostela. Toda esta normativa protectora permaneceu vixente aínda durante os séculos de decadencia das peregrinacións (séculos XVIII e XIX), sendo incluso recollidas algunhas destas normas pola Novísima Recompilación, de xeito que queda patente a preocupación das autoriades pola protección xurídica do camiñante.

Na actualidade, a atención que as autoridades prestan ó Camiño de Santiago céntrase, en parte, tamén na mellora dos servicios adicados ó peregrino para favorecer o fomento das peregrinacións. Sen embargo, existe outra dimensión do feito xacobeo que ten por obxecto a protección do Camiño de Santiago en si mesmo considerado, coma ben cultural que merece a súa integración no Patrimonio Común da Humanidade.

Neste contexto, unha segunda pregunta emerxe de seguido, ¿en que medida se levou a cabo, tralo nacemento do Camiño de Santiago, a súa protección coma realidade en si mesma considerada? E aínda se puidesemos responder a esta cuestión, quedaría outro interrogante por despexar, ¿é posible afirmar que se tiña conciencia do Camiño como ben integrante da cultura non só hispánica senón universal, é dicir, da cristiandade medieval?

En contestación a estas dúas preguntas, teñamos en conta que a idea do Camiño como tal, con substantividade propia, non se acadará segundo os estudiosos coma Díaz y Díaz, ata o século XI, momento no que se comeza a ter conciencia dun camiño principal a Santiago[14]. Lembremos tamén que co trazado do Camiño, os monarcas trataban de consolidar os distintos asentamentos cristiáns, e favorecer a circulación das correntes culturais europeas a través dos mosteiros da ruta.

O cariz eminentemente relixioso que se lle atribuíu ó Camiño de Santiago nas fontes da época (*Códice Calixtino* ou textos lexislativos como as *Partidas* de Afonso X), vela en certo modo, o carácter cultural que nese momento se lle puidese ter atribuído ó mesmo.

De todos os xeitos hai que ter en conta que, se o feito de emprender un camiño tan dificultoso, longo e cheo de perigos, fose só reflexo da faceta espiritual (que de forma tan profunda se acusa no home medieval e que ben se pode considerar unha das principais causas da peregrinación a Santiago pero non a única), estariamos afrontando cunha visión moi limitada, un fenómemo pluridimensional coma o que nos ocupa.

O que sucede é que o sentimento relixioso da Idade Media ten o seu reflexo en case todos os aspectos da vida do home. A politica dos

14. Díaz y Díaz, M. "Camino de Santiago: origen y realidad", ponencia presentada ás *Jornadas sobre protección jurídica del Camino de Santiago*, celebradas en Santiago de Compostela do 23 ó 25 de abril de 1992.

monarcas reflectida na loita do cristiansmo contra o Islam (tanto nas Cruzadas coma contra o Califato de Córdoba), é só un exemplo entre outros moitos. As sucesivas conversións da coroa visigótica a unha ou outra relixión, arrianismo ou catolicismo, condicionaron toda a política de conquistas levadas a cabo no territorio hispánico. Na arte foron dúas as concepcións reinantes durante os secúlos da Idade Media, en función da relixiosidade que nese momento se profesaba. O Románico é reflexo da intimidade, da invitación ó recollemento e da humildade do autor que non é merecedor de poñer o nome na súa obra fronte á figura do Creador. De aí, os anchos muros de pedra e os teitos baixos das igrexas que invitan á oración. Pola contra, o Gótico eleva os seus muros, estiliza as súas torres con agullas que intentan acadar a divindade, nun alarde de protagonismo do home autor que deixa o anomimato para dar a coñecer o nome de arquitectos, escultores, poetas e escritores. Iníciase un proceso que culmina no Renacemento co chamado Humanismo, o cal libera ó Home da visión teocentrista do mundo para centrar a súa atención crítica en todo aquilo que o rodea. É este un home que comeza a ser consciente do que por si mesmo pode facer, emprendendo unha aventura en solitario para acadar o coñecemento daquilo que o rodea. Do mesmo xeito, miles de peregrinos emprenden o camiño a Compostela por curiosidade e ansia de aventuras, perdendo as peregrinacións, o seu orixinario séntido relixioso, sentido que se atopa agora, no feito mesmo de poñerse en camiño.

Parece por tanto, que considerar o Camiño de Santiago coma un feito puramente relixioso, aínda desde o sentir do home que habitaba os séculos da Idade Media, sería minusvalorar a súa capacidade de percibir o mundo; o Camiño de Santiago pódese considerar como un ben non só relixioso senón tamén cultural, como vehículo que transmitía arte, música e outras formas de vida, en contraste co illamento existente no período medieval, anterior ó auxe das peregrinacións.

Lembremos por outra parte que tamén as pontes eran obxecto de reparación e que, dalgún xeito, se procuraba o adecentamento dos distintos tramos do Camiño para o mellor camiñar dos peregrinos. Polo tanto, e se ben a protección da Ruta francesa de Santiago só se facía de modo indirecto a través da ofertada ó camiñante, de modo que o Camiño coma ben cultural en si mesmo considerado quedaba desprovisto de regulación xurídica, tamén é certo que naquel tempo non se tiñan ó alcance os medios necesarios para provocar a destrucción da que hoxe son susceptibles os bens culturais e ambientais, de xeito que a faceta cultural do Camiño de Santiago, aínda sendo recoñecida, quedaba por tal motivo suficientemente protexida.

Reconducindo os anteriores parágrafos ó argumento inicial do noso traballo, podemos afirmar que o Camiño de Santiago foi un feito de

transcendencia universal nun momento no que o illamento dos distintos reinos impregnaba os séculos centrais de Idade Media. Se ben o Camiño acercou os distintos pobos desde unha vertente relixiosa, tamén podemos afirmar que este foi considerado, xa desde os seus comezos, como unha realidade con substantividade propia, ó que ben se lle pode aplicar, aínda que de xeito anacrónico, o concepto de ben cultural pola ampla significación (orixinariamente, sen dúbida relixiosa), que ó longo do tempo foi acadando.

Non é a nosa intención a de elaborar un estudio histórico rigoroso e amplo, senón a de ofrecer un contexto histórico preciso no que situar o desenvolvemento que a protección ofrecida ó Camiño de Santiago, no ámbito do Dereito Internacional, foi experimentando. Por iso, unha vez concluído o mesmo, estamos xa en condicións de acometer a análise das institucións xurídicas que resultan de aplicación a esta protección, así como dos resultados que ó respecto foron obtidos polos distintos estados implicados na tutela xurídica do Camiño de Santiago.

II. A PROTECCIÓN DOS BENS CULTURAIS NO DEREITO INTERNACIONAL

Para ofrecer un contexto válido no que expoñer a protección que no ámbito internacional ten por obxecto ó Camiño de Santiago, é preciso facer referencia ó papel que a cultura ten neste ámbito e cáles son os organismos internacionais competentes nesta materia.

Sen embargo, antes de abordar o tema aludido polo propio epígrafe cómpre dicir que o valor vinculante para o noso odenamento, do conxunto de instrumentos xurídicos ós que a continuación se fará referencia, non é en todos os casos o mesmo.

En primeiro lugar, os *convenios* ou *tratados* subscritos polos estados, non só obrigan como Dereito Internacional senón que no caso español, eles mesmos son Dereito interno en función dos artigos 1.5 do Código Civil., e 96.1 da Constitución Española de 1978[15]. De feito, en España operouse unha plena recepción do contido dos tratados internacionais máis relevantes subscritos polo noso país sobre a tutela dos bens culturais, tal é o caso das obrigas establecidas pola Convención de París de 1972 sobre protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural, asumidas no ámbito interno, pola Lei do Patrimonio Histórico Espa-

15. Artigo 1.5 Cc.; "As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais non serán de aplicación directa en España en tanto non pasen a formar parte do ordenamento interno mediante a súa publicación íntegra no Boletín Ofical do Estado"; e artigo 96. CE; "Os tratados internacionais validamente celebrados, unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do ordenamento interno. As súas disposicións só poderán ser derogadas, modificadas ou suspendidas na forma prevista nos propios tratados ou dacordo coas normas xerais do Dereito internacional".

ñol de 25 de xuño 1985 e as normas autónómicas dictadas con posterioridade na materia[16].

En segundo termo, as *recomendacións* do Consello de Europa non son xuridicamente vinculantes e, se ben en determinados casos poden ter efectos xurídicos, non existen mecanismos para impoñer coactivamente o seu contido. As *resolucións* carecen de obrigatoriedade aínda que en determinados casos, en función da organización da que emanan, poidan ter un contido obrigatorio, mentres que as *declaracións* só teñen valor de norma xurídica, ben cando son recollidas por un tratado internacional, ben en virtude da práctica dos estados (quedando desa forma convertidas en Dereito Internacional consuetudinario), ou ben cando son recoñecidas polos estados adquirindo a condición de Principios Xerais do Dereito[17].

Dito isto, e para igualmente situar a protección que se oferta ó Camiño de Santiago desde as instancias internacionais, queda por responder á pregunta de cál é o papel que a cultura xoga no Dereito Internacional, no marco do conxunto de organizacións internacionais que operan neste ámbito.

Pois ben, todo sistema xurídico ten un determinado grao de mutabilidade para adaptarse ós numerosos cambios sociais, económicos, culturais, políticos, científicos e tecnolóxicos que, de maneira constante, se producen na sociedade, e da que regulamenta a súa vida. Isto sucede de maneira patente no Dereito Internacional. Desde finais do século pasado (e especialmente desde mediados deste século), véñense producindo grandes cambios nos factores arriba sinalados. Por outra banda, o número de estados existentes multiplicouse aparecendo outras entidades con subxectividade internacional que son as chamadas organizacións internacionais. Este conxunto de circunstancias levarían, de maneira inevitable, a grandes cambios no Dereito Internacional[18].

No conxunto das relacións que no seo do ámbito internacional se producen, aparecen constantemente novos intereses e expectativas. Aparece unha preocupación polo medio ambiente e a súa protección, pola utilización racional dos recursos naturais e a súa máis xusta distribución, e prodúcese o nacemento dunha figura novidosa como é a do Patrimonio Común da Humanidade, creada hai pouco máis de tres décadas[19].

16. Así, a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, Lei 8/1995 de 30 de outubro.

17. Alegre Ávila, J. M. *Evolución y régimen jurídico del Patrimonio Histórico.* Madrid 1994, tomo I, p. 247-9.

18. Armas Barea C. A. "Patrimonio Común de la Humanidad: naturaleza jurídica, contenido normativo y prospectiva", *Anuario hispano-luso-americano de Derecho internacional*, 1993, nº 10, p. 14.

19. A pesar desta reciente aparición, a idea de que certos ámbitos espaciais pertencen a todos os estados no seu conxunto é xa unha idea antiga no dereito de xentes, esbozada en relación á alta mar por Francisco de Vitoria, ó tratar o dereito de comunicación entre os pobos. Armas Barea, C. A. *Op. cit.*, p. 15.

Numerosos convenios internacionais falan dun Patrimonio Común. Para isto abonda lembrar a Convención de 1946, que crea a organización internacional da UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura), a cal se refería a un patrimonio universal no campo da cultura.

Este Patrimonio Común ten coma titular a Humanidade no seu conxunto, é dicir, que á Humanidade se lle atribúen unha serie de dereitos e deberes en relación con ese patrimonio. O termo Humanidade comprende a todos os homes no mesmo senso que empregaba a Carta das Nacións Unidas, cando no seu preámbulo aludía ós "sufrimentos indicibles que padeceu a humanidade por efecto da guerra"[20].

O problema que xorde ó considerar a subxectividade da Humanidade é o de cómo se levaría a cabo a súa representación. Por unha parte, os intereses que persegue non son a suma dos intereses dos distintos estados, nin é a súa función a de asegurar o equilibiro entre todos eles, senón subordinar os intereses dos distintos estados ó interese da Humanidade. En canto á palabra patrimonio, refírese ó concepto de herdanza da Humanidade en xeral. Este patrimonio está composto por dereitos sobre determinados ámbitos entre os cales está o chamado patrimonio cultural[21].

Diciamos que a humanidade podía ser, coma titular do Patrimonio Común da Humanidade (PCH en adiante), representada tanto por orga-

20. Segundo Alegre Ávila, J. M. *Op. cit.*, p. 229, entre os sufrimentos padecidos pola Humanidade por efecto da guerra, está a expoliación que en tempos de conflicto bélico realizaba o vencedor sobre os bens histórico-artísticos do vencido. Isto era debido a que o Dereito Internacional consuetudinario para tempo de guerra admitía o poder do vencedor, de apropiarse do patrimonio histórico-artístico do vencido, sinal tanxible do sometemento dos vencidos ós vencedores. O expolio de obras de arte non merecía por outra parte o cualificativo de ilícito internacional, xa que a tipificación do citado ilícito comeza adquirir carta de natureza a raíz da II Guerra Mundial e, en especial, a raíz do Tratado de Paz de París, de febreiro de 1947, o cal contempla a cuestión baixo a idea de reintegración ós países dos que proceden orixinariamente, dos patrimonios culturais nacionais. Mario Grisolia (*La tutelle delle cose d'arte.* Societá Editrice Il Foro, Roma, 1952, p. 130) apunta ó respecto que xa na época do Renacemento se recoñecía o dereito do vencedor sobre as obras de arte pertencentes ó vencido, citando neste senso as grandes confiscacións de bens culturais levadas a cabo por Carlos VIII y Luis XII durante as guerras que tiveron lugar en Italia.

21. Nun intento de definir o Patrimonio Común da Humanidade, CH. A. Kiss ("La notion de patrimoine commun de l'humanité", *Recueil des Cours*, tomo 175-II, 1982 The Hage/ Boston/ Londres, 1983, pp. 109-10), sinalou os seguintes criterios: a) os estados fan uso de tales espacios e recursos pero non poden adquirir a soberanía sobre eles; b) só se poden levar a cabo, nos mesmos, actividades con fins pacíficos; c) están dotados dun sistema de xestión conxunto a través dunha institución internacional; d) o seu uso debe ser racionalmente explotado, de modo que se prevean as necesidades de futuro; e) os beneficios débense repartir equitativamente entre os distintos estados. Non é preciso que todos estes requisitos se dean, nun determinado caso para falar de PCH. De feito, no caso do patrimonio cultural, existen problemas para a súa adecuación a tales criterios: en primeiro lugar, pertence ó dominio público de cada estado, polo que si se produce unha apropiación por parte destes; en segundo lugar, non hai un sistema de xestión internacional senón un réxime de cooperación internacional, establecido pola Convención para a protección do Patrimonio Cultural e Natural de 1972, elaborada pola UNESCO.

nizacións internacionais como por estados. É propio das relacións internacionais modernas a presencia dun gran número de organizacións, entre as que están aquelas que se ocupan da cultura. Neste senso, constituíase no seo das Nacións Unidas, unha Comisión Internacional de Cooperación Intelectual presidida por Henri Bergson, reunida por vez primeira en 1922, da que nacería un Instituto Internacional con sede en París promotor e coordinador de comités internacionais relativos a museos, arqueoloxía, historia da arte e monumentos. Este Instituto promoveu en 1930 un Congreso para a identificación, coidado e restauración de pinturas e elementos decorativos á que seguiu unha "Conferencia Internacional para a Protección e Conservación de Monumentos da Arte e da Historia" (Atenas 1931). Froito deste Congreso foi a coñecida "Carta de Atenas", documento fundamental para a historia dos principios sobre conservación dos bens arquitectónicos. A II Guerra Mundial truncou a actividade deste Instituto, a pesar do cal se pode citar a celebración do Convenio da Haia de 1954, sobre protección dos bens culturais en caso de conflicto armado, no cal se destacan unha serie de obrigas de carácter militar para as partes contratantes, situando os bens culturais baixo inmunidade de embargo, captura ou presa[22].

Pero a organización internacional por excelencia que desenvolve a súa actividade no eido que nos interesa, o da cultura, é a UNESCO, creada como axencia especializada da ONU por unha conferencia de corenta e catro estados. Esta organización entrou en vigor cun número de vinteoito estados membros, sendo a súa misión a de manter a cooperación en causas relacionadas coa educación, a cultura e a ciencia.

Ademais de plans e programas, a UNESCO leva a cabo decisións, recomendacións, e convenios internacionais[23], elabora recomendacións destinadas a determinados estados sobre a aplicación das normas internacionais, así como declaracións e directivas. A súa actividade realízase tanto nun plano científico-técnico como político-xurídico.

En relación ó Camiño de Santiago, será decisiva a influencia que as disposicións emanadas por este organismo internacional terán de cara á súa protección, como máis adiante veremos.

22. Este Convenio ten a súa orixe no anterior Convenio da Haia de 1899 no que se facía notar o perigo que as operacións militares de bombardeo supuñan para os bens culturais, obrigando ás partes belixerantes a respectar os edificios consagrados ás artes ou ás ciencias, sempre que estes non fosen dedicados a fins militares. A preocupación polos bens culturais nas súas múltiples facetas, segue a estar presente nos convenios de carácter internacional: Convenio Europeo para a protección do Patrimonio Arqueolóxico (Londres, 6 de maio de 1969), a Convención sobre as medidas que deban adoptarse para prohibir e impedi-la importación, exportación e transferencia da propiedades ilícitas dos bens culturais (París, 17 de novembro 1970), ou a citada Convención para a protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural (París, 23 de novembro 1972).

23. Non son convenios no sentido estricto da palabra, pois teñen un procedemento distinto de ratificación.

É preciso subliñar, por outra parte, o feito de que en relación á protección que o Dereito Internacional oferta ós bens culturais, o superior nivel de vida e benestar social conduciu, nos países máis desenvolvidos, a un maior nivel cultural. Isto produce unha maior sensibilización e preocupación dos cidadáns pola protección dos bens que integran o seu patrimonio cultural, histórico e artístico. De aí que estes países fosen desenvolvendo unha normativa protectora de tales patrimonios. As normas internacionais aparecerán con posterioridade, como xa vimos, no seo das organizacións internacionais.

Esta revalorización da cultura e dos testemuños do pasado é un signo da civilización, dentro dunha concepción do patrimonio vinculada á perspectiva social da súa accesibilidade, contemplación e gozo colectivo[24].

De todos os xeitos, soamente os convenios menos comprometedores e xenéricos, ou que constitúen meras declaracións de intencións, foron subscritos de forma xeneralizada polos estados membros das distintas organizacións e, aínda no caso de seren subscritas, non se evitan con isto os ataques contra este patrimonio, coma se desprende do exemplo patente da antiga Iugoslavia, que suscribira a Convención da Haia Para a Protección dos Bens Culturais en caso de Conflicto Armado, 14 de maio de 1954.

Neste ámbito existen dúas tendencias: a dos países ricos en patrimonio histórico-artístico, pero non tan ricos en recursos económicos, e a dos países pobres en patrimonio pero cunha maior abundancia en recursos económicos, o cal lle permite acaparar os mercados de obras de arte. De todos os xeitos, nos estados nos que existe un abundante patrimonio histórico de tipo inmobiliario, a acción internacional non sempre fornece os medios económicos necesarios, polo que a conservación queda á expensas dos propios estados onde se atopan os inmobles. Esta circunstancia fai que os labores de restauración e conservación non se vexan na súa maioría secundadas, dado que tales estados, faltos en recursos económicos, teñen que atender a outras necesidades máis urxentes. España atópase nun destes casos xunto con Italia ou con Grecia[25].

24. Esta tendencia foi asumida pola nosa Constitución de 1978, no seu artigo 44, segundo o cal "Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura á que todos teñen dereito". Sobre este concreto aspecto relativo ó significado que hoxe acada a protección do patrimonio histórico desde unha vertente social, isto é, da accesibilidade dos cidadáns ó mesmo, resultan de interese as seguintes obras; Barrero Rodríguez, C. *La ordenación jurídica del patrimonio histórico.* Civitas, Madrid, 1990; García Escudero, P. e Pendas García, B. *El nuevo régimen jurídico del patrimonio histórico español.* Ministerio de Cultura, Madrid, 1986; Prieto de Pedro, J. *Cultura, Culturas y Constitución.* Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1993; Alonso Ibáñez, M. R. *El Patrimonio Histórico. Destino público y valor cultural.* Civitas, Madrid, 1992; Alegre Ávila, J. M. *Evolución y régimen jurídico del Patrimonio Histórico.* Tomos I e II, Colección Análisis y Documentos nº 5, Ministerio de Cultura, Madrid, 1994.

25. Martín Rebollo, L. *El comercio del arte y la Unión Europea.* Cuadernos de Estudios Europeos, Civitas, Madrid,1994, pp. 56-62.

Deixando á parte o ámbito internacional, existe tamén no eido rexional comunitario e extracomunitario unha preocupación pola protección do patrimonio cultural como interese que excede das fronteiras dos distintos estados. Así, destaca o labor levado a cabo polo Consello de Europa a partir do Convenio Cultural Europeo de París de 1954, polo cal os estados parte se comprometían a tomar medidas para salvagardar o partimonio cultural común de Europa, regulación complementaba a máis xenérica contida nos textos de ámbito universal.

III. A NORMATIVA INTERNACIONAL PROTECTORA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1. *Ámbito universal. A UNESCO*

En tempo de paz[26], as normas internacionais tratan de protexer os bens culturais das agresións de moi diverso tipo a que están sometidos, é dicir, os estados realizan actividades tendentes á conservación destes bens referidas, en particular, á salvagarda, restauración e valoración dos mesmos. En relación ós conxuntos urbanos, a conservación compleméntase coa idea de integración do conxunto na actividade humana e social, a través de medidas de rehabilitación e reanimación[27]. Neste senso, é fundamental o labor levado a cabo pola UNESCO como axencia especializada.

Respecto do Camiño de Santiago, este labor ten o seu punto de partida na reiterada Convención para a protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, celebrada en París o 23 de novembro de 1972[28], ratificada por España o 16 de xuño de 1982 (BOE 1 de xullo).

Este documento pretende sensibilizar os gobernos dos distintos estados, para que identifiquen, protexan, e conserven os monumentos, conxuntos e sitios de valor universal excepcional desde o punto de vista da historia, da arte, ou da ciencia. Os estados teñen a tal fin, competencia en materia de identificación e delimitación dos bens situados no seu territorio.

A Convención parte, no seu preámbulo, da existencia dunha grave ameaza para o patrimonio mundial tanto cultural como natural. Esta

26. Como xa tivemos oportunidade de observar, as normas internacionais referidas ós bens culturais, tiveron un distinto desenvolvemento segundo estivesen referidas á protección dos mesmos en tempo de paz, ou en caso de conflicto armado. Isto é debido a que nos períodos de conflicto armado, os bens culturais están expostos a un maior perigo de destrucción ou de sufrir danos dalgún tipo.

27. Ó respecto *vid.* Alonso Ibáñez, M. R. *Los espacios culturales en la ordenación urbanística.* Universidade de Oviedo, Marcial Pons Ediciones Jurídicas, Madrid, 1994.

28. Esta Convención é froito da 17ª reunión da UNESCO, a cal tivo lugar en París do 17 de outubro ó 21 de novembro de 1972.

ameaza, está provocada non só por causas naturais de deterioro (causas ambientais, erosión, deterioro dos materiais), senón por causas que teñen a súa orixe no progreso industrial, económico e social, causante dun incremento da contaminación, ou causas orixinadas polas agresións naturais, agravadas pola influencia humana sobre o ecosistema. Aúnanse, por outra banda, os conceptos de patrimonio mundial e patrimonio natural, nun intento de equiparación da natureza e da cultura, constatando a continua interrelación entre a obra do home e o medio en que este vive.

Partindo destas premisas, e ante tales perigos, incumbe a toda a colectividade internacional participar na protección dese patrimonio de valor universal excepcional, prestando asistencia colectiva, pero sen desprazar a acción do estado interesado[29].

A Convención continúa describindo o que se entende por: *patrimonio cultural* (clasificado en monumentos, conxuntos e lugares); *patrimonio natural* (constituído por monumentos naturais, formacións fisiolóxicas e xeolóxicas); *zonas estrictamente delimitadas* (que constitúen hábitat de especies ameazadas con valor universal excepcional desde o punto de vista estético ou científico); e *lugares e zonas naturais estrictamente delimitadas* (tamén con valor universal excepcional desde o punto de vista da ciencia ou da súa beleza natural).

No antedito documento ofrécense, ademais, os mecanismos apropiados de cara á cooperación na conservación do patrimonio mundial. Créase así un Comité do Patrimonio Mundial[30], formado por 15 representantes elixidos polos estados que forman parte da Convención, reunidos en Conferencia Xeral da UNESCO en sesión ordinaria. O Comité conta co apoio dos servicios do Centro Internacional de Estudios para a Conservación e Restauración dos Bens Culturais, (Centro de Roma), do Consello Internacional dos Monumentos e Sitios (ICOMOS), e da Unión Internacional para a Conservación da Natureza e dos seus recursos[31].

Este Comité elabora a Lista do Patrimonio Mundial constituída polos bens que posúan valor universal excepcional. A tal fin, os estados presentan un inventario dos bens situados no seu territorio aptos para seren incluídos na devandita lista, sendo indispensable o seu consentimento para a inclusión nela dun determinado ben. Ademais, a chamada Lista do Patrimonio Mundial en perigo, está composta polos bens que, incluídos na anterior lista, están ameazados por un grave perigo.

29. Preámbulo da Convención de París de 1972 para a protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural.

30. Artigo 8 da Convención de París 1972.

31. Artigo 8.3 da Convención de París 1972.

O Comité posúe un fondo de reserva para os casos de calamidades naturais ou catástrofes; subministra asistencia técnica e determina a índole e a importancia da axuda unha vez estudiadas as peticións dos estados en relación ós bens enumerados nunha das dúas listas. A financiación só cobre parcialmente os traballos. Esta axuda concrétase en estudios técnicos, conservación, formación de especialistas, subministro de equipos, préstamos e, excepcionalmente, concesión de axudas e subvencións. En relación a este último punto, o Fondo do Patrimonio Mundial é un organismo dotado dos recursos necesarios para financiar as actividades de conservación[32].

A raíz deste Convenio, unha serie de cidades, conxuntos e sitios foron incluídos na relación de Sitios do Patrimonio Mundial, entre elas a cidade de Santiago de Compostela. O chamado Camiño Francés de Santiago sería declarado Patrimonio da Humanidade o 13 de decembro de 1993, e insertado na correspondente relación de Sitios.

Esta consideración do Camiño de Santiago como parte do Patrimonio Mundial Cultural e Natural, ten unha fonda significaión, pois "....o deterioro ou a desaparición dun ben do patrimonio cultural ou natural constitúe un nefasto empobrecemento do patrimonio de tódolos pobos do mundo [...] certos bens do patrimonio cultural e natural presentan un interese excepcional que esixe se conserven coma elementos do patrimonio mundial da humanidade enteira..."[33] Ademais "...entenderase por protección internacional do patrimonio mundial cultural e natural, o establecemento dun sistema de cooperación e asistencia internacional, destinado a secundar ós estados parte na Convención nos esforzos que despregan para conservar e identificar ese patrimonio"[34].

A partir desta declaración e inclusión do Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial, e a partir dos postulados deste Convenio de 1972, sería conveniente a progresiva extensión da cualificación de Sitio Cultural do Patrimonio Mundial, atribuída pola UNESCO a Santiago de Compostela e ó Camiño de Santiago, a outras paraxes, monumentos e conxuntos do propio Camiño, nos que se dean as condicións establecidas pola Convención.

Por outra parte, é preciso o estudio das expectativas de aplicación ó Camiño e á cidade de Compostela, dos medios de cooperación e asistencia regulados pola UNESCO na Convención de París tendo en conta as características tan particulares que o Camiño de Santiago posúe.

32. Este fondo nútrese das aportacións voluntarias e obrigatorias procedentes dos estados membros. As aportacións forzosas non poden exceder do 1 por cento da contribución ó presuposto ordinario da UNESCO.

33. Preámbulo da Convención de París, de 1972.

34. Artigo 7 da Convención de París, de 1972.

Se ben a inclusión do Camiño francés de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial Cultural e Natural, supón un enorme progreso de cara á efectiva tutela dun ben cultural como o que se presenta ante nós, isto non é pola contra suficiente. Cómpre, neste senso, levar a cabo un seguimento do efectivo cumprimento dos mecanismos de asistencia e cooperación que a Convención propón; cooperación que, como xa dixemos, no caso do Camiño de Santiago é principio que debe rexer toda actividade que nel se leve a cabo.

2. *Ámbito rexional*

2. a. *O Consello de Europa*

Unha vez analizada a protección xurídica ofrecida ó Camiño e á cidade de Santiago coma bens culturais no ámbito universal, máis concretamente no ámbito da UNESCO, pasamos ó estudio da protección de ámbito rexional.

A normativa desenvolvida polo Consello de Europa, refírese a ámbitos máis concretos e aspectos específicos da protección dos bens culturais, complementando sectores determinados da regulación máis xeral que establecen os convenios de ámbito universal. Na carta fundacional do citado organismo (Londres, 5 de maio 1949), dáse conta dos obxectivos que esta organización debe perseguir, entre os que figura o de levar a cabo unha "acción tendente a conseguir unha maior e máis profunda unidade europea, unha mellora das condicións de vida e un maior desenvolvemento dos valores humanos, a definición dos principios da democracia parlamentaria e dos dereitos do home así coma a afirmación da primacía do Dereito".

A cooperación levada a cabo no marco deste Consello, ten o seu fundamento no Convenio Cultural Europeo, firmado en París o 19 de decembro de 1954 polos estados europeos, para "adoptar novas medidas convenientes para salvagardar a súa aportación ó patrimonio cultural común de Europa e fomentar o seu desenvolvemento"[35]. A este Convenio adheriuse España, aínda sen formar parte do Consello de Europa, o 4 de xullo de 1957 (BOE de 10 de agosto).

2.b. *Os Camiños de Santiago como Itinerario Cultural Europeo*

En canto ó labor desenvolvido por este organismo internacional, de cara ó Camiño de Santiago, comezaremos polo informe redactado polo mesmo, reunido en Asemblea Parlamentaria de 28 de marzo de 1984, informe contido no documento nº 5196 sobre os Itinerarios europeos

35. Artigo 1 do Convenio Cultural Europeo.

de peregrinación, documento que incluía ademais un proxecto de Recomendación elaborado pola Comisión de Cultura.

Neste proxecto salientábase a importacia dos itinerarios de peregrinación e da arquitectura a eles ligada, facendo notar neste senso que os contactos relixiosos e culturais que se producían polo tránsito de peregrinos de moi distintos lugares a través de toda Europa, constituíron unha primeira etapa no desenvolvemento do interculturalismo e da unidade europea. Destácase na exposición de motivos, o interese que presentan estas rutas para a cooperación cultural europea, para o cal é precisa a coordinación das distintas actividades estatais. Deste xeito, e tomando como exemplo o Camiño de Santiago, preténdese aplicar a outros itinerarios de peregrinación as seguintes accións:

— Cooperación entre os estados membros: destinada a preservar os itinerarios de peregrinación e facer os figurar no repertorio do Patrimonio Histórico da UNESCO.

— Promoción do turismo cultural.

— Autorización para a utilización dun emblema especial do Consello de Europa para as cidades ou outras institucións que participen na salvagarda e promoción destes itinerarios.

Este Informe e proxecto de Recomendación acerca dos itinerarios de peregrinación, acompáñase dunha carta da Asociación de Amigos dos Pazos dirixida ó presidente da Asemblea, da cal se demanda, por unha parte, o recoñecemento do Camiño de Santiago coma ben cultural común de Europa, e por outra, que recomende ós estados membros a restauración dos monumentos que se atopan ó longo do Camiño, e a realización de estudios sobre o Camiño de Santiago de cara á difusión dos seus valores.

Tomando como base o proxecto de Recomendación, a Comisión Permanente, no nome da Asemblea Parlamentaria, o 28 de xuño de 1984, adoptou o texto da Recomendación 987 (1984), relativa ós Itinerarios de peregrinación.

Nela recoñécese de novo o valor destes itinerarios no desenvolvemento de infraestructuras, institucións e cidades en Europa, e o valor arquitectónico dos mesmos, de cara á potenciación do intercambio cultural en Europa e a súa unidade. Por outra parte, ponse de relevo a existencia de organizacións que se encargan de dar a coñecer os distintos itinerarios de peregrinación e, facendo referencia directa ó Camiño de Santiago, recoméndase ó Comité de Ministros que a partir do exemplo que supón este itinerario, se leve a cabo unha acción relativa a outros itinerarios de peregrinación consistente en:

— Impulsar a cooperación entre os estados para a súa conservación e fomento, coa inclusión dos mesmos no repertorio do Patrimonio Mundial da UNESCO.

— Pedir ós estados membros que estimulen as cidades situadas nestas rutas de peregrinación para que cooperen na conservación dos inmobles nelas situados, asociando a esta iniciativa á Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais de Europa.

— Promover o turismo cultural ó longo dos itinerarios de peregrinación en colaboración coas organizacións europeas de turismo.

— Autorizar a utilización dun emblema especial do Consello de Europa para as cidades e institucións que participen na promoción da peregrinaxe.

Seguindo a liña de traballo que marcou o Informe plasmado na Recomendación 987 de 1984, o 28 de outubro de 1987 tivo lugar a declaración en Santiago de Compostela, dos Camiños de Santiago coma Itinerario Cultural Europeo.

Dábase cumprimento a un dos contidos do programa intergobernamental de actividades que, coa fin de "valoriser et d'approfondir l'identité culturelle européenne", se tiñan establecido en aplicación desta Recomendación[36].

Esta declaración lida en Santiago polo Secretario do Consello de Europa, en presencia do Príncipe reinante Franz-Joseph II, e da Princesa Gina de Liechtenstein, así coma doutras personalidades vidas de distintos países de Europa, marcaba as liñas de acción da organización Europea nos anos sucesivos:

— Por unha parte preténdese proseguir coa *identificación* dos Camiños de Santiago no territorio europeo e a sinalización dos principais puntos do itinerario, empregando para isto, o emblema proposto polo Consello de Europa.

— Doutra banda, trátase de desenvolver unha acción coordinada de "restauración, revalorización do patrimonio monumental e natural" do Camiño, así coma poñer en marcha programas de "animación cultural" e intercambio entre cidades e rexións do mesmo.

En canto á posta en marcha de tales propósitos, na nota da Secretaría Xeral preparada pola Dirección de Medio Ambiente e de Poderes Locais de Estrasburgo en marzo de 1989, faise relación dos logros conseguidos ata esa data na liña antes indicada.

No aspecto relativo á *identificación do Camiño*, os traballos foron realizados por un grupo de especialistas[37] reunidos en Estrasburgo o 6

36. Corriente Córdoba, A. "El Camino de Santiago y la protección internacional de bienes culturales", ponencia presentada ás *Jornadas sobre protección jurídica del Camino de Santiago*, celebradas en Santiago de Compostela do 23-25 de abril de 1992.

37. Grupo formado polo Profesor A. d'Haenens (Bélgica), M.R. da Coste-Messelière (Francia), Profesor Robert Plötz (Alemaña), Prof. Paolo Caucci von Saücken (Italia), Profesor Manuel Díaz y Díaz (España) e o Prof. Derek Lomax (Reino Unido), presididos polo Profesor Alfredo A. Schmidt (Suíza).

e 7 de maio de 1987, e o 19 de abril de 1988. O mesmo grupo reuniríase ademais, no castelo Schney (Alemaña), o 29 de setembro de 1988 con motivo do Congreso celebrado en Bamberg. Outros expertos europeos aportaron tamén os seus traballos[38].

O congreso científico celebrado en Bamberg tivo lugar por invitación das autoridades federais en colaboración coa *Deutsche St. Jakobus Gesellschaft*, cunha participación de 200 representantes de 11 países europeos incluída Finlandia e Polonia. Por outra parte, o Centro Italiano de Estudios Compostelanos, propúñase celebrar en Siena un congreso no marco desta mesma acción.

Outros grupos de traballo se constituíron en Bélxica (Namur), Reino Unido (Birminghan), Francia (Maine). Ademais, o Inventario das Vías de Comunicación Históricas de Suíza, coma Instituto oficial, creou o grupo de estudio da chamada *Oberstrasse* (denominación que se lle dá ó camiño de peregrinaxe Norte-Sur, que parte do Lago Constanza e se achega a Xenebra).

A nota subliña, por outra parte, o importante papel das asociacións xacobeas no labor de identificación dos diferentes Camiños de Santiago[39].

O resultado destes traballos permitiu o trazado, sobre o territorio europeo, dun mapa que contén as principais liñas do Camiño de Santiago, servindo tamén para apoiar a labor de sinalización dos Camiños. Este labor de sinalización fíxose a través do emblema proposto polo Consello de Europa, cun modelo en cinco linguas distribuído separadamente. Este emblema sinala a entrada e a saída das cidades, os monumentos, e os antigos camiños cando aínda existan, sendo inaugurado simbolicamente en Santiago de Compostela, despois da cerimonia de lanzamento do itinerario cultural, e en Bamberg, con motivo do Congreso do Castelo Schney. Por outra parte este emblema foi obxecto de aceptación, de maneira xeneralizada, tanto polas cidades e rexións afectadas, coma polas organizacións xacobeas. Tanto este como a denominación do Camiño de Santiago coma Itinerario Cultural Europeo, na súa eventual utilización comercial, dispoñen de protección legal.

38. Entre outros expertos atópanse o Profesor V. Almazán (U.S.A., Universidad de Wisconsin), Profesor R. Stalley (Trinity College, Reino Unido), A. Gunnlaugsdottir (Islandia), Ingrid Nielsen (Dinamarca).

39. Neste senso é preciso sinalar a celebración do Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas organizado pola Confederación de Asociacións Xacobeas, do cal se produciría o primeiro encontro en Jaca en 1987 e que posteriormente se celebraría en Estella en 1990, Asturias en 1993 e Carrión de los Condes en 1996, prevéndose a próxima celebración deste Congreso Internacional coincidindo co Ano Santo 1999, en Galicia. Desde estas asociacións preténdese impulsar entre outros proxectos o de rehabilitación das fontes naturais de auga situadas ó longo do Camiño de Santiago así coma un programa de redención de penas a través da peregrinación a Santiago, recuperando con isto unha tradición existente entorno ó Camiño, segundo a cal desde os séculos da Idade Media se recollía en distintas disposicións legais como pena ou castigo, a peregrinación a Santiago para diversos delictos.

É preciso tamén subliñar neste senso, que ó longo dos séculos se foron construíndo diferentes igrexas, mosteiros, hospitais e pontes, as cales constitúen hoxe en día, unha parte importante do patrimonio arquitectónico de Europa. As actividades de restauración céntranse, nalgúns países, na elaboración dunha relación dos monumentos xacobeos existentes no territorio dos mesmos para, con base nesta lista, programar as accións necesarias de restauración. Entre estes países atópanse España e Francia.

As posibilidades en canto á *animación cultural* e intercambio entre as distintas rexións do Camiño, tanto no territorio español como fóra del, son moitas e variadas. A nota da Secretaría Xeral destaca a iniciativa da alcaldía de Pamplona, da chamada marcha cultural a Santiago (1988), que contou coa participación do entón Secretario Xeral do Consello de Europa (don Marcelino Oreja). A marcha partiu de Roncesvalles, para chegar a Santiago de Compostela en 38 etapas nas que se incluían visitas a monumentos e lugares importantes da Ruta.

Estas actividades culturais programadas están relacionadas coa música, teatro, conferencias e encontros entre as distintas poboacións. Así, pódense citar as Xornadas de portas abertas dos monumentos xacobeos de Auvergne, Midi-Pyrénnés, Languedoc-Rousillon, realizadas en setembro do 1988; a manifestación cultural conmemorativa do 900 aniversario da construcción da igrexa de Santiago de Asís, en Italia; o Encontro Europeo sobre os Camiños de Santiago (xaneiro de 1988), organizado polo Centro Europeo de Estudios Compostelanos; así coma a táboa redonda sobre os Camiños de Santiago celebrada na Academia Real de Belas Artes de Madrid, organizada por Europa Nostra/Hispania Nostra.

A citada nota fai tamén referencia ó poder de convocatoria que todas estas actividades teñen e o efecto multiplicador que producen, feito que debe ser aproveitado para unha coordinación entre as distintas instancias operantes: nacionais, locais, institucións universitarias e culturais e as distintas asociacións de interese para o Camiño de Santiago. Nesta liña, con ocasión da reunión informal dos Ministros de Cultura dos Estados membros da Comunidade que tivo lugar en Santiago en abril de 1989, os ministros Semprún e Lang firmaron un acordo franco-español relativo á creación da Fundación Europea do Camiño de Santiago, acordo aberto á firma doutros países e organizacións europeas.

Todas estas accións desenvolvidas en torno ó Camiño de Santiago, precisan da colaboración dos medios de comunicación e dun soporte publicitario adecuado. Na mesma nota dáse conta ó Comité de Ministros de que o mapa dos Camiños de Santiago en Europa será publicado coas contribucións voluntarias dos estados membros, invitándoselle a ter en conta o documento no seu conxunto.

2.c. *O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago*

Cabe citar, aínda que non se trata dun organismo internacional, o denominado Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago. Este Comité está situado dentro do organigrama da Administración autonómica galega pero, xa que está composto por expertos de recoñecido prestixio na materia, as súas propostas poden ser tidas en conta polas Administracións dos seus respectivos países de orixe.

O Comité viña xa funcionando na práctica como órgano dependente da desaparecida Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, pero non tiña unha regulación propia, de xeito que se procedería ó seu recoñecemento institucional como órgano de colaboración coa Consellería de Cultura (hoxe de Cultura e Comunicación Social), en materia de investigación do Camiño de Santiago, por Decreto 169/1994 de 2 de xuño, modificado por decreto 325/1996 de 26 de julio. O acto de constitución tería lugar en outubro de 1994 en Santiago

A regulación do funcionamento interno do Comité Internacional estableceuse por Orde de 21 de xaneiro de 1995. Este órgano ten a súa sede na Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago dentro da citada Consellería. As súas funcións son as de investigación e análise dos temas relacionados co Camiño de Santiago, fomento e publicacións sobre temas xacobeos e organización de xornadas, congresos e simposios que acorde a Consellería para o estudio e promoción internacional do Camiño de Santiago.

O Comité Internacional de expertos está constituído por nove vocais designados polo Conselleiro de Cultura e Comunicación Social, un presidente[40] elixido polos vocais de entre os seus membros e un secretario que será o Xerente de Promoción do Camiño de Santiago. As reunións do Comité teñen lugar cada tres meses en Santiago de Compostela.

Entre os froitos do traballo levado a cabo por este Comité está o do seguemento dos proxectos de delimitación dos camiños xacobeos a Santiago, da tramitación do proxecto de Lei de Protección do Camiño de Santiago en Galicia aprobada como Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago, de 10 de marzo de 1996, así como o estudio de novas publicacións relativas ós temas xacobeos. Así mesmo, é importante sinalar o labor do Comité de cara ó impulso dos programas para a recuperación do Camiño Inglés a Santiago, froito do cal foi a celebración do Congreso Internacional sobre o Camiño Inglés, celebrado en Ferrol en setembro de 1995, no que participaron especialistas do Reino Unido, Alemaña, Francia, Italia, España e do Norte de Europa, adicado

40. Os vocais do Comité son Robert Plötz, Klaus Herbers, Brian Tate, Humberto Baquero Moreno, Olivier Cabe, René de la Coste-Messelière e Vicente Almazán. Sería nomeado presidente do Comité, Paolo Caucci.

ó estudio de cincos ámbitos temáticos: viaxes marítimas, peregrinos por mar, portos e camiños, peregrinos, comerciantes, peregrinacións marítimas na arte, a literatura e a simboloxía.

O citado labor tería a súa continuidade no II Congreso de Estudios Xacobeos, o cal tería tamén lugar en Ferrol en setembro de 1996, e que estaría adicado igualmente ás rutas marítimas do Atlántico, con motivo do cal se levarían a cabo exposicións cartográficas, así coma dos planos levantados por un grupo de arquitectos, correspondentes ó Camiño Inglés da Coruña e de Ferrol e a súa confluencia ata chegar a Santiago. Esta iniciativa prevé a súa continuación no ano 1997.

2. d. *O labor comunitario*

Respecto da acción que os órganos comunitarios desenvolven no ámbito cultural, esta concrétase na posta en marcha de bolsas de estudio para os labores de restauración e conservación, ou a consecución da harmonización fiscal no ámbito cultural e, finalmente, na eliminación de medidas fiscais que obstaculicen o desenvolvemento do mecenado e a proliferación das fundacións culturais.

En canto á política levada a cabo en relación ó Camiño de Santiago polos citados órganos, temos que tomar como punto de partida a Resolución dos Ministros responsables dos asuntos culturais reunidos en Consello de 17 de febreiro de 1986, relativa á creación de "itinerarios culturais transnacionais", na que se acordaba "fomenta-las actividades no ámbito dos itinerarios culturais transnacionais, animando ás autoridades competentes dos Estados membros a colaborar máis alá das súas fronteiras con vistas ó estudio e eventual proclamación de itinerarios de interés europeo".

Posteriormente, na Declaración dos Ministros de Cultura reunidos en Consello de 17 de maio de 1993, relativa ó Camiño de Santiago, estes congratulábanse polas iniciativas adoptadas por varios estados membros co fin de garantir a identificación, restauración e salvagarda do patrimonio histórico-artístico do Camiño de Santiago, así coma polas accións de varios membros encamiñadas a facelo coñecer mellor.

En canto ás medidas concretas adoptadas no ámbito da Unión Europea, cabe destacar o impulso financeiro levado a cabo durante o ano 1996 para o desenvolvemento de proxectos de restauración e rehabilitación do patrimonio monumental así como de cara á promoción das rutas xacobeas, en concreto existen unha serie de propostas de intervención na restauración da iglesia de San Martín de Luíña en Cudillero (Asturias), restauración das cubertas da Real Colexiata de Roncesvalles en Navarra e rehabilitación do albergue de peregrinos en Sarria (Lugo).

Máis recentemente constituíuse no seo do Parlamente Europeo, o chamado Intergrupo do Camino de Santiago, composto por eurodepu-

tados de todos os partidos, presididos por Xerardo Fernández Albor. O acto fundacional tivo lugar en Estrasburgo, o 11 de xuño de 1997, ó longo do cal se expoñería o programa fundacional así coma os planos de acción e obxectivos do Intergrupo, entre os cales se atopan a promoción da Ruta como "símbolo dos valores de entendemento, cultura e tolerancia", entorno ós cales naceu o actual proceso de construcción europea; por outra parte o Intergrupo promoverá o estudio da Ruta como "orixinal liña vertebradora e orixe da Unión Europea".

IV. CONCLUSIÓNS

O ata aquí exposto indica que existe no ámbito europeo, e incluso internacional, no seo da UNESCO, unha certa preocupación polo significado que os itinerarios de peregrinación teñen e representan dentro do ámbito da cultura. De entre eles, o Camiño de Santiago, pola súa transcendencia ó longo da historia, adquire unha significación especial.

Isto fai que os estados e organismos internacionais con funcións dentro do ámbito da cultura, desenvolvan nos últimos tempos un labor de recuperación e fomento dos distintos itinerarios tomando coma modelo precisamente a Ruta Xacobea.

De todos os xeitos, a pesar de que o Consello de Europa e a UNESCO tomaron parte nos labores de revitalización e conservación do Camiño de Santiago, é certo que a cultura non é unha das políticas máis beneficiadas polos investimentos estatais e europeos e, en moitas ocasións, esta política concrétase en accións dispersas e carentes dun seguimento específico.

De aí, a insistencia na posta en práctica de mecanismos de cooperación e coordinación, tanto no plano infraestatal coma entre os distintos países implicados no Camiño de Santiago, que permitan a canalización dos esforzos que nel converxen.

Por outra parte, o carácter non vinculante, en xeral, das recomendacións, resolucións, así coma das declaracións que teñen por obxecto o Camiño de Santiago, desvirtúan os intentos de facer efectiva unha protección internacional do mesmo. Os convenios internacionais protectores do patrimonio cultural non sempre acadan os obxectivos por eles mesmos propostos, dado que tan só os menos comprometedores son subscritos por un gran número de estados; e aínda en caso de seren suscritos, tal feito non asegura o seu efectivo cumprimento, en xeral, por falta de mecanismos de coacción.

A protección do Camiño de Santiago céntrase, neste concreto ámbito internacional, na elaboración de estudios científicos por parte de ex-

pertos de distintos países para a recuperación do trazado orixinario e na catalogación dos monumentos, sen existir un réxime coercitivo singular aplicable ó Camiño de Santiago nos seus tramos europeos. As accións levadas a cabo no ámbito das organizacións internacionais, no ámbito do Consello de Europa e da Unión Europea, son accións dispersas, non integradas nun proxecto común para os Camiños de Santiago que sexa obxecto dun seguimento específico.

Cómpre, xa que logo, trazar unhas liñas concretas de acción que unifiquen os criterios que deberán ser tidos en conta á hora de proceder á recuperación e revitalización dos Camiños de Santiago e ó respecto de patrimonio histórico relacionado coa Ruta. Para isto, xoga un papel fudamental a coordinación das distintas adminsitracións e organizacións internacionais implicadas na Ruta sen esquecer o inmenso labor das asociacións privadas que adican grandes esforzos á protección e fomento do Camiño.

Concluíndo xa, poderíase dicir que a protección do Camiño de Santiago, tanto no ámbito estatal como no ámbito internacional, atopa con grandes dificultades de financiación e sobre todo de coordinación dos distintos entes implicados pola falta de mecanismos de coerción.

Todo isto abre un inmenso campo de traballo para o estudio relativo ós problemas que, desde un punto de vista xurídico, a protección e recuperación dos distintos tramos desta singular ruta pode presentar; campo ata o momento case inexplorado, pero que pode dar lugar, nun futuro próximo, a un fructífero labor de investigación.

M. B. B. L.



A primeira carta en prosa en galego moderno: Camilo Álvarez de Castro escribe a Rosalía sobre *Cantares gallegos* (1863)

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Os lectores familiarizados coa obra de Rosalía lembrarán quizais o nome de Camilo Álvarez de Castro, unha das contadísimas persoas a quen a escritora dedicou un poema, "Roxiña cal sol dourado", o número 16 de *Cantares gallegos* (1863). Na dedicatoria, Rosalía engade ó nome de Álvarez de Castro o do seu cargo ou dignidade eclesiástica, Chantre da Catedral de Salamanca, polo que era usualmente nomeado. Existe aínda outro lugar rosaliano no que se menciona ó Chantre, e é nunha das cartas dirixidas por Rosalía ó seu marido[1].

A figura de Camilo Álvarez de Castro resulta totalmente descoñecida hoxe, como ben se percibe incluso entre os anotadores das modernas edicións dos *Cantares gallegos*. E, non obstante, as calidades intelectuais e humanas deste sacerdote galego fano digno de maior consideración. Amigo cariñosísimo dos Murguía, Álvarez de Castro prestou unha eficaz axuda ó historiador, xa que desde o seu posto na Universidade de Salamanca, dotada dunha rica biblioteca, proporcionoulle noticias, libros e documentos para o *Diccionario de escritores gallegos* (1862). Este e outros pormenores da súa relación quedan de manifesto no pequeno epistolario dirixido por Álvarez de Castro a Murguía, conservado no arquivo da Real Academia Galega e inédito na actualidade[2].

1. A dedicatoria di: "A ó Sr. D. Camilo Alvarez e Castro, Chantre dá catedral de Salamanca" (*Cantares gallegos*. Imp. de Juan Compañel, Vigo, 1863, p. 69). Na segunda edición (Leocadio López, Madrid, 1872), o poema recibe o número 18.

A carta á que me refiro está datada en "Santiago, lunes", sen indicación de mes nin ano, e foi publicada por Juan Naya Pérez: "También recibirás otra [carta] del Chantre que te remito por correo con el mismo sobre..." (*Inéditos de Rosalía*. Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1953, pp. 85-86).

2. Debo lembrar que o anterior propietario destas cartas, don Juan Naya Pérez, tiña o propósito de publicalas, segundo anunciou xa en 1953 (*vid. Inéditos de Rosalía*, p. 85, n.

É o noso propósito dar a coñecer a carta máis relevante deste conxunto, carta que reúne dous raros méritos: ir dirixida a Rosalía e estar escrita en lingua galega. Dúas razóns que imprimen ó documento que publicamos un extraordinario valor afectivo, simbólico e incluso histórico. Datada o 12 de novembro de 1863, pensada e sentida despois da lectura de *Cantares gallegos*, esta carta é a felicitación máis emotiva que Rosalía de Castro recibe polo seu primeiro libro en galego e é, asemade, a primeira carta en prosa escrita en galego moderno.

CAMILO ÁLVAREZ DE CASTRO

Tres diccionarios recollen o nome de Camilo Álvarez de Castro, o mencionado *Diccionario de escritores gallegos* (1862), de Manuel Murguía, a *Enciclopedia Espasa* (1905) e o *Diccionario de los salmantinos ilustres* (1952?)[3], de Enrique Esperabé de Arteaga. Nos dous últimos, merece don Camilo breve espacio —seis liñas e media e quince, respectivamente—, a pesar do cal ambos cometen erros de importancia. Pola súa parte, Murguía dedícalle case unha páxina, e entusiasta, o que proba a moita estima que lle profesaba, xa que a erudición recóndita do Chantre non dera, ata aquel momento, máis froito que un discurso e algúns artigos e poesías sagradas.

Segundo a documentación por min consultada no Arquivo da Universidade de Salamanca, Camilo Álvarez de Castro foi nado en Vilanova dos Infantes, provincia de Ourense, o 24 de decembro de 1806, do matrimonio formado por Benito Álvarez de Castro, de San Pedro de Mourillós (Celanova), e María de Limia y Recio, natural da mesma Vilanova[4]. Camilo Álvarez de Castro estudiou no Seminario Conciliar de Ourense e na Universidade de Santiago de Compostela, na que se graduou como bacharel en Teoloxía en 1828. Despois de desempeñar durante dous anos unha cátedra desta disciplina no Seminario de Ourense, en 1830 trasladouse a Salamanca, onde fixou definitivamente a súa residencia. Nesta antiga universidade recibiu os graos de licenciado (1846) e doutor (1847) en Teoloxía. Designado superior do Seminario Conciliar de Salamanca (1830-46), tivo ó seu cargo, ademais da administración xeral do establecemento, varias cátedras correspondentes á

17). Non chegou a facelo, e tras a súa morte, en 1993, as cartas quedaron en poder da Academia, da que era bibliotecario. Este epistolario, así como outros moitos papeis de Murguía, fora regalado a don Juan Naya por dona Gala Murguía de Castro.

3. O título completo é: *Diccionario enciclópedico ilustrado y crítico de los salmantinos ilustres y beneméritos*. Gráficas Ibarra s. a., Madrid, [1952?].

4. O Chantre usou sempre os dous apelidos paternos, nunca o materno. Non obstante, nalgúns documentos oficiais da súa xuventude, aparece, asemade, como Camilo Álvarez de Castro e Camilo Castro de Limia (ou en latín: Camilus Castro et Limia).

Facultade de Teoloxía; máis tarde, obtivo por concurso a parroquia de San Julián e Santa Basilisa (1849), e axiña foi nomeado capelán da Real Capela de San Marcos (1850), unha das parroquias máis prestixiosas da cidade salmantina; finalmente, desde 1854 ata a súa morte, en 1887, ostentou a dignidade de chantre da Catedral. Álvarez de Castro compatibilizou estes cargos coa cátedra de Relixión e Moral da Escola Normal Superior de Mestres, que rexentou durante anos (1849-68), e simultaneou, durante algún tempo, con outra da mesma clase no Instituto Provincial de Segunda Ensinanza (1860-67). Membro moi activo de varias sociedades de Salamanca, como a Económica de Amigos del País e a Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos, foi tamén correspondente da Real Academia Española (1862) e da Real Academia de la Historia (1866)[5].

Como vemos, a maior parte da vida sacerdotal de Álvarez de Castro transcorreu baixo o pontificado de Pío IX (1846-1878), o máis prolongado en toda a historia da Igrexa. Este período caracterizouse pola guerra aberta entre o papado e o mundo moderno, ou, dito doutra maneira, pola confrontación entre as tendencias restauradoras do catolicismo e o moderno estado nacional, cos seus ideais liberais e democráticos. A perda dos Estados Pontificios en 1870 e a conseguinte extinción do poder temporal do papa encontraron resposta en toda Europa nun movemento ultramontano que buscaba a salvación en Roma, "máis alá dos Alpes". Neste contexto inscríbese o labor eclesial de Pío IX, que culmina no Concilio Vaticano I (1869-1870), onde se define o primado pontificio de xurisdicción e a infalibilidade papal.

Camilo Álvarez de Castro nunca quixo ocupar cargos de relevancia, incompatibles, dicía, co seu desexo de independencia. Sen embargo, non viviu alleo ás grandes cuestións do seu tempo, pois tivo trato e amizade con insignes representantes do catolicismo e do ultramontanismo, como o canonista galego Carlos R. Fort (1807-1878), amigo tamén de Murguía, e León Carbonero y Sol (1812-1902), fundador da revista sevillana *La Cruz*. Carteouse tamén co bispo de Orleans, colaborador directo de Pío IX, e con dúas das maiores plumas católicas de Francia, o célebre Padre Gratry (1805-1872) e o celebérrimo Louis Veuillot (1813-1883). Tanto o bispo de Orleans como Gratry e Veuillot desempeñaron un papel destacadísimo naquela hora, especialmente Veuillot, que consagrou a súa inmensa obra de xornalista e de home de letras á

5. Todos os datos que menciono neste parágrafo proveñen do expediente persoal de alumno do noso biografado, obrante no Arquivo da Universidade de Salamanca (AUSA, Fondo Universitario, caixa A-10). O expediente, moi completo, contén, á súa vez, os seguintes: a) expediente do grao de licenciado en Teoloxía (consérvase a tese defendida por don Camilo, 10 páxinas autógrafas, en latín); b) expediente do grao de doutor en Teoloxía; c) borrador dunha certificación de méritos e servicios de Álvarez de Castro librada polo secretario da Universidade de Salamanca con data 21 de abril de 1880.

defensa da Igrexa e do pontificado. Admirado por escritores tan dispares como Rimbaud e Claudel, este ardente ultramontano está considerado como un dos maiores epistológrafos franceses (a súa correspondencia ocupa doce volumes e consta de case 5.000 cartas: non sabemos se entre elas se teñen publicado as que dirixiu ó Chantre).

A vida de cátedras e xuntas e púlpito e confesionario a penas deixaba tempo a Álvarez de Castro para dedicarse ó estudio, que era a súa gran paixón. Intelixencia libre e curiosa, amaba a Historia e as Ciencias Naturais, afección esta nada común por certo nun eclesiástico (na súa xuventude estudiara dous anos de Ciencias no Colexio de San Carlos de Santiago de Compostela). Pero deixemos que sexa Murguía quen faga o seu retrato intelectual:

> Este modesto sacerdote, honra de su patria y estado, ama las ciencias naturales con especial entusiasmo, poseyendo un curioso gabinete de mineralogía; no desdeña las letras, como lo prueba su numerosa y bien surtida biblioteca, y no es ajeno, sino al contrario gran apasionado de las ciencias históricas, de lo que es buen ejemplo la rica colección de documentos inéditos para la historia nacional que posee. Nosotros mismos le somos deudores de más de una noticia, respecto a escritores del país, pues por solo su amor a Galicia, se ha apresurado a comunicarnos cuanto halló digno de ocupar un puesto en estas páginas y no esquiva el trabajo y molestia de averiguar en aquella ciudad, espléndido palenque en que brillaron en la cátedra tantos y tan celebrados ingenios gallegos, las escasas noticias que de ellos se conservan. Por su parte las Musas, no quisieron negarle sus dones, y sabemos que en tiempos no lejanos, cultivó la poesía en dialecto gallego, con grandes ventajas, siquiera juzgando sus composiciones con una injusta severidad, de que no hay muchos ejemplos en nuestros días, las haya quemado[6].

Cando o Chantre le esta páxina escribe a Murguía unha fermosa carta na que resplandecen a un tempo a modestia e a sinceridade. Di o sacerdote: "Como hombre de estudio no tengo qué valga algo si no es mi afición a las Ciencias Naturales en una época en que ni aun se podía hablar de ellas con interés sin peligro. Aparte de esto, créame V. que soy uno de tantos y nada más. Siento por esto que exponiendo V. al público una figura fantástica más bien que mi verdadero retrato comprometa V. su merecida reputación de buen fotógrafo" (7-IV-1864).

Sentía o Chantre un profundo amor por Galicia e pola lingua galega, e gabábase de falala, despois de residir trinta e tres anos en Salamanca, como o día en que alí chegara. A nostalxia de Galicia manifés-

6. Murguía, Manuel. *Diccionario de escritores gallegos.* J. Compañel, Vigo, 1862, pp. 58-59.

tase nel a miúdo, paradoxalmente, a través da invectiva contra os galegos. Isto di a Murguía:

> Yo siento en el alma ver a V. sudando gotas como garbanzos para galvanizar a ese país que es un cadáver. Lo amo, porque nací en él, y porque es bello con una belleza mimosa que tal vez no se encuentra en otros países, y porque el fondo del carácter de sus habitantes sería envidiable si mil concausas no lo hubieran viciado como a porfía. Esto no obstante, de mi propia voluntad no viviría en Galicia; algunas propuestas se me han hecho y con empeño para permutar mi dignidad por otras de esas Iglesias, y no he accedido; sólo Dios pudiera llevarme a esa tierra si mi sacrificio cediese en mayor honra y gloria suya (27-III-1865).

Camilo Álvarez de Castro faleceu en Salamanca, a súa cidade de elección, o 8 de febreiro de 1887. Foi unha personalidade de gran relevancia no movemento eclesial da cidade universitaria e exerceu profunda influencia en varias xeracións de salmantinos, pois ó seu labor parroquial ou de cura de almas uniu o seu labor docente, desempeñado durante anos en tres institucións claves, como foron o Instituto, a Escola Normal de Mestres e o Seminario. Varias fontes coinciden en sinalar, ademais, que Camilo Álvarez de Castro se distinguiu pola virtude ou don de consello, que viñan pedirlle moitas persoas de Salamanca[7].

O escritor Pedro Antonio de Alarcón (1833-1891), que visitou a don Camilo en 1877, dedicoulle unhas emotivas páxinas na súa crónica de viaxe *Dos días en Salamanca*, da que extractamos este parágrafo:

> Nunca olvidaremos aquella visita. El señor Chantre es una de las personas más buenas, más afables y más instruidas que hemos tratado nunca [...] Amantísimo de la soledad y del estudio, el insigne prebendado no sale más que para ir a la próxima Catedral, y esto por calles silenciosas en que nunca se ve criatura humana. Vive, pues, en el mundo como en una cartuja, y en más relaciones con el cielo que con la tierra[8].

7. O periódico salmantino *El Progreso* dá a noticia da súa morte nos seguintes termos: "A pesar de tan avanzada edad, el Sr. Chantre ha conservado hasta el fin todas sus facultades en el estado más completo, cual si estuviera en la plenitud de la vida. Su muerte ha sido sumamente sentida por sus numerosos amigos, en cuya alma deja un vacío difícil de llenar, pues para unos tenía saludables y útiles advertencias; para otros, sabios y prudentes consejos, y para todos, afable y cariñoso trato, guiándole en todo la más ardiente y fervorosa caridad cristiana..." (*El Progreso*, 10-II-1887, p. [3]). Enrique Esperabé de Arteaga (1869-195-?), historiador da Universidade de Salamanca e rector que foi da mesma, apunta cousas moi semellantes no seu *Diccionario de los salmantinos ilustres* (1952?, p. 10). Por certo, este autor incorre no erro de presentar a don Camilo como natural de Salamanca.

8. *Dos días en Salamanca* publicouse orixinalmente en *La Ilustración Española y Americana*, entre decembro de 1878 e abril de 1879; posteriormente, Alarcón recolleuno no volume dos seus *Viajes por España* (1883). Hai edición moderna, impresa pola Librería Cervantes, de Salamanca, en 1975 e 1977; esta última é a que eu sigo.

En efecto, a vida de Álvarez de Castro caracterizouse por unha permanente aspiración de retiro e de silencio ("huyo de todos [...], deseoso de vivir en paz con mi Dios y mis libros", 18-III-1865), desmentida de contino polo seu carácter extravertido, ansioso de comunicación e de entrega ós demais. Home de xenio vivo, pero bondadoso e sinxelo, tivo unha grande capacidade de afecto e de tenrura; as súas expresións de amizade diríanse ás veces amorosas, e non teñen desde logo parangón entre os moitos amigos e correspondentes de Murguía.

Camilo Álvarez de Castro non deixou obra impresa, agás unhas poesías sagradas, un discurso e algúns artigos aparecidos na revista sevillana *La Cruz*; redactou tamén, a pedimento da Real Academia Española, varios informes (sobre a escola poética salmantina, sobre toponimia castelá...). En cambio, Álvarez de Castro realizou unha importante contribución á cultura a través da biblioteca que formou, abundante en exemplares raros, manuscritos e primeiras edicións, e que hoxe, aínda que desmembrada, consérvase en varias bibliotecas salmantinas. O quiñón máis importante recibiuno a biblioteca do Seminario de San Carlos de Salamanca, os fondos da cal están, na actualidade, na Universidade Pontificia; acudimos a esta biblioteca, seguindo as orientacións do P. Enrique Llamas, e nela achamos un libro que nos procurou grande emoción: o exemplar de *Cantares gallegos* que pertenceu a don Camilo. Outros volumes do eclesiástico galego custódianse na biblioteca do convento dos Padres Carmelitas Descalzos de Alba de Tormes, que tamén visitamos, por deferencia desta comunidade[9].

O EPISTOLARIO

Camilo Álvarez de Castro e os Murguía entraron en relación epistolar sen coñecérense persoalmente, e parece que nunca chegaron a vèrse.

9. Agradezo vivamente ó P. Enrique Llamas a atención que me dispensou na miña visita a Salamanca e as informacións que me proporcionou sobre as dúas bibliotecas mencionadas, das que el é o mellor coñecedor, na súa triple condición de carmelita, historiador e profesor emérito da Universidade Pontificia de Salamanca. No seu estudio sobre o arquivo e a biblioteca desta universidade, o P. Llamas menciona a Camilo Álvarez de Castro e a Elías Ordóñez Álvarez de Castro como benefactores da mesma (*vid.* Llamas Martínez, Enrique. *El archivo y la biblioteca de la Universidad Pontificia de Salamanca.* Universidad Pontificia, Centro de Estudios Salmantinos, Salamanca, 1990, pp. 46 e 64). Nin neste arquivo nin no do convento de Alba de Tormes, que consultou, para min, o P. Antonio Benéitez, hai documentación sobre o donativo de don Camilo. Tampouco existe un índice dos volumes que lle pertenceron, aínda que non é difícil identificalos, pois soen ter un ex libris ou ceduliña impresa co nome e títulos do propietario e, ás veces, as iniciais C. A. C. gravadas no lombo. Algúns exemplares levan, asemade, a sinatura de Elías Ordóñez Álvarez de Castro, o que nos induce a pensar que foi el, e non don Camilo, o doador. Elías Ordóñez era sobriño do Chantre, con quen vivía en Salamanca, e foi párroco de San Bartolomé de los Apóstoles desde 1879 a 1887.

Entre o 13 de outubro de 1863 e o 23 de maio de 1866, Álvarez de Castro escribiu dezaseis cartas a Murguía e unha a Rosalía. Non teñen chegado a nós as que Murguía lle dirixiu, nin tampouco Rosalía, que lle escribe polo menos nunha ocasión: "Me escribió en efecto la amable Rosalía. En las próximas Pascuas la contestaré", anota o Chantre o 25 de marzo de 1864.

Aqueles foron anos de entusiasmo xuvenil e de intensa actividade intelectual para os Murguía. Clausurada a súa aventura madrileña, o matrimonio volve a Galicia, concretamente a Santiago, onde nace a súa primeira filla e onde pensaban fixar a súa residencia. Rosalía, que está na súa plenitude creadora, publica *A mi madre* (1863), *Cantares gallegos* (1863), "El cadiceño" (1865), "Las literatas" (1865) e *Ruinas* (1866), e non desdeña tarefas menores ou de compromiso como a traducción ó galego de poemas de Ventura Ruiz Aguilera (1865). Pola súa parte, Murguía, centrado xa nos estudios históricos, comeza en 1862 a publicación do *Diccionario de escritores gallegos*, e en 1865 e 1866 dá a lume os dous primeiros tomos da *Historia de Galicia*. Todo isto en medio dos consabidos atafegos económicos, dos que nunca se verían libres, da inesperada morte da nai de Rosalía (1862), dos problemas de saúde da escritora e das viaxes de Murguía (a Madrid, especialmente), coa pretensión de conseguir un traballo estable, xa obtendo unha cátedra de literatura latina nalgún instituto de Galicia, xa ingresando no corpo de arquiveiros, nada do cal logrou por entón[10].

Como se observa, a correspondencia dura o que a publicación do *Diccionario de escritores gallegos*, que se facía por entregas e non se concluíu. Nas súas cartas, Álvarez de Castro responde ás cuestións bibliográficas que lle vai formulando o historiador a medida que redacta as voces para o *Diccionario*. O Chantre soluciona as dúbidas de Murguía sobre a natureza galega de tal ou cal autor, resume libros, copia portadas e colofóns e incluso lle regala algún exemplar da súa biblioteca, como o valioso *Armas y triunfos*, do Padre Gándara. Ata tal punto Álvarez de Castro comprende e admira o labor de Murguía que toma como cousa propia os traballos do *Diccionario*: "... dudo mucho hallar lo que buscamos, y lo siento porque conozco por propia experiencia cuánto se padece, cuando por falta de datos se deja un punto a obscuras" (12-XI-1864).

10. O desexo dos Murguía de instalárense en Santiago suscita este comentario do Chantre: "Siento los padecimientos de la pobre Rosalía. Deseo que V. consiga lo que pretende para que puedan Vms. vivir a su gusto en Santiago, donde he pasado los mejores seis años de mi vida" (4-I-1864). En canto á catedra á que Murguía aspiraba, nada puido obter, pois conferíase a individuos con grao maior, e o historiador non completara estudios universitarios. Tardaría anos en conseguir praza de arquiveiro, corpo sobre o cal opina o Chantre: "También he sabido que no llegó a cuajar la pretensión de entrar en el Cuerpo de Bibliotecarios y Archiveros, que, dicho sea de paso, es un cuerpo concebido en pecado. Casi sentía que le colocasen a V. entre la guadramalla de Archivos y Bibliotecas!" (23-X-1864).

Murguía aconséllase co sacerdote tamén para procurar canles de venda para o seu libro. A falta de subscritores, da que se queixa o historiador, subleva ó Chantre, que axuíza así ós galegos establecidos en Salamanca: "Los gallegos de aquí son los gallegos de Galicia ni más ni menos miserables y sacrificándolo siempre todo al dinero. Me quema la sangre el considerar que no hay manera de reformar el carácter estrecho de nuestros paisanos. Allá, como aquí, y en todas partes son buenas cabezas pero detestables corazones, salvas contadas individualidades que no se concibe cómo pudieron salir de aquella tierra. Suelto esta andanada porque hay en esta ciudad gallegos a porrillo y ricos por añadidura que temen morirse de hambre si se subscriben al *Diccionario*. Es cosa esta que solo a fuerza de sopapos se pudiera arreglar" (4-I-1864).

Ademais do *Diccionario* e da *Historia de Galicia*, o Chantre menciona outro dos grandes proxectos de Murguía, a compilación de poesía popular galega á que tantos anos e esforzos dedicou e que non publicaría xamais, malia ter título (*Rimas populares de Galicia*) e ata prólogo, como teño anunciado noutro lugar[11]. Escribe don Camilo:

> Cuánto siento no poder ayudar a V. en su empresa del Cancionero gallego con el apéndice de los refranes. 35 años en Castilla me han hecho olvidar todo lo de Galicia, excepto la lengua. Recuerdo en este momento unos versos que he oido aquí a Eliseo Varela de Noya, y los copiaré por si V. no los sabe. Pasaba según parece un mozo sobre su carro, junto a la puerta de la querida, quien a la sazón departía amorosamente con otro *cuyo*. Apenado con esto el mozo cantaba así:
>
> *Pobres baquiñas miñas*
> *s'o meu coidado*
> *como pesa n'alma*
> *pesa no carro.*
>
> Es una hipérbole de sentimiento magnífica. Si recuerdo alguna otra *cantiga* de algún mérito o algún refrán, lo apuntaré todo para mandárselo a V. (23-IV-1865).

Nas cartas hai noticias sobre a elección de Murguía e de Álvarez de Castro como membros correspondentes da Real Academia de la Historia,

11. No arquivo da Real Academia Galega teño encontrado, manuscritas por Murguía, varias versións truncas do prólogo a *Rimas populares de Galicia*. Nunha delas, o historiador explica a importancia desta empresa no conxunto da súa obra, o proceso de recompilación do material, que dá por terminado pouco despois de 1895, e a norma gráfica adoptada na transcrición, que foi a etimolóxica: "Un docto amigo mío, el Sr. d. Flor.º Vaamonde, se encargó de esta tarea, y él fue quien copió como conviene las composiciones q. forman el presente volumen". A copia que, segundo isto, entregou a Florencio Vaamonde Lores debeu de ser copia única e parece definitivamente perdida (*vid.* Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, "Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía", *Boletín da Real Academia Galega*, en prensa).

a proposta de Carlos R. Fort, que o era numerario. Murguía tiña grande interese neste nomeamento, pois pensaba, entre outras cousas, que favorecería a venda da *Historia de Galicia*. Daquela, pide a Fort que presente e defenda a súa candidatura, e esíxelle ademais que nela non interveña Manuel Colmeiro, o coñecido economista galego, que era tamén numerario da institución. A elección tivo lugar na xunta do 26 de xaneiro de 1866 como a desexaba Murguía. Satisfeito, o historiador felicita ó Chantre, que arrefría un pouco o seu entusiasmo: "Lo de la Academia de la Historia vale poco porque es para muchos. Lo que hay que estimar es el buen deseo de nuestro cariñoso amigo. Como quiera que sea recibo y envío a V. con satisfacción la enhorabuena, teniendo en algo la coincidencia del nombramiento de nosotros dos" (5-IV-1866)[12].

Home afectuoso e expansivo, o Chantre comunica cos seus amigos os aconteceres da súa vida, o máis aflictivo, a morte de súa nai. Isto di o eclesiástico: "Encomiéndenmela Vms. por caridad, y por lo mucho que a mí me aman; en cambio yo le pediré que nos encontremos en el Seno de la luz los tres y nuestros difuntos al fin de nuestro viaje por este valle *hondo escuro* como decía nuestro Fr. Luis de León" (21-I-1865). Murguía, que nesta época presumía de descrido, encóntrase a miúdo coas exhortacións do Chantre para que non abandone a fe: "Ruego a V. porque le quiero que crea siempre para hacer frente a los infortunios que tal vez guarde para V. el porvenir" (4-I-1864).

As cartas do Chantre cesan en 1866 por causas que ignoro, pero entre as que creo fundamental o abandono dos traballos do *Diccionario* por parte do historiador. Na inxente correspondencia dirixida a Murguía que se conserva na Academia Galega, só encontro unha mención a Álvarez de Castro posterior a esa data, debida a Carlos R. Fort: "P. S. Hace tiempo que no tengo carta de D. Camilo. Un sugeto de ésta que le vio por la Navidad, me dio expresiones suyas. Pienso escribirle pronto, y le haré presente el recuerdo de V." (Vitoria, 19-II-1870).

A CARTA A ROSALÍA

A mediados de outubro de 1863, a pouco de iniciada a súa amizade, o Chantre acusa recibo de *Cantares gallegos*: "Ya tengo el tomo de *Cantares*

12. Sobre o asunto de Colmeiro escribe Carlos R. Fort a Murguía: "En la última carta de V. hallo un *reto* absoluto para proceder en la consabida propuesta del único modo que permiten las tradiciones de la Academia y la delicadeza en que tales asuntos deben tratarse. Antipático me es también, y mucho, el Sr. C.; pero, eso no obstante, cuando se trató de calificar el *Diccionario* y a fin de sacarle adelante, no tuve inconveniente en ir a su casa y dar otros pasos de consideración hacia él —más antiguo que yo en el Cuerpo, aunque con la diferencia de dos meses—, pasos que probablemente no hubiera dado en asunto propio" (18-III-1865). A actitude reticente de Murguía cara a Colmeiro queda de manifesto na correspondente voz do *Diccionario de escritores gallegos*.

gallegos. No los he leído hasta ahora por falta de tiempo; los leeré en los primeros días de noviembre después que predique en la Catedral el sermón de los Santos. Pido a Dios que me conserve la vida hasta que pueda ver a Vms. dos, de manera que tengamos tiempo de hablar de nuestra Galicia, y de otras cosas más". Alí mesmo anuncia a súa intención de escribir a Rosalía en galego: "Diga V. a Rosalía que pienso dedicarle una de estas noches para escribirla en *galego do meu eido*. Lo hablo hoy como el año de 30 al venir a Castilla. Dígala V. además que se acuerde de mí, como de ella y de V. se acuerda su apasionado amigo El Chantre" (13-X-1863).

Un mes despois escribe a Murguía e inclúe nesta a carta para Rosalía: "Mi querido Murguía: El coro, la Universidad, la Escuela Normal, el confesonario, los sermones, las juntas, los encargos y las visitas, agradables muy pocas e impertinentes las más, me traen aperreado y sin saber por dónde empezar una docena de trabajos que tengo en proyecto. Así es que a trompazos fui escribiendo la carta de la vuelta sólo por cumplir la palabra que había dado a Rosalía. Ese es el gallego que se habla en el valle de Celanova donde nací y me crié. El modo de escribirlo ya saben Vms. que no tiene reglas fijas, y por consiguiente tiene mucho, o lo tiene todo, de arbitrario. Algo es que después de 33 años de castellano, sea todavía tan gallego como se desprende de la muestra" (12-XI-1863).

Transcribo a continuación o texto respectando todos os pormenores da súa grafía e puntuación.

Salamanca 12 do mes dos Santos- 1863-

Rosalía, miña xoya- faiche trinta é tres anos que saín do meu eido- Era o mes da Castañeira cando Dios é a miña sorte me trouxeron pr'esta terra- Non sei, á boa fé, ó que me pasou naquiles días- Solo me relembro de que choraba com'un meniño diante da miña nai é da Virxe do Cristal- Dicianme us; "¿á que vas á Castilla? Eche á terra das chairas que cansan os ollos y'esta xá ves ech'a terra das corgas que nunca fartan os ollos"- Dicíanme outros- "¡Desleigado! Agora que xá andamos xuntando á garamata y'os toxos, y'os fentos secos pros magostos, deixasnos y'os carrolos que ch'abiamos de dar... y'as rapazas qu'enfeitizan y'esta fala qu'enfeitiza mas que as olladas das rapazas... Estás tolo, cuitadiño! Vai con Dios! il t'axude! O chegar ó Padornelo xá verás esbagoando ó que deixas y'á onde vás, e has de renegar, e non has de poder volver- Eu que reloucaba por ver á Salamanca dixen pra miña coroza "Ougá! Dios foi ó que lle deu iste xeito as cousas é vou com'un año por onde il me leva sin presa é sin vagar"- Puxen as costas á todo é deixei as mulleres y'os amigos fedellando é dicindo "Volve axiña, si?"

Cheguei á veira do Tormes, e non se m'esqueceu ó Miño -eso sinin se m'esqueceu falar com'ouvín falar os meus pais, é os meus abós, contandome contos na cociña, vindo saltar as moxenas, é cocer á vica na lareira, é voar á faisca como folepas á luz do candil na gramalleira- Por eso me folguei moito cando vin á "Gaita gallega" con boa palleta é punteiro de marfil, é cando ouvín as "foliadas" que tan ben repinicaba ó Gaiteiro- Por eso lin os teus "Cantares" como come pan un famento, como bican as volvoretas as froles... é por eso vin vaidoso ó meu nome á cabeceira d'un d'iles-

¡Que cantares, Rosalía! olla tu; doulle voltas é revoltas como llas dan á fariña na peneira, é non m'estrevo á tocalos, que son caraveles é mucharianse é perderían ó cheirór s'eu os tocase- Cos teus "Cantares" eres pra min unha meiga que me levas polos piricotos das serras entre cardés é carqueixas, é baixasme polas ladeiras entre touzas é soutos, é bacélos, é de val en val mostrasme as romerias coá gaita y'ó tamboril, y'as conchas y'as ferreñas y'as castañolas y'ó pandeiro y'as voltas y'os puntos da muiñeira dos vellos que é á miña muiñeira- Cos teus "Cantares" eres unha meiga que remexes é espertigas ó corazon, é fás que ó queimen memorias tristes com'as madorras, é frías xá com'a borralla... com'están os mortos na coba... Cos teus "Cantares"... ¿quereis mais? eres unha meiga, pero ¡que meiga! é avantan paredes é degrañanse por ti sin conocerte os que solo te vén n'iles como nun espello- Din que estás probe de saude é que se milloras has de cantar fasta que t'ouvan os chordos; Ay Aramá! d'uxe pra diante heille de pedir á Noso Señor que te poña sana com'un buxo é forte com'un penedo pra qu'abouxes os chordos, é non fastes nin cales namentres non berren todos "Seica é verdái ó que dí esta meiga dos tesouros de Galicia"!

Escoita Rosalía! pra que vexas que vos quero á ti y'ó teu dono, heivos de dicir que me doi á alma vendo ahí tantos homes de testa, capaces d'abranguer moito é ben, que puderan facer esculcas é recoller as cantigas y'os contos de cada heido é botar po lo mundo adiante unha cousa millor qu'á que fixo Macphersson pra honra d'Escocia co as chamadas poesías d'Ossián, é tan boa com'á de Moore sobr'á nova Irlanda, que nosa é po lo que tu sabes- E ¿que fan ises homes?- fozar n'unha lama que afoga á chola y ó corazon;... é deitarse nun paraíso, que porqu'iles se deitan é o paraíso dos probes,... ou facerse anacos us os outros como cás... Se non foran tan fozós é tan prigizás, é non anduberan sempre á quen malla mais, ben lle podían decir os nosos libros de Cantigas é de Contos "Quitaivos d'ahí non nos luxedes" os "Romanceros" é as "Leyendas" dos gabachos de Castilla-

Quedo abanando co medo de que has de achar moito chao é poucos outeiros nesta carta dos meus pecados- Faite cargo que non son cotorlía que cantando s'ergue da terra, é cantando vay arrubindo fasta

ó ceo, se non un paspallau que fai que canta é non canta, sempre escondido nos regos da terra, ou enguruñado nun burato.

A Dios, ¿sí? tenme de cote no seo, ben gardadiño, si? qu'alá tés ó pensamento do teu paisano d'Ourense

Camilo Alvarez de Castro

VALORACIÓN

Para valorar a carta que vimos de ler cómpre facermos antes unha breve consideración sobre o libro que a suscitou. Desde a perspectiva actual, tendemos a imaxinar que a aparición de *Cantares gallegos*, como obra fundacional da literatura galega, constituíu unha verdadeira revolución, unha conmoción para as xentes da cultura, con consecuencias que o país enteiro non tardaría en percibir. E se así foi, desde logo, a medio e a longo prazo, no seu momento Galicia dispensou unha pobre recepción á obra. O número de edicións e de recensións críticas non deixa lugar a dúbidas: entre a primeira edición de *Cantares gallegos* (1863) e a segunda (1872) transcorren nove anos, e haberá que esperar ata 1909 para ver a terceira. Máis elocuente, se cabe, é o número de recensións aparecidas na prensa: dúas en 1863 (en Galicia) e unha en 1864 (en Madrid)[13].

Do desgusto de Murguía temos noticia indirecta polo seu epistolario, inédito pero a disposición dos investigadores na Academia Galega. Vexamos por exemplo a opinión de Ramón Segade: "En cuanto al libro de los *Cantares*, he visto efectivamente y con sorpresa que nada decían los periódicos, pero de esto lo creo a V. culpable, y diré por qué. V. vio que le habían ofrecido hablar los sujetos que V. nombra en la suya y V. se quedó *callandito*, esperando que ellos abran la boca: monte V. a caballo de ellos, y puesto que ni lo bueno se le empuja sino empujando a la vez, empujar y darle hasta cansarse; yo creo que este es el método" (Santiago, 26-II-1864).

Entre os amigos da parella a acollida non foi menos fría: poucos felicitaron a Rosalía e os que o fixeron, fixérono a través de Murguía, sen escribiren particularmente á autora. Cuestión ata certo punto comprensible, xa

13. As recensións son: de José López de la Vega (*Galicia*, Coruña, 16, 15-VIII-1863; 17, 1-IX-1863); de José María Posada (*Faro de Vigo*, 26-VIII-1863); de Ventura Ruiz Aguilera (*El Museo Universal*, Madrid, 22, 29-V-1864; 23, 5-VI-1864). Sigo neste punto as investigacións de Xesús Alonso Montero, que exhuma as dúas primeiras recensións completas e parte da terceira na utilísima colectánea *En torno a Rosalía* (Júcar, Madrid, 1985). Aurora López e Andrés Pociña non engaden ningunha outra na súa bibliografía rosaliana (*Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*. La Coruña, 1991).

que as relacións literarias de Rosalía eran, antes, relacións de Murguía, e estaban en consecuencia mediatizadas ou controladas por este. Por outra parte, na época era inusual manter correspondencia cunha señora casada, ata tal extremo a muller non existía senón en relación co seu marido e vivía, puideramos dicir, por delegación. A Camilo Álvarez de Castro, como sacerdote, estábanlle permitidas liberdades que ós demais non, de modo que a carta é excepcional, en primeiro lugar, por isto: é das moi poucas que existen dirixidas a Rosalía de Castro e a única de felicitación ou agradecemento pola publicación de *Cantares gallegos.*

Presentamos esta carta como a primeira en prosa escrita en galego moderno e, en efecto, é a primeira que coñecemos desde que o galego se extinguiu como lingua de comunicación escrita[14]. As últimas cartas privadas de que temos noticia figuran na correspondencia do conde de Gondomar e datan de principios do século XVII; desde entón ata que xorden as Irmandades da Fala (1916) o galego desaparece do comercio epistolar. O Rexurdimento, que restaura o galego para os dominios da arte, non o utiliza como lingua de comunicación, de xeito que os rexurdimentistas escríbense sempre en castelán, como ben proban as cartas cruzadas entre Rosalía, Murguía e Pondal. Neste sentido é modélico o tantas veces aquí citado epistolario de Murguía, que abrangue un longo período de tempo (1857-1923) e un grande número de correspondentes, e no que non lembro cartas redactadas en galego ata ben entrado o século XX, quizais en torno a 1920, e aínda estas serán semipúblicas ou testemuñais. Outro exemplo que quixera mencionar polo ilustrativo é o da correspondencia emitida e recibida pola Academia Galega na época da súa constitución (1905-6): entre a Academia e a multitude de membros numerarios, adxuntos e correspondentes elixidos (trescentos, en concreto) unicamente hai unha carta en galego. Importa aclarar que a carta, debida a Eduardo Lence-Santar y Guitián, e datada en Mondoñedo, o 20 de xaneiro de 1906, está concibida nun estilo falsamente popular que a fai risible desde o mesmo comezo ("Escolmado literato...") ata o final ("Súa chouza...").

14. Existe unha carta anterior á de Álvarez de Castro, pero non está escrita en prosa, senón en verso e mais en prosa, o cal implica unha diferencia substancial. Trátase da carta dirixida por Francisco de la Iglesia ó seu irmán Antonio, o 22 de febreiro de 1860, conservada no arquivo da Real Academia Galega e exhumada recentemente pola profesora Áurea-Elena Rey Majado ("La primera carta conservada escrita en lengua gallega", *Zalaeta*, revista cultural do I. E. S. Ramón Menéndez Pidal, nº 0, 1998, pp. 28-35). É esencial aclarar que Francisco de la Iglesia utiliza o galego, nesta ocasión, porque non concibe a carta ó seu irmán como tal carta (é dicir: como un medio de comunicación), senón como unha epístola en verso (é dicir: como un divertimento literario). Véxanse os catro primeiros: "Meu hirmanciño da alma/ chegoume a tua cartiña/ que a teño cas que adepresa/ por estar na nosa lingua..."; falto de tempo para continuar versificando, Francisco de la Iglesia rematou a misiva en prosa. Debo o coñecemento desta carta, publicada nunha revista escolar de escasa circulación, ó historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Razóns todas que poñen de relevo a singularidade da carta que hoxe publicamos. A principal característica que esta presenta é que non se produce como unha situación normal de comunicación. Camilo Álvarez de Castro usa o galego como un sinal de particular estimación, como unha maneira de achegarse afectivamente á súa interlocutora. Deste xeito, a carta é o obsequio que Camilo Álvarez de Castro entrega a Rosalía para corresponder ó que ela lle fixo dedicándolle un poema no seu primeiro libro en galego. Obra, por outra parte, dunha transcendencia que o Chantre moi ben comprende, non en van coñece e cita os *Cantos de Ossián*, debidos a Macpherson, as *Melodías irlandesas*, de Thomas Moore, e as Foliadas do Gaiteiro, ou sexa, *A gaita gallega*, de Juan Manuel Pintos.

A lingua do Chantre posúe esa veracidade que admiramos en Rosalía, aínda que é máis precisa e coidada cá desta (o Chantre fala de "chairas", por exemplo, onde Rosalía falaría de "llanuras"). O sacerdote fotografa o galego do val de Celanova, cos seus característicos "ouvir", "il", "ise", "us" e formas como "cotorlía", "paspallau" ou "verdai" que tan enxebremente nos soan. Só por excepción emprega palabras que nunca temos oído e supoñemos forxadas a partir da literatura, como "fasta", que por certo ocorre unha vez en Rosalía, concretamente en *Cantares gallegos*[15]. Tamén é estraña para nós a palabra "chordos", co evidente significado de 'xordos', e ignoramos se tal fenómeno acontece ou aconteceu acaso en Celanova.

É mágoa que o Chantre destruíse as súas composicións galegas, pois a xulgar pola mostra había de ser un bo poeta costumista. Costumista é a súa carta, que nos transporta á vida da aldea, a unha vida pastoril ou de égloga galaica na que os pegoreiriños pasan o día a escoitaren o canto dos paspallaus e das cotorlías, e as noites pasan a contaren contos á luz do candil. Camilo Álvarez de Castro amosa unha concepción do galego en certo modo diglósica, pois a súa carta está concibida en ton e estilo popularizantes, aínda que en ningún momento resulta falsa ou risible. O idioma determina o estilo, o idioma impón o xénero, de tal xeito que, antes case que unha carta, o Chantre escribe un conto, un conto no que conta a súa marcha de Galicia, a saudade que sente nas chairas de Castela, a aparición gozosa do Gaiteiro e da meiga Rosalía, o fermoso e puro dos seus cantares e a neglixencia dos galegos, que non recollen e estudian a súa literatura oral.

De tal maneira o código configura a mensaxe que o eclesiástico fai o que endexamais faría nunha situación normal de comunicación: trata

15. Rosalía ignora as formas tradicionais desta preposición e utiliza dun xeito constante o castelanismo "hasta", case sempre modificado en "hastra". A forma "fasta", tamén castelanizante, aparece nunha soa ocasión, en *Cantares gallegos*. Compañel, Vigo, 1863, p. 107, v. 4 (*vid.* Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria. *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*. Tese de licenciatura, Universidade de Santiago, 1986, p. 133, inédita).

de ti a Rosalía. Se o Chantre atúa á súa interlocutora nunha época na que todo o mundo se trataba de vostede, non é porque desexe infrinxir as normas de convivencia máis elementais, senón porque lle escribe en galego, e o galego é, para o sacerdote, a lingua da casa, a lingua da nai, a lingua da afectividade. En certo modo, podemos concluír que a carta do Chantre non se dirixe a dona Rosalía de Castro, escritora e esposa de don Manuel Murguía, señora a quen sempre trataría de vostede, senón que se dirixe a un ente de ficción, a esa "meniña gaiteira" que rompe a cantar no primeiro poema de *Cantares gallegos* e reaparece no derradeiro para dar conta do seu labor.

Despois de 1863, Camilo Álvarez de Castro non volve utilizar o galego na súa correspondencia cos Murguía, pero esta lingua, por completo ausente da súa relación co historiador, quedará por sempre asociada a Rosalía: "Una memoria muy cariñosa, *moito moito* a Rosalía y para V. el aprecio de su aporreado amigo El Chantre", escribe o 21 de xaneiro de 1865. E o 30 de maio de 1865: "A Rosalía y a V. les ruego que cuando vayan de paseo, orillas del Sar en estos días que son los alegres del año, se acuerden de este amigo suyo que en mejores tiempos tocaba a la sombra de esos sauces *o punteiro dos pegoreiriños d,esa terra*".

V. Á. R. de O.



Salamanca 12 de mes de Outubro — 1863.

Senhora, minha prima, faide hoje á tres annos que saí do meu lido. Era o mes da Castanheira cando Dios é a miña sorte me trouxeron por esta terra. Non sei, a boa fe, o que me pasou naquelles dias. Sólo me lembro de que choraba con un Menino diante da miña nai e da Virgen da Soledade. Diciánme Vos: "A que vas á Cavilla." Eche a terra dos chaiños que Deixan os ollos; y esta vai ves eche a terra das Borgas que nunca fartan os ollos. Diciánme Outros: "Desleigado!" Agora que vai andando Mundando á Garamuela y os tornos, y os fentos, seos prós, magostos, deixamos, y os carrotos que chabamos de dar.... y as Nieves que enfeitaran y esta fala que enfeitiza mas que as Olladas das Nieves.... Está tudo cuidado! Vai con Dios! Il t'amude! O chegar o Aldornelo vai verás esbagoando o que deixas y a onde vas, e has de Venegar,

e non has de poder volver— Eu que valoriaba por ser á Salamanca dixen para mima corra Ou Gué! — Dios foi o que lle deu este xeito as cousas é vai con tu Ou por onde él se leva tu perna é tu xugar" Ouxen os contos á todo o dicirá os Mullers e os amigos se dellando é dicindo "Filla abrina, ti Gué"

Cheguei á Veiro do Corral e non te m'esquecen o Nino no te— nin te m'esquecen falar con ouvir falar os meus pai, e os meus avós, contandome contos na cousina, vendo saltar as Morenas, é coser á vela na Xareira, é voar á faisca como foleses á luz do Candil na Gramalleira— Por eso me folguei moito cando vin a "Gaita Gallega" con tua palleta é pandeiro de Marfil, é cando vinin as "Folhas" que tan ben Repiniaba o Gaiteiro— Por eso lin os teus "Cantares" como comprar un flamento, como buscar as xoiaras as frolas... e por eso vin vaidoso o meu nome á cabeceira dun d'eles—

¡ Que Cantares, Rosalá! Ella tes dou-

de volta e revolta como ella dai á farinha
sua fermina, e nos m'ensinou a tocar, que sin
cascavelas e machadinas e perderam o cheiro d'eu
o tocar. Os teus "Cantares" eres pra min
unha Meiga que me tens por os fenestros das
cornas entre tardes e carquejas, e bailarme pe-
las tardes entre toxos e soutos, e baixo,
e de xeral en xeral mostrarme as Nomeiras co
gaita y o tambiriti y as comelas y as fermosas
y as castañolas y o frandeiro y as volta
y o punto da Muñeira dos Nellos que é
a minha Muñeira. Os teus "Cantares"
eres unha Meiga que remestes e esforzas
o corazon, e fas que o queimen memorias tris-
tes com as madorras, e fas ra com a bonda-
da.... com estan a morrer na Coba.... Os
teus "Cantares"... queres mais? eres unha
Meiga, pero! que Meiga! e tamen faredes
o desgraciado por ti un tempo os que
te vin vela como meu espello — Din
que está fonte de Sanxo é que te mello-
ra nas de Cantar fasta que t'oxuxan os

chirdes, Ay Orzamá!! d'ahora pra diante heille
de pedir a Deus que te poña tanta coisa
bueno é forte com un penedo pra que abaixes
os chorros, é non faites nin calles namentras
non berren todos "Deixa o verdái o que di
esta meiga dos tempos de Galicia!!
Escuta Moraliña! pra que vendes que
eu quero a ti y'ó teu home heiros de dinheiro
que me dá á alma vendo ós tantos homes
de testa, capaces d'abranquer moito é sen
que puderan facer escitar é rocillar os antigos
y'os outos de cada hado é brair pro lo mundo
de adiante unha Orxa millor que á que
fizo Macpherson pra homa d'escuitar e as
chamadas poesías d'Ossian, é tan boa como
a de Moore sobre a moza Mauda, que
moza é pro lo que tu sabes. Ey que
fan os homes? — foras nunha lama que a
forza d'ó choro y'ó corazon.... e deixaríe meu
paraiso que porque ibes te deixen é o paraiso
dos pinchos... ou faceu andar os
outros como caes.... Se non foran tan poucos



é tan fríxida, é non andaberan tempo á quem
malla máis, ben lle podían dar os nove
libros de Camiñas e de Cantos "Cantigas d'ata
non vai lumes" os "Romanceiros" e as "Leyen-
das" dos Gabaches de Castilla.

Pueda Abranches o medo de que ha
de achar moito chao e pouca cabeza
nesta carta dos meus pensados. Aínda
carga que non son Corrolia que cantando
f'erque da terra, e cantando vay combinda
feita á ceo, se non un pasapallaro que fai
que canta e non canta, tempo escondido nos
rexos da terra, ou enguirnaldado nun buraco.

A Dios, di-lle terra de Coruña no
ceo, ben gardadiña, di-lle que alí tes
o pensamento do teu paisano d'Ourense

Eduardo Álvarez
de Castro

Vintecinco anos dunha demanda histórica: cine galego, 1974-1999

Miguel Anxo Fernández

Unha cinematografía acada a súa razón de tal no intre do acceso a unha pantalla para someterse ó seu público natural nas mesmas condicións de competencia coa restante oferta do mercado. Pode que sexa unha definición pouco académica pero hai coincidencia xeneralizada en considerar que é nese intre cando cristalizan todos os procesos encamiñados a ese fin, e o cine galego non pode evitar medirse por estes parámetros. Asúmese tamén que un producto se prestixia nas salas, cando aparece finalmente proxectado sobre unha pantalla grande.

O resto da obra audiovisual (teleseries, videocreación, multimedia...), con ser tamén expresión viva dunha cultura a través das imaxes, vai a carón da circunstancia anotada. Non é o mesmo a incidencia sociolóxica da estrea masiva dunha longametraxe como *Sempre Xonxa* hai dez anos ou *Fisterra*, non hai moito, que a aceptación popular de seriais como *Mareas vivas* (case un fenómeno sociólóxico), *Pratos combinados* ou *A familia Pita*, por citar uns exemplos. No primeiro caso dáse a característica do producto cultural de trazos concretos e perfilados, de obra pechada en si mesma que se manterá no tempo como tal, á parte do feito de ser posuidora de claves universais, mentres no segundo a transcendencia de cada episodio dura o que a súa emisión, suxeita a todos os incómodos condicionantes do consumo televisivo (incluído o *zappeo*) para ser devorado pola masiva oferta das restantes canles sen poder saír dunhas claves pechadas que a fan doadamente aceptada polo mercado local pero moi limitada cara á súa exportación a outros mercados. Coas películas non acontece o mesmo, e son elas as que aquilatan unha cinematografía.

Despois de quince anos falando de cine galego e de producir unha manchea de curtametraxes en 35 milímetros, a nosa sociedade non comezou a ter conciencia real do tema ata 1989, coa presencia e posterior estrea de *Sempre Xonxa*, acompañada de *Continental* e *Urxa*, as outras dúas longametraxes que contribuíron naquel tempo a darlle unha forte presencia mediática. A reflexión vén ó caso por se asumir como incuestionable o feito de que o cine dun país principia a súa andaina real en canto dá o salto ó gran formato e se encarrila no circuíto convencional. "Sólo podrá existir el cine gallego cuando exista un público que pueda consumirlo económica y culturalmente, que se sienta identificado con ese cine", como afirmaba o director Antonio F. Simón en 1976[1].

Foi dus anos antes, hai pois vintencinco, cando o ourensán Eloi Lozano fixo a curtametraxe *Retorno a Tagen Ata* en 35 milímetros sobre texto de Méndez Ferrín, principiando oficialmente para Galicia a xeira dun cine de seu respondendo ó cativo pero ilusionante proceso comezado a ferver tempo atrás á sombra de filmadores no formato Súper 8 e 16 milímetros, en cidades como A Coruña e Santiago, tendo como patriarcas recoñecidos a José Ernesto Díaz-Noriega ou Rafael Luca de Tena, e como remate a procesos de debate e reflexión cristalizados en 1973 arredor da I Semana de Cine de Ourense. Partira aquela Semana sostendo que "o cine galego é a conciencia da súa nada. Xa é algo", e remataría, en verbas do seu principal promotor, o xornalista Luís Álvarez Pousa, "cunha cousa en claro: a língua galega especificaría a autonomía dun cine galego"[2].

Cartel das II Xornadas de Cine en Ourense, 1974.

1. Hernández Les, Juan. "Mesa redonda en torno al cine gallego", *Cinema 2002* 22, 1976.

2. Álvarez Pousa, Luís. *Almanaque (1950-1975)*. Galaxia, 1975. Recollido por González Álvarez, Manuel, en *Documentos para a Historia do Cine en Galicia. 1970/1990*, C.G.A.I., 1992, p. 185.

Sen embargo a andaina non foi curta nin doada, nin tan sequera acadou aínda a meta da normalización ás portas do terceiro milenio a pesar do importante avance rexistrado en sectores como a producción ou a difusión no marco da implantación plena da Autonomía. Entre outras cousas porque o país, malia diferentes tentativas nunca rematadas (quizais a etapa de perfís mellor definidos foi a da Dirección Xeral de Cultura no bienio 1983-1985) carece dun proxecto global ou integral arredor do audiovisual. Rematou o tempo dos francotiradores pero falla aínda o elo que aglutine a producción, a distribución, a exhibición, a promoción e a difusión baixo unha idea común para rematar nun sector competitivo, que non só teña un perfil de seu como galego senón que acceda sen complexos ó gran mercado.

Nó tempo transcorrido desde a aparición de *Retorno a Tagen Ata*, a reivindicación do cine propio avanzou parellamente a unha intensificación das pescudas no seu pasado, á procura de bases que permitisen establecer ou restituír a relación do país co novo invento desde as primeiras exhibicións a finais de século, e mesmo antes cos espectáculos precinematográficos.

Cómpre salientar que cando se orixina o actual proceso, os nosos cineastas e intelectuais motívanse máis mirando cara ó que acontecía en Cataluña (o primeiro gran referente para o desenvolvemento do cine nas nacionalidades históricas) ou mesmo no cine político proposto desde algúns países latinos, xunto a tímidas reivindicacións galeguistas á sombra da oposición ó franquismo, que pola existencia dun sólido "corpus teórico" nutrido tamén na tradición ou no coñecemento do que xa fixera Galicia coas cámaras desde o seu nacemento a mans dos Lumière. Como moito había consciencia da existencia da menosprezada "gallegada" ou do desaproveitamento que a industria española facía da nosa realidade sociocultural e das paisaxes e tradicións, agás a unanimidade amosada encol de *El bosque del lobo* que Pedro Olea filmara sobre texto de Martínez Barbeito por terras ourensás a finais de 1969, cando xa agromaban as primeiras inquedanzas arredor do cine galego[3].

Mentres no país catalán había unha certa infraestructura industrial (platós como os de Esplugues de Llobregat, distribuidoras poderosas como a primitiva Filmax ou unha notable nómina de cineastas agrupados arredor da chamada Escola de Barcelona) e unha intensa actividade filmadora nos pequenos formatos, Galicia, para o caso, partía absolutamente de cero.

3. Rabón, Xosé M. "A percura dun cine galego", *Grial* 40, Vigo, 1973, recollido en Manuel González Álvarez, *op. cit.*, p. 169, escribía no considerado primeiro texto precursor para unha historia do cine en Galicia, que "[...] esta cinta recolle, cunha sensibilidade estraordinaria, moitos dos máis importantes valores da nosa terra, estudando o peculiarismo dos costumes con detimento e cunha realidade dina de loubanza".

A FECUNDA REVISIÓN HISTÓRICA DO CINE EN GALICIA

Temos polo tanto que mentres o cine galego arrancou lentamente, condicionado polas limitacións económicas, sen abeirar o seu complexo de inferioridade, e de costas ós alicerces industriais xa existentes no país (tiñamos exhibidores e distribuidores ós que sen embargo non se implicou ata 1989, cando a estrea das tres primeiras longametraxes), o eido da investigación histórica avanzou con mellor ritmo recollendo excelentes froitos no mesmo cuarto de século. Xustamente o máis sorprendente de todos, que sitúa a Galicia nas orixes do cine en España, estivo na descuberta por parte dos investigadores galegos José Castro de Paz e José María Folgar de la Calle, coa colaboración do vasco Jon Letamendi, de que un fotógrafo coruñés de orixe francesa, José Sellier, foi o primeiro en filmar con cámara Lumière en España cando recolleu *El entierro del general Sánchez Bregua* na cidade herculina en xuño de 1897, máis de dous anos antes de que Gimeno fixese a súa *Salida de misa de 12 del Pilar de Zaragoza*, sen embargo considerada polos estamentos oficiais como a primeira película española.

Coido que aínda hoxe non se dimensionou abondo a transcendencia desta aportación ó acervo cultural galego, de aí tamén o descaro co que institucións como a Academia do Cine ou o Ministerio de Cultura "pasaron" do tema cando os fastos do Centenario do Cine, xa que recoñecer a aportación de Sellier supuña estragar a montaxe millonaria prevista para a celebración arredor da capital aragonesa, e a saber se non era tamén cousa incómoda asumir que a chegada do aparello Lumière ó territorio español acontecera desde unha comunidade histórica como Galicia con toda a simboloxía que iso representaba. Foi tal o enredo, que se tentou lavarlle a cara co eufemismo de que a película maña era "a primeira conservada", pois lamentablemente ese xa non é o carácter da filmada por Sellier. En todo caso, agás descubrimentos contrarios que os especialistas consideran xa moi pouco probables, somos o berce do cine español. Sorprendente.

Foi principalmente á sombra da Universidade de Santiago e do seu responsable á fronte da Cátedra de Cine, o profesor Ángel Luis Hueso, como agromaron moitas das descubertas para establecer unha especie de precine ou de paleocine galego que ó cabo nos leva a aseverar, coa única salvidade da fala, a agromanza da idea dun cine propio xa nos anos anteriores a 1936, reforzada coa tímida creación de pequenas empresas de producción (Galicia Cinegráfica, de José Gil; Folk, dos irmáns Barreiro), distribución e exhibición (Espectáculos Celta, de Isaac Fraga), ou mesmo de desenvolvemento de patentes (o Cinecromo, de Enrique Barreiro), en boa parte frustradas polo drama da Guerra Civil. Deuse igualmente un mellor coñecemento da etapa precinematográfica, do chamado "cine da

emigración" e mesmo de aportacións teóricas fundamentais como foi a de Carlos Velo cando presentou en 1956 ó I Congreso da Emigración en Bos Aires o seu proxecto dun Centro Cinematográfico Galego que de terse desenvolto en circunstancias históricas favorables suporía o nacemento real dun cine de noso dotado de infraestructura propia.

Pioneiros da exhibición como Pinacho, Barbagelatta ou Lino Pérez, pero sobre todos Isaac Fraga Penedo, promotor dun verdadeiro imperio exhibidor que estendeu as súas raíces a outras cidades españolas e filmadores como José Gil ou os irmáns Barreiro, creadores das súas propias productoras e con ambiciosos planos de expansión só estragados por circunstancias contrarias, artellaron, quizais sen a necesaria conciencia e coordenación, as bases dun cine autóctono, certamente máis centrado no documental que na ficción, pero non por iso a desconsiderar.

O FRUSTRADO XERME DOS ANOS TRINTA

Foi nos anos trinta cando máis preto se estivo de encamiñarse ó obxectivo. Ós esforzos dos nomes mentados engadiriamos o traballo que estaban a facer os realizadores da agora chamada "escola documentalista ourensá" como Carlos Velo (autor de *Galicia*, quizais a primeira película reivindicativa de país desde unha perspectiva industrial —producía Vicente Casanova, o de CIFESA—, pero tamén nacionalista por canto que no seu deseño participaron sen acreditarse, Dieste, Xocas, Torner e Bal y Gay ou Castelao), Antonio Román (en *Canto de emigración* propuña unha aproximación estética pero non ausente de cuestionamento do tema migratorio) ou o fotógrafo José Suárez (que non puido rematar *Mariñeiros* por fuxir dos franquistas). Se a iso engadimos o filme de Enrique Barreiro para a Campaña do Estatuto de Autonomía, *Por unha Galicia nova / Hacia una Galicia mejor* de 1933, pódese trazar a hipótese nada desventurada de que as cámaras comezaban a achegarse á realidade do país e a ser aceptadas como unha canle expresiva máis a prol da nosa cultura. Xustamente, e como sinala Xosé Enrique Acuña[4], diante desta película o xornalista Xohán Carballeira xa ve nela a posibilidade de vertebrar un cine propio "así en una superación de su ejercicio profesional entre un derrotero de más categoría, ya en el puro campo del Arte, acometiendo el intento de un cine gallego, sólidamente nuestro".

Púidose saber igualmente do rexeite da intelectualidade dos anos 10 e 20, como ben afirma Xosé Nogueira[5] no senso de que "desprezou e

4. Acuña, Xosé Enrique. *Da historia do cine en Pontevedra. 1897-1936.* A Nosa Terra, Vigo, 1996, p. 157.
5. Nogueira, Xosé. *O cine en Galicia.* A Nosa Terra, Vigo, 1997, pp. 11-12.

abandonou o cine como arma cultural e política nun tempo que promoveu, entre outras cousas, o Teatro, a Pintura, a Historiografía, a Filoloxía, a Etnografía, a Ensaística e as Ciencias Naturais e Aplicadas". Esa circunstancia xogou moi á contra no seu desenvolvemento, abeirado unicamente para filmacións documentais. Coñécese tamén que a tendencia comezou a se inverter á sombra das ensinanzas dos mestres soviéticos coas películas que chegaban a España, amosando o cine como algo máis que puro entretemento e espectáculo de barracón. Nese labor haberá que anotar os incipientes, pero escasos, cineclubs da época. De aí a importancia do mentado filme de Barreiro ou da filmación *El Seminario de Estudios Gallegos en Deza*, na que novamente este director recollía os traballos de campo feitos por terras de Lalín e Silleda por membros da institución, entre eles Otero Pedrayo, Cuevillas ou Risco.

Anotados estes factores, semella inapelable a conclusión de que a arela de imaxes propias comezaba a agromar neste tempo. A navallada do 36 partiu un proceso que non se retomaría ata comezos dos setenta. Pero mentres a Cataluña da posguerra puido resistir cunha industria que timidamente nunca renunciou á idea dun cine nacional, Galicia, os seus pensadores e o seu empresariado non puido, non soubo ou non quixo retomar e encarrilar aquel nacente proceso. Certo que o uso do idioma permanecía asoballado polo franquismo pero nin sequera se tentaron outras aproximacións aínda co sacrificio da lingua. Anótase a curiosidade de que filmes como *El famoso Carballeira* (Fernando Mignoni, 1940), *Mar abierto* (Ramón Torrado, 1946), *Viento del norte* (Antonio Momplet, 1954) ou a versión orixinal de *La casa de la Troya* (Rafael Gil, 1959), entre outros, incluían varias cancións típicas (nota costumista e folclórica, é certo, pero en galego a fin de contas), e mesmo en *Sonatas* (Barden, 1959) metíanse uns poucos diálogos na nosa fala, concretamente na "Sonata de inverno". Tampouco foron as únicas. Quere dicir isto que esa pequena fiestra aberta en canto á lingua ("dialecto" era a terminoloxía empregada) pola férrea censura española, nun contexto asumido de cine con ambiente rexional, por pequena e devaluada que fose, tería servido tamén para o caso de tentar desde Galicia unha producción autóctona en anos tan escuros[6].

Nin o puxante exhibidor carballinés Isaac Fraga Penedo, nin o poderoso productor vigués Cesáreo González, nin directores prolíficos como

6. É moi significativa a anécdota arredor de Rafael Gil (cineasta de recoñecidas cualidades artísticas pero tamén de fortes convicciòns a prol do réxime franquista) e da súa película *Siega verde* (1960), sobre a novela *Verd madur* do escritor catalán Josep Virós. A Warner estreouna co título castelán pero repúxoa en 1967, dobrada ó catalán e repetindo o cartel pero xa co título orixinal *Verd madur* en vez do castelanizado, que ía de subtítulo. Tal cousa non se fixo con filmes ambientados en Galicia, de certa dignidade artística e do mesmo autor, como foron *Camarote de lujo* (tomada de *Luz de luna* de W. Fernández Flórez) ou *La casa de la Troya* (sobre a obra homónima de Pérez Lugín), que sen embargo tiveron posteriores reposicións nas carteleiras.

Antonio Román ou Ramón Torrado, sentiron a necesidade de potenciar a infraestructura ou aportar unha maior dignidade ó cine feito en ou sobre Galicia, pregándose pola contra ós dictados e privilexios do franquismo mentres axudaban con entusiasmo a consolidar a "gallegada" (sobre todo Torrado) como burleiro reflexo da nosa identidade diante do público español[7]. Malia todo, a historiografía, na súa teima de pescudar feitos e analizar tendencias coa intención de derrubar falsos mitos e matizar tópicos, descubriu interesantes aportacións en filmes catalogados á lixeira no grupo das "gallegadas" pero de forte e incuestionable interese, sexa plástico, narrativo ou sociolóxico, como os casos de *La casa de la lluvia* (1943) de Román, *Camarote de lujo* (1957) ou a mentada *La casa de la Troya* (1959), ambas de Gil, por citar só algunhas. Películas que de producirse aquí, non desmerecerían, malia carecer da fala, co engadido favorable de ter un alto nivel técnico e profesional, procedente da industria centralizada en Madrid.

1974, ANO CERO PARA O CINE NA NOSA LINGUA

Vintecinco anos é un período longo e cómodo para mergullarse na análise do coñecido como cine galego, sinalar logros, anotar carencias, cuestionar filmes ou autores, e revisar obxectivos ou maneiras de facer as cousas. Quizais manteñamos actualmente unha gran dose de voluntarismo e quizais a sociedade careza aínda de conciencia sobrada arredor da importancia do fenómeno, comezando polas institucións que non rematan por ter claro a necesidade do elemento audiovisual como ferramenta útil para conservar a identidade. Con ser escasos, déronse pasos. Evidentemente ninguén ten a solución máxica ó problema pero parece certo que bastaría con máis vontade política e un maior entusiasmo empresarial para encarrilar ese obxectivo ata vieiros efectivos e rendibles, no marco do sector estratéxico que é o audiovisual e polo tanto imprescindible para a propia pervivencia da identidade do país.

A revisión do acontecido deberá facerse á sombra do desenvolvemento dos diferentes sectores e das súas iniciativas, nos productos ofertados (tanto desde Galicia como desde o resto do Estado), na súa repercusión social e cultural, e no traballo teórico e histórico desenvolto ata a data. Cómpre fuxir da autocompracencia, do cine galego como cousa normalizada, xa convertido nunha criatura adulta capaz de cami-

7. Sen embargo a "gallegada" foi un fenómeno aínda sen estudiar a fondo. Respectamos aquí o concepto devaluado vixente ata agora como reflexo dunha idea de Galicia falseada polo cine, pero cómpre sinalar a necesidade de cuestionalo pois na revisión dos filmes agrupados baixo esa etiqueta comezan a detectarse valores que van máis aló das lecturas superficiais feitas ata agora. A algúns dos filmes xa nos referimos no texto.

ñar soa. As cousas non son así, malia, insisto, haber indicios que fan sermos máis optimistas que hai dez anos, cando a estrea no Cinegalicia vigués das tres primeiras longametraxes e por suposto en 1974, cando a aparición do filme de Lozano.

Tomando como referencia esa data (pero considerando que houbo o período anterior á Guerra Civil, aínda sen perfilar nos detalles e á espera de novos alumbramentos historiográficos), e nun relatorio xenérico, poderiamos afrontar a andaina transcorrida desde diferentes ángulos, valorando ou cuestionando o conseguido e anotando as claves do porvir. Entramos nun tempo, o terceiro milenio, no que novamente han de abrirse espacios para a reflexión. A batalla dos contidos estase a desencadear en Europa, e Galicia ha de procurar subirse ó carro participando desa ampla área de comunicación globalizada sen renunciar a ter a súa propia.

Cómpre considerar que a reivindicación prioritaria do idioma, a clave definitoria por si do noso audiovisual en xeral, vai camiño dunha dispersión ou dunha degradación sempre negativa. Cando non conseguimos consolidar unha producción razoable de dúas ou tres longametraxes por ano, atopámonos con que ó mesmo tempo se estrean nas nosas pantallas filmes norteamericanos en galego[8]. O que sen dúbida é positivo para regular a fala (e niso contaron moito as intensas campañas promovidas pola Mesa pola Normalización Lingüística), pode rematar afogando o obxectivo primeiro dun cine propio porque estamos diante de filmes estándar (feitas con abundantes presupostos, por tanto comercialmente máis competitivas) contra as que sempre será complicado resistir desde a obra feita no país. Por riba acceden co engadido do idioma. Ou mentres a Escola de Imaxe e Son se converte felizmente na primeira factoría de curtametraxes[9], a lingua xa non parece prioritaria nos seus proxectos de producción. Son indicadores distorsionantes na unanimidade dun proxecto necesitado de sinais de identidade.

8. En 1998, a distribuidora de ámbito estatal Filmax, afincada en Barcelona e propiedade do lugués Julio Fernández, asinou un convenio coa TVG e coa Xunta de Galicia a través das Consellería de Cultura e tamén de Educación, polo que se comprometía a estrear dobrados ó galego ata un máximo de cinco filmes anuais procedentes dos fondos do seu catálogo. Comezou por *Un amor por descubrir* (Irlanda, 1998), e seguiron no ano seguinte *Os padriños do noivo* (EE UU, 1998), *A noiva de Chucky* (EE UU, 1998) e a de animación *Gummer* (España, 1999).

9. Entre 1991 e 1994, a EIS fixo arredor de sesenta traballos por curso en diferentes formatos (UMatic HB, Umatic HP, Hi8milímeros, 16 milímetros, S16milímetros/35 milímetros...), regularmente escolmados en casetes VHS para a súa promoción dentro e fóra das nosas fronteiras.

A PRIMEIRA DEMANDA INSTITUCIONAL DA IMAXE GALEGA

Cando nos anos setenta comezan as reivindicacións en Galicia á exhibición e distribución, estas convertíanse en innecesarias ó non existiren filmes para canalizar. Xa daquela se aventurou o proxecto dunha productora-distribuidora de nome Nós, que finalmente ficaría só en boas intencións. Malia insistir no tempo seguinte na busca das ferramentas básicas para un mínimo desenvolvemento[10], non sería ata o bienio 1983-1985 cando as institucións políticas se abren ó audiovisual a través da Dirección Xeral de Cultura e do equipo reunido polo xornalista Luís Álvarez Pousa, con Manuel González á fronte desta área concreta[11].

Daquela experiencia sairían subvencións para producción e como primeiros resultados máis salientables quedaron a curtametraxe *Mamasunción* e o videoarte *Veneno puro*, ambas recoñecidas abondo en festivais internacionais promocionando así dúas esperanzas da segunda xeración de cineastas: Chano Piñeiro e Xavier Villaverde. Eran o relevo a autores como Antonio F. Simón (*Fendetestas*), Miguel Castelo (*O pai de Migueliño*), Enrique R. Baixeras (*O cadaleito*), Miguel Gato (*O herdeiro*), en boa parte axudados polo productor Víctor Ruppen, ou o propio Lozano, entre outros, que na súa maior parte manteríanse activos coa regularidade permitida polas novas axudas. A eles sumaríanse ó

Chano Piñeiro dirixindo á protagonista de *Mamasunción*.

10. En 1978 creouse tamén Rula. Difusora Cultural Galega con vocación alternativa, pero pecharía en 1980.

11. Outros eran Xosé Luís Cabo, Enrique Banet, Luis Miguel Quiroga, Antonio F. Simón ou Miguel Castelo.

longo dos oitenta unha manchea de novos realizadores desde a curtametraxe e o vídeo. Alfredo G. Pinal, Carlos A. L. Piñeiro, Daniel Domínguez, Luísa Peláez, Milagros Bará, Antón Reixa ou Manuel Abad, serían algúns. Autores de obras, na súa maioría concibidas con máis vontade que medios, e con máis ganas que talento, para logo ficar esquecidos e sen a penas outra difusión que o circuíto dos cineclubs e das súas Semanas e Mostras, ou puntuais actos institucionais que pouco axudaban a consolidar o proxecto dun audiovisual máis alá da oportunidade de dar oficio ós diferentes realizadores, en boa parte autodidactas.

Fotograma de *O pai de Migueliño*, de Miguel Castelo.

Naquel bienio gozoso, malia a cativeza de medios económicos e as continuadas acincadas do daquela Conselleiro de Educación e Cultura, Víctor M. Vázquez Portomeñe, empeñado en cargarse o ilusionante proxecto, agromaron propostas como a campaña Vídeo na Escola ou a creación da Fototeca e da Filmoteca que, frustradas posteriormente, serían retomadas en 1989 para materializarse a comezos de 1991 como Escola de Imaxe e Son (E.I.S.) e Centro Galego das Artes da Imaxe (C.G.A.I.), dúas institucións actualmente vixentes e desenvolvendo un importante labor a prol do audiovisual. A E.I.S., promovida e dirixida por Manuel González ata o remate do curso 1997/1998, converterase na primeira factoría productora en todos os eidos e formatos, agás a longametraxe, promovendo a maior parte dos autores dos anos noventa xunto a moreas de técnicos e especialistas. A ela débese a aparición de nomes como Francisco Rañal (*A Coruña imposible*), Ángel de la Cruz (*Paranoia dixital*), David Breijo (*¿De*

dónde llamas?), Jorge Coira (*A gran liquidación*) ou Sandra Sánchez (*A repesca*), entre moitos outros que comezan amosando boas maneiras creativas nas súas curtametraxes. O CGAI, dirixido por José Coira ata mediado o ano 1998, á parte de se converter *de facto* no interlocutor da Administración diante do sector, cunha sala de exhibición na que se estrea a case totalidade de producciónns do país, desenvolveu un interesante programa de recuperación ou restauración de materiais fílmicos dos anos vinte e trinta. Destacarían en particular os documentais *Pontevedra, cuna de Colón* (Enrique R. Barreiro, 1927) ou *Un viaje por Galicia* (Luis R. Alonso, 1929), e as ficcións *Miss Ledya* (José Gil, 1916) ou *Carmiña, flor de Galicia* (Rino Lupo, 1926).

Foi tamén na mentada etapa cando xurdiron as Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia que se desenvolveran no Carballiño desde 1984 coa idea de convertelas no punto de encontro para a rexurdida inquedanza arredor do audiovisual. As Xociviga son un referente obrigado na década dos oitenta e o berce do que xurdiron os xa mentados CGAI e EIS, amais da Asociación Española de Historiadores del Cine, a Federación de Cineclubs de Galicia ou a Asociación de Críticos e Historiadores da Imaxe. Mesmo a futura e activa Asociación Galega de Productoras da Imaxe (AGAPI) agromou na vila ourensá no seu proxecto inicial. Deuse o paradoxo de que as Xociviga remataron sendo durante os oitenta o fogón no que se cocían as propostas do sector, finalmente asumidas polas institucións autonómicas aínda que fose tarde e arrastras por carecer de políticas audiovisuais definidas máis alá das subvencións á producción e ós cineclubs.

Un viaje por Galicia, 1929, de Luis R. Alonso

Sen embargo, a positiva dinámica creada a partir da etapa Pousa, centrando basicamente os seus limitados recursos no estímulo á producción e á difusión, xustamente porque era nese intre a principal carencia e tamén

pola necesidade de sacar novos creadores á superficie, rematou por abeirar á distribución e á exhibición, de xeito que a tendencia instalaríase na Xunta de Galicia durante os anos seguintes, priorizando as axudas á producción e en menor medida á difusión, marxinando os outros dous esteos, básicos para un integral desenvolvemento do audiovisual. Un erro que está a pasar factura ás portas do século XXI.

O CURTO SOÑO DAS TRES PRIMEIRAS LONGAMETRAXES

Foi xustamente durante o goberno tripartito cando se produce o feito histórico da estrea das tres primeiras longametraxes[12] durante o Cinegalicia promovido en novembro de 1989 pola Consellería de Cultura coa colaboración do concello de Vigo. Coa idea de agromar un escaparate anual que permitise dar a coñecer as novas películas, presentáronse diante do público, dos críticos locais e dos chegados do resto do Estado, *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro), *Continental* (Xavier Villaverde) e *Urxa* (Alfredo G. Pinal / Carlos A. L. Piñeiro). Co feito insólito de contar con distribución previa para salas no mercado español, colocáronse nas pantallas comerciais nas semanas seguintes se ben con desigual re-

Uxía Blanco *(Xonxa)* e Xabier R. Lourido *(Pancho)* en *Sempre Sonxa*, de Chano Piñeiro

12. Previamente existira en 1980 a longametraxe *Malapata*, de Carlos A. L. Piñeiro, pero en formato 16 milímetros.

sultado. Aquela experiencia alumeou máis que nunca o soño real dun cine galego, aínda carecendo de alicerces industriais, tendo que recorrer en boa parte a técnicos de fóra e loitando contra as reticencias da maioría dos explotadores das salas, desconfiados da rendibilidade dos filmes, en boa parte tamén por utilizar o galego.

Fotograma de *Continental*, de Xabier Villaverde.

Pero unha vez máis a historia poñíase á contra. Hai cambio político na Xunta de Galicia, a producción atráncase e o Cinegalicia xa non volvería repetirse. Entre 1991 e 1998 fanse dezasete longametraxes, con desigual apoio institucional, en moitos casos con directores e empresas foráneas, só compensados con cotas nos equipos técnicos (na súa maioría procedentes da EIS) ou con pequenas participacións de productoras locais. A colleita do período vai ser moi irregular, unha vez máis loitando contra a falta de distribuidora e contra a desconfianza dos exhibidores. Lémbrese que son estes os dous esteos máis descoidados pola Administración, lastres para unha normalización integral do sector.

Se houbese que globalizar o resultado do xenuíno cine galego dos anos posteriores a 1989, bastaría cualificalo de insuficiente e frustrante, malia os esforzos desenvoltos polos seus promotores. O factor común da limitada profesionalidade, que non sempre ha ser incapacidade, e as présas por sacar adiante proxectos con presupostos rácanos, afectou seriamente a moitas das propostas. Cousa tan sinxela como guións máis traballados e mesmo o recurso a actores con mellor curtimento diante das cámaras, terían garantido outros resultados artísticos. Por se fose pouco espaciáronse moito tempo sobre as pantallas sen garantir unha continuidade que axudase á sensibilización popular.

Non sería ata 1991 cando o vigués afincado en Madrid, Juan Pinzás, filmaría *O xogo das mensaxes invisibles*, e tres anos despois aparecerían *A metade da vida* (Raúl Veiga) e *Dáme lume* (Héctor Carré), mentres as seguintes xa non sairían ata outros tres anos máis tarde, concretamente *A noiva de medianoite* (Antonio F. Simón) e *Nena* (Xabier Bermúdez), esta última estreada formalmente en 1999 polas dificultades para atopar distribuidora. Xa en 1998 fixéronse as rodaxes de *Fisterra* (Villaverde) —polo de agora o maior éxito comercial, dentro e fóra do noso país—, *Arde amor* (Veiga) e finalmente *Blanca Madison* (Carlos Amil). No intre desta escrita, as dúas últimas mantíñanse inéditas nas pantallas. Na case totalidade destas longametraxes aportou subvencións a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura. Nalgún caso ata se conseguiu acceder ás axudas concedidas polo Ministerio de Cultura. Así mesmo cómpre anotar o cada vez maior compromiso da Televisión de Galicia co eido da producción en canto a negociar os dereitos de emisión.

O director galego Miguel Castelo de actor como xefe de estación en *A noiva de medianoite*

En maior ou menor grao, nas máis das veces sostendo opinións cómplices e solidarias, contrariando ó resto do Estado, a crítica local (tamén escasa e aínda sen espacios regulares nos medios) amosouse en extremo xenerosa cos resultados acadados, respondendo a unha estratexia de confianza a cegas no producto propio. Unha tendencia chamada a rectificarse no futuro para evitar os erros da autocompracencia, xunto coa esixencia de maior responsabilidade nun mellor acabado das

Xavier Villaverde dirixindo a Geraldine Chaplin en *Fisterra*.

obras no contexto das restantes cinematografías (alomenos en relación ás europeas), que axude a consolidar un audiovisual potente.

GALICIA NO CINE ESPAÑOL

É certo que desde 1989, a industria española, pola súa conta ou en coproducción con empresas do país, non deixou de traballar en Galicia. Se ben o resultado foi desigual e nalgúns casos polémico, variou a

Paco Rabal e Jorge Sanz en *Gallego*, de Manuel Octavio Gómez

tendencia menosprezante e tópica practicada ata os anos setenta. A Xunta de Galicia tamén participou en moitas das películas —*Gallego* (Manuel Octavio Gómez, 1988), *Tirano Banderas* (José Luis García Sánchez, 1993), *A lei da fronteira* (Adolfo Aristarain, 1995)...— , ás veces en exceso alegremente e coa cativa compensación da tiraxe dalgunha copia en galego. As esixencias dos nosos productores a través de AGAPI en canto a maior control sobre os proxectos foráneos para mellor redundaren no sector local, entre outras cousas empregando técnicos e actores propios ou traendo as cámaras ó país, están a corrixir a situación, malia a eterna cativeza dos presupostos dedicados a estimular o audiovisual no seu conxunto (cine, vídeo, televisión, multimedia...), a penas un centenar de millóns como media anual.

Pere Ponce en *A lei da fronteira*, de Adolfo Aristarain

Asúmense entre os exemplares máis logrados os de *Martes de carnaval* (Pedro Carvajal e Fernando Bauluz, 1991) e *O baile das ánimas* (Carvajal, 1993), incidentes na nosa tradición fantástica. Na banda dos frustrados haberá que referirse a *Huidos* (1992), do actor Sancho Gracia metido a director escaso, mentres a polémica estivo en *A lei da fronteira*, realizada en 1995 polo arxentino Adolfo Aristarain sobre guión do escritor lugués Miguel Anxo Murado. O resto do lote non pasou da indiferencia. É o caso de títulos como *Tirano Banderas* (García Sánchez, 1993), *La leyenda de la doncella* (Pinzás, 1994), *La Moños* (Mireia Ros, 1996) —coa que o modisto Adolfo Domínguez facía unha frustrante incursión na producción, malia recibir críticas aceptables—, *Dáme algo* (Carré, 1997) ou *Frontera sur* (Gerardo Herrero, 1998). Completa o lis-

tado a primeira posta en cámara da dona de Pinzás, Pilar Sueiro, coa indeterminada *Cuando el mundo se acabe te seguiré amando* (1998). Pon a guinda *A lingua das bolboretas*, realizada por José Luis Cuerda en exteriores de Allariz e Pontevedra, con Fernando Fernán-Gómez de protagonista, sobre contos de Manuel Rivas e coa maioría de técnicos e actores galegos. O éxito acadado nas pantallas desde a súa estrea a finais de setembro pasado confirma as súas calidades pero tamén a súa condición de estar entre os máis dignos dos achegamentos a Galicia feitos nos últimos anos desde o cine español[13].

Varias actrices galegas en *Martes de Carnaval*, de Pedro Carbajal e Fernando Bauluz.

DISTRIBUCIÓN E EXHIBICIÓN, AS CINSENTAS DO PROCESO

A distribución tampouco é un sector feliz. Mentres en 1979 existían en Galicia, repartidas entre Vigo e A Coruña, un total de once empresas, actualmente son unicamente tres[14]. Tal descenso débese á propia reestructuración do mercado, por canto está a ser capitalizada polas marcas matrices a través de sucursais, prescindindo da figura do comisionista, que foi historicamente o modelo máis implantado en Galicia. Así as cousas, actualmente quédanos só unha empresa do país, a viguesa Baños Films, que por certo sempre mantivo un compromiso aberto e decidido a prol da obra galega[15].

13. No período 1989-1999. O mesmo director, José Luis Cuerda, fixo en 1987 a moi aceptable *El bosque animado* sobre a novela homónima de Wenceslao Fernández Flórez.

14. Na Coruña, United International Pictures. En Vigo, Baños Films e Suso Zinea.

15. Fundada por Emilio Baños Santos, é a distribuidora decana de Galicia. Polos seus fondos pasaron a case totalidade das curtametraxes galegas dos anos setenta e oitenta, á

Sen embargo, o tradicional desentendemento da Administración autonómica cara ó sector, provoca a carencia nestes intres dunha distribuidora galega canalizadora da producción propia no mercado interior e mesmo no exterior a través de acordos e convenios con outras distribuidoras. Dáse o paradoxo da existencia de películas recén rematadas, pero carentes dunha marca que posibilite o seu acceso ás pantallas, e se finalmente o conseguen despois de negociar en Madrid, vai ser en condicións de absoluta inferioridade. Sen entrar no detalle, pero remitíndonos ás orixes, foi sintomático o acontencido en 1989 con *Sempre Xonxa* e con *Continental*. Mentres a primeira avaliouna Esteban Alenda S. A. a través de Baños Films, a segunda faríao coa multinacional United International Pictures (UIP). O resultado foi que a de Chano se exhibiu na case totalidade das nosas pantallas, mentres a de Villaverde a penas pasou das sete capitais e algunha vila. Obviamente o problema require de urxente intervención en Galicia.

Mentres, a exhibición comercial está a repuntar. En 1990 tiñamos só noventa e sete pantallas, reflexo dunha crise que tocaba fondo. Nove anos despois, son cento corenta[16] en funcionamento con corenta e unha máis en fase de promoción. Sen embargo, convén non entusiasmarse porque é xustamente aí onde radica o principal risco de futuro para o noso cine. Malia dispor de dous circuítos galegos relativamente fortes como Vigo Cines (con corenta e seis pantallas en once locais nas sete cidades máis importantes) e Irmáns Fraga (quince pantallas en once locais), e contar con corenta e dúas espalladas polas vilas, o avance das grandes empresas multinacionais amósase imparable. Corremos o risco de que en dez anos asuman unha ampla cota do noso mercado exhibidor. Para un consumidor esixente é unha boa nova debido ás condicións óptimas de equipamento destas salas, sen embargo trae dous perigos a considerar. Por unha banda dictarán a oferta segundo os intereses de empresa, os seus productos ou a conxuntura do mercado; e por outra, o cine galego ó saír en condicións de inferioridade por levar emparellado un forte carácter cultural, verá restrinxida a súa presencia diante do seu público natural. Pouco ou nada poderá facer unha película autóctona fronte a outra multinacional.

Urxe, pois, a inaprazable reformulación institucional do sector optando polo robustecemento dun empresariado local forte e o artellamento de medidas proteccionistas cara ó noso cine. Hai precedentes nese senso, e aí está o caso francés para demostralo. Francia, o país europeo que máis cine norteamericano consume, mesmo en cantidades

parte moitas das longametraxes filmadas en Galicia desde finais dos sesenta. Distribuíu tamén para o circuíto galego *Sempre Xonxa*, *Urxa*, *O xogo das mensaxes invisibles*, *O baile das ánimas*, *Frontera sur*, *Fisterra* e *Cuando el mundo se acabe te seguirá amando*.

16. *Cineinforme* 710, 1999.

masivas[17], desenvolve sen embargo un programa de estímulo e protección ós exhibidores periféricos con excelentes resultados, non só na mellora das salas senón tamén cara á promoción do cine propio.

OS AVANCES DA DIFUSIÓN

Finalmente, a difusión está a funcionar aínda considerando que nunca será plena mentres non se integre nun proxecto global. Sen embargo goza de razoable saúde. Á parte das referidas aportacións do CGAI a ese fin, malia lamentar o seu "centralismo" por estar situada na Coruña e carecer dunha rede difusora polo resto do país, no plano das institucións habería que anotar a importante contribución de Televisión de Galicia, que de ter un respaldo cativo á producción galega desde a súa apertura en xullo de 1985, pasou a ter unha actitude máis clara e decidida a partir da chegada do xornalista Francisco Campos á Dirección Xeral da Compañía.

En 1995 puxeron en marcha un chamado Plan de Ficción Feita en Galicia e desde abril de 1998[18], como membro da Federación de Organismos de Radio Televisión Autonómicas (FORTA), engadiuse a un convenio asinado coa Federación de Asociacións de Productores del Audiovisual en España (FAPAE) polo que a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) aportará arredor de cinco mil millóns de pesetas para coproducir en catro anos un mínimo de dez películas de nivel competitivo nos mercados. A TVG participou en filmes como *A noiva de medianoite*, *Nena*, *Fisterra* ou *A rosa de pedra* (Manuel Palacios, 1999), e noutros como *Se buscan fullmontis* (Álex Calvo-Sotelo, 1999), a primeira resultante do mentado convenio FORTA-FAPAE. Na liña de estímulo á producción propia habería que engadir o auxe de teleseries como *A familia Pita*, *Pratos combinados* ou *Mareas vivas*, sen esquecer a primeira serie de animación *Os vixiantes do Camiño*, con debuxos de Miguelanxo Prado e producción do equipo do programa Xabarín Club.

O camiño é ese, á marxe de que poida ser mellorable, pero tamén é certo que de terse feito desde o intre da súa posta en marcha e de acordo cos seus estatutos fundacionais, o audiovisual tería neses intres un desenvolvemento superior ó que agora ten. No período 1985-1995, a TVG limitouse a respaldar pequenos proxectos, a mercar dereitos de emisión de curtametraxes para consumo interno e a implicarse timida-

17. Francia é o país de Europa que máis copias consume na estrea de filmes norteamericanos. Sirva como exemplo que un dos éxitos do verán de 1999, o futurista *Matrix*, entrou nos Estados Unidos con 2.860 copias e en Francia con 656, mentres que en España se reduciron a 250.

18. *El Correo Gallego*, 11-VII-1999, p. 77.

mente cando a aparición de *Sempre Xonxa*, *Continental* e *Urxa*. No labor de difusión sanlientan tamén os programas. *Do cinema galego* (dirixido por Miguel Castelo no centro rexional de TVE), *Galicia no cine* (dedicado á recuperación de filmes feitos en Galicia pola industria española), *Ventá aberta* (para amosar as producciónns da EIS) e actualmente a revista *Dezine*. O pé da TVG, fundamental para consolidar o audiovisual, semella ben calzado.

Desde a iniciativa privada son tamén moitas as propostas, todas co factor común da cativeza de medios, do voluntarismo crónico, e da escasa transcendencia mediática que é tanto como limitarse diante da sociedade. Ó traballo dos cineclubs (a penas unha ducia sobrevivindo das subvencións e dos cativos recursos propios) agrupados na Federación de Cineclubs de Galicia, habería que engadir o de colectivos xurdidos no seo das asociacións culturais ou das Facultades universitarias. Chama a atención a aparición nos anos noventa de revistas especializadas que sen embargo non conseguen periodicidade regular e en moitos casos nin chegaron ós tres números. A máis coidada é *Vértigo* (1991) que fai andaina en solitario ata a aparición de *Cielo negro* (1995), *Waco* (1996), *Sempre cine* (1998), ou *Candilexas* (1998). Loables aportacións a unha tarefa imposible.

AUMENTA A EDICIÓN DE LIBROS SOBRE O AUDIOVISUAL

No eido editorial é quizais onde se acadan os resultados máis brillantes e espectaculares, non só pola abundancia de publicacións de interese senón tamén polo compromiso, en diferente grao, das editoras a prol dos contidos audiovisuais. Co CGAI á cabeza, e coa Cátedra de Cine na Universidade compostelá como viveiro de investigadores, supérase o medio cento de tomos, con especial incidencia nas monografías de autores e nos estudios sobre a historia do cine nas vilas e cidades, unha das claves para un mellor coñecemento do fenómeno no país.

Escolma de cine galego foi a primeira. Nunha edición de baixo custo, o Cineclub Abertal de Vigo xuntaba en 1980 unha serie de textos inéditos ou xa publicados invitando á reflexión. Pero as fundamentais para tirar do fío foron a *Historia del Cine en Galicia (1896-1984)*[19] de Emilio C. García Fernández e *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*[20] de José María Folgar de la Calle, e así mesmo habería que sinalar como modélicas, ben polas súas aportacións ou ben pola metodoloxía escollida, propostas como *O cine en Galicia*[21], *Da historia*

19. García Fernández, Emilio Carlos. *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1985.

20. Folgar de la Calle, José María. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1987.

21. Nogueira, Xosé. A Nosa Terra, Vigo, 1997

do cine en Pontevedra, 1897-1936[22], *Espectáculos precinematográficos en Galicia. Das sombras chinescas aos panoramas*[23], *Documentos para a Historia do Cine en Galicia. 1970/1990*[24] ou a catalogación *Filmografía galega. Longametraxes de ficción*[25].

A abundancia de publicacións, nunha dinámica que está a ser moi activa na periferia do Estado, invertendo a tendencia centralista do período franquista, é quizais o mellor indicador para calibrar a boa saúde de Galicia en canto ó seu vencello coa cultura da imaxe. Malia todo aínda queda por facer e son moitos os estudios pendentes no período que vai ata 1936, auténtico xacemento do que sairán os vimes necesarios para rematar o cesto a rebordar sobre a incidencia do cine no país e das súas aportacións ó conxunto español.

Finalmente está o papel xogado polos medios de comunicación nos diferentes soportes. A crecente demanda do público no eido audiovisual provocou que comezasen a darlle maior cabida nos seus contidos. Malia ser a tendencia á alza, aínda fallan espacios fixos para a crítica e a reflexión en moitos deles. Na prensa escrita, os xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, ou o semanario *A Nosa Terra*, manteñen seccións específicas ou dan espacios ás informacións vencelladas co tema. No medio radiofónico e no medio televisivo, hai tamén propostas semellantes pero máis dispersas agás o xa mentado semanario *Dezine* na TVG. En todo caso, a situación mellorou considerablemente con relación ós anos setenta.

UNHA ARELA AÍNDA PENDENTE

Feita a radiografía de urxencia sobre a situación, e admitindo que estamos a facer unha análise globalizada, queda moito por mellorar e avanzar. Malia ser un país pequeno e cun mercado interior moi desmellorado pola eterna confrontación entre o cidadán urbano e o cidadán periférico, con todo o que iso representa no plano económico e no sociocultural, e nun país irregularmente vertebrado pola dorsal que provoca dúas Galicias con diferente grao de desenvolvemento, a costeira e a interior, sen embargo temos acceso a un negocio potencial de millóns de consumidores espallados maiormente por América Latina, ó que debe sumarse a importante área lusófona que nos permitiría unhas expectativas de peor acceso a outras cinematografías nacionais, sobre todo do terceiro mundo e incluso europeas.

22. Acuña, Xosé Enrique. A Nosa Terra, Vigo, 1996.
23. Cabo, José Luis. Xociviga, O Carballiño, 1990.
24. González Álvarez, Manuel. CGAI, 1992.
25. Hueso Montón, Ángel e Folgar de la Calle, José María (coords.). Centro Ramón Piñeiro, Santiago, 1998.

Coas miras postas tamén nese mercado é polo que se fai necesario argallar un audiovisual ben artellado e poderoso, capaz de protexer a identidade galega e ó mesmo tempo digno para espallar pola aldea global. Unha cuestión estratéxica. Urxe, pois, que desde o poder se afronten as posicións correspondentes a un sector de futuro, prioritario non só para a pervivencia cultural do país senón tamén para o seu desenvolvemento económico.

A batalla dos contidos estase a manexar sen pausa nunha Europa que precisa miles de horas anuais para afrontar a súa demanda de imaxes fronte ó xigante norteamericano. É a gran oportunidade para a fecunda tradición histórica e literaria do noso país. Hai unha variedade paisaxística que permite grandes posibilidades ás productoras, propias[26] e foráneas, se conseguimos superar o atranco das infraestructuras e das comunicacións. Estamos a vivir tamén unha intensa demanda de cualificados profesionais por parte da industria española ou estranxeira[27]. Pero cómpre argallar un modelo consensuado entre institucións, empresas e creadores, sobre qué audiovisual queremos e a ónde desexamos chegar.

Vintecinco anos despois daquela demanda histórica aínda parece tempo de francotiradores, de propostas illadas que as máis das veces morren víctimas da súa propia agonía a pesar da maior consistencia empresarial, dun considerable avance na formación de técnicos e creadores, e dunha crecente sensibilización da sociedade, malia a materia pendente do sistema educativo, cóa necesidade de regularizar a Imaxe nos centros de ensino. País de partillas no que a súa clase dirixente, na maioría de costas ás novas tecnoloxías, non acaba de entender nin de albiscar que a pervivencia do país pasa por un audiovisual dinámico e activo. Cuestión de resistencia. O desenvolvemento da Lei do Audiovisual aprobada no Parlamento en xuño pasado pode ser unha boa ferramenta de traballo para principiar a obra. Claro que a contradicción máis aplastante xorde cando a Consellería de Cultura rebaixa este ano a sesenta millóns de pesetas, a partida destinada a estimular a producción, reduncíndoa á metade do ano anterior e situándose moi por debaixo dos cento cincuenta millóns que dedicaba o goberno tripartito da Xunta de Galicia hai dez anos.

26. A marzo de 1998, AGAPI agrupa ó 95 por cento do sector audiovisual galego, manténdose á marxe productoras como Grupo Voz e outras pertencentes a empresas mediáticas. En 1997, os seus asociados contabilizaban catrocentos tres traballadores fixos.

27. Á parte o debuxante Miguelanxo Prado autor dos debuxos para o serial de animación producido por Spielberg sobre o filme *Hombres de negro* (Barry Sonnefeld, EE UU, 1997), cabe destacar o escritor Manuel Rivas sobre o que xa se fixeron dous filmes á parte do proxecto de Manuel Gutiérrez Aragón sobre *O lapis do carpinteiro*. Tamén o caso do compositor Manuel Balboa e do guionista Horacio Valcárcel, ambos colaboradores de José Luis Garci nas súas últimas películas. Ou o montador Guillermo Represa, colaborador habitual de Manuel Gómez Pereira. Tamén os actores Manuel Manquiña, Luís Tosar, incorporados a unha ampla relación na que están María Pujalte, Nancho Novo ou Chete Lera, entre outros.

Mentres as augas baixan agora revoltas entre os profesionais do sector e volvendo ó rego do tema, a estrea dunha película galega debería deixar de ser unha novidade trompeteira por excepcional, do mesmo xeito que a excesiva repercusión mediática de determinadas propostas multimedias, non pode deixar de esquecer que as autoestradas da comunicación, o batallón dos internautas, a omnipresencia da Rede, han de compatibilizarse cun país de vilas sen cines, de congostras e carros de vacas, e mesmo de arados romanos. Son moitos certamente os pasos andados, son moitos tamén os organismos creados ó abeiro do eido audiovisual desde institucións como a Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega ou as Universidades, pero bótase a fallar a idea globalizada e común dun audiovisual de seu, capaz de marcar a diferencia desde Galicia. Non é imposible, pero se en vintecinco anos as paredes do primeiro andar do edificio aínda están sen rematar, se cadra cando cheguemos ó final seremos novamente prehistoria.

M. A. F.



Achega bibliográfica a Roberto Blanco Torres

X. Amancio Liñares Giraut

ATA XULLO DE 1998

> A personalidade gallega, as libertades da Galicia, unha cultura integral elaborada conforme ó novo esprito, e según o temperamento psicolóxico que nos é peculiar, ha de ser somente obra das xeneracións novas, das mocedades que se den conta da condisión misérrima, de non ter unha Patria, e dos rebeldes que seipan xermolar o ideal póndoo por riba de todo.
>
> Terra a Nosa
> Roberto Blanco Torres, "A nosa labor", na revista *Galicia da Habana*, 25/VII/1920.

O día (e o ano) das nosas letras 1999, agroma —revélase e rebélase— para a investigación e divulgación dos especialistas en historia, xornalismo, galeguismo e literatura contemporáneas. A figura elixida nesta ocasión —Roberto Blanco Torres (Cuntis, Pontevedra, 1891-Corga da Videira, gabias de Entrimo ourensán, 1936)— resulta moi actual, cunha obra libresca máis ben escasa, en castelán e galego, mais cun labor periodístico moi nutrido na súa vida intensamente comprometida, aínda chea de brétemas. E cun final dramático: asasinado polo trebón dos que serían vencedores xa no primeiro outono da guerra do 36 ("Entre parénteses", como titulaba Roberto Blanco Torres unha sección escrita por el no xornal *Galicia*: "asesinado polo fascismo en 1936, a súa obra poética viuse reducida a un único libro: *Orballo da media noite*, Nós, A Coruña, 1929. Desenvolveu, en español, un brillante labor de xornalista", escribe Xosé Luís Méndez Ferrín, a quen tan merecidamente nomearon Doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo e

oxalá vexamos algún día recoñecido, fuxindo de todos os *ventres do silencio*, como premio Nobel de Literatura).

É un orballo de compromiso vital intenso; unha orballeira mainiña de letras, desas que calan fondo, as que nos deixou Roberto Blanco Torres, antes de se sentir el mesmo empapado pola masacre da chuvia sanguiñenta.

No verán do ano 1998, cando a Real Academia Galega designou a Roberto Blanco Torres como figura central das Letras Galegas no ano 1999 —e arestora— coidaba/coido que lle debiamos/debemos ó profesor Ricardo Carballo Calero as primeiras achegas bio-bibliográficas con apresto (clásica *Historia da literatura galega contemporánea*, 1973). Isto, se non nos referimos xa primeiro ó *Libro dos amigos*, de Ramón Otero Pedrayo (Bos Aires, 1953), onde hai páxinas de seu dedicadas a Blanco Torres. A súa pegada vital seguiu a enxalzala o historiador José Antonio Durán (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 3, cara a 1976), especialista en tantas facianas da Galicia que pasa do século XIX ó XX, espreguizándose co agrarismo, o movemento obreiro, os cartos dos emigrantes, a feble diversificación económica e mais o rexionalismo-nacionalismo. A partir de aí, os autores e fontes que manexamos ían aportando datos puntuais, mesmo anécdotas (por exemplo, a escrita do Blanco Torres autodidacta en latín *macarrónico*, contra a censura sobre o galego da dictadura primorriverista e a conseguinte queixa de Germán, o seu irmán crego —arcipreste do Salnés— teimando en asuntos filolóxicos).

Tecérase ata as vésperas do ano 1999 unha tea ganduxada, con moitas soltas, pero non un traxe rematado para Roberto Blanco Torres. ¿Terase logrado a talla axeitada na súa honra cando conclúa este ano conmemorativo?

Referímonos nas soltas da tea —a partir da década de 1960— a Víctor F. Freixanes (*Unha ducia de galegos*, 1976); a Carlos Fernández (*El Alzamiento de 1936 en Galicia*, 1982, onde relata non exento de inexactitudes: "Otro paseo importante [...] fue el del gobernador civil de Palencia, Roberto Blanco Torres, capturado cuando intentaba cruzar la frontera por Bande"); a Méndez Ferrín (*De Pondal a Novoneyra*, 1984. Sitúa ó noso escritor na poesía da Xeración Nós —"poeta de grande altura que pretendeu, con escaso éxito, lograr unha poesía vangardista e filosófica"— e remite a traballos anteriores coa literatura como cerna de Couceiro Freijomil, Varela Jácome e Fernández del Riego). Aludimos ós libros sobre a emigración de Xosé Neira Vilas (*A prensa galega de Cuba*, 1985; *Memoria da Emigración*, 3 vols., 1994-1996) ou de Xosé Manuel Núñez Seixas (*O galeguismo en América, 1879-1936*, 1992. "Roberto Blanco Torres-Fray Roblanto", un home con acrónimo que escribiu nas veas da diáspora, aló con Cabanillas, Villar Ponte, Marcote, Álvarez Ínsua, Basilio Álvarez, José Castro *Chané*...); verbo do move-

mento agrario (*O agrarismo*, 1998, de Miguel Cabo Villaverde); da prensa (*Prensa e galeguismo*, 1982, de Margarita Ledo Andión, *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*, 1993, de Rosa Cal Martínez e Mª del Carmen Pérez Pais, *Historia de la prensa gallega* (2 vols., 1990, 1995), de Enrique Santos Gayoso, así como diversos artigos de Vicente Peña Saavedra sobre xornais e revistas na emigración americana). E, alomenos, a tres obras capitais sobre galeguismo: os estudios arredor da ORGA de Carlos Velasco (1981), *O galeguismo na encrucillada republicana* (2 vols., 1985) —de Xavier Castro— e *O nacionalismo galego*— de Justo G. Beramendi e X. M. Núñez, 1995.

Así mesmo, nesta ollada ó xornalista, escritor, político, agrarista, galeguista, demócrata, republicano, poeta, ensaísta, irmán da fala, emigrante, gobernador civil... —e, non obstante, "paseado"—, viramos referencias críticas tamén na *Literatura galega* (1994), de Anxo Tarrío ("unha voz poética do grupo novecentista") e en *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (1995), de Xesús Alonso Montero ("dous importantes escritores: Antón Vilar Ponte e Roberto Blanco Torres").

Esclarecedor por demais nos resultara o artigo de Miro Villar en *A Nosa Terra* (23-I-1992): "Un poeta esquecido no centenario do seu nacemento. Roberto Blanco Torres (1891-1936), unha obra poética crebada polo fascismo". Marcos Valcárcel non se esqueceu del en *A prensa en Ourense e a súa provincia* (1987) e nunha nómina de víctimas da barbarie, no traballo "Ourense 1936: cincuenta anos despois" (*O 36 en Galiza*, 1986). Xoán Carlos Garrido Couceiro cualifica a Blanco Torres como "O xornalista máis prestixioso que tiña Galiza naquel entón", nunha tamén moi documentada aportación, co título: "A esperanza que agromou co *Orballo de media noite* foise coa xeada do amencer. Roberto Blanco Torres" (*Os mártires do 36*, 1996). Vimos amais o seu nome na edición que recentemente (1998) preparou Carlos Pereira Martínez sobre o libro publicado xa no ano 1938 *O que fixeron en Galicia. 1936.*

Citamos amais a Gustavo Luca de Tena ("Historia dunha foto sen Roberto Blanco Torres", en *A Nosa Terra*, 18-XII-86), ó seu sobriño Mario Blanco Fuentes co seu inédito datado no 1992 (*Apuntes sobor da vida e a morte de Roberto Blanco Torres)*, X. Alonso Montero ("Roberto Blanco Torres", en *La Voz de Galicia*, sección "Beatus qui legit", 12-I-95), Gerardo González Martín ("Roberto Blanco Torres ", en *Periodistas impulsores del viguismo...*, 1996), F. Fernández del Riego ("Roberto Blanco Torres na lembranza", en *Alborada*, Barcelona, 1986 —onde tamén Xesús González Gómez escribira " Roberto Blanco Torres: un periodista para o seu tempo"— e "Blanco Torres, xornalista e poeta", en *La Voz de Galicia*, 16-XII-97), Equipo DD ("Roberto Blanco Torres. Insigne escritor y periodista. En el 107 aniversario de su nacimiento", en *Diario de Pontevedra*, 22-III-98), Rosa Navia ("A conciencia á espreita", en *O*

Correo Galego, 2-IV-98), X. M. Dobarro Paz e E. Vázquez Souza ("Blanco Torres e Teixeira de Pascoaes. Catro cartas manuscritas e un envío impreso", en *A Nosa Terra*, 15-IX-98).

Claudio Rodríguez Fer e mais quen lles escribe deixamos tamén retallos sobre Roberto Blanco Torres nas páxinas do suplemento "Culturas" de *La Voz de Galicia*, en dous martes do mesmo xullo do pasado ano 1998. No meu caso ("O intenso compromiso. Roberto Blanco Torres xornalista no apaixonante primeiro tercio do século", 28-VII-1998), basicamente como froito nacido das lecturas xa citadas.

DO OUTONO DE 1998 A MAIO DE 1999

> Nós somos os aristos.
> Somos os que achamos un pobo esnaquizado e querémolo facer libre, civilizado e culto, no concerto dos demais pobos europeos.
>
> Roberto Blanco Torres,
> en "Crónica: nós somos aristos",
> *A Nosa Terra*, 20-III-1920.

Arestora, en maio de 1999, xa contamos con máis estudios sobre o home con traxe incompleto. Nos últimos meses foron aparecendo unha restra de libros arredor del. En torno a vinte, de fasquía diversa. Son da autoría de Clodio González Pérez (*Roberto Blanco Torres* e *Roberto Blanco Torres. Artigos e poemas galegos*, Ed. Toxosoutos), Marcos Seixo Pastor (*Roberto Blanco Torres*, nunha edición de A Nosa Terra), Miro Villar (Ed.), (*Roberto Blanco Torres. Orballo de medianoite*, en Xerais, analizando a súa proposta poética), Juan Luís Blanco Valdés (*Hipertensión cívica. Aproximación á vida e obra de Roberto Blanco Torres*, en Edcs. do Castro; Roberto Blanco Torres, na serie "A nosa memoria" da Xunta de Galicia; *Roberto Blanco Torres. Unha fotobiografía, 1891-1936*, en Xerais. Escritos por alguén do entorno familiar, un sobriño-neto), Xosé Durán (*Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*, en Galaxia e tamén na singular serie "minilibros" desta editorial, *Blanco Torres)*. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades fixo unha edición facsimilar —que non puido ser completa— dos xornais dos emigrantes galegos en Cuba, *La Alborada* (1911) e *La Tierra Gallega* (1915). O Concello de Cuntis financiou unha reproducción facsímile de *Orballo da media noite*, cunha introducción de Alonso Montero. Asemade, na Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL) da Xunta de Galicia viron a luz *Roberto Blanco Torres. Cronobiografía, escolma de textos, obra hemerográfica* (edición preparada por L. Alonso Girgado, M. Regueiro Tenreiro e Mª T. Monteagudo Cabaleiro. Girgado xa escribira notas biográfi-

cas sobre Robero Blanco Torres na introducción á edición facsimilar da revista *Cristal*, 1932-1933, que o Centro Ramón Piñeiro presentara no ano 1998), unha fermosa publicación de *Orballo da media noite* ilustrada polos alumnos de Deseño de 3º de BUP do IES Rosalía de Castro, de Santiago e o material didáctico para Educación Infantil, Primaria e Secundaria, agrupado no título *Roberto Blanco Torres. Unha pinga de orballo* (edición preparada por Carmen Robledo Muíña).

Moi anovador e xeitoso é o —como todos estes— recente libro de Xoán Carlos Domínguez Alberte, *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética* (edicións Laiovento). Un ensaio que empeza a apuntar a ese tipo de obras que se ganduxan de vagar e que requiren moita investigación ó seu redor, na súa xestación. Na ensaística tamén podemos destacar dous volumes de varios autores en Edicións Xerais: *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía* (Blanco Valdés, Núñez Seixas, Nicolás Rodríguez, Marcos Valcárcel) e *Roberto Blanco Torres. Vida e obra. Actas das Xornadas de Cuntis* —patrocinadas polo concello natal do escritor— (Barreiro Fernández, Méndez Ferrín, Mario Blanco, Juan L. Blanco, Díaz Pardo, Fernández del Riego, Marcos Seixo, Xosé Mª Dobarro, Neira Vilas, Arcadio López-Casanova, Miro Villar, Ramón Nicolás). Ensaio tamén que paga a pena ler é o publicado por Pilar Pena Búa, "Relixión, catolicismo e cristianismo en Roberto Blanco Torres " (*Encrucillada*, nº 112, marzo-abril, 1999, pp. 5-24). A Nosa Terra tamén xuntou dezaseis autores na edición *Roberto Blanco Torres. O combate incesante*, nun monográfico da súa serie "A nosa cultura, 20" (os nomes novos aquí, aínda non aparecidos neste traballo, son os de Héctor Picallo, Jorge Domingo Cuadriello, Antón Garazo, Antón Capelán, Pilar Sanmartín, Montserrat Bascoy, Marga Romero, Xosé M. Millán, Carme Vidal, X. Enrique Acuña e Belén Pazos). E a mesma editora no seu apartado de "Prensa & Criación" preséntanos *Blanco Torres. Xornalismo Irmandiño*, un libro no que se recollen os artigos que o autor homenaxeado publicara en lingua galega en *A Nosa Terra* e "espallados por diferentes revistas e xornais, sempre na órbita do galeguismo político".

Nos eidos da traducción, Galaxia editou, coa colaboración do Concello da Pobra do Caramiñal, o libro de Roberto Blanco Torres *Disto e do outro* (traducción de Xesús Carballo Soliño) e *Disto e do outro. Antoloxía* (neste caso tamén coa introducción, escolma e traducción do mesmo Carballo Soliño).

Xornais de ámbito galego, prensa comarcal e publicacións escolares teñen ofrecido páxinas e suplementos sobre Roberto Blanco Torres nas últimas semanas. Puxemos interese na lectura de "Culturas" (*La Voz de Galicia*, 11-V-99), o especial de *O Correo Galego-El Correo Gallego* (17-V-99) e páxinas 8, 25 e 40 de *A Nosa Terra* (13-V-99). E facemos mención dos artigos de Carme Vidal ("Roberto Blanco Torres, o 'xornalista

descoñecido', en *A Nosa Terra*, 19-III-98) e Xoán Xosé Fernández Abella en *El Correo Gallego* ("Roberto Blanco Torres e a obra *Orballo da media noite*" —14-II-99— e "Sobre *De esto y de lo otro* de Roberto Blanco Torres" —7-III-99—). Amais, a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela presentaron edicións de seu e en varias emisoras de radio, nas páxinas galegas de Internet e no Teletexto da TVG estivo/está presente a figura de Blanco Torres nestes últimos meses.

A todo este mundo das publicacións, podemos poñerlle como coda ou colofón a *Coroa poética* preparada por Xesús Alonso Montero, de Edcs. do Castro. Este autor xa lle ten ofrecido, como froito das súas investigacións, outras *coroas* a Rosalía de Castro e a Castelao, xuntando os versos de moitos creadores. Agora tocoulle a hora a Blanco Torres; coroa poética, palma de martirio.

É posible que no próximo futuro cheguen outros títulos máis ás librerías e bibliotecas do país (A Federación de Libreiros de Galicia e a DXPL editaron hai pouco *Escritores do Día das Letras Galegas*, nunha edición non venal, a cargo de Xesús López Fernández e Xoán Carlos Rodríguez Pérez. E agardamos a próxima edición das *Actas das Xornadas Roberto Blanco Torres* organizadas pola Consellería de Cultura, que tiveron lugar en Vigo os días 20 e 21 deste pasado maio).

Fomos coñecendo varios estudios, pois. E todos eles resultan necesarios, porque dan puntadas e prenden luces. Oxalá me teña esquecido dalgunhas publicacións nesta relación que presento, porque sería o sinal evidente de que o escritor de Cuntis suscitou moita máis atención que a que nun principio se podía intuír, cando se cría nalgúns sectores que a Academia Galega escollera para honrar a unha figura moi de segunda fileira na historia das nosas letras (moi enxeñosa é tamén a viñeta publicada por Xaquín Marín: "Culturas"-*La Voz de Galicia*, 11-V-99); nela, dúas letras galegas —G, X— enxergan un cartel verbo de Roberto Blanco Torres e di o G: "É bo celebrar este día, mesmo por rescatar 24 horas ós que estamos desaparecidos").

Pero tamén está claro que hai moito por facer para recuperar a figura enteira de Roberto Blanco Torres. Cuntis —as raíces familiares, Asociación Cultural, Concello. Xa se deron mostras de sensibilidade co tema—; con moito peso, A Habana (agardamos o froito das buscas que está a realizar en hemerotecas e entidades de aló Xosé Mª Dobarro), Vigo, Compostela, Ferrol, A Coruña, o Ourense *basilista* e do 36; os anos da República en Pontevedra, Madrid —Ministerio da Gobernación—, Palencia —Goberno Civil, documentación do Arquivo da Administración en Alcalá de Henares—, A Peroxa —derradeiros días. Neste marzo dedicáronlle alí unha semana cultural—, Celanova, Bande, Entrimo... son lugares para as pescudas sobre o poeta de *Orballo da media noite* (1929) e do cronista *De esto y de lo otro* (1930), fundador en Cuba

das revistas *La Alborada* e *La Tierra Gallega*, director en Galicia dos xornais *La Zarpa* (Ourense), *El Progreso* e *El País* (Pontevedra), *El Correo Gallego* (Ferrol). E colaborador de *Follas Novas* (A Habana), *Arazúa* (Montevideo), *Galicia Nueva* (Vilagarcía), *A Nosa Terra*, *El Sol* e *El Heraldo* (Madrid), *Galicia* e *El Pueblo Gallego* (Vigo), *Acción Coruñesa*, *Cristal* (Pontevedra), *Ser* (Santiago)... ducias de veces aparece citado o seu nome noutros tantos medios de prensa no *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas* (Galaxia, Vigo, 1997).

Trátase de rescatar unha obra dilatada e de honrar a un ilustre xornalista, rexo, coherente, demócrata e independente. Da mesma profesión e placenta cultural que Johán Carballeira, Manuel Lustres Rivas, Jacinto Santiago, Xoán Xesús González, Xaime Quintanilla, Arturo Noguerol, Gómez del Valle, Víctor Casas, Matías Usero... (ata 47 homes "foron ou fusilados logo de xuízos sumarísimos militares ou "paseados" polas hordas falanxistas", segundo recolle Clodio González na súa biografía sobre Roberto Blanco Torres citando a Mª Carme Pérez Pais no seu artigo "O antes e despois da prensa", en *O 36 en Galiza. A Nosa Terra*, 1986. Pérez Pais presentara a súa Tese de Doutoramento en 1984 na Facultad de Geografía e Historia-Universidad Complutense de Madrid, *La prensa gallega durante la Segunda República*). Todos eles foron tronzados pola xenreira e o rancor inimigos das letras, do sol e da lúa, dos orballos do mediodía e da medianoite. Ese é labor —insisto—, non só para literatos, senón tamén para investigadores no xornalismo e na historia contemporánea desta nación. Saltarmos tempo atrás, ó apaixonante e próximo primeiro tercio do século XX, estudiando a Roberto Blanco Torres. Para unha primeira aproximación abondaban algúns manuais recentes de Historia de Galicia, as citadas calas biográficas de Couceiro Freijomil, Varela Jácome, Carballo, de Otero, de Durán, dos diccionarios de Fernández del Riego (*Diccionario de escritores en lingua galega*, 1990) ou de VV. AA. —coord. de Dolores Vilavedra— (*Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*, Galaxia, Vigo, 1995). Non obstante, agora xa podemos engadirlles as novidades editoriais mentadas. Mais cómpre ir "máis alá", como os vangardistas. Foise logrando que se publicasen un bo feixe de textos e novas das xeiras vitais (ata o final tráxico) do eufónico "Fray Roblanto" martirizado. Sen esquecer a análise dos seus versos, cómpre recuperar as súas "prosas, siempre agudas y combativas —di J. A. Durán— , verdadero indicador de la vida gallega de la época, según la ve el temple de un izquierdista y burgués inteligente". Con máis sosego, e sen as urxencias do calendario, cómpre afondar agora na súa traxectoria biográfica, tan marcada pola pegada cubana (1907-16) —primeiro en Matanzas e logo na Habana—, polas Irmandades da Fala, *La Zarpa* e as Asembleas Nacionalistas (1916-1923), tan plena na dictadura de Primo e na Segunda República (1923-1936).

Entre os aspectos para futuros estudios poderiamos suxerir: os seus anos en Cuba, a vinculación e admiración de Roberto Blanco Torres por Miguel de Unamuno, os vencellos que o unían a Casares Quiroga ou Manuel Azaña, as súas relacións co Partido Galeguista como institución e cos nomes do galeguismo en particular, trazos esenciais do seu carácter, recollida e reedición de todas as súas colaboracións ciscadas nun amplo número de xornais e revistas, a súa opción ortográfica na escrita do galego, a súa posible adscrición á masonería, aquilatar máis a opción ideolóxica de Roberto Blanco Torres dentro do republicanismo, as circunstancias do seu asasinato... Sen dúbida Roberto Blanco Torres, ademais, ocuparía bastante espacio nun estudio detido —que aínda nos falta— centrado na figura do político "centrista" galego, Manuel Portela Valladares.

Os mortos daquel verán (Carlos Casares), en *Galicia mártir* (Castelao), cando *Era tempo de apandar* (Ramón de Valenzuela), seica son *Os que non morreron* (Xerardo Díaz) e a algúns retratounos recentemente a fabulación de Manuel Rivas co *O lapis do carpinteiro*. É a nebulosa agonal de Blanco Torres, logo de ter gastado moitas plumas que escribían soñando unha patria diferente.

Roberto Blanco Torres nas Letras Galegas do ano 1999. Para facermos memoria histórica, como pide sempre Díaz Pardo. Porque, tamén nas palabras de J. A. Durán, "cuando se escriba la historia del periodismo gallego su nombre saldrá de la oscuridad para ocupar un lugar relevante".

Concluímos coa cita de dúas frases de Blanco relativas á *rebeldía*, un concepto destacado por varios dos estudiosos da súa obra. Unha en idioma castelán, e outra en idioma galego, as dúas linguas nas que o autor expresou os seus sentimentos a súa *palingenesia*, a súa *hipertensión cívica*, o seu ser ético, intensamente comprometido e rebelde:

> *Todo hombre inteligente es rebelde y en nada como en la inteligencia reside la rebeldía de buena ley, la rebeldía positiva y fecunda* (1924).
>
> *Sede rebeldes. Rebeldes contra o atropello, contra a inxusticia, contra o aldraxe. Rebeldes contra todol-o malo e ruín. Sempre rebelde"* (en "Terapéutica urxente: ou servilismo ou rebeldía", *A Nosa Terra*, 25-II-1919).

X. A. L. G.

LIBROS

SECCIÓN A CARGO DE:
LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** POLÍTICA E DEREITO: **ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA.** ECONOMÍA: **XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA.**

Olladas no silencio

● XOSÉ L. MÉNDEZ FERRÍN. *No ventre do silencio.* Edicións Xerais, Vigo, 1999.

En poucos escritores como en Méndez Ferrín podemos atopar un selo da casa que permita identificar á primeira, como propios, a temática e nomeadamente o estilo. Ata o punto de que o adxectivo "ferriniana" non resulta en absoluto esaxerado para unha prosa na que se mesturan a exuberancia e a economía expresiva, a fantasía e o realismo, os enfoques sincrónicos cos diacrónicos, a nostalxia co vitalismo, a cultura desbordante e a contextualización axeitada ó vivir de cada día. Todo isto, e moito máis aínda, é Xosé Luís Méndez Ferrín, un autor polifacético e discutido, se cadra máis pola súa posición política que polo seu valor literario intrínseco, por máis que un non deixe de pensar que un Ferrín aséptico e orfo da súa experiencia político-vital se cadra non daría escrito toda a obra, obviamente apaixonada, que figura nas súas alforxas. Agora Méndez Ferrín volve á novela, un xénero no que non termina de ser totalmente aceptado (baixo o argumento de que o Ferrín que conta é o narrador breve, esquecendo obras como *Antón e os inocentes* e *Bretaña, Esmeraldina*), con *No ventre do silencio,* II Premio Eixo Atlántico. De entrada digamos que se trata dunha "estudiantina" situada no Santiago dos anos cincuenta; a invasión de Hungría polas tropas soviéticas en 1956 é o factor histórico que contextualiza temporalmente a narración. Mais tratándose dunha obra de Ferrín, isto é dunha narración con vontade de estilo, inferirase doadamente que a "estudiantina" non é máis que un pretexto para a parodia dun enfoque costumista que no seu momento (Pérez Lugín e adláteres) xa nacera morto. Certo que os estudiantes, cerne desta historia, viven nunha pensión da Rúa da Troia, choscadela sobre choscadela, e mesmo protagonizan algunhas anécdotas (a da fiestra ou viceversa de Castro Dorrío, páx. 20) abondo resesas, pero é que as escenas costumistas de *No ventre do silencio,* son simplemente o adobío dunha ensalada servida, polo demais,

con ingredientes de primeira man. *No ventre do silencio,* dalgunha maneira posta en ficción do que Xosé Luís Franco Grande narrara en clave de ensaio en *Os anos escuros,* é unha novela coral, pero con sons protagonizados por dúas voces. Unha, a do propio narrador, outra, a dunha muller que coarenta anos despois, desde unha cela hospitalaria e víctima de doenza mental, finxe o don da invisibilidade, o que lle permitirá traspasar portas doutro xeito pechadas a quen non sexa un relator omnipresente. Esta voz canxa perfectamente dentro do progreso da novela, pero ás veces fica a sensación de se en realidade pagaba a pena a súa presencia nunha historia que se sostén por si soa, de se Méndez Ferrín non estricou de máis a goma narrativa, como se a súa pintura precisase (atal o cabalete ou o mastín en *As Meninas*) de obstáculos ou atrancos para facer menos lineal a historia.

Voz suplementaria á parte, *No ventre do silencio* apura e resume algúns dos diaños familiares ou motivos recorrentes de Méndez Ferrín: a violencia irracional, a hipocrisía relixiosa, as pantasmas da guerra, os moinantes, os refugallos fascistas, o erotismo interclasista, o terror policial, a mediocridade burguesa, ó tempo que confirma ó escritor ourensán como un coidadoso retratista de persoeiro ou simplemente de seres de medio pelo ou anónimos que recompoñen o que Unamuno dera en chamar a intrahistoria. Así o lector curioso vai pasar un bo tempo xogando a recoñecer a xente ou a xentiña que Ferrín retrata neste libro con pericia e obvias doses de lirismo. Por aquí circulan, camuflados, Otero Pedrayo, Urbano Lugrís, López Nogueira, mais tamén, co seu propio nome, Fermín Bouza-Brey, Bernardino Graña, Floro Morán (dono do mítico Hotel España que aquí tamén se deixa ver) ou as Marías. Destas dúas mulleres, que cando menos acompañaron a tres xeracións de estudiantes, Ferrín fai un retrato reivindicativo no que —ó revés doutros autores que se ocuparon igualmente delas— carga máis as tintas no aspecto político da cuestión que no meramente temporal. E así, facéndose eco dunha lenda que aínda se contaba no Santiago dos últimos sesenta, Ferrín faille dicir ó seu personaxe Brétemas: "—As tolas son de familia anarquista destacadísima. Matáronlles dous irmáns cando fora dos meus tíos, no muro de Boisaca. Foi cando a máis vella quixo borrar todo. Voltou ao pasado e instalouse para sempre de mociña de preguerra. Logo fascinou e arrastrou a irmá e a sobriña. Aí as van" (páx. 69). As Marías, xa que logo, axudan tamén a contextualizar unha realidade na que non están ausentes empachosos boleros da época, cancións de Los Llopis e Renato Carosone, e demais parafernalias daqueles tés, que como ben sabe o lector de *Con pólvora e magnolias* é o nome que recibían os guateques no Santiago dos cincuenta. No que había e houbo despois (hoxe as cousas, supoño, mudarían por mor da presencia masiva de universidades en Euscadi) unha importante colonia vasca. Aquí se deixa ver nomeadamente o estudiante Amezaga, un suxeito como fuxido, tamén no seu terrible final, daquelas historias de catequeses ou exercicios espirituais.

Quérese dicir que Méndez Ferrín para artellar a súa historia bota man dunha chea de materiais, algúns obviamente de derribo, certos, incertos ou definitivamente inventados. O mérito consiste en saber ensamblalos, dotalos de corrente, facer que o lector os sinta seus para que dalgunha maneira fiquen incorporados á nosa épica contemporánea. Por aí os tiros de Méndez

Ferrín, quen remata a súa historia cunha violencia dobre e en paralelo, que xa se viña xestando ó longo desta novela na que o ton amable, mesmo empachoso, que nalgún momento aparecía era mentira, claro. Violencia causada polos ciumes e das que son testemuñas, respectivamente, Ferrín, o coxo de Couso (coa súa alucinación diacrónica) e unhas leiteiras "que viñan do Observatorio Astronómico, ou ben das casas do profesorado" (páx. 186). Na recente edición española de *Fría Hortensia y otros cuentos* (Alianza Editorial, Madrid 1999) Ferrín asina un gustoso *Prólogo para no gallegos.* Nel, ademais de inserir a súa teoría sobre o relato breve, escribe o seguinte: "Y por fin, aquella extraña sensación de que todos mis cuentos (y mis poemas, y mis novelas, y mis artículos, y este prólogo) se relacionan entre sí y que son recurrencias de un solo texto, del único que soy capaz de escribir y que renace incansablemente y retornará siempre a mí hasta que la muerte me detenga la mano y confisque mis obsesiones para descanso de cuantos me soportan" (páx. 18).

E eu non podo por menos que subscribilo.

VICENTE ARAGUAS

Doutor Deus

● XAVIER LÓPEZ LÓPEZ. *Doutor Deus.* Sotelo Blanco. Santiago de Compostela, 1999.

Abres o libro como un portal que renxe, ves unha luz misteriosa e entras, e estás dentro. Nese momento comeza unha viaxe que dá unhas cantas voltas á túa cabeza. Sentes un deleite multiforme, os teus ollos cegados brillan e, antes de que te decates de cómo, ves afastarse algo e ti facendo acenos de despedida...

Da producción sorprendente dos novos e bos narradores que nos vén ofrecendo a editora Sotelo Blanco desde hai tempo, o que se cadra máis chama a atención é o feito de que parecen facer algo realmente diferente. Non hai afagos fronte a supostos mestres cos que situarse nunha tradición que non por ser tradición ha ser boa. Tampouco se trata de renegar dunha realidade da que esta tradición, evidentemente, forma parte. Non é isto. É como se non importase, como se estivese aí, claro, pero máis nada. Acabaron as reivindicacións de primeiro plano —o que non significa a fin das metas— e explórase a literatura pura e dura. Así: pura e dura. E non sabemos se estes narradores anticipan unha normalidade cultural, se a están establecendo ó escribiren o que escriben (e do modo que o fan) ou se simplemente os trae sen coidado a teima dunha ás veces lacrimóxena introspección e, por iso, pasan ós actos con pulo e habelencia.

Despois de presentarnos a historia detectivesca *Biff, bang, pow!*, certamente atípica —no que atinxe á feitura e ó tamaño— e dabondo exitosa entre o público, Xabier López López agasállanos agora cunha fascinante novela que revela un narrador áxil e prometedor e dunha madurez literaria asombrosa se se ten en conta que naceu no ano 1974. Esperemos que o certeiro texto da contracapa, que dado o lugar onde aparece saíu tal vez un algo teórico e académico, non asuste os posibles lectores e desexémoslle boa sorte a este libro que ben merecería que moita xente se fixase nel e no seu autor. Non son meras palabras de benevolencia pola miña parte, é que aínda estou baixo o meigallo dese universo narrativo englobado na novela. Se outros lle atopan eivas, alá eles. Se me equivoco, fágoo con gusto.

Doutor Deus é un texto cheo de textos diferentes, de voces, de personaxes, de rexistros, un texto vivo, reflexivo, de acción, de espellismos, de trances, de parodias, un texto que divirte, que dá que pensar, que informa, que xoga, que enreda, que desenreda... É un exercicio de estilo, un tratado de narratoloxía, un estudio de polifonía, unha reflexión sobre o mundo e a verdade, unha aplicación das posibilidades intertextuais e —sempre— un bo exemplo de literatura cativadora, como dixen antes: pura e dura.

¿E de que vai tan excepcional libro? O escritor Afonso Deus, "vello, moi vello, lisboeta", engaiolado por unha muller, interrompe a súa viaxe a Lisboa na parada onde ela baixa do tren. En realidade, esta muller non volve ter importancia na historia, é un mero catalizador da vontade de Deus de fuxir da súa vellez e da edición da súa obra completa que están preparando os seus editores portugueses. Alóxase nunha pensión, sen intención de pasar moito tempo nesa vila de Cabaleiros, pero a estadía prolóngase. Unha noite, aparece no seu cuarto un ser (¿ou non-ser?) estraño, que se presenta como Trotski. As reiteradas aparicións deste visitante aniquilan a dúbida de Deus de que se trate dunha alucinación súa. A modo de Mefistófeles, do Fausto de Goethe ó que decote se alude e no que se inspiran os nomes e as funcións de varios personaxes, Trotski proponlle un pauto ó escritor: xuventude, creatividade e unha "musa corpórea" a cambio de redactar unhas cartas, a remitir a certa persoa residente en Lisboa. Deus acepta e parece que todo se cumpre...

Polo medio desta historia tropezamos con moitas outras, menos extensas, sempre curiosas: dun grupo de vellos intelectuais, os disidentes da vila, calados pola represión pero sen esqueceren os seus ideais; a historia falsificada dun heroe local ó que erixiron unha estatua que parece exercer de símbolo abominable para os críticos do réxime e de eixo ideolóxico para a doutrina oficial; un fascista de verdade, ex-combatente da División Azul, tolleito (fáltanlle unha perna, un brazo, un ollo e —como din as malas linguas— certo órgano reproductor), que adoptou dúas nenas; unha delas é filla dun capitán alemán, caído preto de Leningrado, e chámase Gretchen ou, na vila, Gertrudis, que vén sendo a musa do escritor portugués rexuvenecido; un indixente filósofo, que finalmente vai provocar o violento desenlace da historia; escenas da vida de Trotski; un opositor con familia portuguesa, Constancio Wagner para os coñecidos, que se converte en algo como o fámulo de Deus... Como ben se ve, esta novela é unha caixa máxica, que non de xastre, unha novela subversiva no sentido bakhtiano que pon en dúbida moitas cousas malia que nunca perde o norte.

Mais se pensamos que todo é un xogo bonito sen moita relevancia, trabucámonos. Á parte de tratar temas eternos do pensamento humano e da literatura universal, o que o narrador fai é, na última parte do libro, permitir a irrupción do contexto histórico no que se desenvolve a novela: a Galicia dos anos cincuenta e as forzas represivas. Este xiro é tan brutal que parece destruír o engado da ficción, tan palpable nas páxinas anteriores, quere dicir o encanto e a posibilidade do xogo literario, porque a forza da imaxinación pouco pode contra a violencia do réxime. Mesmo desaparece Trotski sen deixar rastro, facendo que o que sucedera antes, no cuarto de Deus, poida dar a impresión de ter sido mera exteriorización de procesos psicolóxicos desencadeados polo desasosego existencial e creativo do escritor. Pero ó mellor non importa, tampouco explicaría os cambios reais na persoa de Deus, o seu rexuvenecemento por exemplo, tan pronunciado que a policía secreta considera como falsificación o seu pasaporte. O libro non nos explica nada, ou ben pouco. Non hai unha clave, hai moitas. Hai que se deixar sorprender. A iso nos convida Xabier López López dese xeito tan logrado. Fagámoslle caso e non produzamos máis texto explicativo sobre un texto que permite tantas lecturas das que esta, mal que ben, nada máis constitúe unha e non a mellor. Permítaseme só unha última frase: se un bo libro debe entreter e desacougar un pouco, este é un bo libro.

FRANCK MEYER

A poesía galega de Lence-Santar

● EDUARDO LENCE-SANTAR. *Poesía Galega*. Edición de Xe Freyre e Armando Requeixo. Libros da Frouma. Santiago de Compostela, 1999.

En maio de 1998 naceu unha insólita colección denominada Libros da Frouma baixo a responsabilidade de Luís Alonso Girgado. A singularidade desta iniciativa radica no feito de que a edición dos libros se acolle á tradicional forma do mecenado, sendo custeadas por empresas privadas relacionadas co ámbito literario. Naquela data viron a luz dous volumes, *Era un son de buguina...* (Antoloxía poética) de Agustín González López, en edición de Xurxo Sierra Veloso e do propio director da colección, e *Poemas galegos* de Xoán Vidal Martínez, en edición de Begoña Eguizabal Gándara e, novamente, de Alonso Girgado. Máis tarde o catálogo desta colección enriqueceuse coa publicación dunha boa e necesaria traducción dun importante libro de T. S. Eliot, *A terra baldía* (¿por que non *A terra erma?),* en versión de Mª Fe González e Armando Requeixo, e do estudio monográfico *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* da autoría de Olga Novo.

A última entrega, polo de agora, destes Libros da Frouma é a compilación *Poesía galega* do escritor mindoniense Eduardo Lence-Santar é responsabilidade de Xe Freyre e de Armando Requeixo. Así, mentres o primeiro realiza un profundo estudio biobibliográfico sobre o autor mindoniense, o segundo analiza a súa poesía e tamén se ocupa da edición e do comentario dos textos exhumados.

Xe Freyre intitula a súa aproximación "Vida dunha barbas (Mira de axuste a unha biobibliografía de Lence-Santar)" e este curioso encabezamento xa nos indica que a súa visión sobre o autor non vai ser a clásica e fría, sucesión de datas e datos que adoitamos atoar en calquera estudio deste tipo. Con excelente humor, Freyre parte da contemplación dunha vella fotografía de Eduardo Lence-Santar y Guitián, Cronista de Mondoñedo, reproducida en 1923 por unha revista da colectividade galega en Arxentina para debruzarse sobre o retrato e ofrecernos de seguida os datos biográficos, sen esquecer un achegamento á etopea do poeta.

Como adoito sucede, os anos da infancia son os máis neboentos e daquela os datos son menos precisos. Sen embargo, non falta información sobre ningún dos importantes acontecementos que arrodearon a vida de Lence-Santar, como ocorre coa designación como membro correspondente da Academia Galega en data temperá (xaneiro de 1906) e que o propio autor xustificaría non polos seus méritos poéticos senón polo seu entregado labor da compilación de adiviñas. Freyre descóbrenos ademais os motivos polos que, nunha carta dirixida a Murguía, renuncia a tomar posesión, afastándose da institución.

Tampouco podía pasar desapercibido o seu nomeamento en 1917 como cronista oficial da cidade de Mondoñedo, co que os seus conveciños recoñecían publicamente a súa xenerosa contribución para que a historia local fose coñecida, angueira á que lle dedicaría centos de horas e miles de páxinas.

Coñeceremos tamén nestas páxinas outros episodios de relevo na vida de Lence-Santar que se apagaría en 1960, para que logo Xe Freyre confese a imposibilidade de referir neste estudio introductorio a compilación da súa inmensa obra, optando por facer unha primeira aproximación ó seu repertorio biobibliográfico, "vertebrado en torno á edición de obras en volumes da súa exclusiva autoría". Así e todo, Freyre consegue acadar máis obxectivos que os propostos e logo de nos ofrecer unha completa información sobre eses títulos aínda engade datos pormenorizados sobre algúns inéditos de interese.

Un último testemuño da paixón coa que Xe Freyre aborda a figura do poeta mindoniense é este parágrafo que rescatamos da derradeira páxina do seu estudio: "Contrastada co volume da súa producción histórica, a obra literaria de Lence-Santar é cuantitativamente menor. Parece lóxico que así sexa. Se Clío lle permitía a Lence facerlle as beiras, os amores con Erato eran máis impestuosos".

Pola súa banda, Armando Requeixo encadra a poesía na "Xeración de Antre Dous Séculos" e faino con argumentos sobradamente convincentes, ademais de analizar polo miúdo a súa relación de amizade con outros dous grandes escritores mindonienses: Antonio Noriega Varela e Manuel Leiras Pulpeiro,

así como a notable influencia que os rexistros poéticos de ambos tiveron sobre o seu estro.

A seguir Requeixo recolle nun breve capituliño a fortuna crítica do Lence poeta, dándonos unha completísima información sobre a escasa atención que suscitou a súa lírica. Despois de situar a creación poética no conxunto da súa obra, con apreciacións moi interesantes sobre os feitos que motivarían a súa escrita en galego, destácase a limitada variedade dos núcleos temáticos que a compoñen, con absoluto dominio do elemento mariño e da poesía confesional e relixiosa, desde unha perspectiva autobiográfica.

A análise estilística, o estudio sobre a lingua e os criterios de edición preceden á compilación dos vinteoito poemas en galego de Eduardo Lence-Santar. Aínda que as lagoas existentes nas hemerotecas poidan levarnos a pensar que a súa producción poética fose maior, dificilmente podería sobardar do medio cento de composición e, tal vez sexa esta a razón que explique os semiesquecemento do que se queixa Armando Requeixo. Por outra parte, a lectura dos poemas permítenos afirmar que a poesía de Lence-Santar non engade gran cousa á escola mindoniense, que os especialistas adoitan presentar como a dualidade entre a montaña de Noriega Varela e a mariña de Leiras Pulpeiro.

Ora ben, xusto é dicir que a nosa historia literaria precisa, mesmo con urxencia, de traballos exhumatorios como o que asinan Xe Freyre e Armando Requeixo. Quéixase este último, con razón, das moitas lagoas existentes nas colecciónns hemerográficas, mais o proceso erosionador que as motivou aínda continúa. Hai xornais do século XX que apodrecen sen posibilidades de recuperación e nas súas páxinas hai ducias de autores como Eduardo Lence-Santar que a nosa historiografía non debería permitirse o luxo de perder nunca. Velaí o mérito máis grande dos autores desta exhumación, velaí tamén o valor de colecciónns como os Libros da Frouma. Que se siga este exemplo, tanto desde a iniciativa privada como desde a pública. É de lei.

MIRO VILLAR

Fadamorgana

● *Fadamorgana. Revista galega de Literatura Infantil e Xuvenil,* nº 1, abril, 1999.

No pasado mes de abril saíu do prelo o primeiro número de *Fadamorgana. Revista de Literatura infantil e xuvenil,* un agardado proxecto que se viña sumar ó agora malogrado *Eidos do Libro* na busca dunha vía de divulgación e análise desa parcela literaria que é a LIX. Estas aparicións, e en concreto, *Fadamorga-*

na, veñen cubrir ese baleiro (máis andazo do que eiva) que é a absoluta carencia de puntos referenciais á hora de clarificar un panorama de inflacionada productividade no sector editorial destinado a un público escolar. De feito, o número das publicacións dedicadas a nenos e mozos desborda con creces, tanto en creacións orixinais como en traduccións, as cifras acadadas pola literatura xeral ou "de adultos", sen que esta desproporción se vexa amparada por ningún soporte técnico, orientativo, crítico ou mesmo divulgativo, agás as páxinas que con certa periodicidade lle dedica unha —escasa— prensa diaria. Nestas condicións, a presencia de calquera publicación que teña como obxectivo a LIX debe ser, por principio, benvida.

Sen embargo, cómpre esculcar, á marxe do valor que se lle supón, cal é a aportación real da revista que nos ocupa.

En primeiro lugar cabe mencionar a irregularidade temporal da tirada, que substitúe o clásico lindeiro trimestral por outro axeitado ós imperativos do curso escolar ó que vai prioritariamente dirixida: abril, outubro, decembro e febreiro.

En canto ós contidos, nas súas páxinas teñen cabida as informacións breves (referidas a encontros, concursos, etc.) e mais a pormenorizada atención a temas diversos. No primeiro número, dúas entrevistas a autores, complementadas con cadansúa bibliografía, familiarizan ó lector con dous escritores, un galego e outro exterior, mentres que unha sección fixa nos achega á obra dun dos nosos ilustradores. Neste sentido, hai que felicitarse pola atención que se presta ó universo gráfico, de tanto peso coma o textual no campo da LIX e non sempre apreciado, en moitos casos a falta da formación necesaria para avaliar a transcendencia dunha ilustración, ou as súas características pertinentes.

Completan o sumario un dossier a cargo de diversos colaboradores sobre unha materia proposta e mais un extenso capítulo de recensións de todas as obras publicadas no período (neste caso, as editadas no primeiro trimestre do ano).

Neste número inicial apuntouse (con bo criterio) ó clasicismo nos temas, escollendo para as entrevistas a unha autora de indiscutible calado como é Alice Vieira e, entre os galegos, a Antón García Teijeiro. Neste senso, pode considerarse un acerto ese achegamento á literatura que se desenvolve alén das nosas fronteiras (naturais ou lingüísticas), que de momento se inicia cunha autora moi próxima a Galicia, pero que con seguridade acabará facéndose eco de producción coas que o público galego está menos familiarizado.

O dossier, pola súa banda, versa sobre literatura oral, e conta coas colaboracións de Xabier P. Docampo, Marilar Aleixandre, Gloria Sánchez, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, entre outros, a se ocuparen de aspectos tan diversos como a análise do "sucedido", os seres da mitoloxía infantil, as figuracións da madrasta, o tratamento do conto popular ou o uso do conto oral nas aulas. Culmina esta aproximación cunha cronoloxía da recollida da literatura popular de Sarmiento a Risco. Mágoa que rematase en Risco.

O número complétase cun nutrido rol de títulos sumariamente comentados pero, iso si, cunha vontade crítica que poida servir de orientación a edu-

cadores e ó público interesado. É moi interesante neste epígrafe o desexo de mostrar a producción galega na súa integridade, e no que só se bota en falta unha ausencia: o premio Barco de Vapor. Probablemente foi a falta de espacio o que levou ó director, Xosé Antón Neira Cruz, a priorizar calquera outro título fronte ó premio que se concedeu a *Valdemuller*, da súa autoría. Unha trampa da discreción contra a que haberá que loitar en aras da sistematización nas reseñas.

Tan só apuntaremos dúas notas que, con seguridade, resultarán obsoletas en números posteriores. A primeira delas é referida á traducción literaria, fundamental desde o punto de vista numérico na actual edición en galego e que non parece ter moita representación nas páxinas da revista. A segunda apunta a unha atención quizais excesiva ó mundo autorial. Tal vez sexa hora de desacralizar un tanto a función creadora (en moitos casos, suficientemente potenciada) e priorizar unha maior aplicación de criterios ás exploracións que se poidan estar levando a cabo no universo anónimo da lectura (bibliotecas escolares, experimentación de contacontos, técnicas de animación á lectura) que arrinque ó lector de *Fadamorgana* do papel contemplativo do receptor para facelo partícipe activo do proceso da lectura e, sobre todo, de mediador na iniciación á lectura dos cativos, destinatarios últimos.

En definitiva, cómpre saudar a aparición de *Fadamorgana* coa mellor das expectativas, pois xa ía sendo absolutamente necesario abordar o eido da LIX desde unha perspectiva analítica e crítica, lonxe dos lugares comúns ó que o reducido círculo da producción nos soe levar e escapando dese proteccionismo ó que se adoita tender de cara ás creacións orixinais. O panorama da LIX nestes momentos está ben nutrido, e este é o momento de limar as eventuais e dolorosas arestas da calidade.

SILVIA GASPAR

O desenvolvemento comunitario local

● XAN BOUZADA (ED.). *O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Elementos teóricos e metodolóxicos*. Editorial Galaxia/ Igesco, Vigo, 1999.

Para entender o que vén significar esta obra é necesario facer unha breve referencia ó marco teórico do desenvolvemento local. Actualmente abondan obras sobre os beneficios e vantaxes do desenvolvemento local fronte a outras accións, medidas ou programas que, cunha finalidade específica, naceron enfocados ó crecemento económico, á explotación dos recursos propios ou á ordenación territorial, entre outros. Unha vez superada esta fragmentación e en-

tendido o termo desenvolvemento na súa actual concepción —como proceso endóxeno, global e local— comezan a presentarse monografías e estudios que, a pesar de superar a limitación anterior, son maioritariamente de corte descritivo e soen presentar o todo como unha mera suma das partes (poboación, economía, cultura, política, territorio...).

A novidade da presente obra, edición de Xoán Bouzada, recae sobre a contextualización do desenvolvemento local na súa dimensión comunitaria: o desenvolvemento global dunha comunidade local, receptora e participe, e moitas veces impulsora, da acción social. Sen deixar de lado o valor engadido da súa aplicabilidade á nosa realidade e contorno galego, tanto pola traxectoria do editor e o seu interese pola nosa comunidade, como pola valiosa e suxerente selección de artigos incluídos. Estes, realizados especificamente para formar parte desta publicación ou reelaborados para axustárense ó obxectivo da obra, presentan tanto experiencias postas en marcha no noso contorno e fóra, como propostas metodolóxicas, que se mostran ante o lector como guieiros da estratexia de acción de DCL e das claves, elementos e factores a ter en conta.

Na introducción, "O desenvolvemento comunitario local e a sociedade galega", exponse dun xeito claro e máis que convincente a actual necesidade e futura continuidade do DCL. Dada a complexización da sociedade actual e as demandas que os cidadáns están a exercer, xa non chega con delegar nas autoridades políticas a toma de decisións como se viña facendo ata o de agora, requírese a participación dos actores sociais na consecución do tan nomeado benestar social, e nestes momentos de algo tan tanxible como a creación de emprego ou a estabilidade demográfica.

A finalidade da obra é ofrecer non só unha base teórica senón unha visión práctica, a través de experiencias concretas e metodoloxías empregadas, que conduzan a un maior coñecemento dos proxectos de DCL e estendan a súa práctica. De aí que explicitamente se faga unha invitación a explorar e explotar o momento histórico que estamos a vivir: o auxe do local e o nivel de maduración alcanzado pola sociedade civil galega como valores endóxenos, e a existencia de programas comunitarios como o Leader (no ámbito rural), o Urban (no ámbito urbano) e outros máis que desde os seus ámbitos sectoriais facilitan a realización de proxectos de DCL.

A través das distintas experiencias ofrécense un sin fin de posibilidades de cómo elaborar e executar un plano de DCL dependendo de quén o impulsa, quén o xestiona e mesmo dos obxetivos que persegue. Así, o caso de Vilafranca del Penedés, xurdiu da concertación dos diversos axentes sociais nunha fronte común: o compromiso de loita contra o desemprego. Dunha parte o municipio a través do Departamento de Promoción Económica e doutra a sociedade civil coa creación da Fundación Pro-Penedés foron os eixos sobre os que se organizou a estratexia de desenvolvemento a seguir.

Tres dos artigos fan referencia a experiencias nas que o proxecto de DCL foi financiado polo programa Leader. Na experiencia dos concellos de Castrelo do Val e Vilardevós o programa foi desenvolvido pola Asociación de CDR Portas Abertas á que están adheridos concellos, cooperativas, empresas e outras entidades económico-sociais como unha Asociación, unha Caixa ou a Univer-

sidade; mentres que o programa Leader de Portodemouros foi impulsado polo grupo local e xestionado polo Instituto de Desenvolvemento Comunitario de Galicia, encargado da formación e do apoio técnico. Por último, o desenvolvemento comunitario local-rural na comarca de Alcántara (Estremadura), impulsado e xestionado polo Padroado Pedro Ibarra, estructurouse a través de diversos programas, o Leader entre eles; o modelo de desenvolvemento elixido (endóxeno, integrado, participativo e sostible) xurdiu no seo dun proceso de acción-reflexión-acción entre a actividade inicial do padroado, as necesidades da poboación e as características da realidade social do contorno.

Non todas as experiencias contaron coa financiación institucional das anteriores, nin sequera co apoio esperado por parte das Administracións. Este é o caso da Asociación Xermolos de Guitiriz, quen apostando firmemente pola defensa da cultura, a sensibilización cara a esta e a potenciación das iniciativas culturais, pronto se converteu en foro de encontro e reunión para a prevención e busca de solucións dos problemas da comunidade. A pesar de nacer sen apoio institucional e chocar cos poderes establecidos, asentouse como xestora de recursos e consiguiu unir vontades e Administracións nun proxecto común de desenvolvemento local.

Calquera alternativa que se leve a cabo pode requerir nalgunha etapa contar co apoio da autoridade e o amparo institucional, sen que isto signifique a dependencia desta da Administración. Así, a Experiencia cooperativa na acuicultura-Ría de Arousa, impulsada desde os cidadáns co obxectivo de promocionar a riqueza do seu mar, xurdiu como alternativa e superación do modelo actual de explotación marisqueira promulgado pola Administración. Salvo a necesidade da correspondente regulación xurídica e autorización administrativa, o triunfo e validez desta iniciativa recae na súa articulación social, implicación da comunidade de veciños e promoción desde a cooperativa, desde os cidadáns.

Na mesma liña, no barrio de Vite, elaborouse un plano socio-comunitario que naceu ante a ausencia dun plano propio elaborado pola Administración e a crecente tensión veciñal xerada pola situación de marxinalidade e emerxente delicuencia xuvenil vivida. Desde a Asociación veciñal contemplouse a necesidade de desenvolver un proceso de estructuración social do barrio como factor clave para a prevención e tratamento da delincuencia xuvenil, e mellora da situación de "risco social" existente; o papel da Administración quedou relegado á participación na organización funcional facilitando un equipo interdisciplinar de apoio. Os planos socio-comunitarios, instrumentos de desenvolvemento social urbano en Galicia, son unha forma de traballo social que intervén sobre o territorio, barrio ou comunidade, facendo ós membros receptores da acción partícipes da planificación e intervención; e como tales son obxecto de revisión e reflexión neste libro.

Sen embargo, o DCL pode formar parte dun proxecto político e ter bo crédito, se é impulsado desde unha nova conceptualización do poder municipal e da xestión e rol do concello, como ten acaecido en Allariz 1989-1995. O concello optou por un papel activo na dinamización da economía e mobilización da iniciativa privada, sendo o territorio a referencia básica da acción municipal

e apostando pola recuperación patrimonial. Ademais dos resultados visibles (conservación do patrimonio, explotación turística de edificios, creación de museos) e da evolución dos indicadores económicos e demográficos (creación de emprego, estabilidade demográfica); destaca o reforzamento da identidade e autoconfianza da comunidade, elementos por outra banda necesarios para o mantemento da tendencia de cambio iniciada e na aposta pola ámbito local e dimensión comunitaria.

De calquera dos modelos expostos, e tanto a través da lectura das experiencias como das reflexións teóricas recollidas nesta obra, *O desenvolvemento local comunitario*, o ámbito local móstrase como a estratexia de futuro e o desenvolvemento comunitario como a articulación concreta da acción social, económica, política e cultural no territorio. De feito, en Galicia, o reto pola dinamización das iniciativas locais e aproveitamento dos recursos endóxenos articulouse a través da comarcalización: unha nova estratexia local de desenvolvemento endóxeno. A comarca xorde como unidade espacial funcional coherente a todos os niveis da acción humana, e con capacidade de consolidar proxectos; ó igual que ocorreu na Bretaña e as súas comarcas, onde estas configuraron historicamente espacios de solidaridade e de expresión dos intereses da comunidade.

A alternativa defendida polos diversos autores partícipes na obra desafía á actual organización político-económica e os seus negativos efectos: maior dependencia, e excesiva e crecente desigualdade. Así, o DCL supón a volta á autosuficiencia e á autonomía, á diversidade e á creación de riqueza local no contexto actual de economía global, apuntando o local como polo de resistencia. Por outra banda, calquera proxecto que se precie require de garantías participativas que aseguren a súa solidez, necesita de consenso que o respalde, e debe ser construído entre todos na búsqueda dunha maior eficiencia; e é no plano local onde xorden os foros alternativos, as plataformas de cidadáns, as redes sociais, capaces de xerar o cambio e elaborar programacións integrais.

A sociedad civil atopa no DCL a oportunidade para recuperar o seu papel, participar nos procesos de intervención e na planificación de proxectos. A actualidade, debedora da expansión do local e endóxeno e ocasión para a participación da sociedade e da cidadanía, é o momento propicio para que o conxunto de axentes sociais comprometidos e xeradores de iniciativas e dinámicas socio-económicas se tornen protagonistas da xestión local e da realización de programas de desenvolvemento local rural.

A finalidade desta obra, segundo se concibiu, era a de promover e difundir o DCL, e trala súa lectura, supérase este obxectivo inicial ó converterse esta nunha peza de referencia indispensable, previo a calquera planificación de traballo de campo, e como reflexión sobre o estado da cuestión. O enfoque multidisciplinar dos diferentes autores, a credibilidade das iniciativas realizadas e a aplicabilidade das metodoloxías propostas, fan desta obra a musa inspiradora que estabamos agardando para pasar definitivamente á acción e impulsar o desenvolvemento comunitario local.

SARA MARÍA TORRES OUTÓN

Escarnécenos, Reixa, escarnece. Traba no país con fereza

■ ANTÓN REIXA. *Escarnio*. Colección Ldc, El Europeo, Esan Ozenki Records, 1999.

Cando un vive nun país que se mobiliza máis porque o vintecinco de xullo cae en domingo ca porque se lle desmantelen os sectores productivos, por exemplo, non todos os días atopa motivos para a alegría colectiva. Pero imos falar dun: *Escarnio*, o novo traballo de Antón Reixa. E da última novidade (aquí): o CD-Rom, soporte infográfico (pinturas de Antón Patiño e Isaac Vicente) dalgúns textos. O volume en formato libro, inclúe tamén o CD coa música (de Kaki Arkarazo), e os textos, nun bilingüismo harmónico (galego-castelán, enténdase) curioso pero lóxico atendendo a que a música non ten fronteiras, pero os hipotéticos oíntes seica falan máis castelán. Aínda así, insistimos en que hai que estar xubilosos de que o país conte cun tipo que, ademais de ser grande ("Os homes dun metro oitenta non choran/ Eu mido un metro setenta e nove"), pense grande e actúe grande e de que ás veces lle dea resultados coma este.

Non cabe dúbida de que Reixa segue sendo o francotirador máis rápido do noroeste. Un oficio que non o encherá (polo menos non directamente) de capital económico (menos mal que é polifacético, e algunhas facetas *bien pagás*, gustos á parte) pero que si lle asegura o liderato no capital simbólico (líder do vangardismo) tanto do público en xeral (obra do seu poder mediático) coma dos seus pares do campo literario (Bourdieu *dixit*).

Porque, falando de sistema literario, para que dentro del se conciba unha busca innovadora e revolucionaria coma esta, ten que existir un estado potencial. Unha especie de lagoas pedindo seren colmadas. (Isto vai para os que consideran estes productos excentricidades oportunistas). Pero así como a chamada das lagoas dun sistema só a escoitan os que son o suficientemente libres (economicamente tamén) e valentes para enchelas, os seus correspondentes resultados artísticos só son accesibles a consumidores dotados da disposición e a competencia para valoralos. (E isto vai para os que escollen vivir arrevoando productos máis "fáciles", "bonitos", "mellor elaborados" ou menos molestos).

Porque, entre os que len, hai o modelo renegado: "O equipo local vai mal. A xente aplaude ó equipo visitante". Hai o modelo estupor: individuos superados pola realidade. Hai os que critican (lean ou non). E hai os que queren existir neste lugar (Galicia si: diversa, pequena e colonizada, pero tanto coma ti) e neste tempo. Eses hano disfrutar, coma o caldo no inverno: tónico corporal para a saúde física e mental. E que non falte.

Para todos eles vai este trobar escarniño que non é nada novo: xa os medievais. Como xa os medievais concibían os poemas como cantigas, para o goce colectivo. E de amor, que tampouco falta: "Durante horas e ás veces

durante días os surfistas agardan polas ondas. Así estou eu por ti" (Non sei se ela me entendería)". Pero hai máis escarnio. Por iso comeza cun individuo que fala de poesía xaponesa e doutros asuntos mentres o presidente do goberno de España, José María Aznar, pronuncia o seu discurso de investidura. Un *practicar nós a verbalidade contra os que disfrazan a linguaxe, para matar o ruído dos políticos* (ANT, 885). O poeta fala de "haikus" mentres o político fala de "la nueva etapa política". Barricada de exceso verbal (¡241 versos!) e obsesión rítmica. Poemas máis longos, e máis recitados ca cantados, sobre secuencias rítmicas modulantes. Todo un contraste —¿evolución?— respecto ós traballos anteriores.

Traballos cos que si hai continuidade no fondo (vs. forma): co *Safari mental* (1997) en que "Todo o que se diga é pouco" ou na teima co tempo e o clima ("Brigadas Anti-Clima" naquel, "O tempo non é o clima. O clima non é o tempo" neste); ou con outros traballos nos que enfronta os tópicos coa súa inconsistencia ("Un galego que como todos os galegos ten dobre personalidade/ Pero utiliza case sempre a mesma"), refai refráns ("Río Revolto/ consolo de moitos/ Ganancia de pescadores/ Con boca fechada / Moscas en fuga") ou usa de asociacións insólitas ("Músculo/ Molusco// Vivaldi/ Pachangas// Hai calvos/ Bivalvos"). Sempre haberá quen diga que os temas son os de sempre só que lle ocupan máis. Outros decataranse de que a cabeciña de Reixa é como unha maraca na que todo se vai mesturando segundo o grao de axitación. E será por axitación...

Vai un exemplo: o 13 de maio de 1997, 400.000 individuos de todo o mundo, "armados de fe paranormal e fanatismo milagreiro", peregrinaron a Fátima polo octoséximo aniversario da aparición da virxe: "E 400.000 individuos é moita xente como para non imaxinar como/ foi o avance desa columna humana[...]". É cuestión de pensalo, porque temas para unha reflexión transcendental pásannos a diario pola porta (a pé, en bicicleta ou da cabalo). E convén pensalos porque pode que nos interesen, ademais de para os xa consagrados negocios de *souvenirs*, para alegrar a programación televisiva con *shows* nocturnos de visionarios "cunha liña de teléfono de pago para amargados sen fronteiras".

Pode que o que a todos nos cumpra sexa unha lupa para mirarlle os peleiros ó mundo. Ós temas que Reixa trata, como a política, a relixión, o tempo (como todo bo poeta), Manuel Antonio (como todo poeta que busque a voz propia) ou o *aerobic*, desde logo que si. A ironía e o escarnio, co seu humor e desmitificación, tamén axudan. Hai que fixarse, como el ben di: "Con cada enciclopedia deberían regalar unha lupa e sortear un cabrito". Nós acreditamos.

OLGA FERNÁNDEZ NOGUEIRA

O descrédito da literatura

■ XAVIER BRU DE SALA. *El descrèdit de la Literatura*. Quaderns Crema, Barcelona, 1999.

De cando en vez, os literatos deben divertirse. Divertirse condenando. Como son literatos condenan a outros literatos. Normalmente en nome da *gran literatura* ou *da alta literatura*, tomando prestado o adxectivo do francés. Adoitan ser estas condenas o que noutrora se chamou "apelo á orde". Nos últimos tempos tivo moito éxito crítico o "chamado" á orde feito por George Steiner co título de *Presencias reais*. Claro que este tipo de chamados, ás veces sen a calidade e finura crítica do suízo, se poden contar por milleiros. Lembremos algúns que salientan tanto polo espírito crítico como pola "finura" das súas observacións. ¿Como é posible a literatura?, de Maurice Blanchot, que é, á vez, unha reseña dun chamado á orde contra o terror nas letras: *Les fleurs de Tarbes ou la Terreur dans les Lettres*, de Jean Paulhan (col. Folio Essais nº 147, París, Gallimard, 1990). O texto de Blanchot é de 1943 e foi republicado como eixo central de *Faux Pas* (versión española, *Falsos Pasos*, Valencia, Pre-Textos, 1977). Anotemos, como curiosidade, que este texto marca para algúns críticos dous puntos na obra blanchotiana: o abandono do seu fascismo inicial (Blanchot era editorialista do semanario de extrema dereita *Combat* —non confundir co xornal do mesmo título que naceu coa Resistencia contra o nazismo— e é o inicio da *nova crítica* francesa que desembocará no deconstruccionismo. Curiosamente (?), como afirma Jeffrey Mehlman en *Legs de l'antisémisme en France* (col. L'infini, París, Denoël, 1984), a crítica blanchotiana nace baixo o signo do terror... fascista. Ou colaboracionista. Mais esquezamos a Blanchot. Outro pranto pola literatura foi publicado en Francia en 1950. *La littérature à l'estomac*, o seu autor, Julien Gracq (versión portuguesa, col. Alfinete/1, Lisboa, Assírio & Alvim, 1987). Gracq, porén, non se "insurxía" contra o terror xa que se instalaba nunha desas correntes que os amantes da orde deron en chamar terror: o surrealismo. Dez anos despois, matizando o dito no anterior "libelo", Gracq dicta unha conferencia na que volve sobre o tema: *"Pourquoi la littérature respire mal"* (en *Préférences. Nouvelle édition augmentée*, París, José Corti, 1981, libro onde tamén se reproduce o primeiro "libelo" citado). Durante un tempo, que coincide co total esfarelamento das vangardas e pseudo-vangardas, e a desaparición das tendencias militantes en literatura (o *nouveau roman* entre outras), os chamados á orde son esquecidos en case toda Europa e parte do mundo occidental, xa que triunfa unha determinada estratexia: a vangarda, movida polos peóns, é dicir, polos profesores de literatura, Gracq *dixit*. Desaparecida esa "literatura", instaurouse nos círculos literarios máis ou menos "progresivos" o que se deu en chamar —ahistoricamente— "tradición da ruptura", e fartáronse de falar de "transgresión". Esta "tradición da ruptura" —achado de Octavio Paz, Simón o Mago do noso tempo, en palabras de Carlos P. Martínez-Pereiro—, establecida polos herdeiros da "vangarda", converteu o que foran *xestos* de ruptura (se é que de verdade existe a ruptura en arte e literatura, acho

que non), que lograran transformarse en *actos*, en puro *rito*, lembrando que moitos ritos non teñen por función unicamente establecer as maneiras correctas de actuación, e polo tanto separar o permitido do prohibido, senón tamén incorporar certas transgresións limitándoas (Pierre Bordieu: *Le sens pratique*, París, Ed. du Minuit, 1980, p. 381). Polo que vimos durante os últimos cincuenta anos como a producción artística das "vangardas" sometida ás fórmulas máis frívolas da ritualidade: as entregas de premios, os *vernissages*, as consagracións académicas. Ou sexa: o *Studio 54* novaiorquino e as sedes das academias de arte e literatura como receptoras e productoras da "vangarda". Todo isto conduciu á confusión, ó todo vale, máis ou menos, que acada o seu apoxeo absoluto na *posmodernidade*.

Contra este "todo vale" erguéronse voces desde a dereita na segunda metade da década dos oitenta: Alian Finkielkrault e Allan Bloom —desde a esquerda cultural erguéranse voces como as do Adorno da *Teoría estética* (lembremos que é un libro póstumo) e algúns dos seus ensaios recollidos en *Prismas*, o último Marcuse, o da *Dimensión estética*—... Nin que dicir hai que a distancia entre a "teorización" de Bloom e Finkielkrault e a de Adorno e Marcuse é infinita, a favor do mestres de Fráncfurt. Non quixera esquecer o interesante ensaio-libelo do novelista español Antonio Martínez Menchén *Del desengaño literararario* (Madrid, Editoiral Helios, 1970), pero non pretendo ser exhaustivo.

Este "todo vale" tomou o mundo da literatura nos 80, e aínda está aí instalado. Instalado de tal maneira que vimos como unha mala novela policial, porque está escrita por un autor de nome xa se considera como unha obra mestra. Ou ó revés, como unha boa novela porque é policial é considerada como unha obra de baixa calidade, (¿Podemos esquecer que Luis Cernuda afirmaba que Dashiell Hammett era superior a Hemingway?). Evidentemente, que este "todo vale" acada o seu cumio cando os medios de comunicación de masa, radio e televisión, maiormente, sen esquecer a prensa escrita, debido ós intereses do mercado entra a saco no mundo da literatura, confundindo culto, popular e masivo, é cousa por todos sabida sen necesidade de caer en paranoias apocalípticas nin de regalarlle o traxe ó veciño. Toda producción literaria debe gozar das tres características, culta, popular, masiva, para que os medios de comunicación de masa a teñan en conta. Ou, mellor dito, para crear a confusión total. Ou para facer crer —os detentores do poder, os donos dos medios, non os medios en si, como algúns "analistas" pensan, ou queren facernos crer, que os medias son "autónomos"— que os medias están preocupados pola cultura, pola gran cultura. A operación foi tan ben desenvolvida, chegou tan ben a porto, que, hoxe e aquí, mesmo os medias son os transmisores dos canons —literarios— creados por departamentos de universidade, e son os promotores dos grandes escritores que están contra o sistema. É dicir, os medias promocionan o escritor que está en contra, xa que un escritor aliado non interesa. En palabras de Maurice Blanchot: "Os grandes aparellos de información, de difusión e de presión que están, directa ou indirectamente, controlados polo poder, teñen moita necesidade, non de productores docis, senón de obras insólitas e pensamentos refractarios [...]. Trátase, non de humillar ó escritor —un escritor partidario non é xa un aliado útil, só é útil cando é utilizado permanecendo adver-

sario—, senón de deixalo libre, de empregar a súa liberdade, de facer secretamente cómplice o poder de infinita contestación que é a literatura" (*El diálogo inconcluso*, Caracas, Monteávila, 1970). O poder acaba, sempre, recompensando ó escritor, sobre todo ó gran escritor vivo, a quen anexiona mesmo contra a súa vontade. ¿Como o recompensa? Facéndolle admitir a idea de que pertence a unha elite, co que a verdade fundamental da literatura, que tende ó anonimato, pérdese. Blanchot, outravolta, *dixit*.

A literatura é esquecida, éntrase no espectáculo. A literatura queda completamente desacreditada, non o escritor, non o grande escritor. Ninguén a defende, non paga a pena. A verdade é que a literatura, quizais, en última instancia, non serve para nada. ¿Por que, xa que logo, defendela? ¿Non será a defensa da literatura outro modo de terrorismo cultural? Con todo, érguense voces contra o descrédito da literatura. Agora tocoulle o turno a Cataluña, onde Xavier Bru de Sala, poeta, traductor e adaptador do maior éxito do teatro catalán nos últimos trinta anos, *Cyrano de Bergerac* de Edmond Ronstand levado á escena por Josep Maria Flotats, ex-director xeral de Promoción Cultural da Generalitat de Cataluña, actualmente incisivo e polémico comentarista político e cultural nas páxinas da edición barcelonesa de *El País*, deu ó prelo un libriño que levantou ampolas e que non era para tanto: *El descrèdit de la literatura*. Non era para tanto porque a estratexia das hipóteses-teses de Bru de Sala non ten en conta que a literatura é a democracia perfecta —no sentido de que admite todo e ela mesma xerarquiza, aínda que sexa co paso do tempo, aínda que ás veces sexa inxusta— e porque a hipótese-tese central do libro-libelo conduce a facer crer ó escritor, ó grande escritor, que pertence a unha elite, polo que o que dicía Blanchot, e que enriba transcribimos, cúmprese punto por punto. É dicir, o anonimato esencial ó que tende a literatura é esquecido por Bru de Sala.

As teses de Bru de Sala son vellas como a literatura e discutibles como toda tese que non é verdadeiramente unha tese, senón unha hipótese. ¿Cales son, a grandes trazos, as teses-hipóteses de Xavier Bru de Sala verbo da literatura, e da literatura catalana en particular? Para o ex-director xeral de Promoción Cultural da Generalitat de Cataluña un escritor de calidade debe cumprir tres requisitos: a) modifica a lingua recibida (enriquécea co seu idoelecto literario, matízaa, faina máis precisa); b) coa súa obra modifica a actitude do lector perante a vida e a ideoloxía e, polo tanto, c) faise reler. Non discutiremos as tres teses-hipóteses, mais hai "modificadores da lingua" que nunca chegaron a ser grandes escritores. Coa segunda hipótese, estariamos máis de acordo, aínda que cómpre falar moito do tema, xa que en certo modo esa hipótese deriva da "teoría do compromiso" sartreana, teoría que elude a responsabilidade do escritor perante a lingua, a literatura, a propia obra e, en última instancia, que diría un marxista non arrepentido, perante a propia sociedade. E verbo da terceira, a verdade, poucos autores se fan reler, non pola calidade intrínseca da súa obra, senón porque desde hai dous séculos e medio —desde as Luces Francesas— se descobren outros territorios da literatura, non só os europeos, e hai moito que ler e non se pode ler. Por outra parte, como avisaba o mencionado Steiner en *Despois de Babel*, se un quere ler, por exemplo, a Shakespeare debe saber que xa non poderá ler outra cousa. Xa que logo, ¿a relectu-

ra implica un enriquecemento para o lector? ¿Que implica a relectura? ¿Por que un escritor pertence á gran literatura? Todo isto son hipóteses que, evidentemente Bru de Sala non pode converter en teses. Quizais ninguén.

Verbo do descrédito da literatura catalana perante a súa sociedade, aquí é onde Bru de Sala desprega as súas máis brillantes páxinas que recordan os vellos libelos tan esquecidos. Con todo, o seu diagnóstico non é nada novo. É máis, penso, repite todo o que xa dixeron os vellos libelistas que citamos ó comezo e, penso tamén, sen a calidade teórica nin o despregamento dun pensamento crítico tan audaz como o dos mencionados. O escritor catalán dinos que a falta de prestixio da literatura catalana se debe non só á pouca calidade dos escritores novos e dos non tan novos que gozan dun inmerecido renome. Hai outros factores. A falta de interese do catalanismo político. Por outra banda, o catalanismo político decide quén é escritor catalán e quén entra dentro do canon. Os escritores cataláns, na maioría, aceptaron esa imposición porque a literatura catalana —como a galega—, quizais como toda literatura minorizada, salvando as distancias e salvando nomes, foi sempre *un motor auxiliar da política*—. Acho que esta acusación ó catalanismo quere hexemonizar a sociedade, o movemento político catalanista, que quere estar por riba das clases sociais (véxase *La cultura del catalanisme*, Barcelona, Ed. Empùries, 1995, de Joan-Lluis Marfany), usa da literatura para acadar esa hexemonía (o mesmo pasa no noso caso). Que alcanzada esa hexemonía o catalanismo se desentenda da literatura, coido que é ata normal e todo. Outra cousa é que desde a administración catalana —desde a Consellería de Cultura e desde o Institut de les Lletres Catalanes— se intente dirixir unha determinada política cultural debedora e non superadora do modernismo de Prat de la Riba. Noutras palabras, que aínda que se desentenda da *calidade* das obras literarias (e artísticas en xeral) o catalanismo político hexemónico —Convergéncia i Unió, para entendermos— usa da literatura como propaganda e que se preocupa máis da cantidade que da calidade. (Mal que, tamén, Bru de Sala lles apón ós editores, ben que isto é normal nunha sociedade de mercado). Isto último non é de estrañar, xa que se trata nun primeiro momento, de que a sociedade recupere a lectura no seu idioma propio. Que pasados vinte anos se continúe igual, cómpre explicar por qué, non só botar culpas ó catalanismo político e a outras instancias que se pasan a reseñar.

Outro dos "culpables": a crítica. Unha crítica que é de todo menos rigorosa. Unha crítica que é incapaz de separar o gran da palla. Mais iso, en certa maneira, non é certo. Diante da avalancha de novidades (dos máis de seis mil libros en catalán ó ano, cun mínimo de 1000 de ficción, ¿como facer unha primeira escolma, como non equivocarse, infelizmente, ás veces?), o normal é que o crítico se equivoque unha ou outra vez, sobre todo se aposta. Sobre todo o crítico militante —e entendemos aquí crítico militante aquel que cada semana entrega a súa reseña—. A crítica cumpre un papel, sempre odiado. Mais tamén cumpre outro, do que a crítica non é consciente do que xa nos avisara Balzac: a crítica é unha póla máis da industria cultural. É dicir, depende da industria cultural, das editoras: é o mediador perfecto. (¿Que novela editada por conta do autor é reseñada? Por outra banda, ¿non estamos a ver, entre nós, como novelas que parecen escritas no século XIX están a

ser consideradas obras mestras, aínda que están escritas hai menos dun ano, e nas que o autor non arrisca unha liña?) Evidentemente, estase a falar da crítica en xornais e revistas. A crítica universitaria cumpre tamén unha función e non é mais independente que a crítica dos xornais e revistas.

Por outra parte, ¿alguén se preguntou cantos dos libros que saen nun ano en Galicia son reseñados e cantos non? Bastantes, e algún de calidade. E en cambio, unha mediocre novela dun autor consagrado merece páxinas e páxinas e reseñas e reseñas, mesmo en xornais que nunca dedican unha páxina a literatura galega. (Citamos un traballo publicado nunha revista de Barcelona, *O pote*, nº 14, 15, 16 e 17, *O libro galego na prensa*. Segundo ese estudio, que analizaba as páxinas literarias dos xornais *La Voz de Galicia*, *O correo galego* e *Faro de Vigo*, e o semanario *A Nosa Terra*, os meses que ían de setembro de 1995 a xuño de 1996, deixándo fóra no reconto *La Voz de Galicia*, era no tempo en que suplemento de "cultura" en cores era chamado "O Pulgarcito", resultaba que as *reseñas* de libros que se fixeran nos dous periódicos e o semanario neses meses era de 256, repetíndose doce títulos, polo que daba un total de 244 libros galegos reseñados en tres medios de comunicación —no devandito traballo, entendíase como reseña toda aquela que se achegase ós 2000 signos—. Ora ben, a acta de nacemento, ou falecemento, éralle dada, en números netos, a 458 libros, contando revistas e folletos. Se nese tempo se puideron editar un número aproximado de 1.000 títulos en galego, retirando, digamos, un 25 por cento de literatura infantil, resultaban uns 750 títulos, dos que só un tercio eran tidos en conta no momento de reseñarse. É dicir, máis da metade dos libros galegos se ben puideron ter acta de nacemento —notas de tres ou catro liñas— non recibiron nin comuñón nin, por suposto, confirmación. E a acta de nacemento resultaba ser, tamén, a acta de defunción. Con todo, moitos nin iso tiñan. Por outra banda, dúas das novelas máis maltratadas pola crítica galega dos últimos anos, *Crime en Compostela* e *O crime da Rúa da Moeda Vella*, foron as dúas *best-sellers* en canto a vendas. ¿Ulo, xa que logo, o poder da crítica?). O problema da crítica hoxe non é que non saiba distinguir o gran da palla, o que, a maioría das veces, non é certo. O problema da crítica é que aínda non se decatou de que naceu coa industria cultural e continúa a depender dela. É dicir, que é, simplemente, un mediador.

Bru de Sala continúa a procurar culpables e, certamente, dá con eles, aínda que un non sabe se as probas servirían para que os reos fosen condenados perante un tribunal. Por exemplo, cando acusa á universidade, catalana, mais se pode ampliar a outros lugares, porque en última instancia é un libelo este que se ben os datos e as reflexións están, maiormente, en clave catalana, as cuestións que formula son características ás sociedades europeas, mesmo moitas delas ás sociedades —sempre literarias, ou sistemas literarios, se se prefire— nas que a súa literatura está minorizada. Bru de Sala acusa á universidade catalana de ter perdido o norte, de non satisfacer as súas competencias lóxicas —aínda que non explique cáles son— e que forma ós alumnos *daquela maneira*, é dicir, que só informa, o que quere dicir que non forma, á parte de non investir as horas nin os "orzamentos" necesarios destinados á investigación na elaboración dun canon estricto de autores e obras... Eis, seica, o gran problema para Bru de Sala: non hai canon na li-

teratura catalana, e o seu autor natural —a universidade— non está polo labor. Ora ben, se nunha sociedade normalizada política e lingüisticamente, a universidade, os departamentos de literatura da universidade, adoitan ir un pouco retardados, isto é esquecer que o canon se debe facer cada día, polo que a universidade quizais non debera perder tempo e cartos en tal confección. Por outra parte, nunha sociedade a-normal política e literariamente como é a catalana (e a nosa), córrese o risco de que o canon confeccionado pola universidade vaia parello ás últimas correntes críticas que dominen os departamentos de literatura. Co risco engadido de que nunha literatura minorizada, adoita haber tres ou catro escritores que se poden salvar, e se só van falar deses, quizais cumprirá pechar os departamentos de literatura das universidades.

E os últimos grandes culpables, os primeiros para Bru de Sala e que deixamos para o final, son: 1) a linguaxe usada polos escritores cataláns actuais. Unha linguaxe, simplemente, periodística. Acho que aquí Bru de Sala se equivoca. O problema non é que se use, e non só no catalán, unha linguaxe periodística, o problema é que aínda, en Cataluña, en Galicia, non existe *unha linguaxe periodística*. Ese é un problema engadido que Bru de Sala non ve ou non quere ver. Unha gran parte da gran literatura catalana do século XX producese nos periódicos, de Pla a Joan Fuster —igual que na Galicia, de Dieste a Dosinda Areses pasando por Cunqueiro e outros—. O problema que temos nós, como os cataláns, é que o que debía ser normal non o é, non só debido á anormalidade política e social do país durante dous séculos, senón a que por razóns historico-sociais-culturais non foi posible crear unha linguaxe periodística, e hoxe, no tempo da Internet, tal vez sexa imposible. E 2) o gran mal da literatura catalana actual é que lle ten medo ó presente e a ser producto da súa sociedade. É dicir, afirma Bru de Sala, quizais os escritores cataláns sexan capaces de facer a mellor novela histórica sobre os hititas, pero son incapaces de escribir unha novela sobre a sociedade catalana actual, literalmente: escriben "novelas enmarcadas en calquera época e lugar menos no entorno vital do destinatario, do lector" de aí que as grandes novelas sobre Barcelona estean escritas por escritores barceloneses —de nacemento ou adopción— en castelán (Marsé, Antonio Rabinad, Vázquez Montalbán, Eduardo Mendoza, Juan Miñana, ¿Félix de Azúa...?, a lista, por orde de preferencia persoal, miña). De aí, de enmarcar as súas novelas no entorno vital do lector, o prestixio destes escritores en Cataluña, e fóra.

Outro tema que non toca Bru de Sala, mais que está ausente na narrativa catalana actual, é o da inmigración, tocado polos novelistas barceloneses citados. Con todo, e volvemos ó marxista recalcitrante, quizais cumpriría falar da "extracción e posición" de clase dos escritores cataláns e dos barceloneses en castelán para poder explicar o por qué uns, os últimos, se achegan á realidade e por qué os outros, os primeiros, foxen dela. Mais sobre o medo á realidade, pouco temos que dicir, pois o mal do anti-presentismo aínda está —tamén— arraizado na nosa literatura.

A literatura non está desacreditada. A literatura sempre acaba vingándose dos seus inimigos. O que acontece é que hoxe a literatura non adoita interesar

a non ser que sexa motor auxiliar doutra cousa (a modernidade sen acabar, de Habermas; as estratexias fatais de Baudrillard, o surrealismo sen soño de Jammenson, as ilusións do posmodernismo de Eagleton...). O libelo de Bru de Sala, con todo, é un pouco de aire fresco para unha literatura que adoita mirarse o embigo. Sobre todo cando non deixa ídolo de pé —só salva, un pouco, a Pla e Carles Riba, algo de Espriu e os irmáns Ferrater—. E dos contemporáneos, a un novelista tan frouxo como Baltasar Porcel, Miquel de Palol e Quim Monzó. Nin tanto, nin tan calvo, que se dicía antes. Ora ben, polo que parece, o que trataba Bru de Sala, ademais de provocar, era crear o propio canon. Cousa que non sabemos se conseguirá, pero que está a provocar polémicas máis ben inútiles, onde a gran damnificada, como sempre, é a literatura, que continúa no principado —Cataluña— a ser motor auxiliar da política cultural do partido hexemónico ou de operacións comerciais que mellor é non cualificar. (Nos últimos anos, as listas de vendas vense acaparadas por "escritores" que son presentadores de programas televisivos da Televisión autonómica. Libros que, evidentemente, nin queren nin tiñen nada a ver coa literatura. O problema debe ser explicado socioloxicamente, xa que no último día de Sant Jordi, tres destes libros —de tres autores pertencente á mesma escudería, á mesma productora televisiva— foron os líderes de vendas, e un deles leva máis dun ano no cumio e está a chegar ós 300.000 exemplares vendidos. ¿Ou abonda coa insuficiente explicación de que o media é o poder?) Quizais si nunha cousa ten razón Bru de Sala: cando afirma que fan falta grandes novelas *anticatalanistas*, en catalán, por suposto, xa que só así a literatura catalana acadará a autonomía necesaria verbo da política catalanista.

X. G. G.

Propostas para un xornalismo de calidade

■ DAVID RANDALL. *El periodista universal*. Siglo XXI, Madrid, 1999.

As reflexións arredor do xornalismo de calidade están de actualidade. É un feito o incremento na publicación de libros que analizan a calidade do traballo informativo nos medios de comunicación ás portas dun cambio de milenio. Tamén resulta evidente o aumento do número de estudios que reflexionan sobre as ameazas, relatan os cambios na propiedade ou fan previsións de futuro. Pero non abundan tanto as publicacións que presentan propostas claras para indicar cáles son os camiños que conducen a ese periodismo de calidade que moitos sectores da sociedade reclaman. Esta é unha das principais aportacións do libro *El periodista universal*, de David Randall. Trátase dunha interesante achega dos últimos meses que se com-

pleta cun libro de Ramón Reig sobre os medios de comunicación e o poder en España e con dous bos libros publicados en Galicia, un de Luís Alvarez Pousa sobre a identidade da prensa e outro de Miguel Túñez sobre a producción informativa. Trátase de dous estudios que, amais de reflexións interesantes, conteñen propostas claras de futuro.

O libro de David Randall recolle as súas ideas sobre as actitudes, procedementos e técnicas que considera correctos, polo que establece unha serie de consellos que se deben seguir. El advirte que non busca impoñer unha nova ortodoxia, senón denunciar a hipocrisía e a ineficacia das antigas ortodoxias. Randall empéñase en explicar que existen formas de crear un periodismo serio e honesto, empeño ó que adica a maior parte do texto deste ensaio, que se converte así nunha crítica do que hai fronte ás posibles alternativas para facer as cousas doutro xeito.

Aínda que recoñece o perigo de caer no idealismo romántico, o xornalista británico entende que é necesario chamar a atención dos profesionais da información de hoxe para pensar no que fan e en cómo o fan. Randall afirma que entre os bos periodistas existe un acordo universal sobre a función que deben desempeñar, que consiste, por encima de todo, en non dar nada por sentado. Todos aqueles profesionais que cumpren esta máxima poden prestar á sociedade un servicio mellor que os funcionarios públicos máis respectables, "xa que non lle deben lealdade ó Estado, senón ós seus habitantes".

Esta aposta de Randall por un xornalismo que examine a fondo o que se fai e o que non se fai conclúe cunha proposta para que os xornais expliquen todos os días as limitacións coas que traballan, "para non equivocar ó cliente que os manexa e cre na súa tendencia á perfección". É unha declaración máis a prol dunha maior liberdade de expresión e unha transparencia dos medios informativos, idea que marca este libro destinado a converterse nunha denuncia contra os que desde dentro e desde fóra traizoan o bo xornalismo.

Dimensións políticas e económicas

Unha segunda aportación crítica para analizar os motivos dos contidos dos medios e os fíos que moven as mensaxes que reciben os lectores chegou ó mercado da man dun andaluz, o profesor Ramon Reig, quen acaba de publicar *Medios de comunicación y poder en España* (Paidós, Barcelona, 1999). Reig, con abundantes citas de noticias sobre medios publicadas na prensa, dános pistas das razóns polas que os medios contaron unhas cousas, presentáronas dunha maneira determinada e por qué silenciaron outras. Este profesor de estructura da información sostén que para entender cómo un medio selecciona e presenta a actualidade hai que coñecer os seus accionistas, anunciantes e aliados políticos.

O traballo de Ramón Reig, inscrito nos estudios críticos sobre as dimensións políticas e económicas dos medios, axuda a entender o papel do poder mediático no Estado español das últimas décadas, caracterizado por unha política de alianzas dirixidas a conformar grandes grupos da man da política de con-

centración empresarial. Os grandes grupos tradicionais viron cómo mudou o escenario ata ter que compartir a actividade con novas empresas xurdidas na transición democrática e outras creadas nos últimos anos, logo da entrada no hipersector das entidades financeiras e industriais.

Logo dun percorrido histórico polo que aconteceu, o autor chega á conclusión de que o poder ten na actualidade na información un dos elementos esenciais e a existencia dunha interrelación máis ou menos explícita entre poder económico, información, firmas de telecomunicacións e poder político. É por iso que Ramón Reig considera que non se pode estudiar a información como ente illado, xa que, na súa opinión, estamos ante unha estructura da que a información é só un elemento básico.

Retos mediáticos

Este trasfondo crítico cos medios que se transloce da lectura destes dous libros tamén o atopamos nos traballos de Luís Álvarez Pousa (*A identidade fronte á rede.* Xerais, 1999), e de Miguel Túñez (*Producir noticias.* Tórculo, 1999). Nestes dous títulos, que resultan complementarios como froito de dúas liñas de investigación dos seus autores, encontramos reflexións lúcidas sobre os motivos polos que os medios galegos chegan ás portas dun novo milenio con tantos desafíos pendentes. Tamén aquí hai tempo para analizar os valores xornalísticos universais e os ataques que estes reciben desde distintas frontes.

O profesor e xornalista Luís Álvarez Pousa fai un ensaio no que reflexiona sobre o reto mediático de Galicia, sobre a necesidade dun espacio de comunicación propio para intervir nesa sociedade da información que se nos debuxa global e local á vez. Pousa dá claves para o deseño dun proxecto comunicacional no que o universal reforzará a súa significación na pluralidade e na diversidade de culturas e identidades colectivas. Hai, pois, propostas concretas para fuxir da uniformización e para que os medios galegos fagan unha aposta pola identidade propia para intervir no espacio global.

Nesta intervención, polo menos de momento, advírtense moitas rutinas, aspecto ó que presta atención no seu libro o profesor e xornalista Miguel Túñez. O seu traballo ten precisamente por obxectivo explicar como as noticias se fabrican a través dun proceso baseado en rutinas e como cando triunfan as rutinas o medio se converte nun simple soporte de transmisión no que o periodismo desaparece.

Coa súa argumentación, que descansa na enumeración de exemplos do que se fai no "día a día" informativo, Túñez contribúe a un mellor coñecemento do proceso de creación das noticias nos medios, con especial referencia a Galicia, marco no que, como dixemos, centra a súa aposta a prol da identidade Luís Álvarez Pousa.

Estas catro propostas de libros sobre xornalismo, pois, resultan complementarias nun obxectivo compartido por moitas das obras sobre xornalismo publicadas nos últimos meses: a necesidade de recuperar o bo xornalismo.

Nunha sociedade na que os medios contribúen de maneira decisiva á conversión das identidades colectivas étnicas en identidades colectivas nacionais, como apunta Álvarez Pousa, resulta vital analizar os erros cometidos polo xornalismo actual e deseñar as bases dunha necesaria recuperación-revitalización.

XOSÉ LÓPEZ GARCÍA

A muller en Castela-A Mancha

■ OCTAVIO UÑA JUÁREZ, JOSÉ MARÍA BLEDA GARCÍA e FELIPE CENTELLES BOLÓS. *La mujer en Castilla-La Mancha. Un estudio sociológico.* Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, Cuenca, 1999.

O libro *La mujer en Castilla-La Mancha. Un estudio sociológico*, dirixido polo catedrático de Socioloxía Octavio Uña Juárez e no que tamén participan José María Bleda García e Felipe Centelles Bolós, vén sumarse ó xa numeroso grupo de estudios que sobre a situación actual das mulleres en España patrocinan ou encargan as distintas administracións públicas.

A presente investigación é o resultado da colaboración entre a Xunta de Castela-A Mancha e da Cátedra de Socioloxía da Universidade de Castela-A Mancha. O obxectivo deste estudio, e en xeral de todos os deste tipo, é coñecer a situación real das mulleres na sociedade, co fin de precisar as actuacións dirixidas á igualdade entre homes e mulleres, recollendo o mandato constitucional e os obxectivos trazados nos sucesivos plans para a igualdade de oportunidades para as mulleres aprobados nos distintos ámbitos territoriais do Estado Español. As conclusións deste traballo están dirixidas a orientar a intervención administrativa, así como a das diversas organizacións sociais e políticas que conflúen neste obxectivo da igualdade.

Os autores levaron a cabo unha extensa recompilación, escolma e clasificación sistemática de datos e información procedente de diversas fontes estatísticas e memorias, empregando estes datos secundarios de xeito coherente ó contido de cada capítulo, de xeito que o traballo se divide en sete capítulos que se corresponden con seis áreas de análise diferenciadas e un último adicado a destacar as conclusións máis importantes dos seis anteriores. As áreas temáticas tratadas veñen sendo as habituais nos estudios sobre a situación das mulleres: poboación, saúde, traballo, servicios sociais e accións específicas, educación e política, que como se pode ver se corresponden coas áreas de intervención das políticas públicas.

Para as tres primeiras áreas de traballo (poboación, saúde e traballo) os autores explotaron datos secundarios procedentes das fontes estatís-

ticas habituais: I.N.E (censos, boletíns estatísticos, estatísticas básicas, movemento natural da poboación, enquisas de morbilidade, de distribución salarial, de conxuntura laboral, E.P.A..., que comprenden un período de tempo que vai desde 1981 ata 1995), ademais empregaron datos publicados polos ministerios. Destes datos faise unha presentación ordenada de tal xeito que permite analizar os trazos máis importantes de cada un dos temas, dun xeito diacrónico e comparativo. Táboas e gráficos permítennos visualizar a evolución de cada aspecto nos últimos anos así como comparar a situación da comunidade autónoma de Castela-A Mancha respecto ó referente estatal e a outras comunidades, así como nalgúns casos a situación de cada unha das provincias da comunidade autónoma.

Esta explotación dos datos serve para paliar ata certo punto a ausencia de estudios específicos ou de estudios xerais que contemplen sempre a variable sexo. Ademais a presente investigación permite non só acercarnos á problemática específica das mulleres senón que nos achega unha visión bastante completa da sociedade de Castela-A Mancha.

Os outros tres capítulos son tratados de forma específica. Os servicios sociais analízanse fundamentalmente a través dos datos aportados polas memorias de xestión da Dirección Xeral da Muller, memorias que comprenden o período 92-95. Polo que respecta á educación, analízase a situación do alumnado e do profesorado a partir das estatísticas do M.E.C (1993-95) e dos datos publicados pola Universidade de Castela-A Mancha correspondentes ó período 85-95. Por último, no capítulo adicado a política empréganse os datos do *Atlas Electoral de Castela-A Mancha* e *La mujer en cifras*.

Basicamente trátase dun traballo descritivo que aporta unha interesante información de utilidade para os investigadores que traballan desde a perspectiva de xénero, en canto que ofrece unha presentación e recompilación bastante completa dos datos dispoñibles en fontes secundarias para o ámbito autonómico

AMADA TRABA DÍAZ

DOCUMENTOS

O problema das traduccciónsc: contra a "albanelería basta"

Xavier Castro

"Traductore-tradittore", sentenciou Ortega y Gasset. Este foi o designio, practicamente fatal, dun gremio integrado por esforzados *mediadores culturais*, tantas veces mal pagados, *amateurs*, destaxistas, cando non grises e sen competencia ou dominio demostrado no idioma desde o cal facían as versións.

No sistema cultural vixente en España, unha eiva tan notoria e seria como esta non comezou a superarse ata hai ben pouco tempo en que se deron pasos decididos cara á dignificación do oficio de traductor. Foron fitos neste proceso: consignar o nome do traductor nos créditos dos libros traducidos, unha valoración do seu traballo nas críticas aparecidas en revistas culturais e nos suplementos literarios dos xornais, a creación de galardóns para premiar ós traductores máis distinguidos, a recente creación de titulacións universitarias de traducción e, desde logo inexcusablemente, *last but not least*, a retribución digna deste arduo traballo que permitiu a profesionalización dos traductores.

Poucos escritores de prestixio e solvencia intelectual se adicaron a esta tarefa, considerada menor, e que pensaban non coindicía co seu talento creativo. Como non podía ser menos, houbo algunhas excepcións: Cansinos-Asséns, nas letras españolas, Andreu Nin nas catalanas e Otero Pedrayo, nas galegas, reveláronse como traductores capaces de ofreceren versións rigorosas e plausibles. E neste curto catálogo de traductores solventes se atopa, por dereito propio, Emilia Pardo Bazán.

En efecto, a escritora coruñesa criticaba a mentalidade dominante na intelectualidade española da época que desdeñaban como "cosa baladí" o labor da traducción. E acontecía así que non contaba o castelán con versións que puidesen chamarse artísticas da mellor literatura inglesa, francesa e rusa que se estaba a producir naquel momento. Pero tales eivas non se

circunscriben a época exclusiva da escritora de *Marinaleda*; antes ó contrario, perduraron, se ben atenuadas, practicamente ata os nosos días. Mencionaremos algúns casos, por vía de exemplo.

Andrés Trapiello, nunha recente publicación (*Una caña que piensa*) constataba que os dous traductores da obra de Balzac *La prima Bette* ó castelán daban cadansúa versión dalgunhas pasaxes da obra que non só diferían sensiblemente entre eles, senón —o que era máis preocupante— que confrontadas co orixinal francés resultaban deturpadoras do senso orixinal da intención do autor de *La comedia humana*. Daquela cuestionábase Trapiello, bordeando o pánico: ¿que foi o que estivemos lendo todos estes anos es España?, seguida destoutra interrogación: ¿Poderían pedírselles reparacións morais ós traductores? Isto último resulta francamente difícil, claro está. Pero non deixa de ser recomendable adoptar unha prudente actitude revisionista e crítica con respecto ás obras que aínda circulan en traduccións feitas hai máis de quince anos.

Pero prosigamos: a traducción que de *À la recherche du temps perdu*, de Proust, fixo Pedro Salinas lima a aspereza das expresións consideradas rudas (pudibunda tradición esta moi cara entre nós: Maria Moliner suprimiu do seu diccionario de uso do castelán os termos que lle parecían *malsonantes*). Dostoievski, Tolstoi e os clásicos rusos adoitaban ser traducidos indirectamente, a partir de traduccións previas ó francés. Pero nin sequera os escritores en lingua francesa eran sempre correctamente versionados ó castelán: Pio Baroja deixou constancia nas súas memorias (*Desde la última vuelta del camino*) de que tivera que ler *Nuestra Señora de París*, de Víctor Hugo, "en una traducción francesa muy mala" *(sic)*. O propio título da obra de Oscar Wilde: *La importancia de llamarse Ernesto* (*The importance o being Earnest*) semella unha errónea traducción do correcto senso: a importancia de ser un gañador (do verbo *to earn*: gañar). Miguel Sáenz, considerado o mellor traductor español, opinaba que a escuridade que se lle atribúe en España a Faulkner deriva das confusas versións que se fixeron das súas obras. Tampouco os fermosos contos de Ernest Hemingway tiveron moita fortuna ó seren publicados en versión castelá. Quen isto asina tivo ocasión de comprobar de qué maneira as traduccións de Virginia Woolf ó castelán alteran o estilo de longo alento, artellado mediante frases extensas e demoradas metáforas, xalonadas con peculiares signos de puntuación, trazos característicos da innovadora experimentación da autora, e un pouco tamén dos artistas que trataron de plasmar a corrente da conciencia. As versións dispoñibles en castelán permiten unha lectura máis doada e cómoda pero non resultan fieis e desnaturalizan a escritora de Wloomsbury, furtándolle ó lector a complexa riqueza estilística que procuraba conseguir na literatura un efecto de simultaneidade emparentado coa colaxe nas artes plásticas.

En marcado contraste coa que foi a tónica xeral, Emilia Pardo Bazán fai a súa traducción "con cuanto esmero y fidelidad me ha sido dable", revisando a versión co mesmo interese co que corrixía as súas obras orixinais, empregando notas aclaratorias a pé de páxina, reflexionando sobre o problema da traslación de tecnicismos e topónimos, aportando solucións serias aínda que

puidesen, desde logo, resultar discutibles. A obra que traduce está adicada a París, cidade que era centro cultural de referencia para a cultura española. As xentes que en España se interesaban pola cultura lían sobre todo autores franceses, e dese país procedían a maioría das traduccións que se fixeron. Entre as numerosas obras que existían sobre o París decimonónico a escritora galega escolle a de Augusto Vitu, titulada *París*, polo seu rigor ó tempo que amenidade; versiona esta obra por encargo de La España Editorial, de Madrid, que a publica no ano 1890, pensando no público lector máis esixente e non no "turista de pacotilla". O texto introductorio deste libro, que ofrecemos ó lector como unha valiosa escolma, parece revestir un extraordinario interese como constatación dun estado de cousas e aguda reflexión sobre a problemática da pureza da saiva que fecunda a nosa cultura.

XAVIER CASTRO

Ó LECTOR

A obra que hoxe sae á luz vertida ó castelán —con cánto esmero e fidelidade me foi dable— é daquelas que deben enriquecer a biblioteca de toda persoa desexosa de coñecementos sólidos e nocións exactas relativas a unha das marabillas do mundo civilizado, que é sen dúbida algunha París.

A bibliografía parisiense cóntase por milleiros de libros: sobre París escribíronse innumerables monografías históricas, anais, descricións, disertacións, noticias, guías, crónicas, lembranzas, informes, estatísticas, almanaques, estudios e artigos de costumes no xénero dos de Mesonero Romanos referentes a Madrid; catalogáronse os berros e pregóns das súas rúas, o aflamencado caló dos seus mercados e praciñas, as danzas e piruetas dos seus bailes estudiantís, os productos das súas fábricas e mesmo os misterios do seu hampa ou academia de ladróns —que de todo isto hai en París e con maiores analoxías das que a primeira vista puidesen sospeitarse, entre o seu mapa picaresco e o noso, máis neto e castizo—. A pesar de terse escrito tanto, a obra monumental de Augusto Vitu pode gabarse de ser a mellor, tal vez a única onde metodicamente, con rigorosa precisión e infatigable dilixencia, faise a anatomía de París membro por membro, e se satisfai a aspiración dos que, cansos das amenidades lixeiras e en ocasións fantásticas da crónica, buscan noticias completas e fundadas.

Augusto Carlos Josef Vitu, autor desta obra, é dos publicistas máis coñecidos e afamados na veciña república. De idade xa avanzada, pois naceu o ano 1823 en Meudon, e incansable e asiduo no traballo da pluma desde os dezaoito anos da súa mocidade, adornan a súa folla de servicios numerosísimos traballos, entre os cales se destacan algúns que revelan coñecemento fondo e razoado do ópido parisiense: *París veraniego*, verbigracia. Nos seus escritos alterna a erudición literaria e histórica co estilo e modo máis rápido e animado da prensa periodística, e da meirande parte das súas esti-

madas producciónns esgotáronse prontamente edicións numerosas. El reimprimiu, con celo de bibliófilo, libros que chegaran a ser verdadeiras rarezas; e xornais de tanta importancia como o *Gaulois* e o *Figaro* cóntano entre os seus redactores máis apreciados.

Deixando á parte os méritos contraídos por Vitu na súa xa longa e fecunda carreira, e concretándome na obra que tiven a satisfacción de poñer en castelán, eu debo aclarar —sen que me cegue o interese que sempre esperta a colaboración, por mínima que sexa— que me parece un libro de ouro, útil, serio, ameno e verídico. A maior parte dos escritos sobre París peca dunha lixeireza funesta: píntase neles, por regra xeral, a cidade do ocio, cando non da libertinaxe; a vida febril e baleira dos vagabundos, que nin en París nin en parte ningunha escasean, e aqueles pormenores, vulgares xa á forza de telos reproducido unha e outra vez a sátira e a caricatura: pormenores que poden fascinar ó viaxeiro de quince días, o que se dirixe á capital da república francesa con intento de botar unha cana ó aire, e sen coñecer a historia, a importancia, o subsolo, por dicilo así, da gran Lutecia; mais non ós que que se pagan de datos firmes. Ben como os turistas de pacotilla se representan a Nápoles en figura dun volcán e dun prato de macarróns, e a Londres como un servicio de té que ole a carbón de pedra, de París o que adoita imaxinarse o curioso insípido é unha serie de tendas, fondas e mulleres de casa de lenocinio, moito trapo, moita trufa e moito sacar diñeiro. Hai, sen embargo, un París artístico, arqueolóxico, social, administrativo, comercial, industrial, histórico, político, anecdótico, que merece tamén a atención e a simpatía da xente estudiosa e amiga de penetrar máis alá da tona, e este París é o que resalta nas ben pensadas e mellor nutridas páxinas da obra de Vitu.

Eu confeso que ó abrila e examinala desde o punto de vista tipográfico, antes de resolverme a emprender a súa traslación ó idioma patrio, experimentei certa desconfianza respecto ó valor intrínseco da parte literaria. Estamos afeitos en España a que cando adornan un libro magníficos gravados, o texto aparece sacrificado á ilustración, ou, mellor dito, esta serve unicamente de biombo á inferioridade e insulsez do texto. Grata foi a miña sorpresa cando comprobei que *París*, de Vitu, non foi escrito para xustificar a aparición dunha obra de luxo, dunha serie de fermosos deseños e primorosas láminas, tirada en rico papel e envolta en ostentosa encadernación. Nada diso. Non só o texto de París é digno da súa fermosa edición, senón que publicado sen lámina ningunha nin máis adorno que a súa prosa sobria, clara e elegante, obtería o mesmo éxito que obtén con tan luxosa vestimenta, e sería sempre a obra de consulta dos que aspiran a coñecer plenamente, non só a fisionomía, senón a complexión e natureza íntima da capital francesa.

Sobresae Vitu especialmente como perito en ciencia arqueolóxica. Os seus dictames e xuízos, tan destituídos de impertinente pedantería como de romántica credulidade, son un modelo no seu xénero. Depurador escrupuloso das tradicións vellas, o encanto das cales sabe respectar, nin paga tributo ó afán, tan propio dos eruditos de profesión, de atribuír a calquera monumento orixe veneranda e antigüidade remotísima, nin amorea datos indixestos, nin concentra a luz nun só punto, deixando os restantes en sombra. Monumento que

el describa é como se o visemos no seu conxunto e detalles, coñecendo del o que vale realmente, e tendo da súa importancia e posto na historia da arte idea exactísima. Citarei, como mostra desta cualidade que é forzoso recoñecer en Vitu, a monografía sobre o famosísimo templo da Nosa Señora. ¡Con que seguras pinceladas nos describe aquel encaixe de pedra, aquelas gárgolas fantásticas e peregrinas, aquel prodixio da arte gótica, inmortalizado pola inspiración de Victor Hugo!

Non insisto máis no que todo lector apreciará e verá cos seus ollos en canto saboree as primeiras páxinas da obra monumental de Vitu. Sen embargo, non quero suprimir outro eloxio que, se non é de carácter literario, non por iso deixará de interesar á maior parte dos que falan e len a lingua española. A obra de Vitu respira un morno espírito católico, cheo de tolerancia, pero que en ocasións delata a un crente sincero. Ó describir as igrexas e as imaxes; ó lembrar os días de gloria da Francia antiga, polo bico da súa pluma, sempre imparcial e serena, transpira a emoción. O sabio, o intelixente admirador das belezas arquitectónicas, o devoto das sagradas lembranzas, o cronista de París, non pode perdoar ós vándalos comunistas que brandesen o facho incendiario e vertesen o nauseabundo petróleo sobre os edificios venerables, honra da metrópole e tesouro da nación. As lapas que devoraron teitos e pinturas murais, cadros de inestimable valor, arquivos ateigados de documentos, bibliotecas e palacios, deixaron nos ollos de Vitu o seu sinistro reflexo vermello, e cando ten que tratar de revolucións e disturbios, o seu estilo severo fustriga e condena.

Direi algo sobre o método que seguín para traducir a presente obra. Eu non son das persoas que cre que é tan doado inchar un can: máis claro, penso que unha boa traducción, aínda que non sexa do grego, do latín nin do ruso, senón boamente do francés, non é cousa tan banal como hoxe se supón, a xulgar polo desdén con que os escritores, a penas logran darse a coñecer dun reducido público, miran o labor de traducir. Xulgo que algúns entre os que máis a desdeñan e miran por riba do ombro, aborrecéndoa, obrarían máis asisadamente en aplicar as súas facultades a regulares traducións, onde se respectase a sintaxe e se tratase con respecto a nosa lingua, que a parir libros sen substancia, de ninguén lidos, e esquecidos o mesmo día da súa aparición. Noutras épocas, cando a fala da cultura era o latín, un autor non se xulgaba de menos valer porque traducise os poetas ou os escritores do Lacio; e aínda hoxe, perpetuado un sentido xa falso e balorento, traducir a Tibulo é de mellor ton que poñer ó público español en relación con Richepin ou Baudelaire. Sen embargo, facer versións de poetas non avergoña tanto como de prosistas; e así chegou a suceder que as novelas francesa, inglesa e rusa, que produciron bo número de obras mestras, non teñen en castelán unha versión que poida chamarse artística, que respecte o xenio do escritor e os foros do noso idioma incomparable. O poñer en castelán as novelas que van saíndo e que espertan a atención do público, pasou a ser labor de albanelería basta: brochada de xeso, vasoirada de cal, a saia o que saia...; e o público que se conforme, e que estudie francés, todo o francés necesario para entender os autores insignes, refinadores da fala... que non é pouco.

E, sen embargo, en francés, noutros dous idiomas europeos quizais, aparecen cada ano media ducia de libros dignos de seren vertidos á lingua das demais nacións. ¿Por que o oficio de dárnolos a coñecer ten que estar encargado exclusivamente a ínfimos obreiros, que traizoando a cada instante o pensamento do orixinal, estragan o gusto dos lectores cos seus enormes desatinos, os seus barbarismos e estranxeirismos insufribles? Acertou o que dixo que son estas obras así traducidas, como os tapices vistos polo revés; que en vez de mostrar o lindo debuxo e a maxia do colorido, non nos ofrecen senón unha selva de nós e cabos, unha mestura de tons, sen que a penas se logre advertir que detrás existe algo fermoso, acabado e perfecto.

Sobra a declaración de que puxen o maior coidado en non presentar ós meus lectores o revés do tapiz, senón a súa copia minuciosa e atenta. Corrixín e limei esta obra, como corrixo as miñas orixinais, sen caer na inmodestia de considerarme rebaixada da miña posición literaria ó cumprir o encargo de La España Editorial, da fértil iniciativa da cal esperamos tanto os escritores e o público español. E podo dicir que non é un xogo a traducción emprendida. Prescindo das súas dimensións, e recoñezo que a diafanidade do seu estilo e a honradez da súa sintaxe axudan ó traductor; pero en cambio o estorba a copia de tecnicismo que encerra. Algunha parte deste tecnicismo carece de equivalencia castelá. Por exemplo: a administración de xustiza está organizada en Francia de distinto modo que aquí, e na obra enuméranse certos tribunais que nós non temos. Os correlativos ós nosos noméoos segundo aquí os nomeamos; pero en canto ós que non existen en España, foime forzoso saír do paso dándolles o título máis adecuado no meu concepto, e conservando en nota o francés, para que non poida acusárseme de falsear a nomenclatura xurídica.

Os nomes de persoas, poboacións, monumentos e rúas, españoliceinos canto puiden, porque creo que a tendencia dun idioma poderoso é asimilalo todo, imprimir o seu carimbo nas mercadorías estranxeiras. Así se facía noutras épocas de maior esplendor e máis pureza da fala, cando convertiamos a *Aachen* en *Aquisgrán*, a *Mainz* en *Maguncia* e a *Antwerpen* en *Amberes*. Non pode, sen embargo, empregarse a varrer este sistema: nomes hai que se resisten, que adquiren ó españolizarse un son grotesco, polo cal todo o mundo segue dicindo *Francfort*, e ninguén di nin escribe *Francofurdia*. Eu estamparei sen reparo *Torre de Santiago del Matadero*, verbigracia, e non me atreverei a escribir, en vez de bulevar *Bonne Nouvelle*, bulevar da *Boa Noticia*, ou no canto de rúa de *Petits Champs*, rúa dos *Campiños*. É necesario, pois, adoptar un sistema mixto e ecléctico, con tendencia moi española, todo o española que caiba. E se algún punto me parecese dubidoso, farei por aclaralo en brevísima nota.

Así non me acusará a conciencia se o libro de Augusto Vitu, tan meditado, tan docto, e na súa edición tan artístico, non lograse entre nós o éxito que merece.

EMILIA PARDO BAZÁN

ÍNDICE DE COLABORADORES

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Realizou a súa memoria de licenciatura sobre a *Lingua de Rosalía de Castro* (1986) e na actualidade prepara a tese de doutoramento sobre a historia da Real Academia Galega. Responsable de varias edicións dos clásicos (Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Blanco Amor), é autora do libro *Unha lectura de A esmorga.*

MARÍA BELÉN BERMEJO LÓPEZ. Profesora de Dereito Administrativo e Xestión de Persoal das Administracións Públicas na Escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade da Coruña. Actualmente realiza a tese de doutoramento na Área de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela sobre a *Protección xurídica do Camiño de Santiago como ben de interese cultural.*

JOSÉ F. COLMEIRO. Profesor de Estudios Hispánicos da Michigan State University. Doutor en Estudios Hispánicos pola Universidade de California, Berkeley). É autor dos Libros *La novela policiaca española. Teoría e historia crítica* e *Crónica del desencanto: la narrativa de Manuel Vázquez Montalbán* (Premio Letras de Oro) e editor de *Spain Today: Essays on Literature, Culture, Society.* O seu traballo de investigación actual trata sobre a memoria histórica e a identidade cultural na España contemporánea.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ. Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e crítico de cine en *La Voz de Galicia* e *Diario 16.* Coordinou as Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia, Xociviga. Promoveu e presidiu a Federación de Cineclubes de Galicia e dirixiu e presentou na Televisión de Galicia o programa *Galicia no cine.* Entre as súas publicacións destaca a colectiva *Informe da comunicación en Galicia*; *O Carballiño. Crónica de cine. 1900-1994* e *Carlos Velo. Cine e exilio.* É tamén autor de *As imaxes de Carlos Velo* e *Emilio Baños. Distribuidor de películas.*

EVELYN FOX KELLER. Profesora na universidade de California, Berkeley, dedica a súa actividade á historia e filosofía da ciencia e á investigación en física

teórica, así como en bioloxía matemática e molecular. Da súa extensa actividade editorial salientan *A Feeling for the Organism: The Life and Work of Barbara McClintock* e *Reflections on Gender and Science.* Os seus libros máis recentes son *Keywords in Evolutionary Biology,* coeditado con Elisabeth Lloyd, e *Secrets of Life/Secrets of Death.*

GUSTAVO A. GARRIDO. Estudiou Bioloxía na Universidade Complutense de Madrid e posteriormente licenciose en Farmacia na de Santiago de Compostela. É membro do Consello de Redacción de *Grial* e autor de numerosos traballos de divulgación científica e historia das ciencias en Galicia. Foi editor do libro *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX.*

XOSÉ AMANCIO LIÑARES GIRAUT. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, actualmente exerce a docencia no IES "Terra de Xallas" e é profesor colaborador de Lingua e Cultura de Galicia na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. Membro da Xunta Rectora da Fundación Castelao e do Consello de Redacción da revista *Encrucillada.* En 1985 gañou o primeiro premio do Concurso de Narracións Curtas Modesto R. Figueiredo con *Nun cuarto para agardar.* É autor, entre outros, dos libros: *Xulián Magariños Negreira, un home da "Época Nós" (1904-1934); Conversas con Avelino Pousa Antelo. Memorias dun galego incorformista* e *Negreira na guerra do 36.* Proximamente publicará *Nas veas da diáspora, I. Letras da nosa emigración.*

DANIEL SOUTULLO. Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional do Grove. Colaborador, con artigos de divulgación sobre as implicacións sociais da Bioloxía, de *A Nosa Terra* e *Página Abierta.* Publicou os libros *La explosión demográfica mundial; De Darwin ao ADN; La Eugenesia. Desde Galton a hoy* e *Os xenes e o futuro humano.*

JAMES WATSON. Compartiu con Francis Crick en 1962 o Premio Nobel en Medicina polo seu papel no descubrimento da estructura do ADN. Ornitólogo antes de converterse en biólogo molecular, investigou no control da expresión dos xenes. Membro do claustro de Harvard durante moitos anos, Watson converteuse en director do Cold Spring Harbor Laboratory en 1968. Entre 1989 e 1993, asumiu a dirección do Proxecto Xenoma dos NIH (Institutos Nacionais da Saúde) e desde entón ben sendo unha das figuras máis influentes en promocionar esta empresa no Congreso, nos NIH e na comunidade científica.

AV Monografías
Abaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Álbum
Archipiélago
Archivos de la Filmoteca
Arquitectura Viva
Arte y Parte
Atlántica Internacional
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Clarín
Claves de Razón Práctica

CLIJ
El Croquis
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Ecología Política
ER, Revista de Filosofía
Experimenta
Foto-Vídeo
Gaia

Generació
GRIAL
Guadalimar
Guaraguao
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Insula
Jakin
Lápiz
Lateral
Leer
Letra Internacional

Leviatán
Litoral
Lletra de Canvi
Matador
Ni hablar
Nickel Odeon
Nueva Revista
Opera Actual
La Página
Papeles de la FIM
El Paseante
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura

Quimera
Raíces
Reales Sitios
Reseña
RevistAtlántica de Poesía
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Viridiana
Voice
Zona Abierta



Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, informacion, venda e subscricións:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67
http://www.arce.es
e-mail: arce@infornet.es



Un acomodador de teatro axuda a saír de prisión a un home condenado por expresar ideas políticas de maneira pacífica

En Cuba, exercer o dereito á liberdade de expresión, aínda que sexa de maneira pacífica, é motivo de encarceramento. Gracias ás accións dun acomodador de teatro, un psicólogo e unha ama de casa, socios de Amnistía Internacional, o preso foi liberado ós tres anos de estar cumprindo a súa condena.

Os nosos socios son persoas de todas as idades e profesións. Só fai falta crer que a defensa dos dereitos humanos pode ser unha realidade. Amnistía Internacional permite que a túa voz se escoite. Que o teu esforzo sexa útil. Faite socio e colabora coa túa aportación económica ou o teu traballo.

Quero facerme socio de Amnistía Internacional, por favor envíenme máis información:

P/074

Nome:

Enderezo:

C. P.: Cidade

Amnistía Internacional
Sección Española
Fernando VI, 8, 1º Izda
28004 MADRID
Teléfono (91) 310 12 77

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

O DIÁLOGO DAS RELIXIÓNS

Inrelixionación, universalismo, asimétrico e *teocentrismo xesuánico*
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Dúas obras para entende-la teoloxía no século XX
VICTORINO PÉREZ PRIETO

A volta de Xosé Crecente Vega, o crego poeta
ALFONSO BLANCO TORRADO

Crónicas da actualidade

Cultura
Política
Relixión

Número 113
Maio-xuño
1999

por que te agochas?



XURXO SÁNCHEZ

Non hai de qué

O que querías saber, como o querías saber

SUBSCRÍBETE A TEMPOS CHAMANDO Ó TELÉFONO 981-557119

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

ASOCIACIÓN DE AMIGOS CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Neste primeiro aniversario da constitución da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea queremos dá-las gracias a tódalas empresas que, cunha auténtica vocación de mecenado, impulsaron un proxecto de compromiso co CGAC e a arte contemporánea en Galicia.

Invitamos a novas empresas e a particulares a colaborar con nós. Infórmese no Centro Galego de Arte Contemporánea, rúa Valle Inclán, s/n, 15704 Santiago de Compostela, tel. (981) 54 65 88, fax. (981) 54 66 25.

SOCIOS PROTECTORES

ANTONIO PERNAS, S.A.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.
BANCO PASTOR
CAIXA PONTEVEDRA
CAIXAVIGO
CARAMELO
CASTROMIL, S.A.
CORPORACIÓN NOROESTE, S.A.
DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EL CORREO GALLEGO
FERROATLÁNTICA, S.L.
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA
IBERDROLA, S.A.
JOSÉ MALVAR CONSTRUCCIONES, S.A.
TELEVÉS, S.A.
UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A.
RENFE VIAJEROS REGIONALES
ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.

SOCIOS DE MÉRITO

GRIAL
ARTE Y PARTE
ALVA GRÁFICA, S. L.
ATLÁNTICO DIARIO
ECO, REVISTA DEL EJE ATLÁNTICO
EDICIONES ANTIQUARIA S.A.
EL PERIÓDICO DEL ARTE
EL PUNTO DE LAS ARTES
LA VOZ DE GALICIA
LA REGIÓN
LITONOR, S.A.L.
NINFA E RIVEIRO DESEÑO
PUNTO NORTE
REVISTA DE MUSEOLOGÍA
REVISTART
SIGNUM DESEÑO
TRIBUNA DE ACTUALIDAD

AMIGOS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Fotografía: HISAO SUZUKI

GRIAL

A revista *Grial* apareceu por vez primeira en 1951, pero unha suspensión administrativa obrigouna a un prolongado silencio de máis de dez años. Reapareceu en 1963 e desde entón non deixou de se publicar. O espírito universal que lle imprimiron os seus fundadores, servir de canle responsable da actividade cultural galega e facer de ponte para a incorporación da cultura universal a Galicia, segue a ser o mesmo que preside a elaboración da revista na actualidade. Despois de todo, esta publicación leva o nome dunha fermosa lenda que é patrimonio cultural de toda Europa, pero que está tamén presente na historia e na arte galegas. En *Grial* aparecen, xa que logo, traballos que obedecen ó dobre propósito de informar sobre a realidade de Galicia ó propio tempo que se informa e reflexiona sobre os máis diversos aspectos da cultura universal.

***Para enviar a:* EDITORIAL GALAXIA, S.A.**
RECONQUISTA, 1 - 36201 VIGO (Pontevedra)
Enderezo electrónico: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina Web:
http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Apelidos e nome ou razón social.....

.....

Profesión.....

Enderezo.....

Localidade.....C.I.F.....

C.P.....Teléfono.....Fax.....

Enderezo electrónico .....

Data: Sinatura:

FORMA DE PAGO

A factura da subscrición emitirase no mes de marzo de cada ano polos 4 números

Contrarreembolso ☐

Domicil. bancaria ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐

TARIFA (en pesetas) subscrición (4 números)
España.....4.320 ptas.
Estranxeiro....5.000 ptas.

PEDIMENTO DE NÚMEROS ATRASADOS

Rógolles que envíen os números atrasados que sinalo cunha cruz, ó prezo de 1.080 pesetas cada número:

133 ☐ 134 ☐ 135 ☐ 136 ☐ 137 ☐
138 ☐ 139 ☐ 140 ☐ 141 ☐ 142 ☐

Outros números.....

9 770017 418006 00143

galaxia